Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 06/08/2021 12:12:15
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 182
6 de agosto de 2021

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
### 1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 201, polo que se toma coñecemento e se admite a trámite o escrito do Consello de Contas polo que traslada os informes de fiscalización que se citan [16292 (11/ICON-000002)] 67590

### 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

**Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

**19308 - 3644 (11/PRE-000429)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre os datos que posúe o Goberno galego para afirmar que en Galicia existe un problema real de ocupación de vivendas, a relación que hai entre ocupación e vivenda deshabitada e as medidas que vai levar a cabo para evitar a ocupación de vivendas desocupadas 67917

**19307 - 4884 (11/PRE-000593)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as medidas que vai incluír o Goberno galego no novo pacto social pola vivenda que está a elaborar o Instituto Galego da Vivenda e Solo 67919

**19076 - 4531 (11/PRE-001314)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela 67921

**19075 - 4532 (11/PRE-001686)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada PO-363 67923

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**19074 - 4620 (11/PRE-001692)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**
Sobre as circunstancias que aconsellan a elaboración dun estudo das alternativas para acadar un sistema de depuración na parroquia de San Miguel de Reinante, a resposta do Concello do Barreiros á oferta da Xunta de Galicia de apoio técnico e financeiro co fin de optimizar o saneamento das augas residuais e mais as outras actuacións apoiadas ou que vai apoiar o Goberno galego nesa localidade en relación co abastecemento e saneamento 67925

**19306 - 8610 (11/PRE-002454)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 3 máis**
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude da maxistratura referida ao aumento do número de xulgados de primeira instancia existente no partido xudicial de Vigo 67928

**19305 - 9392 (11/PRE-002548)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para evitar o derrubamento e garantir a conservación e protección da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, declarada ben de interese cultural 67930

**19304 - 9457 (11/PRE-002555)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**
Sobre a caída de varias chapas do muro perimetral da antiga estación de autobuses do Pino, en Ourense, durante as obras de demolición 67932

**19303 - 9668 (11/PRE-002589)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie *3 Caminos*, sen exixir a súa dispoñibilidade en lingua galega, así como para non incluír este requisito entre os requiridos para o financiamento de produtos audiovisuais 67935

**19302 - 9871 (11/PRE-002630)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe 67937

**19301 - 10065 (11/PRE-002649)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 67939

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**19300 - 10790 (11/PRE-002787)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e 2 máis**
Sobre a previsión polo Goberno galego de desenvolver o Plan de xestión do xabaril e as razóns da redución das contías por danos causados pola fauna silvestre con respecto ao ano 2020 67941

**19073 - 11134 (11/PRE-002807)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, e as súas razóns para non consignar para o ano 2021 o orzamento necesario para a súa execución 67943

**19072 - 11679 (11/PRE-002853)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre a situación do CEIP de Verducido 67946

**19309 - 11769 (11/PRE-002866)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do demanda ao Goberno central da transferencia a Galicia da xestión da rede ferroviaria interna e a licitación no ano 2021 dun contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego 67948

**19071 - 13093 (11/PRE-003159)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Cenlle 67951

**19070 - 13097 (11/PRE-003163)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Maside 67953

**19069 - 13101 (11/PRE-003167)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Piñor 67955

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**19299 - 13227 (11/PRE-003261)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa Orquestra Sinfónica de Galicia 67957

**19298 - 13376 (11/PRE-003353)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre os criterios que segue a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o asinamento de convenios cos concellos para a realización de obras en materia de urbanismo e as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a asignación das transferencias de fondos ás entidades locais 67959

**19297 - 13487 (11/PRE-003369)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre as sucesivas encomendas de xestión da Dirección Xeral de Patrimonio ao medio propio Tecnologías y Servizos Agrarios, S.A. (Tragsatec) para a análise e información das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento 67961

**19296 - 13590 (11/PRE-003384)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da redifinición da planificación das obras da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no contorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no contorno da ponte romana e do futuro Skate Park, en Ourense 67963

**19295 - 13859 (11/PRE-003418)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a estación de tratamento de auga potable de Ponte Carreira e as redes de abastecemento e saneamento do concello de Frades 67966

**19294 - 14504 (11/PRE-003494)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia e as razóns da demora existente na aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Noia, así como sobre a data prevista para ese fin 67969

**19293 - 14563 (11/PRE-003502)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as razóns do incremento, por importe 16.703.000 euros, levado a cabo no programa 451B, Acceso á vivenda, durante o ano 2020, os valores acadados polos indicadores denominados «Vi-

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vendas de promoción pública licitadas» e «Axudas concedidas para o acceso á vivenda», así como o impacto do baixo nivel de execución que presenta 67971

**19068 - 16102 (11/PRE-003632)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para conservar o patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia 67974

**19520 - 16140 (11/PRE-003637)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da xestión nos centros educativos do período de adaptación en educación infantil 67976

**19519 - 16165 (11/PRE-003641)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas modificacións no calendario escolar 67978

**19292 - 16383 (11/PRE-003669)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun estudo sobre os motivos económicos e sociais da ocupación de vivendas 67980

**19518 - 16405 (11/PRE-003673)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a humanización e adecuación da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña 67982

**19291 - 16430 (11/PRE-003676)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre as medidas da Xunta de Galicia para incrementar o cadro de persoal nas oficinas fiscais de Galicia 67985

**19517 - 16560 (11/PRE-003692)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o remate das obras de urbanización do segundo tramo da circunvalación urbana da cidade de Monforte 67987

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**19067 - 16847 (11/PRE-003723)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Política Social en relación cos centros para mozos e mozas con discapacidade que rematan a escolarización e os servizos de terapia ocupacional 67990

**19290 - 16922 (11/PRE-003731)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**
Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda 67994

**19066 - 16965 (11/PRE-003737)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra 67996

**19289 - 17195 (11/PRE-003762)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta 67998

**19065 - 17436 (11/PRE-003791)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento das verteduras ás rías aumenten nun 2020, cunha caída histórica do PIB do 10,8 68000

**19288 - 17579 (11/PRE-003807)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate da vía de alta capacidade da costa norte 68003

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 3 de agosto de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia. 67579

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.1. Informacións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se toma coñecemento da Resolución da valedora do pobo, do 28 de xullo de 2021, polo que se aproban as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na Institución da Valedora do Pobo de Galicia, e se ordena a súa publicación. 67581

Resolución da valedora do pobo, do 28 de xullo de 2021, polo que se aproban as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na Institución da Valedora do Pobo de Galicia. 67581

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.3. Procedementos de control e impulso

### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

### 1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 201, polo que se toma coñecemento e se admite a trámite o escrito do Consello de Contas polo que traslada os informes de fiscalización que se citan [16292 (11/ICON-000002)]**

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 24 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

— 16292 (11/ICON-000002)
Escrito do Consello de Contas de Galicia polo que traslada os seguintes informes de fiscalización:

—Informe_Fiscalización_Selectiva_Concello_Padron_2015_2017_G.
—Informe_Fiscalización_Concello_Vigo_2018_G.
—Informe_Fiscalización_Deputación_Ourense_2018_G.
—Informe_Contratación_Sector_Local_Galicia_2017_G.

A Mesa toma coñecemento e acorda a súa admisión a trámite, a remisión da documentación aos grupos parlamentarios, o traslado á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

**Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 2 de agosto de 2021 en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan**

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

**Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

- 19308 - 3644 (11/PRE-000429)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os datos que posúe o Goberno galego para afirmar que en Galicia existe un problema real de ocupación de vivendas, a relación que hai entre ocupación e vivenda deshabitada e as medidas que vai levar a cabo para evitar a ocupación de vivendas desocupadas

- 19307 - 4884 (11/PRE-000593)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as medidas que vai incluír o Goberno galego no novo pacto social pola vivenda que está a elaborar o Instituto Galego da Vivenda e Solo

- 19076 - 4531 (11/PRE-001314)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela

- 19075 - 4532 (11/PRE-001686)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada PO-363

- 19074 - 4620 (11/PRE-001692)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as circunstancias que aconsellan a elaboración dun estudo das alternativas para acadar un sistema de depuración na parroquia de San Miguel de Reinante, a resposta do Concello do Barreiros á oferta da Xunta de Galicia de apoio técnico e financeiro co fin de optimizar o saneamento das augas residuais e mais as outras actuacións apoiadas ou que vai apoiar o Goberno galego nesa localidade en relación co abastecemento e saneamento

- 19306 - 8610 (11/PRE-002454)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude da maxistratura referida ao aumento do número de xulgados de primeira instancia existente no partido xudicial de Vigo

- 19305 - 9392 (11/PRE-002548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para evitar o derrubamento e garantir a conservación e protección da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, declarada ben de interese cultural

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 19304 - 9457 (11/PRE-002555)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre a caída de varias chapas do muro perimetral da antiga estación de autobuses do Pino, en Ourense, durante as obras de demolición

- 19303 - 9668 (11/PRE-002589)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie *3 Caminos*, sen exixir a súa dispoñibilidade en lingua galega, así como para non incluír este requisito entre os requiridos para o financiamento de produtos audiovisuais

- 19302 - 9871 (11/PRE-002630)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe

- 19301 - 10065 (11/PRE-002649)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

- 19300 - 10790 (11/PRE-002787)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre a previsión polo Goberno galego de desenvolver o Plan de xestión do xabaril e as razóns da redución das contías por danos causados pola fauna silvestre con respecto ao ano 2020

- 19073 - 11134 (11/PRE-002807)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, e as súas razóns para non consignar para o ano 2021 o orzamento necesario para a súa execución

- 19072 - 11679 (11/PRE-002853)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a situación do CEIP de Verducido

- 19309 - 11769 (11/PRE-002866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do demanda ao Goberno central da transferencia a Galicia da xestión da rede ferroviaria interna e a licitación no ano 2021 dun contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do ente ferroviario galego

- 19071 - 13093 (11/PRE-003159)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Cenlle

- 19070 - 13097 (11/PRE-003163)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Maside

- 19069 - 13101 (11/PRE-003167)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Piñor

- 19299 - 13227 (11/PRE-003261)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa Orquestra Sinfónica de Galicia

- 19298 - 13376 (11/PRE-003353)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre os criterios que segue a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o asinamento de convenios cos concellos para a realización de obras en materia de urbanismo e as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a asignación das transferencias de fondos ás entidades locais

- 19297 - 13487 (11/PRE-003369)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as sucesivas encomendas de xestión da Dirección Xeral de Patrimonio ao medio propio Tecnologías y Servizos Agrarios, S.A. (Tragsatec) para a análise e información das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 19296 - 13590 (11/PRE-003384)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da redifinición da planificación das obras da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no contorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no contorno da ponte romana e do futuro Skate Park, en Ourense

- 19295 - 13859 (11/PRE-003418)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a estación de tratamento de auga potable de Ponte Carreira e as redes de abastecemento e saneamento do concello de Frades

- 19294 - 14504 (11/PRE-003494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia e as razóns da demora existente na aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Noia, así como sobre a data prevista para ese fin

- 19293 - 14563 (11/PRE-003502)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns do incremento, por importe 16.703.000 euros, levado a cabo no programa 451B, Acceso á vivenda, durante o ano 2020, os valores acadados polos indicadores denominados «Vivendas de promoción pública licitadas» e «Axudas concedidas para o acceso á vivenda», así como o impacto do baixo nivel de execución que presenta

- 19068 - 16102 (11/PRE-003632)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para conservar o patrimonio histórico-arquitectónico de Galicia

- 19520 - 16140 (11/PRE-003637)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da xestión nos centros educativos do período de adaptación en educación infantil

- 19519 - 16165 (11/PRE-003641)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas modificacións no calendario escolar

- 19292 - 16383 (11/PRE-003669)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun estudo sobre os motivos económicos e sociais da ocupación de vivendas

- 19518 - 16405 (11/PRE-003673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a humanización e adecuación da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña

- 19291 - 16430 (11/PRE-003676)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as medidas da Xunta de Galicia para incrementar o cadro de persoal nas oficinas fiscais de Galicia

- 19517 - 16560 (11/PRE-003692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o remate das obras de urbanización do segundo tramo da circunvalación urbana da cidade de Monforte

- 19067 - 16847 (11/PRE-003723)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Política Social en relación cos centros para mozos e mozas con discapacidade que rematan a escolarización e os servizos de terapia ocupacional

- 19290 - 16922 (11/PRE-003731)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

- 19066 - 16965 (11/PRE-003737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra

- 19289 - 17195 (11/PRE-003762)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta

- 19065 - 17436 (11/PRE-003791)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento das verteduras ás rías aumenten nun 2020, cunha caída histórica do PIB do 10,8

- 19288 - 17579 (11/PRE-003807)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do remate da vía de alta capacidade da costa norte

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

# 3. Administración do Parlamento de Galicia

## 3.2. Recursos humanos

**Resolución da Presidencia, do 3 de agosto de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia.**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021 convocouse o proceso selectivo para a provisión por oposición libre de dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia e aprobáronse as bases que o rexen.

Logo de transcorrer o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido nas bases 4.1 e 4.2 da referida convocatoria, RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, segundo figura no anexo a esta resolución.

As persoas aspirantes excluídas inicialmente disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.
2º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

## A) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|---|
| 1 | ABALO SÁNCHEZ, MARTA | ***6419** |
| 2 | ALEXANDRE TEIXEIRO, PAULA | ***9684** |
| 3 | BARÁ LOURO, MARÍA | ***6372** |
| 4 | BARBOSA LOSADA, VICTOR | ***5673** |
| 5 | BARGIELA CASASNOVAS, MAR | ***9499** |
| 6 | CAAMAÑO LARIÑO, SABELA | ***3825** |
| 7 | CARBALLO LADO, BÁRBARA | ***9017** |
| 8 | CASAIS PENA, MARÍA | ***5183** |
| 9 | CASTRO GAY, NURIA | ***8138** |
| 10 | DIÉGUEZ DIÉGUEZ, CONCEPCIÓN | ***4646** |
| 11 | ENGSTER APPEZZATO, KAREN GISELLE | ***7764** |
| 12 | FARIÑAS GARROTE, BEATRIZ | ***8679** |
| 13 | GIL RODRÍGUEZ, LAURA | ***8867** |
| 14 | GOMIS PARADA, CRISTINA | ***7920** |
| 15 | GONZÁLEZ GONZÁLEZ, MILLÁN | ***5212** |
| 16 | HERMIDA RUIBAL, ANA | ***1576** |
| 17 | IGNACIO RIAL, ROCÍO | ***3328** |
| 18 | LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR | ***6111** |
| 19 | MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, RUBÉN | ***5019** |
| 20 | MÉNDEZ PAZOS, MARÍA MERCEDES | ***2912** |
| 21 | MUÍÑO NAVEIRA, SILVIA | ***3096** |
| 22 | PALLARES ÁLVAREZ, VANESA | ***6853** |
| 23 | PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR | ***5859** |
| 24 | PÉREZ MUÍÑO, ÍRIA | ***7140** |
| 25 | PERNAS RUBAL, CRISTIAN | ***8445** |
| 26 | REBOIRAS OTERO, CARLOTA | ***8074** |
| 27 | RIVADULLA COSTA, DIEGO | ***0395** |
| 28 | ROMÁN VÁZQUEZ, ALEXANDRE | ***8359** |
| 29 | RUBIO RENDO, LAURA ISABEL | ***1551** |
| 30 | SAN MILLÁN LÓPEZ, RUT | ***6934** |
| 31 | VÁZQUEZ DOMINGO, ELENA | ***9442** |
| 32 | VIDAL REIMÚNDEZ, CARME MARÍA | ***8736** |
| 33 | VIEITES PEITEADO, REBECA | ***4837** |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:**

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI | Causa de exclusión |
|---|---|---|---|
| 1 | FERNÁNDEZ ZAS, MARÍA | ***8511** | Solicitude presentada fóra de prazo |
| 2 | IGLESIAS FERNÁNDEZ, MARÍA ISABEL | ***2017** | Non achegar copia do DNI |

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.1. Informacións

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2021, polo que se toma coñecemento da Resolución da valedora do pobo, do 28 de xullo de 2021, polo que se aproban as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na Institución da Valedora do Pobo de Galicia, e se ordena a súa publicación.**

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 30 de xullo de 2021, tomou coñecemento do escrito da Valedora do Pobo polo que remite a Resolución do 28 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na Institución do Valedor do Pobo de Galicia (doc. núm. 19623). e acordou a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Resolución da valedora do pobo, do 28 de xullo de 2021, polo que se aproban as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos na Institución da Valedora do Pobo de Galicia.**

Considérase necesario establecer as bases xerais que se utilizarán nos procedementos de provisión por concurso dos postos de traballo da relación de postos de traballo da Administración da Valedora do Pobo.

Na reunión da Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia do 8 de febreiro de 2021 informouse dunha primeira proposta de normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos, e posteriormente seguiuse co procedemento negociador cos sindicatos máis representativos, que trasladaron os detalles das súas propostas.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios para a valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes nas convocatorias para a provisión de postos na Valedoría do Pobo polo sistema de concurso.

A valoración dos méritos das persoas aspirantes realizarase tendo en conta as características dos postos ofertados, que se especificarán na respectiva convocatoria (área funcional e tarefas específicas), así como a posesión dun determinado grao persoal, o traballo desenvolto noutros postos, os cursos de formación e perfeccionamento acreditados e a antigüidade das persoas aspirantes, de acordo cos criterios que se detallan a continuación.

2. Os postos de traballo vacantes, catalogados para a provisión mediante concurso de méritos, convocaranse para a súa adxudicación definitiva dentro do período máximo de tres meses, contados a partir da data en que se produzan as ditas vacantes, de acordo co establecido nas presentes bases.

Artigo 2. *Participación*

Poderán participar todas aquelas persoas que reúnan a condición previa de funcionario/a de carreira de calquera das administracións públicas e poidan ser adscritas a un posto de traballo que figure na relación de postos de traballo da institución por concurso público.

Será requisito imprescindible para poder optar os procesos regulados nesta resolución acreditar una permanencia mínima de dous anos no posto de traballo desde o cal se concursa.

Artigo 3. *Valoración dos méritos*

Os méritos alegados deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de cada convocatoria.

A) Antigüidade

1. A puntuación máxima por antigüidade será de 12 puntos

2. A antigüidade valorarase por anos de servizos. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

a) 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior en que se atope clasificado o posto a que se opta.

b) 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación en que se atope clasificado o posto a que se opta.

3) Esta puntuación asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a 1 ano cunha duración mínima de 1 mes.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

B) Cursos de formación e perfeccionamento

1. A valoración máxima dos cursos de formación será de 10 puntos.

Serán valorados como mérito os cursos de formación cunha duración mínima de 12 horas e organizados ou promovidos pola Valedora do Pobo, polas escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, polas organizacións sindicais, administracións públicas ou por outras entidades publicas, sempre que neste último caso os cursos conten cunha homologación oficial.

2. Puntuarase a formación atendendo á seguinte distribución:

a) Cursos sobre temática directamente relacionada coa area funcional ou coas tarefas propias do posto a que se concursa. Valorarase a razón de 0,02 puntos/hora de formación ata un máximo de 5 puntos.

b) Cursos impartidos pola persoa aspirante sobre temática directamente relacionada coa area funcional ou coas tarefas propias do posto a que se concursa. Valorarase da mesma forma que no apartado 2.b), incrementando a puntuación (puntos/hora) nun 50 %, ata un máximo de 5 puntos.

c) Cursos sobre calquera temática relacionada coa actividade da institución da Valedora do Pobo. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 4 puntos.

d) Cursos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados coa actividade da institución da Valedora do Pobo. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 2 puntos.

Para tal efecto detallaranse previamente aqueles cursos que se consideren relacionados coa actividade da institución.

e) Cursos de idiomas distintos do galego impartidos por escolas oficiais. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 2 puntos.

f) Cursos de igualdade de xénero e de prevención de riscos laborais. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 2 puntos.

C) Titulacións académicas

1. A puntuación máxima por titulacións académicas será de 4 puntos.

2. Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente. As titulacións distintas das anteditas valoraranse coa seguinte cualificación:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Titulacións académicas en xeral

a1) Titulación de grao medio non universitaria (FP I) ou asimilada: 0,50 puntos

a2) Titulación de grao superior non universitaria (FP II) ou asimilada: 0,75 puntos

a3) Titulación universitaria de grao ou asimiladas: 1 punto

a4) Titulación universitaria de experto: 1,25 puntos

a5) Titulación universitaria de especialista: 1,50 puntos

a6) Máster universitario: 2 puntos

a7) Doutoramento: 3 puntos

b) Titulacións académicas relacionadas co posto de traballo, especificadas na convocatoria correspondente

b1) Titulación de grao medio non universitaria (FP I) ou asimilada: 0,75 puntos

b2) Titulación de grao superior non universitaria (FP II) ou asimilada: 1 punto

b3) Titulación universitaria de grao ou asimiladas: 1,5 puntos

b4) Titulación universitaria de experto: 1,75 puntos

b5) Titulación universitaria de especialista: 2 puntos

b6) Máster universitario: 2,5 puntos

b7) Doutoramento: 4 puntos

D) Grao de coñecemento do idioma galego

1. A valoración máxima dos cursos de formación será de 3 puntos.

2. Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5. Valoraranse con 1,5 puntos.

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega. Valoraranse con 3 puntos.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E) Grao persoal consolidado

1. A valoración máxima polo grao persoal consolidado será de 2 puntos.

2. Por estar en posesión dun determinado grao persoal:

Por ter un grao persoal superior ao posto ofertado: 2 puntos.

Por ter un grao persoal igual ao posto ofertado: 1,5 puntos.

Por ter un grao persoal inferior ao posto ofertado: 1 punto.

F) Exercicio de dereitos de conciliación

1. A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

2. Teranse en conta os dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria do concurso. Os meses computaranse por días naturais de 30 días.

3. Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,20 puntos.

4. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, adopción ou acollemento dun fillo: 0,20 puntos.

5. Redución de xornada prevista: 0,02 puntos/mes.

6. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares: 0,04 puntos/mes.

7.- Ter a cargo menores de doce anos e persoas dependentes o con discapacidade: 0,5 puntos.

G) Traballo desenvolvido

A puntuación máxima deste apartado  será de 2,5 puntos

1. Por cada mes de servizos de tempo transcorrido dende a última adxudicación dun posto con carácter definitivo do corpo ou escala desde o que participa: 0,015 puntos.

2. Exclúense da puntuación os dous anos de permanencia obrigatoria se o último posto adxudicado con carácter definitivo se obtivo polo sistema de concurso, e os dous primeiros anos se o último posto adxudicado con carácter definitivo se obtivo polo sistema de libre designación.

Artigo 4. *Cuestións de procedemento*

1. Publicación e contido das convocatorias

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As convocatorias publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da Institución: *www.valedordopobo.gal*.

Para o computo de prazos rexerá o da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As convocatorias de concursos de méritos deberán conter, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

a) Denominación e número, nivel, corpo, complemento específico, área funcional e localización do posto.

b) Relación de méritos específicos avaliables coa súa correspondente puntuación e a puntuación mínima que se deberá acadar para optar ao posto.

2. Contido das solicitudes

Na solicitude faranse constar os datos persoais e os datos administrativos referentes á situación actual da persoa participante no concurso, e os méritos que posúa e que desexe presentar, de acordo co establecido nas bases de cada convocatoria.

A experiencia desenvolta na institución da Valedora do Pobo será igualmente mencionada na solicitude, indicando os períodos, tarefas e funcións encomendadas ao posto ou postos de traballo desempeñados polo funcionario ou funcionaria solicitante, de acordo coas funcións da relación de postos de traballo. Esta experiencia será comprobada e ratificada polo Servizo de Administración e Persoal.

3. Forma de presentación das solicitudes

O formulario de solicitude será publicado en formato electrónico na páxina web da institución en cada convocatoria. As devanditas solicitudes conterán, caso de seren varias as prazas solicitadas, a orde de preferencia destas.

As persoas interesadas en participar no procedemento de provisión do/s posto/s convocados deberán acceder ao formulario de participación, cubrir todos os datos que aparecen nel, e posteriormente validalos, confirmalos, imprimir o formulario e presentalo asinado no rexistro da institución do Valedor do Pobo ou en calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, seguindo as instrucións que lle proporcionará o sistema.

Coa presentación da solicitude, as persoas participantes declaran baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos que fan constar.

Non será admitida ao concurso ningunha solicitude que sexa presentada por calquera outro medio que o indicado anteriormente.

Na solicitude de participación deberán incorporar o seu enderezo de correo electrónico de contacto.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes de participación, unha vez impresas, deberán presentarse nos lugares indicados no apartado anterior no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes que fosen validadas no formulario electrónico da institución e que non se presentasen dentro de prazo, no rexistro da institución ou nos lugares indicados na Lei 39/2015, serán excluídas do procedemento de provisión do/s posto/s convocados.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación, as solicitudes formuladas serán vinculantes para as persoas peticionarias.

5. Procedemento de valoración

Os méritos serán puntuados por medios electrónicos, en función dos datos achegados polas persoas solicitantes no formulario electrónico habilitado para este concurso na páxina web da institución. Unha vez enviada a solicitude, non poderá engadirse ou eliminarse ningún dato.

A puntuación provisional obtida por cada unha das persoas participantes será publicada na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poñer en coñecemento da institución calquera erro que detectasen na puntuación obtida.

Finalizado o citado prazo e corrixidos, de ser o caso, os erros detectados na puntuación, publicarase na páxina web do Valedor do Pobo a puntuación definitiva obtida por cada unha das persoas participantes.

As persoas solicitantes só poderán ser adxudicatarias daqueles postos para cuxo desempeño reúnan os requisitos establecidos na correspondente relación de postos de traballo.

6. Xustificación da posesión de méritos e requisitos

Os méritos e os requisitos específicos para o acceso aos postos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.

Unicamente deberá acreditar os méritos alegados a persoa que obteña a maior puntuación, de ser o caso, despois de realizado o desempate de acordo co establecido na correspondente base.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a adxudicación do posto ofertado, unha vez acreditados pola persoa que obteña a máxima puntuación ou obteña o posto de acordo coas regras de desempate.

Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin poderá considerarse por tal motivo lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7. Presentación de documentación por parte da persoa seleccionada

a) A persoa seleccionada deberá presentar no Rexistro do Valedor do Pobo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo no artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo de vinte días hábiles desde que se lle requira, a documentación acreditativa da súa condición de persoal funcionario pertencente o corpo do posto ofertado, e a documentación acreditativa dos méritos alegados e que foron tidos en conta para a obtención da puntuación outorgada.

b) Todas as condicións e méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións, títulos orixinais ou fotocopias compulsadas. Para o suposto de que na documentación presentada existan defectos reparables, daráselle á persoa interesada un prazo de cinco días hábiles para corrixilos.

8. Comisión de avaliación de méritos

Para a valoración das condicións e os méritos achegados aos concursos de provisión de postos de traballo constituirase unha comisión de avaliación nomeada pola valedora do pobo de Galicia coa seguinte composición:

— Presidencia: A persoa responsable do Servizo de Administración e Persoal da Institución.

— Vogal: Unha persoa funcionaria que designará o persoal administrativo da institución que conte, cando menos, co mesmo nivel de titulación exixida para o ingreso no corpo correspondente ao posto ofertado. No seu defecto, elixirase unha persoa funcionaria que cumpra con estes requisitos, elixida ao chou de entre o persoal que se presente para este efecto.

— Secretario/a: o xefe/a da Sección de Apoio e de Transparencia.

Todos eles contarán con voz e voto.

A comisión de avaliación poderá solicitar o asesoramento de expertos que colaboren na valoración dos méritos, os cales actuarán con voz pero sen voto.

Os membros da comisión de avaliación publicaranse na web da institución ao tempo da convocatoria e estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. En caso de empate nas puntuacións, outorgarase o posto á persoa que acredite maior experiencia en postos pertencentes á institución da Valedora do Pobo ou institucións similares.

De persistir o empate, acudirase para dirimilo á maior puntuación obtida nos méritos segundo a orde establecida nos diferentes puntos da base terceira.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

10. A comisión de avaliación, no prazo non superior a un mes desde a fin do prazo de presentación de instancias, publicará na web da Valedora do Pobo a resolución coa relación das persoas aspirantes presentadas ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados.

Contra tal resolución as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación ante a comisión de avaliación no prazo de 5 días hábiles.

Nun prazo non superior a 15 días hábiles, a comisión de avaliación resolverá as reclamacións presentadas, notificará o resultado destas ás persoas interesadas e elevará á valedora do pobo unha proposta de resolución do concurso a favor da persoa que acade a mellor puntuación.

11. A resolución da valedora do pobo que adxudicará definitivamente os postos ofertados a aquelas persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na paxina web da institución.

Contra a resolución da valedora do pobo poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses.

Para o cómputo de prazos rexerá o da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

12. O prazo de toma de posesión será de 10 días hábiles e empezará a contarse ao día seguinte do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución do concurso.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:31:35
Nº Rexistro: 16292
Data envio: 19/05/2021 12:31:35.093

Consello de Contas de Galicia

José Antonio Redondo López (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 14/05/2021
HASH: 715455907aaa827b848b9eb02a7c854b

En cumprimento do artigo 19 da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto e o artigo 49 do seu Regulamento de Réxime Interior, remítolle os Informes de Fiscalización que ao dorso se citan.

En Santiago de Compostela á data da sinatura electrónica

O conselleiro maior

José A. Redondo López

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 7RNHHMKXRKSPK37MNTQFFPCTZ | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2021 12:31:35
Nº Rexistro: 16292
Data envio: 19/05/2021 12:31:35.093

Consello de Contas de Galicia

Dorso que se cita

| INFORMES DE FISCALIZACIÓN | |
|---|---|
| | DATA DE APROBACIÓN DO PLENO |
| *Infome_Fiscalizacion_Selectiva_Concello_Padron_2015-2017_G* | *2021_03_01* |
| *Infome_Fiscalizacion_Concello_Vigo_2018_G* | *2021_03_01* |
| *Infome_Fiscalizacion_Deputacion_Ourense_2018_G* | *2021_03_01* |
| *Infome_Contratacion_Sector_Local_Galicia_2017_G* | *2021_03_01* |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 7RNHHMKXRKSPK37MNTQFFPCTZ | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Consello de Contas de Galicia

# INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO CONCELLO DE VIGO EXERCICIO 2018

## ACTUACIÓN 1622019-08

APROBADO POLO PLENO
SESIÓN 01/03/2021

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 83

# ÍNDICE

**I. INTRODUCIÓN ... 1**

**I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN** ... 1

**I.2 OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN** ... 1

I.3 LIMITACIÓNS ... 2

I.4 NORMATIVA REGULADORA ... 2

**II. CONCLUSIÓNS. ... 3**

II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO ... 3

II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS ... 4

II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE ... 4

II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento ... 4

II.3.2 Opinión sobre o cumprimento da legalidade ... 4

II.3.3 Conclusións sobre os resultados da fiscalización ... 5

**III. RECOMENDACIÓNS ... 8**

**IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN ... 10**

**IV.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTE FISCALIZADO ... 10**

IV.1.1 Datos xerais ... 10

IV.1.2 Xestión de servizos públicos ... 11

IV.1.3 Contas anuais ... 12

**IV. 2 ANÁLISE DA ÁREA DE XESTIÓN ORZAMENTARIA ... 14**

IV.2.1 Procedementos e actuacións específicas de revisión e validación ... 15

IV.2.2 Control interno ... 15

IV.2.3 Inestabilidade orzamentaria e viabilidade financeira ... 16

IV.2.4 Cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, Regra de gasto e endebedamento. ... 20

IV.2.5 Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos ... 21

**IV.3 INMOBILIZADO ... 21**

**IV.4 CONTAS A PAGAR E TESOURERÍA ... 22**

**IV.5. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS ... 29**

IV.5.1 Procedemento de tramitación de facturas ... 29

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 83

IV.5.2 Comprobacións realizadas sobre o procedemento de tramitación de facturas.................... 30
**IV.6 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN........................................................ 31**
**IV.7 SUBVENCIÓNS........................................................................................ 32**
**IV.8 CONTRATACIÓN ...................................................................................... 36**
IV.8.1. Control interno na área de contratación............................................................ 38
IV.8.2 Transparencia e acceso á información ................................................................ 39
IV.8.3 Análise DA contratación........................................................................................ 41
**IV.9 PERSOAL ................................................................................................. 46**
IV.9.1 Planificación dos recursos humanos ................................................................... 49
IV.9.2 Selección de persoal............................................................................................... 49
IV.9.3 Exercicio ético e profesional das funcións. incompatibilidades e conflito de intereses ........ 51
IV.9.4 Planificación dos RRHH ......................................................................................... 51
IV.9.5 Estrutura organizativa ............................................................................................ 53
IV.9.6 Formación do persoal.............................................................................................. 53
IV.9.7 Avaliación do desempeño........................................................................................ 54
IV.9.8 Retribucións.............................................................................................................. 54
IV.9.9 Análise da plantilla e da rpt ................................................................................... 54
IV.9.10 Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación Local................................ 56
**IV.10 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA.............................. 57**
**V. ANEXOS ..................................................................................................... 61**
**TRÁMITE DE ALEGACIÓNS................................................................................ 69**

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 83

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Xestión indirecta de servizos públicos ..... 11
Cadro 2: Datas dos trámites de rendición de contas do exercicio 2018 ..... 12
Cadro 3: Estado da rendición de exercicios anteriores ..... 12
Cadro 4: Evolución das principais magnitudes orzamentarias ..... 13
Cadro 5: Resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018 ..... 14
Cadro 6: Resultado orzamentario do exercicio 2018 por entidade ..... 14
Cadro 7: Indicadores do orzamento de ingresos e gastos ..... 17
Cadro 8: Modificacións orzamentarias ..... 17
Cadro 9: Índice de modificacións orzamentarias ..... 18
Cadro 10: Evolución do resultado orzamentario axustado ..... 18
Cadro 11: Indicadores autonomía. ..... 20
Cadro 12: Evolución da carga financeira ..... 21
Cadro 13: Evolución das contas a pagar ..... 22
Cadro 14: Conta 413 ..... 23
Cadro 15: Período medio de pago ..... 24
Cadro 16: Ordenanzas fiscais ..... 26
Cadro 17: Contas bancarias ..... 27
Cadro 18: Fondos líquidos e liquidez inmediata dos 7 grandes concellos de Galicia en 2018 ..... 27
Cadro 19: Evolución do remanente de tesourería ..... 28
Cadro 20: Outros axustes ao remanente de tesourería ..... 29
Cadro 21: Transferencias e subvencións concedidas ..... 33
Cadro 22: Convenios analizados ..... 35
Cadro 23: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio ..... 37
Cadro 24: Contratos maiores analizados ..... 42
Cadro 25: Contratos menores analizados ..... 46
Cadro 26: Liquidación gastos de persoal por artigo. ..... 47
Cadro 27: Evolución gastos de persoal por artigo. ..... 47
Cadro 28: Comparativa dos gastos de persoal das 7 grandes cidades de Galicia. ..... 48
Cadro 29: Datos dos empregados a 31/12/2018 segundo a memoria ..... 55
Cadro 30: Estrutura da Plantilla de persoal ..... 55
Cadro 31: Evolución do número medio de empregados ..... 56
Cadro 32: Número medio de traballadores nos 7 grandes concellos de Galicia no ano 2018 ..... 56
Cadro 33: Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación ..... 56
Cadro 34: Retribucións máximas dos membros da Corporación ..... 57

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 83

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Distribución dos contratos adxudicados ........ 38

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 83

# ÍNDICE DE ANEXOS

**Anexo I Liquidación e indicadores orzamentarios.** ........................................................................................ 63

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 83

## ABREVIATURAS

AAPP ........ Administracións públicas.
BEO........ Bases de execución do orzamento.
BOE........ Boletín oficial do Estado.
DOG........ Diario oficial de Galicia.
DOUE ........ Diario oficial da Unión Europea.
DRN ........ Dereitos recoñecidos netos.
EBEP ........ Real Decreto Lexislativo 5/2015 do Estatuto básico do empregado público.
EELL ........ Entidades Locais.
ENS........ Esquema Nacional de Seguridade.
ICAL........ Instrucións de Contabilidade Local.
ICIO ........ Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
ICO ........ Instituto de crédito oficial.
IGAE ........ Intervención xeral da administración do Estado.
INE........ Instituto nacional de estatística.
LALG ........ Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.
LEPG ........ Lei 2/2015 do Emprego público de Galicia
LMLMOC........ Lei de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
LMMGL ........ Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local.
LMRFP........ Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública.
LOEOSF ........ Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
LOPD........ Lei orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal.
LRBRL ........ Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
LRXPACLei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
LTAIBG........ Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
LXO........ Lei 47/2003 Xeral orzamentaria.
MINHAP........ Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
OOAA ........ Organismo Autónomo.
OEOEL........ Orde 3565/2008 sobre estrutura dos orzamentos das entidades locais.
ORN ........ Obrigas recoñecidas netas.
PIB ........ Produto interior bruto.
RBEL ........ Regulamento de bens das entidades locais.
RD500........ Real decreto 500/1990 de orzamentos.
RXFALHCN ....Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
RDL 4/2012........ RDL 4/2012 que regula o mecanismo de financiamento para o pago a provedores.

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RDL 7/2012................. RDL 7/2012 que crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
RDL........................................................................................................................ Real Decreto Lei.
RDLex ........................................................................................................... Real Decreto Lexislativo.
RDLMFPP ........................................... RDL Mecanismo de financiamento para o pago a provedores.
RSCL ................................................................... Regulamento de servizos das corporacións locais.
RTFAL ................................. Decreto réxime de retribucións dos funcionarios de administración local.
SEC ..................................................................... Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.
TRET ........................................................................ Texto refundido do Estatuto dos traballadores.
TRLCSP ........................................................... Texto refundido da lei de contratos do sector público
TRLFPG ........................................................... Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
TRLRFL ......................................................... Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
TRLXEO ................................................... Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.
TRRL .............................. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 83

# I. INTRODUCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, na sesión que se celebrou o 20 de decembro de 2018, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019. Entre as actuacións previstas na Área de Corporacións Locais figura a realización dun informe de fiscalización selectiva sobre o Concello de Vigo.

## I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído exclusivamente polo Concello de Vigo, sen incluír ningunha entidade dependente do mesmo ou na que participe.

O alcance do ámbito obxectivo da fiscalización é o seguinte:

- Realizar unha análise da información que subministran as contas anuais, verificando o cumprimento dos principios e normas establecidos nas instrucións contables.

- Analizar os procedementos e as medidas de control interno aplicados pola Entidade en orde a garantir unha adecuada xestión económico-orzamentaria.

- Comprobar o cumprimento das obrigas de remisión de información a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

En canto ao ámbito temporal, a fiscalización estendeuse ao exercicio 2018.

## I.2 OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O obxectivo da presente fiscalización é a análise e comprobación da Conta xeral de 2018 rendida directamente polo Concello de Vigo a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, así como da información remitida do mesmo xeito relativa aos contratos e convenios celebrados no exercicio obxecto de fiscalización e dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización previa e anomalías detectadas en materia de ingresos.

Así mesmo, realizouse unha análise do control interno para o desenvolvemento da cal remitíronse ao concello varios cuestionarios referidos ás áreas de:

- Xestión orzamentaria
- Inmobilizado
- Tesourería
- Contas a pagar
- Tecnoloxías da información



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 83

- Subvencións
- Contratación
- Persoal

Sobre a valoración das respostas aos cuestionarios decidiuse a amplitude das probas complementarias a realizar.

## I.3 LIMITACIÓNS

O Concello prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos de campo, achegando a documentación que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización.

## I.4 NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 83

- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local .
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas.
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable das facturas no sector público.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

# II CONCLUSIÓNS.

## II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 83

## II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en cada unha das áreas obxecto de fiscalización, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información e documentación solicitada polo Consello no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

## II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

### II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓN DO CUMPRIMENTO

O Concello de Vigo prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo en forma e prazo aos requirimentos realizados no marco da presente fiscalización.

### II.3.2 OPINIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

1. O Concello de Vigo cumpre cos prazos establecidos para a aprobación dos seus orzamentos anuais.

2. Respectáronse os prazos establecidos para a aprobación e rendición da súa conta xeral do exercicio 2018.

3. Cumpriuse, así mesmo, coas obrigacións de remisión de información contractual ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia reguladas polo artigo 335 da LCSP.

4. O Concello de Vigo remitiu a información sobre a subscrición de calquera tipo de convenio que supuxese compromisos económicos de máis de 600.000 euros segundo establece o artigo 53 da LRXSP. Tamén se enviou a relación certificada comprensiva dos convenios formalizados no exercicio de acordo co establecido no punto I do Acordo do Pleno do Consello de Contas que



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 83

aproba a instrución relativa á remisión telemática dos convenios e da relación anual de aqueles formalizados polas entidades do sector público local de Galicia.

5. Remitiuse ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, reguladas no artigo 218.3 do TRLFL.

## II.3.3 CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

Como resultado do traballo realizado formúlanse as seguintes conclusións:

### Tramitación da Conta Xeral.

1. O Concello de Vigo rendeu a Conta xeral dentro do prazo establecido no artigo 223.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. A Conta xeral da entidade presenta defectos leves o cal non impide considerala como rendida.

### Área de xestión orzamentaria.

3. O Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro. Existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta.

4. Non existe máis regulación propia en materia de control interno que a contida nas Bases de execución do orzamento.

5. Durante o exercicio 2018 houbo en relación cos dereitos a cobrar de orzamentos pechados anulacións por importe de 4.289.147,65 de euros e cancelacións por 9.404.518,13 de euros, superando aos cobros que supuxeron ingresos por 12.982.162,62 de euros.

6. Producíronse modificacións orzamentarias por importe de 67.121.396,47 euros que representan máis do 26% dos créditos iniciais, porcentaxe practicamente idéntica á media dos concellos de máis de 50.000 habitantes de Galicia e superior en 3 puntos á media estatal.

7. A liquidación orzamentaria do exercicio 2018 pon de manifesto que se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, existindo unha necesidade de financiamento (déficit do exercicio 2018 calculado segundo criterios de contabilidade nacional SEC 2010) de 6.609.945,80 euros. A causa do incumprimento foi a aplicación do importe da liquidación do contrato de concesión de

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 83

obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos por un importe de 35.214.290,04 euros.

8. Polo mesmo motivo, tamén se incumpre o obxectivo da Regra de Gasto, xa que o gasto computable do exercicio 2018, calculado segundo criterios de contabilidade nacional SEC 2010, superou o límite máximo de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra de gasto na cantidade de 18.514.737,77euros

9. O concello non dota ningunha provisión para os riscos e gastos que puideran derivarse da resolución de procedementos xudiciais.

## Área de inmobilizado

10. Existe un inventario aprobado no ano 1993 que foi obxecto de actualización en 2017, revisión que está en fase de comprobación previa á súa aprobación. Non se teñen feito nin rectificacións anuais, nin comprobacións na renovación da Corporación.

11. No apartado correspondente ao inmobilizado material das contas anuais o concello manifesta a necesidade de que o servizo encargado do control do patrimonio pase a depender dos Servizos Económicos, cara a asegurar a súa actualización e a contrastación da súa información cos estados contables anuais, así como a necesidade de que as modificacións do inventario se realicen automaticamente desde un punto de vista técnico.

## Área de tesourería e contas a pagar

12. A conta 413 Acredores pendentes de aplicar ao orzamento presenta un saldo ao final do exercicio fiscalizado de 999.609,09 euros. A existencia de saldos nesta conta ten especial influencia no desenvolvemento dos orzamentos, xa que engaden un novo desaxuste á execución orzamentaria, trasladando a imputación de gastos entre exercicios.

13. A entidade conta no final do exercicio fiscalizado con fondos líquidos por importe de 78.468 miles de euros, dereitos pendentes de cobro por 85.446 miles de euros e obrigacións pendentes de pago por 28.467 miles de euros, o cal indica que conta con liquidez suficiente para facer fronte a curto prazo ao seu pasivo corrente.

## Sistema de tramitación de facturas

14. Non se apreciaron incidencias neste procedemento

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 83

## Área de tecnoloxías da información

15. A entidade está levando a cabo actuacións de adecuación ao Esquema nacional de seguridade desde o ano 2017.

16. Igualmente o Concello está en fase de adecuación ao Esquema nacional de Interoperabilidade desde o ano 2017.

## Área de subvencións

17. Contrariamente á regulación do artigo 22 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e do artigo 19 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, que dispoñen que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o procedemento de concesión de subvencións máis empregado foi a concesión directa nominativa prevista nos orzamentos asinándose 93 convenios ou subvencións nominativas, mentres que as convocadas en réxime de concorrencia só foron 23.

18. Na data de elaboración deste informe o Concello non dispón dun Plan estratéxico de subvencións aprobado.

19. Non se asina unha declaración de ausencia de conflito de intereses polo persoal con responsabilidade nos procedementos.

20. O informe de conclusións do traballo de colaboración coa Intervención xeral municipal no control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia municipal de urbanismo durante o exercicio 2018 sinala como feitos susceptibles de mellora: que, con carácter xeral, non se inclúe nas bases das convocatorias analizadas, a obrigación do beneficiario de acreditar o pago efectivo dos gastos; que para algunhas liñas de axudas, as bases reguladoras inclúen extremos a cumprir polos beneficiarios sen indicar a estes como se deben acreditar; e detectouse nalgún caso, que non se resolve a concesión das axudas en prazo.

## Área de Contratación

21. Detectáronse erros nos datos das relación de contratos e nos extractos de expedientes remitidos á Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

22. Tanto o contrato de subministracións como os contratos de obras fiscalizados incumpriron cos prazos de execución previstos.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 83

23. Existen contratos menores, tales como servizos de mantemento, aluguer de vehículos, seguros, subministracións de gas, electricidade ou combustible, que polo seu obxecto teñen carácter recorrente e vanse a repetir en anos sucesivos. Estes contratos poderíanse considerar contrarios a dereito se o órgano de contratación, no momento de iniciar a súa tramitación, ten coñecemento certo ou podería telo, se se aplican os principios de programación e boa xestión, da necesidade de contratar prestacións determinadas de carácter ou natureza unitarios, perfectamente definidas, cuxas características esenciais non poidan variar de maneira substancial, que ten que levar a cabo necesariamente ano tras ano e que responden a unha necesidade continuada no tempo.

### Área de persoal

24. No exercicio 2018 houbo un incremento orzamentario do 43% no artigo 14-Outro persoal, debido á contratación de persoal temporal ou interino para facer fronte á normal prestación dos servizos obrigatorios.

25. A entidade non dispón de regulación propia sobre selección de persoal e dos membros dos tribunais que complemente ás bases das convocatorias de selección de persoal.

### Transparencia

26. Non se apreciaron incidencias neste procedemento

### Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos.

27. Non se emitiron informes ou resolucións deste tipo no Concello de Vigo nin no exercicio 2018 nin no 2019.

## RECOMENDACIÓNS

### Área de xestión orzamentaria.

1. Débese adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno.

2. Sería convinte que o concello se dotase de manuais de procedementos relacionados coas áreas de control interno que permitisen unha adecuada adaptación do funcionamento do concello á normativa de control vixente.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 83

3. Débense mellorar os procedementos de recadación para evitar a cancelación e a anulación de dereitos a cobrar de orzamentos pechados.

## Área de subvencións

4. O Concello debería dispoñer dun Plan estratéxico de subvencións aprobado.

5. A entidade debería dar preferencia ao procedemento ordinario de concesión de subvencións que é a tramitación en réxime de concorrencia competitiva.

6. As convocatorias de subvencións terán que describir a forma na que os beneficiarios deben xustificar os requisitos establecidos nas mesmas e tamén sería convinte que se solicitase a xustificación do pago dos gastos subvencionados.

7. Os convenios que serven de base para a concesión de subvencións directas deberían detallar no seu clausulado os gastos que serán obxecto das axudas e, de selo caso, os beneficiarios indirectos das mesmas con responsabilidade na súa xustificación

## Área de Contratación

8. Debe comprobarse que a información e documentación contractual remitida por medio da Plataforma de rendición de contas das entidades locais sexa completa, veraz e acorde coas Instrucións do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas relativas á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos.

9. Deberanse respectar os prazos de execución dos contratos, evitando que os afecten circunstancias que poderían ser previsibles no momento de establecer as condicións contractuais.

10. Nos contratos menores que se celebren ano tras ano para atender a necesidades recorrentes, permanentes e previsibles, recomendase a planificación da contratación para adecuar os prazos de duración á natureza das prestacións e así poder tramitar con antelación as licitacións seguindo os procedementos previstos no artigo 131.2 da LCSP.

## Área de persoal

11. A entidade debería contar cunha regulación interna nas materias de promoción profesional, sistemas de selección do persoal, cálculo e control dos incentivos económicos ao rendemento.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 83

# RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

## IV.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTE FISCALIZADO

### IV.1.1 DATOS XERAIS

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído polo Concello de Vigo, o cal contaba cunha poboación de 292.986 habitantes a 1/1/2017 e de 293.642 habitantes a 1/1/2018. (Fonte: INE).

O Pleno da Corporación está integrado por 27 concelleiros.

A súa composición resultante das eleccións de 2015 foi a seguinte: PSdeG-PSOE: 17 concelleiros; PP: 7 concelleiros; Marea: 3 concelleiros; resultando elixido Alcalde o candidato do PSdeG-PSOE.

No mandato 2019-2023 a súa composición é: PSdeG-PSOE: 20 concelleiros; PP: 4 concelleiros; Marea: 2 concelleiros; BNG: 1 concelleiro; resultando elixido Alcalde o candidato do PSdeG-PSOE.

A Xunta de Goberno Local está composta por 9 membros todos eles concelleiros do PSdeG-PSOE. Existen catro tenencias de alcaldía e 8 comisións informativas.

No exercicio 2018 só tiña unha entidade dependente: o Organismo autónomo Xerencia municipal de urbanismo, que se creou en 1996 co obxecto de xestionar directamente o servizo público de urbanismo; está presidido polo Alcalde e conta cun xerente como máximo órgano de dirección do organismo.

Non ten entidades públicas empresariais dependentes nin o control de sociedades mercantís, pero si ten participacións en dúas sociedades:

- Sociedade Mercantil Cidade Universitaria, cunha cota de participación do 1,7%.
- Sociedade Mercantil Empresa Mixta Servicios Mortuorios (Emorvisa), cunha cota de participación do 10%.

Dependen do Concello 8 Fundacións, asociacións ou institucións sen fin de lucro:

- Axencia Internacional da Enerxía
- Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)
- Fundación Laxeiro
- Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo
- Fundación Museo de Arte Contemporáneo
- Fundación Provigo
- Fundación Vigo Convention Bureau



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 83

- Fundación Vigo en deporte

Participa, así mesmo, no Consorcio Casco Vello de Vigo adscrito ao Instituto galego de vivenda e solo.

## IV.1.2 XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

O Concello emprega a forma de xestión indirecta de servizos públicos para prestar entre outros os servizos de:

**Cadro 1: Xestión indirecta de servizos públicos**

| Servizo | Data contrato | Prazo duración | Remate |
|---|---|---|---|
| Concesión Administrativa do Transporte Público Urbano | 08/06/1995 | 25 anos | 2020 |
| Servizo de abastecemento e saneamento | 01/01/1991 | 25 anos | 2020 (prórroga) |
| Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias | 01/04/2001 | 16 anos | 2018 (prórroga) |
| Instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras | 01/10/2002 | 14,5 anos | 2018 (prórroga) |
| Contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados de residuos sólidos urbanos | 01/10/2003 | 13 anos | 2018 (prórroga) |
| Mantemento da rede semafórica | 01/07/2003 | 16 anos | 2019 |
| Xestión do servizo de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública | 21/12/2017 | 10 anos | 2027 |
| Xestión do servizo público de retirada, inmobilización, depósito e custodia dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública | 01/04/2007 | 16 anos | 2023 |

A empresa explotadora dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao entrou en concurso de liquidación cesando na súa actividade en febreiro de 2018 por acordo do Xulgado Mercantil. A Xunta de Goberno Local acordou en marzo de 2018 asumir a execución directa do servizo de explotación destes aparcadoiros ata a adxudicación a un novo concesionario; na sesión do 18 de outubro de 2018 a XGL adxudicou de novo estes aparcadoiros asinándose o contrato o 5 de marzo de 2020.

Os contratos de concesión dos Servizos públicos de Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias e de Contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados de residuos sólidos urbanos vixentes desde 2001 e 2003 respectivamente ata o ano 2017, foron obxecto de prórroga ata o 31 de marzo de 2018. Pola súa parte, o contrato de concesión do Servizo público de Instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras foi adxudicado en 2002 con vixencia ata o 31 de marzo de 2017, sendo tamén prorrogado ata o mesmo día do ano 2018. Verificouse que, unha vez rematados os prazos de



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prórroga dos contratos, se procedeu á reversión de conformidade á Administración dos bens adscritos á concesión e se puxeron a disposición dos novos adxudicatarios do servizo.

O Pazo de Congresos de Beiramar estaba ata a data de 30/03/2018 en réxime de concesión de obra pública, actualmente o concurso de acredores está resolto, os bens foron entregados ao Concello en data 31 de marzo de 2018. Ao remate do ano 2018, procedeuse á liquidación do contrato coa indemnización segundo a valoración contraditoria aprobada pola Xunta de Goberno Local. Agora a xestión integral do inmoble está en réxime de xestión directa.

As instalacións de auga e deportivas de Barreiro e a Florida (concesión de servizo público), foron adxudicadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23/05/2007.

No ano 2013, a Xunta de Goberno Local adxudicou con este mesmo réxime as instalacións do novo centro de auga Navia, que entraron en servizo no ano 2015.

## IV.1.3 CONTAS ANUAIS

### Tramitación conta xeral e orzamento

No seguinte cadro recóllense as datas máis relevantes en canto á tramitación dos orzamentos e da conta xeral do exercicio fiscalizado:

**Cadro 2: Datas dos trámites de rendición de contas do exercicio 2018**

| Trámite | Data límite | Data cumprimento | Cumprimento en prazo |
|---|---|---|---|
| Aprobación definitiva do orzamento | 31/12/2017 | 27/12/2017 | Si |
| Aprobación da liquidación do Orzamento | 31/03/2019 | 13/02/2019 | Si |
| Aprobación plenaria da Conta Xeral | 01/10/2019 | 31/07/2019 | Si |
| Data rendición da Conta Xeral | 14/10/2019 | 09/10/2019 | Si |

O estado da rendición das contas de exercicios anteriores é a seguinte:

**Cadro 3: Estado da rendición de exercicios anteriores**

| Exercicio | Estado rendición | Data de cumprimento | Cumprimento en prazo |
|---|---|---|---|
| 2013 | Rendida, con defectos leves | 02/10/2014 | Si |
| 2014 | Rendida, con defectos leves | 22/09/2015 | Si |
| 2015 | Rendida, con defectos leves | 29/09/2016 | Si |
| 2016 | Rendida, con defectos leves | 06/10/2017 | Si |
| 2017 | Rendida, con defectos leves | 11/09/2018 | Si |
| 2018 | Rendida, con defectos leves | 09/10/2019 | Si |

Todas as contas con defectos leves presentaban fallas de tramitación e coherencia interna entre estados contables, o cal non impediu a súa cualificación como contas rendidas.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 83

## Magnitudes orzamentarias

Como xa se dixo o 27 de decembro de 2017 aprobouse orzamento para o ano 2018. As previsións iniciais de ingresos do Concello de Vigo para este exercicio ascenderon a 252.987 miles de euros o mesmo que os créditos iniciais; o orzamento definitivo, despois de modificacións, acadou os 320.108 miles de euros. No seguinte cadro presentase a evolución temporal das principais magnitudes orzamentarias do período 2015-2018.

**Cadro 4: Evolución das principais magnitudes orzamentarias**

| Magnitudes | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018-2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| Orzamento inicial – Ingresos | 218.890.755,49 | 225.673.317,20 | 230.736.506,00 | 252.987.008,61 | 22.250.502,61 |
| Orzamento inicial - Gastos | 218.308.709,52 | 225.673.317,20 | 230.736.506,00 | 252.987.008,61 | 22.250.502,61 |
| **Déficit/Superávit inicial** | **582.045,97** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** |
| Orzamento definitivo – Ingresos | 254.173.094,68 | 250.187.824,83 | 263.332.494,67 | 320.108.405,08 | 56.775.910,41 |
| Orzamento definitivo - Gastos | 253.591.048,71 | 250.187.824,83 | 263.332.494,67 | 320.108.405,08 | 56.775.910,41 |
| **Déficit/Superávit definitivo** | **582.045,97** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** |
| **Total modificacións orzamentarias** | **35.282.339,19** | **24.514.507,63** | **32.595.988,67** | **67.121.396,47** | **34.525.407,80** |
| Dereitos recoñecidos netos | 237.248.519,99 | 235.394.445,27 | 244.482.962,67 | 260.032.929,91 | 15.549.967,24 |
| Obrigas recoñecidas netas | 230.286.958,99 | 219.526.892,00 | 227.883.343,62 | 265.150.992,31 | 37.267.648,69 |
| Axustes ao resultado orzamentario | 15.403.172,29 | 10.350.664,52 | 15.672.559,66 | 34.354.578,47 | 18.682.018,81 |
| **Resultado orzamentario axustado** | **22.364.733,29** | **26.218.217,79** | **32.272.178,71** | **29.236.516,07** | **-3.035.662,64** |
| Remanente de tesourería total | 133.152.891,11 | 143.263.280,48 | 151.147.353,57 | 132.336.337,94 | -18.811.015,63 |
| Remanente de tesourería para gastos xerais | 73.908.267,17 | 84.482.277,68 | 91.061.195,67 | 76.489.706,16 | -14.571.489,51 |

No anterior cadro pódese apreciar que no exercicio 2018 o orzamento municipal medrou nunha maior cantidade que en anos anteriores, un 9,64% sobre os créditos iniciais do ano 2017. Ademais, as modificacións orzamentarias incrementaron os créditos iniciais nun 26,5%, importe moi superior a anos anteriores. Sen embargo, a execución de obrigas recoñecidas sobre os créditos definitivos foi a menor dos exercicios revisados, un 82%.

Pola súa parte o resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018 foi o seguinte:



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Cadro 5: Resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018**

| Concepto | Dereitos recoñecidos netos | Obrigas recoñecidas netas | Axustes | Resultado |
|---|---|---|---|---|
| 01 a. Operacións correntes | 250.944.219,16 | 215.726.481,25 | 0,00 | 35.217.737,91 |
| 02 b. Operacións de capital | 22.578.532,61 | 59.975.356,14 | 0,00 | -37.396.823,53 |
| 03 I. Total operacións non financeiras (a+b) | 273.522.751,77 | 275.701.837,39 | 0,00 | -2.179.085,62 |
| 04 c) Activos financeiros | 493.800,00 | 493.800,00 | 0,00 | 0,00 |
| 05 d) Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 06 Total operacións financeiras (c+d) | 493.800,00 | 493.800,00 | 0,00 | 0,00 |
| **07 RDO. ORZAMENTARIO. EXERCICIO (I=1+2)** | 274.016.551,77 | 276.195.637,39 | 0,00 | -2.179.085,62 |
| 08 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | 0,00 | 0,00 | 33.922.357,49 | 0,00 |
| 09 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 2.490.927,04 | 0,00 |
| 10 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 4.012.515,46 | 0,00 |
| 11 Total axustes (II=3+4+5) | 0,00 | 0,00 | 32.400.769,07 | 0,00 |
| **12 RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)** | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 30.221.683,45 |

O detalle do resultado orzamentario por entidade é o seguinte:

**Cadro 6: Resultado orzamentario do exercicio 2018 por entidade**

| Tipo entidade | Nome entidade | Resultado Orzamentario |
|---|---|---|
| Concello | Vigo | 29.236.516,07 |
| Organismo autónomo | Xerencia Municipal de Urbanismo | 985.167,38 |
| | **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO** | 30.221.683,45 |

No apartado de anexos móstranse os datos relativos á liquidación e aos principais indicadores orzamentarios.

# IV. 2 ANÁLISE DA ÁREA DE XESTIÓN ORZAMENTARIA

A análise dos riscos comúns na xestión económico-financeira e orzamentaria das entidades públicas relaciónase habitualmente con erros na información financeira (contas anuais), incumprimentos da normativa aplicable, ineficiencias na xestión ou unha inadecuada protección de activos. Os riscos analizados agrupáronse nas seguintes categorías:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 83

### IV.2.1 PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE REVISIÓN E VALIDACIÓN

O Concello manifesta que os fluxos de actividades e controis das transaccións se describen a través dos procedementos do xestor de expedientes, no orzamento por programas e nas resolucións de delegación de competencias, existindo ademais unha regulación específica sobre o peche da contabilidade.

Comprobouse que se respectaron os prazos de elaboración e rendición das contas anuais así como dos orzamentos anuais.

O concello conta cunha política de seguridade aprobada e publicada que garante o control dos accesos ao sistema de información financeira de acordo coas autorizacións en función das responsabilidades do persoal.

### IV.2.2 CONTROL INTERNO

De conformidade co disposto no punto 49 Coñecemento do sistema de control interno e do entorno de control da norma ISSAI-ES-400 "Principios fundamentais da fiscalización de Cumprimento", os auditores deben coñecer o entorno de control e o sistema de control interno implantado e considerar si é posible garantir o seu funcionamento.

En consecuencia, analizouse a función de control e fiscalización interna, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, regulada nos artigos 213 e seguintes do TRLRFL, no RDFHCN e no RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local.

A base 5ª das bases de execución do orzamento establece respecto á fiscalización dos gastos que: A Intervención Xeral Municipal exercerá as funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria con respecto da Corporación e dos seus Organismos Autónomos. Nas sociedades mercantís exercerá as funcións de control financeiro, así como a realización das comprobacións por procedementos de auditoría interna, de acordo coas normas de auditoría do sector público.

Respecto á fiscalización dos ingresos a base 41 establece que: A fiscalización previa dos dereitos substituirase pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal.

Polas esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, resulta necesario crear unha estrutura de control financeiro. Por esta falta de persoal o órgano interventor, ao establecer o Plan anual de auditorías e control financeiro a



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 83

realizar no ano 2019, considerou que se debería contratar a firmas privadas de auditoría para colaborar na realización do mencionado Plan.

A este respecto a XGL aprobou en 2019 un expediente de contratación dos Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019. Esta contratación dividiuse en 4 lotes dos que só se adxudicaron os correspondentes ao Control financeiro de subvencións e á Auditoría das fundacións, quedando desertos os outros 2 lotes referidos ao Control financeiro posterior de ingresos municipais e á Auditoría de contas da Xerencia de Urbanismo por non terse presentado ningunha proposición.

No ano 2020 emitiuse o informe de conclusións do traballo de colaboración coa Intervención Xeral municipal no control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia municipal de urbanismo durante o exercicio 2018, cuxos resultados expóñense no apartado de subvencións deste informe de fiscalización.

Pola súa parte, o órgano interventor elaborou o informe resumo dos resultados do control interno previsto no artigo 213 do TRLRFL. No informe correspondente ao exercicio 2019 fai a recomendación de que se desenvolva a aplicación de xestión de expedientes, previa a elaboración de guías de tramitación, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

A Intervención xeral conta cos postos de intervención xeral e intervención xeral adxunta, unha xefatura de servizo de fiscalización e dous postos de técnicos medios, estando vacante un posto de Habilitado nacional colaborador do órgano interventor.

Non existen manuais de procedementos relacionados co control interno.

Nos exercicios 2018 e 2019 non se emitiron pola Intervención informes de reparo suspensivos nin se aprobaron expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Non existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

### IV.2.3 INESTABILIDADE ORZAMENTARIA E VIABILIDADE FINANCEIRA

Na análise da evolución e comparación dos indicadores da execución do orzamento con concellos no mesmo tramo de poboación non se aprecian desviacións significativas, estando en xeral o Concello de Vigo por encima das medias de Galicia e do Estado.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 83

**Cadro 7: Indicadores do orzamento de ingresos e gastos**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento ingresos** | **Vigo** | 93,34% | **94,09%** | **92,84%** | 81,23% |
| DRN/Previsións ingresos | Media Galicia | 86,27% | 84,42% | 84,11% | 78,94% |
| | Media nacional | **93,57%** | 90,16% | 89,15% | **85,58%** |
| **Realización dos cobramentos** | **Vigo** | **90,33%** | **91,57%** | **91,10%** | **90,57%** |
| Recadación neta/DRN | Media Galicia | 89,36% | 90,32% | 89,42% | 88,89% |
| | Media nacional | 88,35% | 90,03% | 89,99% | 90,32% |
| **Execución orzamento gastos** | **Vigo** | **90,81%** | **87,74%** | **86,54%** | **82,83%** |
| ORN/Créditos definitivos | Media Galicia | 82,89% | 79,80% | 78,13% | 74,26% |
| | Media nacional | 86,99% | 85,70% | 81,50% | 80,26% |
| **Realización dos pagos** | **Vigo** | **93,40%** | 93,43% | **93,40%** | **95,50%** |
| Pagos líquidos/ORN | Media Galicia | 92,32% | **94,42%** | 92,26% | 93,88% |
| | Media nacional | 89,11% | 87,70% | 88,32% | 88,76% |

Obsérvase que non se chegaron a materializar a totalidade das previsións definitivas de ingresos, sendo o índice de execución algo inferior á media estatal. O informe da Intervención sobre a liquidación do orzamento do exercicio 2018 presenta unha porcentaxe de execución moi superior, do 98,62%, ao non ter en conta as modificacións de crédito financiadas con remanente de tesoureira por 50,8 millóns de euros.

A variación entre os estados iniciais e definitivos é cuantitativamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 26,53% con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 67.121.396,47 euros, distribuída da seguinte forma:

**Cadro 8: Modificacións orzamentarias**

| Créditos extraordinarios | Suplementos de crédito | Ampliacións de crédito | Transferencias | | Incorporación remanentes de crédito | Xeracións de crédito | Baixas por anulación | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Positivas | Negativas | | | | |
| 19.000.000,00 | 15.614.920,04 | 250.000,00 | 15.554.593,30 | 15.554.593,30 | 16.205.337,48 | 16.051.138,95 | 0 | 67.121.396,47 |

As modificacións máis salientables foron as correspondentes aos créditos extraordinarios (8 millóns), suplementos de crédito (15,6 millóns) e xeracións de crédito (12,2 millóns) tramitadas para proceder ao aboamento da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial na Avenida de Beiramar por un importe de 35.214.290,04 euros, así como a correspondente á incorporación dos remanentes de crédito.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 83

O índice que mostra a relación entre ás modificacións orzamentarias e os créditos iniciais do Concello de Vigo é similar ao correspondente aos concellos de Galicia de máis de 50.000 habitantes, aínda que tivo un notable incremento no exercicio 2018 polas circunstancias sinaladas no anterior parágrafo. No seguinte cadro móstrase unha comparación do índice de modificacións de crédito do Concello de Vigo respecto dos concellos de máis de 50.000 habitantes de Galicia e de España:

**Cadro 9: Índice de modificacións orzamentarias**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| Índice de modificacións de gasto | Vigo | 16,16% | 10,86% | 14,13% | 26,53% |
| | Media Galicia | 19,30% | 18,46% | 22,24% | 26,61% |
| | Media nacional | 17,38% | 18,29% | 17,61% | 23,87% |

En canto aos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, no exercicio 2018 partiuse cun saldo inicial de 86.345.109,10 euros, houbo anulacións por importe de 4.289.147,65 de euros e cancelacións por 9.404.518,13 de euros, superando aos cobros que supuxeron ingresos por 12.982.162,62 de euros. O saldo a final do exercicio foi de 59.669.993,25 euros sobre os que existe unha dotación de saldos de dubidoso cobro por 54.835.913,36 euros, cunha desagregación que se mostra no apartado de anexos.

A Memoria da conta xeral explica que non hai dotación para responsabilidades nin continxencias. Para dar resposta as continxencias que xorden dos procesos xudiciais, case na súa totalidade de actos relacionados co urbanismo ou con procesos expropiatorios, dótase orzamentariamente no capítulo V do estado de gastos o Fondo de Continxencia para esta finalidade, aínda que non se ven facendo dispoñibilidade do mesmo. Así mesmo, unha porcentaxe do superávit anual queda reservado para facer fronte as continxencias que poidan xurdir cada ano.

No seguinte cadro móstranse os datos máis relevantes sobre a viabilidade financeira :

**Cadro 10: Evolución do resultado orzamentario axustado**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| Gastos Operacións Correntes (Cap. I a IV) | 200.613.896,22 | 201.906.377,79 | 205.285.281,77 | 209.373.823,03 |
| Ingresos Operacións Correntes (Cap. I a V) | 232.428.394,55 | 234.275.276,48 | 242.371.157,12 | 243.559.362,33 |
| Aforro bruto | 31.814.498,33 | 32.368.898,69 | 37.085.875,35 | 34.185.539,30 |
| Aforro neto | 25.902.941,93 | 28.769.671,43 | 37.847.896,66 | 30.800.821,26 |
| Total Gastos non financeiros (Cap. I a VII) | 213.042.394,82 | 209.152.090,67 | 227.462.723,62 | 264.675.792,31 |
| Total Ingresos non financeiros (Cap. I a VII) | 236.798.519,99 | 234.950.745,27 | 244.062.962,67 | 259.557.729,91 |
| I. Superávit/Déficit non financeiro | 23.756.125,17 | 25.798.654,60 | 16.600.239,05 | -5.118.062,40 |





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 83

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| II. Activos financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Gastos Cap. IX Pasivos Financeiros | 16.794.564,17 | 9.931.101,33 | 0,00 | 0,00 |
| Ingresos Cap. IX Pasivos Financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| III. Variación neta do endebedamento (Pasivos financeiros) | -16.794.564,17 | -9.931.101,33 | 0,00 | 0,00 |
| **1. Rdo. Orzamentario. Exercicio (I+II+III)** | **6.961.561,00** | **15.867.553,27** | **16.600.239,05** | **-5.118.062,40** |
| IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | 13.838.559,04 | 8.051.261,63 | 13.495.303,74 | 33.900.357,49 |
| V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 4.638.791,06 | 2.305.638,22 | 2.531.011,59 | 745.213,75 |
| VI. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 3.074.177,81 | 6.235,33 | 353.755,67 | 290.992,77 |
| **2. Rdo. Orzamentario axustado (2 = IV+V-VI)** | **22.364.733,29** | **26.218.217,79** | **32.272.798,71** | **29.236.516,07** |

Nos datos do cadro anterior obsérvase que o aforro bruto diminúe respecto ao exercicio 2017 pero segue sendo superior ao dos anos anteriores, situándose o aforro neto, de acordo cos datos da Intervención, nos 30.800.821,26 euros.

O Aforro neto en 2018 ascendería a estes 30.800.821,26 euros despois de restarlle ao aforro bruto os ingresos aplicados aos capítulos 1 a 5 que non teñan consideración de ingresos ordinarios e tendo en conta o cálculo do saldo a reintegrar polas liquidacións definitivas da Participación nos Tributos do Estado.

O exame das magnitudes orzamentarias mostra no exercicio 2018 un resultado orzamentario negativo antes de axustes, debido a que as obrigas recoñecidas netas foron superiores aos dereitos recoñecidos netos polo elevado financiamento de gastos do exercicio con remanentes de tesourería para gastos xerais.

Pola súa parte o cociente de autonomía, que mostra a proporción dos ingresos orzamentarios (excepto os derivados de subvencións e pasivos financeiros) en relación coa totalidade de ingresos do exercicio, é superior ao autonómico e ao nacional. Este indicador está directamente vinculado ao índice de dependencia das subvencións recibidas, o cal amosa a proporción dos dereitos recoñecidos netos por subvencións correntes e de capital sobre o total de dereitos recoñecidos, indicando no caso do concello de Vigo unha baixa dependencia das decisións de gasto doutras administracións, sendo similar á media autonómica e un pouco inferior á nacional.

O indicador da autonomía fiscal, que reflicte a proporción que representan os ingresos orzamentarios de natureza tributaria (impostos, taxas e contribucións especiais) realizados no exercicio en relación coa totalidade dos ingresos orzamentarios realizados no mesmo, é similar á

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 83

media nacional e 3 puntos inferior ao autonómico.

**Cadro 11: Indicadores autonomía.**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Autonomía** | **Vigo** | **97,35%** | **99,07%** | **98,44%** | **96,03%** |
| DRN (Capítulos 1 a 3, 5, 6 e 8 + transferencias recibidas) / DRN | Media Galicia | 93,82% | 96,99% | 96,70% | 95,80% |
| | Media nacional | 92,51% | 93,70% | 94,63% | 93,61% |
| **Autonomía fiscal** | **Vigo** | **60,60%** | **61,96%** | **60,97%** | 56,51% |
| DRN de natureza tributaria/DRN | Media Galicia | 58,33% | 61,28% | 60,97% | **59,55%** |
| | Media Nacional | 55,34% | 56,98% | 57,64% | 56,49% |
| **Índice de dependencia das subvencións recibidas** | **Vigo** | **4,62%** | **2,26%** | **3,32%** | 6,06% |
| DRN Capítulos 4 e 7/DRN | Media Galicia | 5,98% | 4,53% | 4,37% | 5,88% |
| | Media nacional | 6,53% | 6,03% | 6,24% | **6,45%** |

## IV.2.4 CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E ENDEBEDAMENTO.

De acordo cos datos do informe da Intervención sobre a liquidación do orzamento do ano 2018 neste exercicio incumpriuse co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cun déficit de financiamento de 6.609.945,80 euros.

Tamén manifesta o incumprimento da regra de gasto xa que se superou o límite máximo de gasto non financeiro na cantidade de 18.514.737,77 euros. Estas dúas circunstancias obrigaron a aprobar un Plan económico-financeiro (PEF) no exercicio 2019 coa finalidade de lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

A causa do incumprimento foi a aplicación do importe da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos por un importe de 35.214.290,04 euros, dos que 23.614.920,04 euros proceden de modificacións orzamentarias financiadas con Remanente Líquido de Tesourería e o restante con recursos obtidos polo alleamento de dous inmobles e de Patrimonio municipal do solo.

O PEF non contempla medidas para a corrección dos desequilibrios xa que considera que estes producíronse exclusivamente como consecuencia dunha operación puntual ou atípica, non recorrente, imputada integramente no exercicio 2018, sen efecto nos exercicios posteriores.

Non existe débeda financeira desde o exercicio 2017 polo que a carga financeira ten importe 0.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 83

Existe unha débeda co Estado polos excesos nas percepcións da participación nos tributos estatais dos exercicios 2008, 2009 e 2013 que a 1 de xaneiro de 2018 tiña un saldo de 10.837.437 euros e a 31 de decembro foi de 8.183.370 euros.

**Cadro 12: Evolución da carga financeira**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| % Carga financeira s/ ingresos correntes | 7,28 | 4,25 | 0,00 | 0,00 |
| Amortizacións da débeda (Capítulo IX) | 16.794.564,17 | 9.931.101,33 | 0,00 | 0,00 |
| Carga financeira total | 16.916.314,73 | 9.950.867,09 | 0,00 | 0,00 |
| Custo financeiro da débeda (Capítulo III) | 121.750,56 | 19.765,76 | 0,00 | 0,00 |
| Ingresos correntes (Capítulos I a V) | 232.428.394,55 | 234.275.276,48 | 242.371.157,12 | 243.559.362,33 |

### IV.2.5 RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN PREVIA E RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Nos exercicios 2018 e 2019 certificouse que non se emitiron pola Intervención informes de reparo suspensivos nin se detectaron anomalías na xestión de ingresos. Tamén se certificou que non existiron expedientes con omisión de fiscalización.

## IV.3 INMOBILIZADO

O Regulamento de bens da entidades locais de 1986 (RBEL) establece que as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos seus bens e dereitos, con suxeición ás normas contidas no propio RBEL.

De acordo coa información do portal de transparencia do Concello de Vigo o último inventario municipal aprobado é de 1993. Este inventario foi actualizado en 2017 e o seu resultado actualmente está en fase de comprobación e pendente de aprobación.

O inventario agrúpase nos seguintes epígrafes:

1.º Inmobles e vías.
2.º Dereitos reais.
3.º Mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico.
4.º Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación.
5.º Vehículos.
6.º Semoventes.
7.º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.
8.º Bens e dereitos revertibles.



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O inventario publicado, entre outros datos, non indica o valor dos bens nin se están inscritos no Rexistro da propiedade.

O Concello está en fase de tramitación dunha póliza de aseguramento dos seus bens mobles e inmobles, xa que ata agora non se seguía unha política regular neste sentido.

Non parecen existir instrucións ou procedementos escritos regulando as actuacións periódicas que deben facer os servizos ou departamentos municipais que para a rectificación e comprobación do inventario prevé o RBEL.

## IV.4 CONTAS A PAGAR E TESOURERÍA

O departamento de Tesourería, ten unha dotación de 13 postos dos que figuran polo menos 3 vacantes na RPT, está estruturado nas subáreas de tesourería, recadación, nóminas, pagos e control de contas e recadación executiva.

Non se realizan nin se contemplan pagos a través de caixa, nin existen anticipos de caixa fixa, aínda que este procedemento si está previsto nas BEO.

No seguinte cadro están recollidas as contas a pagar da entidade, sen ter en conta as correspondentes á contabilidade da administración de recursos por conta doutros entes públicos e ao endebedamento, coa súa evolución nos últimos 4 anos:

**Cadro 13: Evolución das contas a pagar**

| Nº Conta | Descrición conta | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| 400 | AOR orzamento corrente | 15.192.354,22 | 14.418.572,08 | 15.029.678,89 | 11.941.554,08 |
| 401 | AOR orzamentos de gastos pechados | 295,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 410 | Acredores por IVA soportado | 2.832,70 | 2.832,70 | 2.832,70 | 2.832,70 |
| 413 | Acredores por operacións devindicadas | 2.263.941,49 | 4.532.308,77 | 842.477,17 | 999.609,09 |
| 414 | EEPP acredores por recadación de recursos | 503.235,22 | 436.293,16 | 436.308,81 | 503.724,25 |
| 418 | Acredores por devolución de ingresos e outras minoracións | 173.786,76 | 120.823,51 | 121.223,81 | 120.822,77 |
| 419 | Outros acredores non orzamentarios | 3.374.399,88 | 4.063.294,17 | 4.170.427,68 | 6.059.093,10 |
| 433 | Dereitos anulados de orzamento corrente | 5.674.154,29 | 5.942.198,87 | 5.109.165,17 | 5.598.288,98 |
| 434 | Dereitos anulados de orzamentos pechados | 4.428.325,03 | 2.822.663,98 | 1.237.366,87 | 4.289.147,65 |
| 437 | Devolución de ingresos | -4.966.458,91 | -5.243.274,69 | -3.429.714,74 | -3.626.740,60 |
| 438 | Dereitos cancelados de orzamento corrente | 291.852,54 | 30.969,61 | 61.080,12 | 324.486,34 |
| 439 | Dereitos cancelados de orzamentos pechados | 13.163.404,25 | 5.870.095,21 | 7.476.916,98 | 9.404.518,13 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 83

| Nº Conta | Descrición conta | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| 475 | HP acredora por diversos conceptos | 1.218.496,35 | 1.332.512,78 | 1.357.688,70 | 1.538.797,46 |
| 476 | Organismos de previsión social acredores | 1.194.600,92 | 2.207.741,11 | 2.188.439,00 | 2.598.802,56 |
| 561 | Depósitos recibidos a corto prazo | 3.904.295,69 | 4.114.324,25 | 3.924.998,65 | 4.478.697,03 |
| **Total** | | **46.419.515,43** | **40.651.355,51** | **38.528.889,81** | **44.233.633,54** |

Neste cadro pódese observar a importante minoración do importe contabilizado na conta de acredores por obrigas recoñecidas do orzamento corrente. Por outra banda destaca o elevado incremento da conta de outros acredores non orzamentarios e o de dereitos cancelados de orzamentos pechados.

Nos dous últimos exercicios analizados hai unha significativa baixa na cifra de acredores por operacións devindicadas. A entidade indica que realiza un control específico da conta 413. O seu saldo a 31 de decembro de 2018 corresponde a 3 gastos cuxa facturación non foi recibida correspondentes ao subministro eléctrico, ao servizo de apoio á xestión de ingresos e a unha factura non conforme do servizo de xardíns, todos eles se cancelaron en 2019.

A conta 413 presentou os seguintes saldos en 2018:

**Cadro 14: Conta 413**

| Concepto | Importe |
|---|---|
| Saldo conta 413 a 1/1/2018 | 842.477,17 |
| Saldo conta 413 a 31/12/2018 | 999.609,09 |
| **Incremento** | **157.131,60** |

En canto ao cumprimento do prazo legal de pago a provedores, a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago da débeda comercial. Pola súa parte O Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012.

Segundo a información subministrada polo concello de Vigo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos referidos á evolución do período medio de pago no exercicio 2018 son os expostos na seguinte tabla. Debe terse en conta que de acordo coa fórmula de cálculo prevista no RD 635/2014, cando o pago se facía antes de transcorridos os 30 días dende a entrada da factura no rexistro contable de facturas o período de pago aparece en negativo, este método



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 83

de cálculo variou a partir de abril de 2018 de acordo co RD 1040/2017 polo que as cifras de xaneiro a marzo non son comparables coas do resto do ano.

**Cadro 15: Período medio de pago**

| Mes | Período medio de pago |
|---|---|
| xaneiro | -15,05 |
| febreiro | -13,20 |
| marzo | -13,83 |
| abril | 11,64 |
| maio | 9,02 |
| xuño | 12,58 |
| xullo | 13,32 |
| agosto | 14,28 |
| setembro | 10,89 |
| outubro | 12,18 |
| novembro | 9,91 |
| decembro | 7,48 |

Conforme o artigo 4 da lei 2/2012, enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. A este respecto a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, por la que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais fixa en 30 días o prazo máximo para o pago aos provedores. Verifícase no cadro que no concello de Vigo este indicador está dentro do límite legal durante todos os meses do ano.

Respecto dos procedementos relacionados con esta área de contas a pagar cabe destacar:

En relación coas políticas de autorización da operación:

- A entidade ten establecido niveis de autoridade para a aprobación de operacións e transaccións. Todas as operacións que supoñan transaccións son asinadas pola Tesourería, a Intervención e o concelleiro delegado de facenda.

En relación coa recepción dos bens e servizos:

- A entidade recolle nas bases de execución do orzamento (base 18ª e 19ª) o procedemento para a recepción de bens ou servizos . Todos os servizos teñen definidas as súas función funcións e o rango de responsabilidade.

- Así mesmo, documéntase a evidencia de que se recibiron de conformidade e de que son correctas as súas características, especificacións e condicións de calidade. Ademais da





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 83

conformidade técnica, para aqueles supostos nos que non existe unha fiscalización material, hai un certificado tipo, no que o responsable técnico, certifica a recepción ou prestación do servizo de conformidade. Ademais, nos casos que procede por aplicación do RD 424/2017 e o contido da DA 3ª da Lei 9/2017, faise a preceptiva comprobación material.

Respecto da contabilidade:

- Existen procedementos para a contabilización das contas a pagar.
- A entidade non dispón de rexistros auxiliares como soporte a contabilidade principal xa que entende que non concorren as circunstancias pare elo.
- A entidade considera o principio de deivindicación de estrita aplicación. Así nas normas de peche da Contabilidade e Orzamento, que se recollen nas BEO e que son aprobadas anualmente, desenvólvese o procedemento que garante que todos os gastos son aplicables ao orzamento corrente. Resolución Concelleiro Delegado de 30/10/2018, Coñecemento da XGL de 8/11/2018. Así mesmo, hai unha instrución interna dirixida a todos os servizos, sobre a tramitación das facturas cara ao peche do exercicio (expediente 58/142).

Respecto do pago

- A entidade declara ter perfectamente definidas as políticas de firma dos documentos de pago. Na base de execución do orzamento 22ª recóllese que corresponde a tesourería municipal a realización efectiva do pago como acto material de cumprimento da obriga derivada do gasto que se realizará, en todo caso, tras a expedición do mandamento de pago ou relación de ordes de pago.
- A entidade realiza controis para identificar importes a deducir do pago como consecuencia de garantías, fianzas, etc. a cargo do acredor. No cuestionario indica que as retencións que procedan na primeira factura que se presente como consecuencia de haber solicitado o contratista fronte a Mesa de Contratación presentación de garantía, forma parte da documentación do expediente que é elevada ao Servizo impulsor do mesmo coa finalidade de facer constar tal circunstancia na documentación que achegue coa primeira factura. Así mesmo, tanto o Órgano fiscalizador como o Servizo de Contabilidade, son coñecedores desta circunstancia, ao ter a Intervención o seu representante na Mesa de Contratación e dispor dunha copia da Acta.

## Ordenanzas fiscais:

De acordo coas comprobacións efectuadas e co publicado na súa sede electrónica, o Concello actualiza e publica antes da entrada en vigor do exercicio no que van ser aplicadas as ordenanzas



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 83

fiscais que regulan os tributos e taxas municipais. No exercicio 2020 ten aprobadas e en vigor as seguintes 36 ordenanzas fiscais:

**Cadro 16: Ordenanzas fiscais**

| |
|---|
| **Ordenanzas xerais** |
| Ordenanza 1ª: Ordenanza Fiscal Xeral |
| **De impostos** |
| Ordenanza 2ª: imposto sobre bens inmobles. (IBI) |
| Ordenanza 3ª: imposto sobre vehículos de tracción mecánica. (IVTM) |
| Ordenanza 4ª: imposto sobre actividades económicas. (IAE) |
| Ordenanza 5ª: imposto sobre construcións, instalacións e obras |
| Ordenanza 6ª: imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana |
| **Contribucións especiais** |
| Ordenanza 7ª: Contribucións especiais. |
| **Taxas por prestación de servicios** |
| Ordenanza 10ª: Expedición de documentos |
| Ordenanza 11ª: Taxis |
| Ordenanza 12ª: Servicios especiais por espectáculos ou transportes |
| Ordenanza 13ª: Extinción de incendios |
| Ordenanza 14ª: Cemiterios |
| Ordenanza 16ª: Recollida do lixo |
| Ordenanza 17ª: Retirada de instalacións de postos de venda |
| Ordenanza 18ª: Inspección sanitaria |
| Ordenanza 19ª: Desinfección |
| Ordenanza 20ª: Limpeza de pozos negros |
| Ordenanza 21ª: Axuda no fogar (SAF) |
| Ordenanza 23ª: Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil |
| Ordenanza 24ª: Control de calidade |
| Ordenanza 25ª: Prestación de servizos en galerías municipais |
| Ordenanza 53ª: Taxas por visitas ao zoo |
| **De aproveitamento do dominio público.** |
| Ordenanza 30ª: Aproveitamento da vía pública |
| Ordenanza 32ª: Instalación de postos de venda |
| Ordenanza 33ª: Exhibir propaganda |
| Ordenanza 34ª: Estacionamento de vehículos |
| Ordenanza 35ª: Empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil |
| **Prezos públicos** |
| Ordenanza 40ª: Ensinanzas especiais |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 83

| |
|---|
| Ordenanza 41ª: Subministro de libros |
| Ordenanza 42ª: Organización de espectáculos |
| Ordenanza 43ª: Verbum - Casa das Palabras |
| Ordenanza 52ª: Prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais |
| **Taxas da Xerencia Municipal de Urbanismo** |
| Ordenanza 50ª: Dereitos e Taxas pola Concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e outros Servizos Urbanísticos |
| Ordenanza 51ª: Taxas de licencias de actividades e instalacións |
| **Prestacións patrimoniais de carácter público non tributario** |
| Ordenanza 60ª: Taxas por subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, que cobra a Concesionaria Aqualia |
| Ordenanza 61ª: Guindastre municipal (anterior ordenanza 15) |

No exercicio fiscalizado o Concello tiña abertas un total de 25 contas bancarias cun saldo a 31 de decembro de 78.468.225,72 euros. No seguinte cadro móstrase a desagregación por tipo de conta:

**Cadro 17: Contas bancarias**

| Tipo de conta | Número de contas | Saldo a 31/12/2018 |
|---|---|---|
| Bancos e Contas operativas | 11 | 53.069.053,98 |
| Bancos e contas restrinxidas de recadación | 10 | 0 |
| Outras contas | 4 | 25.399.171,74 |
| **Total** | **25** | **78.468.225,72** |

No seguinte cadro móstrase unha comparativa dos fondos líquidos existentes nos 7 grandes concellos galegos en 2018 en datos consolidados:

**Cadro 18: Fondos líquidos e liquidez inmediata dos 7 grandes concellos de Galicia en 2018**

| Concello | Orzamento definitivo | Fondos líquidos | Pasivo corrente | Liquidez inmediata |
|---|---|---|---|---|
| Ourense | 144.106.364,39 | 96.205.009,27 | 21.203.361,22 | 4,54 |
| Vigo | 341.200.540,37 | 89.970.319,57 | 36.407.855,53 | 2,47 |
| Lugo | 108.575.528,59 | 33.165.036,40 | 19.681.788,54 | 1,69 |
| Pontevedra | 102.768.385,51 | 31.343.036,37 | 22.698.716,32 | 1,38 |
| Santiago | 142.190.313,35 | 43.383.351,43 | 44.945.250,34 | 0,97 |
| A Coruña | 323.278.593,28 | 39.983.224,46 | 52.195.517,41 | 0,77 |
| Ferrol | 85.997.887,15 | 8.996.443,37 | 14.837.672,91 | 0,61 |

O índice de liquidez inmediata reflicte a proporción das obrigas orzamentarias e non orzamentarias a curto prazo que pode atender a entidade coa liquidez inmediatamente dispoñible. Un valor baixo do indicador pode supoñer que a entidade non conta con suficientes recursos líquidos para atender



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 83

a curto prazo o seu pasivo corrente, como é o caso De Ferrol e Da Coruña. Un maior valor supón que a entidade conta cos citados recursos para atender o seu pasivo corrente, aínda que un valor excesivamente alto podería poñer de manifesto a existencia de recursos ociosos. Se tomamos como referencia o índice medio de liquidez inmediata das 7 grandes cidades de Galicia que é do 1,78, vemos que o superan amplamente o Concello de Ourense e, en menor medida, o Concello de Vigo.

A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos aprobado no ano 2015, aínda que pola liquidez da entidade e polo seu período medio de pago non existen conflitos coa distribución temporal dos pagos.

O Remanente de tesourería reflicte a situación de liquidez da entidade ao peche do exercicio é un indicador moi importante para valorar a solvencia financeira a curto prazo da Entidade local.

A evolución do remanente de tesourería nos últimos 4 exercicios é a seguinte:

**Cadro 19: Evolución do remanente de tesourería**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| 1. (+) Fondos líquidos | 76.437.418,66 | 87.926.188,05 | 95.158.320,59 | 78.468.136,97 |
| 2. (+) Dereitos pendentes de cobramento | 84.891.324,38 | 84.808.856,62 | 87.583.154,21 | 85.445.890,40 |
| a. (+) Do orzamento corrente | 22.938.362,13 | 19.842.077,00 | 21.754.593,69 | 24.532.897,50 |
| b. (+) De orzamentos pechados | 60.716.917,14 | 63.730.734,51 | 64.590.515,41 | 59.669.993,25 |
| c. (+) De operacións non orzamentarias | 1.236.045,11 | 1.236.045,11 | 1.238.045,11 | 1.242.999,65 |
| 3. Obrigacións pendentes de pago | 26.871.670,40 | 27.900.746,12 | 28.399.940,87 | 28.467.165,33 |
| a. (+) Do orzamento corrente | 15.192.354,22 | 14.418.572,08 | 15.029.678,89 | 11.941.554,08 |
| b. (+) De orzamentos pechados | 295,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| c. (+) De operacións non orzamentarias | 11.679.021,18 | 13.482.174,04 | 13.370.261,98 | 16.525.611,25 |
| 4. (+) Partidas pendentes de aplicación | -1.304.357,56 | -1.571.018,07 | -3.194.180,36 | -3.110.524,10 |
| a. (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 1.304.357,56 | 1.571.018,07 | 3.194.180,36 | 3.110.524,10 |
| b. (-) Pagos pendentes de aplicación definitiva | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)** | **133.152.715,08** | **143.263.280,48** | **151.147.353,57** | **132.336.337,94** |
| II. Saldos de dubidoso cobramento | 55.106.462,98 | 55.704.120,30 | 59.179.682,71 | 54.835.913,36 |
| III. Exceso de financiamento afectado | 0,00 | 3.076.882,50 | 906.475,19 | 1.010.718,42 |
| **IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I – II – III)** | **78.046.252,10** | **84.482.277,68** | **91.061.195,67** | **76.489.706,16** |

No momento de determinar o importe do remanente de tesourería para gastos xerais debe terse en conta o saldo ao 31 de decembro da conta 413-Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento. Polo tanto, aínda que sen ter o carácter de axuste segundo a Instrución de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 83

contabilidade local, o remanente de tesourería deberá diminuír na contía do saldo da conta 413 ao tratarse de gastos do exercicio corrente que se imputarán a exercicios futuros. De acordo co informe da Intervención sobre a liquidación do orzamento do ano 2018 os importes que deberían minorar o remanente de tesourería serían:

**Cadro 20: Outros axustes ao remanente de tesourería**

| Concepto | Importe |
|---|---|
| Devolucións de ingreso pendentes de pago a 31/12/18 | 120.822,77 |
| Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento | 999.609,09 |
| **Total axustes normativa estabilidade** | **1.120.431,86** |

# IV.5. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

## IV.5.1 PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

A lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica introduciu diversas medidas entre as que destaca a utilización obrigatoria da factura electrónica no ámbito do sector público (dende xaneiro do 2015), así como a creación do rexistro contable de facturas, cuxa xestión corresponde á unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

O Concello de Vigo está adherida ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, que é unha plataforma online que permite presentar facturas electrónicas a través de internet. As distintas fases de tramitación do procedemento de tramitación das facturas en FACe son as seguintes:

- Rexistrada no Rexistro Contable de facturas (RCF): toda factura electrónica recibida no correspondente Punto Xeral de Entrada de Facturas (PXEF) ou en papel é rexistrada e remitida inmediatamente á oficina contable competente para a súa anotación no RCF.

- Aceptada ou Rexeitada: Unha vez anotada, a unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade pon a factura a disposición do órgano competente para tramitar o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servicio realizada por quen expide a factura. A única posibilidade de rexeite de factura e que a mesma incumpra os requisitos (de natureza técnica) previstos na Lei 25/2013 e regulamento que a desenvolve, que da lugar a un rexeite automático ou non anotación no RCF.

- Contabilizada a obriga recoñecida: O órgano competente, unha vez feitas as verificacións oportunas, procederá a dar a conformidade da factura se a mesma reflicte adecuadamente a xustificación da entrega do ben ou prestación do servicio conforme ao contrato. Una vez



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 83

conformada, realizaranse o resto de actuacións necesarias para a aprobación do expediente de recoñecemento da obriga, incluída a remisión á Intervención para a súa fiscalización e a súa posterior contabilización polo órgano competente.

- Pagada: Unha vez conformada e, no seu caso recoñecida a obriga, procederase ao pago das mesmas

- Anulada: Cando haxa unha solicitude, por parte dun provedor, de anulación dunha factura. Unha vez anotada a solicitude, remitirase ao órgano competente para a súa tramitación, que procederá á súa estimación e anulación, ou ben a rexeitar tal solicitude.

Cada unha destas circunstancias (rexistro, conformidade ou non, recoñecemento da obriga, pago ou devolución) debe ser anotada no RCF, de xeito que permita aos provedores presentar e coñecer en cada momento o estado de tramitación das súas facturas.

### IV.5.2 COMPROBACIÓNS REALIZADAS SOBRE O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

As probas realizadas reflicten unha adecuada comunicación entre ambos rexistros, de xeito que non existen facturas no PXEF que non figuran no RCF, ao tempo que se constata igualmente a actualización dos diferentes estados polos que pasa a factura presentada electronicamente, a medida que se executa o procedemento administrativo de recoñecemento da obriga.

O procedemento de tramitación das facturas é o seguinte:

- Todas as facturas recibidas anótanse no Rexistro de facturas (obrigatorio segundo o art. 5º lei 15/2010) e remítense posteriormente ao órgano responsable da obriga económica. O protocolo do procedemento que utiliza o concello consiste en que una vez recibida a factura, con número de DIR3, é rebotada en tempo real ao Servizo xestor do expediente, que dispón dun prazo de 5 días naturais para dar conformidade ou rexeitamento da mesmo. Unha vez conformada con sinatura electrónica nese campo, volve de novo ao RCF para fiscalización, aprobación, contabilización e pago. Porén, a entidade non especifica se lle require ao responsable para que xustifique por escrito no caso de non ter tramitado o recoñecemento da obriga no prazo de 1 mes desde a súa anotación no Rexistro ou desde a conformidade do xestor.

- Apróbanse as facturas por persoas con autoridade suficiente para o cal poden dispoñer doutra documentación soporte como ordes de compra e evidencia da recepción do ben o servicio. Así o procedemento establecido polo concello consiste en que previa sinatura do Técnico-Xefe do servizo, e conformidade e visto e prace do Concelleiro Delegado, o recoñecemento da obriga é



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 83

competencia do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda por delegación da Xunta de Goberno Local. Con carácter previo ao recoñecemento da obriga, calquera documento que supoña contraer unha obriga, está sometida a fiscalización previa. Ademais o responsable de contas a pagar ten acceso ao xestor corporativo de expedientes, no que está a totalidade do expediente. En consecuencia, todas as persoas autorizadas segundo o seu nivel de responsabilidade, en cada proceso de execución que afecte ao seu ámbito de competencias, ten acceso á documentación completa do expediente electrónico.

- Todas as facturas nas que se excede o prazo de 3 meses dende a súa anotación sen que se tramite a correspondente obriga ou se xustifique a súa falta de tramitación, incorpóranse ao informe trimestral de morosidade, ao portal de transparencia e a páxina web do concello.

## IV.6 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos estableceu o Esquema Nacional de Seguridade que, aprobado mediante Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, ten por obxecto determinar a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no seu ámbito de aplicación e estará constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección adecuada da información. Posteriormente, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle o Esquema Nacional de Seguridade no seu artigo 156 apartado 2 en similares termos.

A resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, aprobou a Instrución Técnica de Seguridade que ten por obxecto establecer os procedementos para dar publicidade á conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, así como os requisitos esixibles ás entidades certificadoras.

O ENS será aplicado polas Administracións públicas para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias

Como resultado do traballo efectuado, verificouse que o Concello de Vigo dispón dun documento denominado Plan de adecuación ao ENS desde o ano 2017, que identifica e categoriza os principais activos de información do Concello sobre os que se realiza unha análise de riscos para permitir determinar o nivel de risco da organización e as prioridades no seu tratamento. Este documento está acompañado dunha análise de riscos e un informe desta análise, un Plan de mellora da



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 83

seguridade, un documento de seguridade de ficheiros de datos de carácter persoal e un documento de Política de seguridade da información.

Na análise do marco operacional a entidade ten aprobada normativa propia en materia de seguridade para protexer os recursos e activos do sistema, definindo o uso correcto de equipos, servizos, instalacións e a responsabilidade do persoal respecto ao seu cumprimento.

En relación coa implantación de medidas de control de cambios infórmase que se está en proceso de adaptación ao ENS.

Analizados determinados aspectos do marco operacional verificouse que, no referente á planificación, o Concello efectúa unha análise de riscos para identificar os activos máis valiosos, as ameazas máis probables e as salvagardas e riscos residuais.

En materia de control de accesos, infórmase que existe un mecanismo de identificación para cada recurso, os contrasinais actívanse ao crealos e os usuarios asinan unha cláusula ao recibilos. Os identificadores desactívanse se se detecta que levan máis de 6 meses sen utilizarse. Tamén é posible a identificación mediante certificado dixital. Así mesmo, existe un rexistro parcial da actividade dos usuarios.

En canto aos servizos externos contratados, aínda que se establecen acordos de nivel de servizo, non existe un plan de continuidade que estableza as accións a executar en caso de interrupción dos servizos prestados cos medios habituais.

Pola súa parte, o artigo 156.1 da LRXSP establece que o Esquema Nacional de Interoperabilidade comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.

A entidade está en fase de adecuación a este Esquema Nacional de Interoperabilidade. No ano 2017 aprobouse un documento de Política de Xestión Documental dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o ENI.

## IV.7 SUBVENCIÓNS

A xestión das subvencións lévase a cabo por cada centro xestor de gasto. A base 38 das BEO manifesta a suxeición á normativa estatal e autonómica nesta materia, regulando a concesión de subvencións en réxime de concorrencia e das outorgadas directamente. A base 40 regula o réxime



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 83

dos convenios de colaboración tanto con outras administracións ou entidades públicas como con persoas físicas ou xurídicas privadas.

Os gastos nos capítulos 4 Transferencias correntes e 7 Transferencias de capital, segundo a liquidación do Orzamento, agrupados por programas foron os seguintes:

**Cadro 21: Transferencias e subvencións concedidas**

| Grupo de programa | Transferencias correntes | Transferencias de capital | Total |
|---|---|---|---|
| 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento | 10.000,00 | 0,00 | 10.000,00 |
| 151. Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística | 5.883.880,99 | 22.222,00 | 5.906.102,99 |
| 153. Vías públicas | 180.000,00 | 0,00 | 180.000,00 |
| 164. Cemiterios e servizos funerarios. | 27.250,00 | 0,00 | 27.250,00 |
| 231. Asistencia social primaria | 4.317.350,20 | 49.763,67 | 4.367.113,87 |
| 241. Fomento do emprego | 1.857.959,38 | 0,00 | 1.857.959,38 |
| 311. Protección da salubridade pública | 95.000,00 | 0,00 | 95.000,00 |
| 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario e educación especial | 379.794,75 | 0,00 | 379.794,75 |
| 326. Servizos complementarios de educación | 765.337,39 | 0,00 | 765.337,39 |
| 333. Equipamentos culturais e museos. | 1.202.405,53 | 0,00 | 1.202.405,53 |
| 334. Promoción cultural. | 685.700,00 | 0,00 | 685.700,00 |
| 337. Instalacións de ocupación do tempo libre. | 76.147,21 | 0,00 | 76.147,21 |
| 338. Festas populares e festexos. | 768.007,00 | 0,00 | 768.007,00 |
| 341. Promoción e fomento do deporte | 2.132.626,37 | 0,00 | 2.132.626,37 |
| 432. Información e promoción turística | 450.000,00 | 0,00 | 450.000,00 |
| 441. Transporte de viaxeiros | 11.953.672,15 | 0,00 | 11.953.672,15 |
| 912. Órganos de goberno | 115.049,85 | 0,00 | 115.049,85 |
| 924. Participación cidadá | 279.938,52 | 198.485,08 | 478.423,60 |
| 942. Transferencias a entidades locais territoriais | 452.183,27 | 0,00 | 452.183,27 |
| **Total** | **31.632.302,61** | **270.470,75** | **31.902.773,36** |

As subvencións de máis importe foron as dirixidas ás políticas de transporte urbano colectivo pola contía de 11.953.672,15 euros e ás axudas do servizo de benestar social por importe de 4.186.375,89 euros.

As transferencias de máis importe foron as feitas a favor do Organismo autónomo Xerencia de urbanismo por importe de 5.823.400 euros.

O Concello ten elaborado e pendente de aprobación o Plan estratéxico de subvencións que esixe o artigo 8 da Lei xeral de subvencións de 2003; non existe unha planificación a medio prazo nin



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se aporta información na web ou no portal de transparencia municipal sobre as subvencións que se prevén convocar no exercicio.

En canto ás persoas implicadas nos procedementos, estas non asinan unha declaración de ausencia de conflito de intereses, non teñen recibido formación na detección de indicios de posibles fraudes nas solicitudes e tampouco hai unha rotación do persoal que fai as propostas de adxudicación.

### Remisión telemática dos convenios

Comprobouse que a entidade fiscalizada cumprise coas esixencias da Instrución aprobada polo Pleno do Consello de Contas de Galicia o 8 de febreiro de 2017, relativa á remisión telemática dos convenios e da relación anual daqueles formalizados polas entidades do sector público local de Galicia. Esta Instrución desenvolve o mandato establecido polo artigo 53 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, que establece que dentro dos tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, estes deberán remitirse electronicamente ao Tribunal de Cuentas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, así como as prórrogas ou variacións de prazos, a alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

A través da Plataforma de rendición do Tribunal de Cuentas remitiuse unha relación de 101 convenios asinados no ano 2018, que supuxeron uns compromisos económicos para a entidade de 5.045.212,76 euros. A esta cantidade débese sumar o Convenio de colaboración entre Concello de Vigo e a Federación olívica de asociacións de nais e pais de alumnos/as de Vigo e comarca (FOANPAS) para o ano 2018 para prestación do servizo de comedores escolares e actividades extraescolares, que ten un importe de 606.039,31 euros e que non se incluíu na relación de convenios pero si se enviou o resumo documental do seu expediente.

Realizouse unha revisión sobre a seguinte mostra dos convenios asinados polo Concello de Vigo no ano 2018 co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos que establece a LRJAP no capítulo sexto do seu título preliminar, que contén as disposicións xerais e os principios de actuación e funcionamento do sector público:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 83

**Cadro 22: Convenios analizados**

| Convenio | Finalidade | Contía | Procedemento |
|---|---|---|---|
| Convenio coa Federación olívica de asociacións de nais e pais de alumnos/as de Vigo e comarca (FOANPAS) | Prestación do servizo de comedores escolares e actividades extraescolares | 606.039,31 | Concesión directa |
| Convenio con Ulisesproyect Eventos Especiales SLU | Organización de la "XVIII Edición do Marisquiño" | 400.000,00 | Concesión directa |
| Convenio coa Asociación Cultural Interfolc | Organización do "Festival folclórico internacional de Vigo 2018" | 63.000,00 | Concesión directa |
| Convenio coa Asociación Freixeiro De Axuda Ó Necesitado (AFÁN)" | Atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade | 55.000,00 | Concesión directa |
| Convenio coa Asociación Cultural Vertixe | Organización do Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea 2018 | 7.000,00 | Concesión directa |
| Convenio coa Asociación Galega De Amigos Del Rocío | Axuda para financiar o mantemento e aluguer do local social para o desenvolvemento das súas actividades | 5.000,00 | Concesión directa |

Segundo o convenio coa FOANPAS esta é a beneficiaria da subvención e terá que distribuíla entre as distintas ANPAS que a integran e pertenzan a centros públicos situados no termo municipal de Vigo, sen embargo non se especifican no clausulado os criterios do reparto, nin cantas asociacións existen ou como será a xestión dos gastos subvencionados.

O convenio para a organización do Marisquiño supón unha subvención nominativa a unha empresa que ostenta a exclusividade do evento; o concello de Vigo aporta a cantidade de 218.500 euros e a Deputación de Pontevedra 181.500 euros.

Comprobouse que ningún dos convenios asinados tivo por obxecto prestacións propias dos contratos, xa que de selo caso a súa natureza e réxime xurídico debería axustarse ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

Aínda que a entidade manifesta que o procedemento de concesión directa ten carácter excepcional comprobouse que, de acordo cos datos que figuran na Base de datos nacional de subvencións e na Plataforma de rendición do TCu, no ano 2018 asináronse 108 convenios ou subvencións nominativas, por importe de 5.921.992 euros, fronte ás 12 convocadas en réxime de concorrencia, que supuxeron un coste de 2.696.411 euros.

Nalgún caso de concesión directa non está expresamente determinado no convenio ou na resolución de concesión o obxecto da subvención.

Non constan na Base de datos nacional de subvencións a imposición de sancións por infraccións moi graves de acordo co disposto no artigo 63.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No ano 2020 emitiuse o informe de conclusións do traballo de colaboración coa Intervención Xeral municipal no control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 83

Vigo e pola Xerencia municipal de urbanismo durante o exercicio 2018. Este informe analizou unha mostra de subvencións outorgadas por varias áreas de xestión da Entidade, fundamentalmente subvencións tramitadas en réxime de concorrencia competitiva agás as destinadas á mellora e adecuación de campos de fútbol, que se tramitaron en réxime de concorrencia non competitiva.

Conclúese, con carácter xeral, que os beneficiarios cumpriron coas bases reguladoras segundo as axudas solicitadas, unicamente en dous casos faise unha proposta de reintegro parcial de axudas, por 446,27 € e 409,78 €, respectivamente.

Sinálase que a xestión das axudas atendeu aos aspectos recolleitos nas bases da convocatoria, constituíndose as comisións técnicas de avaliación e cumpríndose cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. O informe recomenda:

- que se inclúa nas bases das convocatorias a obrigación do beneficiario de acreditar documentalmente o pago efectivo dos gastos;
- que as bases reguladoras indiquen aos beneficiarios a forma de acreditar cada un dos requisitos que deben cumprir;
- que se resolva a concesión das axudas en prazo.

## IV.8 CONTRATACIÓN

A Lei do Consello de Contas establece no seu artigo 4 c) que é función do Consello fiscalizar os contratos celebrados polas entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.

No exercicio desta función a fiscalización de cumprimento de legalidade tivo por obxectivo verificar se os actos, operacións e procedementos de xestión levados a cabo polo concello de Vigo no exercicio 2018 se desenvolveron de conformidade coas normas aplicables en materia de contratación.

Segundo a información subministrada polo concello de Vigo a través do módulo de contratación da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, o número total de contratos non menores adxudicados ou formalizados no exercicio fiscalizado foi de 99, sumando un importe de 107.748.146,94 euros; tanto por importe como por número o tipo de contrato máis relevante foi o contrato de servizos e o procedemento de adxudicación máis empregado foi o procedemento aberto con criterios múltiples. Só en 2 adxudicacións se declarou a urxencia da tramitación do expediente de contratación.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 83

O número de contratos menores foi de 2.079 por un importe de 10.795.878,3 euros, o que supón que o 9% do volume contratado en 2018 se levou a cabo por este procedemento.

A desagregación por tipo de contrato e procedemento de adxudicación é a seguinte:

**Cadro 23: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio**

| Tipo de contrato | Procedemento de adxudicación | Número | Importe | % sobre importe |
|---|---|---|---|---|
| Contratos Privados | Aberto criterios múltiples | 0 | 0,00 | |
| | Negociado sen publicidade | 12 | 1.359.898,73 | |
| **Total Contratos Privados** | | **12** | **1.359.898,73** | **1,26%** |
| Obras | Aberto criterios múltiples | 29 | 20.134.927,63 | |
| | Negociado sen publicidade | 1 | 7.972,31 | |
| | Outros | 1 | 23.293,41 | |
| **Total Obras** | | **31** | **20.166.193,35** | **18,72%** |
| Servizos | Aberto criterios múltiples | 33 | 72.629.178,36 | |
| | Aberto simplificado | 1 | 35.325,00 | |
| | Negociado con publicidade | 1 | 90.000,00 | |
| | Negociado sen publicidade | 3 | 67.549,18 | |
| **Total Servizos** | | **38** | **72.822.052,54** | **67,59%** |
| Subministracións | Aberto criterios múltiples | 12 | 13.062.686,95 | |
| | Aberto criterio prezo | 5 | 312.749,65 | |
| | Aberto criterios múltiples | 1 | 24.565,72 | |
| **Total Subministracións** | | **18** | **13.400.002,32** | **12,44%** |
| **Total contratos maiores** | | **99** | **107.748.146,94** | **100%** |
| **Contratos menores obras** | | 33 | 389.276,14 | 3,61% |
| **Contratos menores servizos** | | 1.723 | 9.027.620,31 | 83,62% |
| **Contratos menores subministracións** | | 323 | 1.378.981,85 | 12,77% |
| **Total contratos menores** | | **2.079** | **10.795.878,30** | **100%** |
| **Total contratos 2018** | | **2.178** | **118.544.025,24** | |

Estes datos no coinciden totalmente cos que constan no Portal de transparencia do Concello de Vigo, segundo este a porcentaxe por tipo de procedemento e por tipo de contrato das adxudicacións en 2018 foi:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 83

**Gráfico 1: Distribución dos contratos adxudicados**




IMPORTE TOTAL ADXUDICADO: 93.559.075 €

Segundo estes datos o contrato de servizos é igualmente o máis relevante en número e importe e o procedemento de adxudicación máis empregado é o aberto; pódese comprobar que a utilización do procedemento negociado e moi reducida co 1,6% do total e que practicamente non se acude ao procedemento aberto simplificado regulado polo artigo 159 da LCSP.

## IV.8.1. CONTROL INTERNO NA ÁREA DE CONTRATACIÓN

A análise do funcionamento e da estrutura da área de contratación no exercicio fiscalizado comprendeu a comprobación das afirmacións e observacións realizadas no cuestionario sobre a





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 83

actividade contractual coa información que consta na Plataforma de rendición das entidades locais e na Plataforma de contratación do sector público, solicitándose as aclaracións e documentación complementaria que se considerou necesario, co seguinte resultado:

a) Estrutura organizativa: Manifféstase que existe unha unidade de contratación que se dedica en exclusiva á tramitación dos procedementos contractuais. Este servizo de contratación conta cun xefe de servizo, 2 técnicos de administración xeral e 3 postos administrativos.

b) Procedementos de xestión: As persoas implicadas nos procedementos de contratación asinan unha declaración de ausencia de conflito de intereses. O Concello ten constituída unha mesa de contratación permanente acordada pola Xunta de goberno local e publicada no BOP.

c) Ferramentas de xestión: Os procedementos de contratación realízanse integramente por medios electrónicos, estando implantado un sistema de licitación electrónica.

d) Expedientes de contratación: Na fiscalización fíxose unha revisión selectiva da documentación remitida a través das Plataformas de rendición do TCu e de contratación do sector público, así como da exposta no Portal de transparencia do Concello de Vigo. A finalidade da análise foi verificar o cumprimento da normativa aplicable aos procedementos de contratación e, fundamentalmente, o seu axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos. Non se atoparon incidencias relevantes.

e) En abril de 2018 o Pleno aprobou a creación do Órgano independente de recursos contractuais do Concello de Vigo, ao amparo do disposto no artigo 46.4 da LCSP.

f) En decembro de 2019 o Concello aprobou un documento denominado Plan de integridade na contratación. Marco estratéxico, co que se pretende abordar a aplicación do principio de integridade no ámbito da contratación.

## IV.8.2 TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN

### Remisión de información a través da Plataforma de rendición de contas da Entidades Locais.

En canto á remisión de información ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas a través da Plataforma de rendición de contas, analizouse o cumprimento da obriga, establecida polo artigo 335 da LCSP (artigo 29 do hoxe derrogado TRLCSP) e polas Resolucións do Tribunal de Cuentas



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 83

do 3 de xullo de 2018 e do Consello de Contas de 5 de outubro de 2018, que regulan a súa remisión telemática a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, de remitir nos 3 meses seguintes á formalización do contrato unha copia certificada do documento no que se formalice, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que o prezo de adxudicación do contrato ou no caso de acordos marco, o valor estimado, exceda de 600.000 euros, tratándose de obras, concesións de obras, concesións de servizos e acordos marco; de 450.000 euros, tratándose de subministracións; e de 150.000 euros, tratándose de servizos e de contratos administrativos especiais. Comprobouse así mesmo se se remitiu dentro dos dous primeiros meses do exercicio 2019 a relación certificada comprensiva dos contratos formalizados no exercicio 2018. Esta información contrastouse ademais coa publicada no perfil do contratante.

A este respecto, detectáronse diferentes erros na remisión da información e documentación contractual por medio da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, referidos á falta de homoxeneidade dos datos económicos xa que nalgunhas ocasións os importes incluían o IVE ou mesmo tiñan erros materiais (Contrato con referencia 18-441), así mesmo mesturouse a documentación de dous contratos de servizos e de subministracións relativos á iluminación e ornamentación de nadal (Contratos referencia 5480-106 e 5481-106).

Encontráronse, así mesmo, erros na relación de contratos menores enviada na catalogación do tipo de contrato identificando, por exemplo, contratos de obras como contratos de servizos.

Non se comunicaron a través do módulo de incidencias da contratación ningún tipo de modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos contratos para os que o artigo 335 da LCSP establece a obriga de remisión de información.

**Subministro de información a través do Perfil do contratante e da Plataforma de contratación do sector público.**

Segundo dispón o artigo 63 da LCSP os órganos de contratación, para asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, deben difundir, a través de internet, o perfil de contratante, que se aloxará no enderezo electrónico (sede electrónica) que as administracións teñen a dispor dos cidadáns en internet.

Para asegurar o cumprimento do principio de seguridade xurídica na xestión electrónica das tarefas administrativas precísase duns elementos comúns válidos para todos os procedementos administrativos e todas as administracións públicas (como a sede electrónica, o rexistro electrónico,



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 83

as notificacións e comunicacións electrónicas ou o arquivo electrónico), e duns elementos habilitantes que fan posible a xestión electrónica, como son a sinatura electrónica (garante da identidade) e o selo de tempo (que acredita o momento no que se fixo unha transacción).

O Concello de Vigo ten aloxado desde o mes de abril de 2018 o seu perfil de contratante na Plataforma de contratación do sector público, incluíndo un enlace na súa páxina web institucional a este perfil. Todos os licitadores deberán presentar as súas proposicións nesta Plataforma.

Ademais das licitacións, entre os documentos que constan na Plataforma están a Planificación da contratación para o ano 2020 e a composición da mesa permanente de contratación.

### Publicidade dos contratos menores

A LTAIBG establece una serie de obrigacións de publicidade das actuacións na materia da contratación ás que están suxeitas as entidades locais. De acordo co que dispón o seu artigo 8, as entidades que integran a administración local están obrigadas a facer públicos todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se publicou, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato.

Polo que se refire á publicación da información relativa aos contratos menores a LTAIBG indica que poderá realizarse trimestralmente. Comprobouse que o concello de Vigo subministra información pública dos contratos menores formalizados tanto a través do seu portal de transparencia como na Plataforma de contratación do sector público.

## IV.8.3 ANÁLISE DA CONTRATACIÓN

Na fiscalización fíxose unha revisión selectiva da documentación remitida a través das Plataformas de rendición do TCu e de contratación do sector público, así como da exposta no Portal de transparencia do Concello de Vigo. Así mesmo, seleccionáronse varios expedientes de contratación maior e menor coa finalidade de verificar o cumprimento da normativa aplicable aos procedementos de contratación e, fundamentalmente, o seu axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 83

## Contratos maiores

Como xa se mencionou, o volume de contratación non menor representou o 91% do total contratado no exercicio fiscalizado.

A revisión comprendeu aos seguintes contratos que representan ao 10% do importe adxudicado no exercicio:

**Cadro 24: Contratos maiores analizados**

| Refer. | Tipo | Obxecto | Procedemento | Data formalización | Prazo execución | Licitación sen IVE | Adxudicación sen IVE | % Baixa |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5106-440 | Obras | Implantación da vía ciclista entre Teis e Samil | Aberto criterios múltiples | 19-04-2018 | 12 | 4.871.900,83 | 3.361.000,00 | 31,01% |
| 18-441 | Obras | Humanización da Estrada Provincial 2002-Gran Vía Avda, de Madrid rúa Emilia Pardo Bazán entre Gran Vía e Avda, Arquitecto Palacios | Aberto criterios múltiples | 03-08-2018 | 12 | 2.388.998,56 | 1.680660,49 | 29,65% |
| 64-441 | Obras | Obras do proxecto de pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas 28 e 29 do Plan Parcial S,Ou, P, P, P, 1 Quirós | Aberto criterios múltiples | 13-09-2018 | 11 | 3.224.265,55 | 2.544.771,57 | 21,07% |
| 109-441 | Obras | Obras de Humanización da rúa Camelias, entre a rúa Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade | Aberto criterios múltiples (Urxente) | 05-12-2018 | 8 | 2.165.000,00 | 1.295.063,64 | 40,18% |
| 19872-332 | Servizos | Servizos para a xestión organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2018" | Aberto criterios múltiples | 13-02-2018 | 24 | 3.528.000,00 | 3.528.000,00 | 0,00% |
| 50730-444 | Subministracións | Subministración na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética renovación de elementos de iluminación viaria-columnas luminarias cadros de mando e outro material eleéctrico- destinados aos Servizos Enerxéticos | Aberto criterios múltiples | 18-12-2018 | 3 | 537.190,08 | 537.190,08 | 0,00 |
| Total | | | | | | 16.715.355,02 | 11.123.150,78 | 33, |

O contrato de servizos 19872-332 está exento de IVE ao tratarse da prestación dun servizo de ensinanza incluído nos plans de estudo do sistema educativo.

O resultado da fiscalización foi o seguinte:

- **Publicidade**

O Perfil do contratante do Concello de Vigo está aloxado na Plataforma de contratación do sector público de acordo co establecido polo artigo 347 da LCSP. Comprobouse que se publica a información esixida polo artigo 63 da LCSP.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 83

No caso expediente con referencia 18-441 detectouse un erro nos importes de licitación e adxudicación comunicados a través da Plataforma de rendición de contas, xa non se corresponden cos que figuran na documentación do expediente de contratación.

Apreciáronse igualmente erros nas datas de formalización do contrato de servizos e no contrato de subministracións revisados.

- **Preparación**

Fíxose un control sobre os proxectos e acta de comprobación de implantación no caso das obras e tamén sobre os pregos de cláusulas; comprobouse a existencia de criterios para a identificación das ofertas anormalmente baixas nos casos de utilización de varios criterios de adxudicación, resultando que os pregos de cláusulas administrativas establecen que se considerará que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual; así mesmo, no caso de que a adxudicación do contrato se deba facer tendo en conta só un criterio estarase ao disposto no artigo 85 do RXLCAP.

- **Xustificación da necesidade e de insuficiencia de medios**

Comprobouse que houbese constancia da adecuada xustificación da necesidade do contrato e un informe de insuficiencia de medios de acordo co disposto nos artigos 28 e 116.4 da LCSP respectivamente.

- **Adxudicación**

Todas as adxudicacións seguiron o procedemento aberto con criterios múltiples e se realizaron de acordo coa proposta da mesa de contratación.

Consta nos expedientes o informe técnico de valoración das ofertas que analiza ademais se algunha delas conten valores anormais ou desproporcionados.

No caso do contrato de servizos con referencia 19872-332 só a empresa adxudicataria se presentou á licitación.

Comprobouse que o contrato obxecto de tramitación urxente fiscalizado cumprise cos requisitos establecidos polo artigo 119 da LCSP e, en particular, a adecuada motivación da declaración xustificativa da urxencia polo órgano de contratación.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 83

- **Execución dos contratos**

No contrato con referencia 5106-440 non se cumpriu co prazo de execución de 12 meses desde a sinatura, o 30 de maio de 2018, da Acta de comprobación de implantación. As obras estiveron parcialmente suspendidas desde o 12 de setembro de 2019 ata o 15 de abril de 2020 por causa da redacción dun proxecto modificado, asinouse unha recepción parcial das obras o 3 de decembro de 2019.

No expediente referencia 18-441 tampouco se cumpriu co prazo de 12 meses previsto para a súa execución xa que a obra sufriu un retraso dun mes no seu inicio por motivo da falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo, estando afectada ademais pola suspensión temporal da súa execución durante outro mes por circunstancias sobrevidas, o cal motivou que a data de finalización fixada fose o 29 de outubro de 2019. Pola súa parte, o adxudicatario realizou unha solicitude de prórroga ao non poder rematar as obras en prazo, sendo denegada polo Concelleiro delegado da área de fomento e servizos. Finalmente, as obras recibíronse o 18 de decembro de 2019 data posterior á fixada para o seu remate, polo que se incoou un procedemento para a imposición de penalidades á empresa adxudicataria por importe de 20.335,19 euros ao amparo da cláusula 35 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Ao igual que nos anteriores contratos fiscalizados o expediente 64-441 tamén sufriu retrasos na súa execución que se iniciou coa Acta de comprobación de implantación asinada o 8 de outubro de 2018 e coa que coa que comezaba o cómputo do prazo de 11 meses fixado no contrato. As obras foron obxecto de 4 suspensións temporais desde o 11 de marzo de 2019 ata o 9 de xuño de 2020, xustificándose as 2 últimas polas circunstancias sobrevidas polo COVID-19.

O contrato de servizos 19872-332 asinouse o 13 de febreiro de 2018 cunha duración de 2 anos, con 2 prórrogas de 1 ano a primeira e de 9 meses a segunda, finalizando o 31 de decembro de 2021. Tanto a Folla de especificacións do contrato como o seu Prego de cláusulas administrativas particulares establecen a posibilidade de modificar o contrato incrementando o número de alumnos beneficiarios, cousa que sucedeu no ano 2019 asinándose o documento contractual correspondente á modificación e sen que se superase a porcentaxe do 20% do prezo do contrato. En decembro de 2019 acordouse a prórroga do contrato por un ano. De acordo coa información aportada polo Servizo de educación e xuventude do Concello de Vigo no houbo incidencias na execución do contrato nos anos 2018 e 2019.

Pola súa parte, o contrato de subministración 50730-444 analizado asinouse o 18 de decembro de 2018 con un prazo de execución de 3 meses, establecendo a Folla de características do contrato que este debería finalizar o 31 de decembro de 2018 independentemente da súa data de inicio,



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 83

non procedendo prórrogas. Sen embargo, os albarás de entrega das subministracións teñen data posterior e a primeira das facturas presentadas e do 27 de xuño de 2019 e a derradeira ten data do 27 de novembro do mesmo ano, polo que non se cumpriu co prazo de execución establecido contractualmente.

## Contratos menores

O obxecto da fiscalización sobre os contratos menores é levar a cabo unha revisión xeral sobre a información remitida polo Concello de Vigo, prestando especial atención a aqueles contratos que foron adxudicados a unha mesma empresa e aos contratos con importes próximos aos límites establecidos para os contratos menores segundo a prestación realizada.

O volume da contratación menor representou o 9% do total contratado no exercicio fiscalizado.

Da análise xeral realizada sobre a documentación dos contratos menores pódese concluír que moitos dos contratos menores ou ben responden á adquisición de bens ou servizos que se requiren repetidamente, en resposta a necesidades de carácter recorrente ou periódica, ou son pedidos de características similares. O Concello debería prever estas necesidades e contratalas, en cada caso, de forma conxunta ou agrupada, de acordo cos procedementos previstos na normativa de contratación.

Entre estes casos pódense mencionar os contratos de mantemento de servidores de bases de datos, mantemento de ordenadores, mantemento eléctrico dos colexios e das instalacións deportivas, equipamentos deportivos, mantemento edificios ou servizos de vixilancia e de publicidade en medios de comunicación.

O resultado da fiscalización foi o seguinte:

- **Cumprimento dos importes máximos establecidos polo artigo 118.1 da LCSP.**

O artigo 118.1 da LCSP considera contratos menores aos contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

A LCSP de 2017, que entrou en vigor o 9 de marzo de 2018, modificou estes importes que no anterior TRLCAP eran 50.000 euros para obras e 18.000 euros para o caso de subministracións ou servizos.

Comprobouse que se cumpriu coas limitacións de importe establecidas pola lexislación de contratos vixente antes e despois do 9 de marzo de 2018.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 83

- **Cumprimento dos importes máximos establecidos polo artigo 118.3 da LCSP.**

O Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, modificou o artigo 118 da LCSP suprimindo a esixencia do apartado 3, ata ese momento vixente, de xustificar que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do mesmo artigo, debendo o órgano de contratación comprobar o cumprimento da devandita regra.

A este respecto comprobouse que houbo varias empresas que resultaron adxudicatarias de contratos menores que no seu conxunto superaron os límites mencionados, en concreto 6 adxudicatarios que facturaron servizos de publicidade, outros 2 por realización de obras e 2 que realizaron subministracións.

- **Comprobacións realizadas sobre expedientes seleccionados.**

A revisión comprendeu aos seguintes contratos menores:

**Cadro 25: Contratos menores analizados**

| Referencia | Tipo | Obxecto | Duración | Data gasto ou adxudicación | Adxudicación sen IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| 104 /6987 | Subministracións | Adquisición material promocional Illas Cíes | 11,07 | 02-02-2018 | 20.176,45 |
| 113 /8427 | Servizos | Mantemento servidores BBDD Ino Rmix, ano 2018. | 11,83 | 10-01-2018 | 17.990,04 |
| 446 /10661 | Obras | Obras de reparación do Paseo de Bouzas | 5,13 | 30-07-2018 | 39.800,00 |
| **Total** | | | | | **77.966,49** |

Comprobouse que nos expedientes constasen as esixencias do artigo 118.3 LCSP de aprobación do gasto e incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establece o artigo 72 do RD 1098/2001, que aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas. Verificouse, así mesmo, o cumprimento das obrigas de publicidade no perfil do contratante reguladas no artigo 63.4 da LCSP. Non se detectaron incidencias na tramitación e execución dos contratos revisados.

## IV.9 PERSOAL

Os gastos de persoal do concello de Vigo ascenderon a 61.4778 miles de euros e representan o 23% sobre o total das obrigas recoñecidas da liquidación do orzamento de gastos. Distribuíndo o gasto de persoal por artigo, o mais significativo é o correspondente ao persoal funcionario, representando un 47,42% do total de gastos de persoal, como se amosa no cadro seguinte:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 83

**Cadro 26: Liquidación gastos de persoal por artigo.**

| Artígo | Obrigas recoñecidas 2017 | Créditos Iniciais 2018 | Modificac. | Créditos Definitivos 2018 | Gastos Comprometidos | Obrigas recoñecidas | | Pagos | Remanentes de crédito |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Importe | % sobre total | | |
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 760.926,68 | 1.088.227,88 | 0 | 1.088.227,88 | 747.983,88 | 747.983,88 | 1,22 | 747.983,88 | 340.244,00 |
| 11 Persoal eventual. | 533.448,16 | 651.734,56 | 0 | 651.734,56 | 556.862,12 | 556.862,12 | 0,91 | 556.862,12 | 94.872,44 |
| 12 Persoal Funcionario. | 28.819.011,02 | 36.217.175,53 | -4.841.818,67 | 31.375.356,86 | 29.153.304,33 | 29.153.304,33 | 47,42 | 29.086.496,32 | 2.222.052,53 |
| 13 Persoal Laboral. | 8.535.266,58 | 11.504.299,58 | -1.577.500,45 | 9.926.799,13 | 8.780.476,97 | 8.780.476,97 | 14,28 | 8.780.476,97 | 1.146.322,16 |
| 14 Outro persoal. | 3.841.821,09 | 613.000,00 | 3.976.604,02 | 4.589.604,02 | 5.495.375,26 | 5.495.375,26 | 8,94 | 5.490.722,41 | -905.771,24 |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 3.264.716,14 | 800.000,00 | 2.750.401,18 | 3.550.401,18 | 3.404.157,12 | 3.404.157,12 | 5,54 | 3.404.157,12 | 146.244,06 |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 12.962.498,29 | 14.896.345,83 | -88.795,75 | 14.807.550,08 | 13.377.194,25 | 13.339.361,66 | 21,7 | 13.318.496,59 | 1.468.188,42 |
| **Totais** | **58.717.687,96** | **65.770.783,38** | **218.890,33** | **65.989.673,71** | **61.515.353,93** | **61.477.521,34** | **100** | **61.385.195,41** | **4.512.152,37** |

Neste cadro destaca a cifra orzamentada no total de gastos de persoal respecto dos realizados no ano anterior cun 12% de incremento así como o importe das transferencias negativas nos artigos 12 e 13 fronte as positivas dos artigos 14 e 15, o que pon de manifesto que o orzamento non se axusta ao cadro de persoal real do concello como tamén se comproba no feito de que os remanentes de crédito superan os 4,5 millóns de euros. Hai que destacar tamén o incremento do gasto no artigo 14 correspondente a outro persoal que non é nin funcionario nin laboral.

Con respecto aos incentivos ao rendemento, indicar que una parte corresponde á produtividade do persoal aínda cando a entidade non ten establecidas políticas de avaliación do desempeño.

No seguinte cadro exponse a evolución dos gastos de persoal nos últimos catro anos:

**Cadro 27: Evolución gastos de persoal por artigo.**

| Artigo | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018/2015 | Importancia relativa 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 775.586,30 | 751.468,20 | 760.926,68 | 747.983,88 | -0,45% | 1,22% |
| 11 Persoal eventual. | 392.702,92 | 445.518,68 | 533.448,16 | 556.862,12 | 28,35% | 0,91% |
| 12 Persoal Funcionario. | 30.300.981,03 | 30.141.201,70 | 28.819.011,02 | 29.153.304,33 | -3,26% | 47,42% |
| 13 Persoal Laboral. | 6.819.670,73 | 8.917.516,17 | 8.535.266,58 | 8.780.476,97 | -2,01% | 14,28% |
| 14 Outro persoal. | 2.235.179,05 | 3.361.336,72 | 3.841.821,09 | 5.495.375,26 | 95,48% | 8,94% |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 59 a 83

| Artigo | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018/2015 | Importancia relativa 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 15 Incentivos ao rendemento. | 3.248.382,75 | 2.806.614,11 | 3.264.716,14 | 3.404.157,12 | 18,40% | 5,54% |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 12.662.611,26 | 14.028.588,33 | 12.962.498,29 | 13.339.361,66 | -5,44% | 21,70% |
| **Total** | **56.435.114,04** | **60.452.243,91** | **58.717.687,96** | **61.477.521,34** | **1,82%** | **100,00%** |

A evolución global dos gastos ten unha tendencia ascendente especialmente no artigo 14-Outro persoal, onde as obrigacións recoñecidas en 2018 son máis do dobre das recoñecidas no exercicio 2015. Como se explica máis adiante, o Concello formalizou un gran número de contratos de traballo temporal, na maioría dos casos acudindo á contratación de interinos por acumulación de tarefas, para facer fronte á prestación dos servizos obrigatorios.

Fíxose, así mesmo, unha verificación do cumprimento do límite da contía global do complemento específico, de produtividade e gratificacións, regulado polo artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración local, comprobándose que no caso do complemento específico superouse o límite do 75% da cantidade que resulta de restar á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

**Cadro 28: Comparativa dos gastos de persoal das 7 grandes cidades de Galicia.**

| Artigo | Entidade | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Vigo | Santiago de Compostela | Ourense | Lugo | Pontevedra | Ferrol |
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 1.223.646,30 | 747.983,88 | 1.056.098,80 | 666.686,43 | 744.576,14 | 553.329,47 | 304.022,67 |
| 11 Persoal eventual. | 665.796,32 | 556.862,12 | 641.786,85 | 382.385,13 | 445.492,84 | 215.920,91 | 282.338,32 |
| 12 Persoal Funcionario. | 43.342.364,74 | 29.153.304,33 | 14.577.645,19 | 18.737.008,01 | 12.118.881,00 | 12.085.188,72 | 9.389.282,72 |
| 13 Persoal Laboral. | 816.526,24 | 8.780.476,97 | 4.412.938,67 | 2.126.419,12 | 3.558.598,58 | 1.573.625,06 | 1.361.623,10 |
| 14 Outro persoal. | 0,00 | 5.495.375,26 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 279.613,87 | 633.388,99 |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 2.943.646,90 | 3.404.157,12 | 1.581.128,88 | 832.398,32 | 636.514,31 | 705.297,04 | 1.809.671,06 |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 14.065.158,74 | 13.339.361,66 | 7.169.887,16 | 6.067.870,58 | 5.520.485,96 | 4.855.050,57 | 3.532.342,04 |
| **Total** | **63.057.139,24** | **61.477.521,34** | **29.439.485,55** | **28.812.767,59** | **23.024.548,83** | **20.268.025,64** | **17.312.668,90** |

Pódese observar que o Concello de Vigo é a segunda cidade en volume total de gasto de persoal



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 83

### IV.9.1 PLANIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

O artigo 45.1 da LEPG, seguindo o marco establecido polo EBEP, manifesta que a planificación dos recursos humanos no ámbito do emprego público ten como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, mediante a determinación dos efectivos precisos e a mellora da súa distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Para a consecución destes fins, baseándose na potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBRL, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos e instrumentos de ordenación do seu persoal.

A LEPG relaciona como instrumentos de planificación do emprego público, os rexistros de persoal e de postos de traballo, os plans de ordenación de recursos humanos e a oferta de emprego público. A este respecto comprobouse que non existe un Plan xeral de ordenación de recursos humanos aínda que si hai actuacións en ámbitos concretos.

En relación coa constitución do Rexistro de persoal regulado no artigo 71 do EBEP, indícase que está pendente de posta en marcha o arquivo electrónico de persoal.

### IV.9.2 SELECCIÓN DE PERSOAL

A entidade non ten aprobado un manual que regule o desenvolvemento dos procesos selectivos, sendo nas bases reitoras dos procesos selectivos onde se establecen as garantías de cumprimento dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

De acordo co informado polo Concello de Vigo e co publicado na súa sede electrónica, na data actual só está activa e convocada a oferta de emprego público dos anos 2014, 2015 e 2016, figurando como pendentes de convocatoria as correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 cuxas bases xerais foron aprobadas pola Xunta de goberno local do 12 de marzo de 2020, que aprobou así mesmo as bases específicas dunha primeira fase integrada por prazas do Servizo de Extinción de Incendios e do Corpo da Policía Local. Nas OEP en vigor no ano 2018 figuran 70 prazas de persoal funcionario de carreira, 46 da quenda libre e 24 de promoción interna e 48 de persoal laboral, 6 da quenda libre e 42 de promoción interna.

As Bases das convocatorias establecen que o sistema ordinario de selección é a oposición excepto para as prazas de promoción interna que será o de concurso-oposición.

Nas devanditas Bases disponse que: "*En virtude da equiparación entre persoal funcionario de carreira e laboral fixo prevista no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais*



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 83

*do persoal ó servizo de do Concello de Vigo e da existencia de persoal funcionario e laboral fixo con cargo a idénticas prazas, todo o persoal que ocupe unha praza en propiedade en calquera dos dous réximes, poderá participar cos mesmos dereitos nas probas selectivas derivadas desta oferta, quedando na situación administrativa que proceda na praza de orixe, previa declaración ao efecto polo órgano municipal competente, nos termos do establecido na lexislación vixente, sen prexuízo de conserva-la súa condición actual a título persoal a extinguir"*.

As persoas, que superando a totalidade de procesos selectivos celebrados non obtiveran praza, formarán parte dunha lista de reserva ordenada de maior a menor cualificación obtida ao obxecto de poder ser hipoteticamente nomeados como persoal interino. Os criterios de xestión destas listas de reserva foron aprobadas pola XGL en sesión ordinaria de 18 de decembro de 2015.

Os aspectos máis destacables na xestión destes procesos son:

- A entidade non selecciona aos membros dos tribunais selectivos por sorteo xa que entende que garante a súa imparcialidade con outras medidas (por exemplo coa incorporación de membros procedentes doutras Administracións Públicas ou de asesores alleos á entidade) e coa incorporación aos expedientes de informes técnicos de verificación dos principios de especialidade técnica e de titulación adecuada. Tamén indica que os fai rotar e que ten accións formativas sobre emprego público que permiten afirmar que están formados adecuadamente para formar parte dos mesmos.

  Os membros integrantes dos órganos de selección son nomeados pola Xunta de goberno local a proposta da Concellería da Área de xestión municipal e persoal.
- Os procesos selectivos fiscalízanse polo órgano de control interno.
- Os métodos de selección adáptanse ao perfil do posto de traballo dando preeminencia as probas de coñecemento fronte as probas prácticas.
- Para colectivos específicos recóllense as especialidades sectoriais nas correspondentes bases específicas.

Con independencia de que segundo as respostas obtidas do cuestionario a entidade establece mecanismos para o adecuado cumprimento da legalidade nos procesos selectivos, sería recomendable que procedese a elaboración dun manual na materia onde recolla as liñas xerais que garantan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, prestando especial atención á forma de selección dos membros dos tribunais (que permitan avalar a súa imparcialidade e adecuada formación) e dando preponderancia as probas de coñecemento.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 83

### IV.9.3 EXERCICIO ÉTICO E PROFESIONAL DAS FUNCIÓNS. INCOMPATIBILIDADES E CONFLITO DE INTERESES

A este respecto o Concello de Vigo aprobou en 2015 a adhesión ao Código de bo goberno local da FEMP, asumindo os compromisos e estándares de conducta establecidos neste instrumento no marco da estratexia de transparencia definida pola LTAIPBG.

O Concello conta, entre outras medidas, cunha guía de tramitación do conflito de intereses, co protocolo de prevención do acoso laboral e, no ámbito da contratación pública, coa emisión de declaracións de neutralidade técnica e declaracións sobre conflitos de intereses polos membros da mesa de contratación. Neste ámbito dáse preferencia as accións colexiadas e así no concello existe o Grupo de Valoración do Acoso Laboral, o Comité Antifraude da Estratexia EDUSI e o Grupo de Integridade na Contratación pública e o Grupo de traballo de Acceso á información pública.

Na acta de toma de posesión, cada empregado público declara baixo a súa responsabilidade, entre outros aspectos, non estar incurso en causa de incompatibilidade.

No portal de transparencia da entidade figuran todas as solicitudes e resolucións sobre compatibilidades. Unha copia destas incorpórase ao expediente persoal.

Nos temarios dos procesos selectivos inclúense temas específicos sobre ética pública, réxime disciplinario e delitos contra a Administración pública.

Na actualidade, a entidade ten un plan de formación e actualización continua do persoal en materia de integridade e prevención da corrupción aprobado por acordo da XGL de data 29 de marzo de 2019, incluíndo accións formativas sobre dereitos e obrigas dos empregados públicos, contemplando o réxime de incompatibilidades.

A entidade non regula especificamente as medidas sancionadoras no caso de incumprimento de conflito de intereses aplicando o marco normativo vixente.

### IV.9.4 PLANIFICACIÓN DOS RRHH

O artigo 45.1 da LEPG, seguindo o marco establecido polo EBEP, manifesta que a planificación dos recursos humanos no ámbito do emprego público ten como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, mediante a determinación dos efectivos precisos e a mellora da súa distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Para a consecución destes fins, baseándose na potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBRL, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 83

e instrumentos de ordenación do seu persoal.

A LEPG relaciona como instrumentos de planificación do emprego público, os rexistros de persoal e de postos de traballo, os plans de ordenación de recursos humanos e a oferta de emprego público. A este respecto comprobouse que non existe un Plan xeral de ordenación de recursos humanos aínda que si hai actuacións en ámbitos concretos.

En relación coa constitución do Rexistro de persoal regulado no artigo 71 do EBEP, indícase que está pendente de posta en marcha o arquivo electrónico de persoal.

De acordo coa RPT publicada no portal de transparencia a forma de provisión normal é o concurso, pero as xefaturas de unidades ou servicios de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza proveranse mediante o sistema de libre designación. O número total de postos de traballo onde figura que a libre designación é a forma de provisión ascende a 113 onde se inclúen 22 do subgrupo C2, se ben hai 10 postos de traballo de niveis 26 e 28 para os que non consta a forma de provisión.

No acordo da XGL de 15 de xaneiro de 2018, publicado no BOPPO de 8 de febreiro, realízase unha modificación puntual desta RPT onde se establece que "todos os postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación deberán inexcusablemente ser provistos con carácter definitivo polo sistema de libre designación con convocatoria pública, aos efectos do cal deberá procederse á convocatoria e provisión do posto no prazo máximo de sete anos, contados dende o día seguinte ao da firmeza, en vía administrativa, do acordo de modificación da RPT". Esta modificación foi recorrida e, por sentenza número 249/2018 de 13 de novembro de 2018 do Xulgado Contencioso Administrativo declárase nulo o acordo, motivándose a resolución xudicial en que a determinación do Concello de proveer a cobertura de todos os postos de traballo dos grupos A1 y A2 de titulación mediante o sistema de libre designación é contraria á especificidade, xustificación e motivación que resulta exixible, sen que sexa auxilio suficiente a invocación da potestade de autoorganización.

Pola súa parte, os postos non singularizados poderán proverse por necesidades de servizo mediante adscrición provisional dun funcionario que ocupe outro da mesma natureza, nivel de complemento de destino e específico, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia, aplicable ao persoal da administración local no non reservado á lexislación do Estado.

Pola súa parte, a Alcaldía nomea directamente ao persoal eventual.

As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 83

que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.

## IV.9.5 ESTRUTURA ORGANIZATIVA

A entidade non dispón dun catálogo de procedementos administrativos nin de manuais ou instrucións internas para cada procedemento. Na súa web, figuran publicados algúns procedementos e a regulación da tramitación dos expedientes electrónicos.

No concello existen guías de funcións dos postos de traballo que contemplan as responsabilidades de cada un deles.

Existen manuais ou instrucións internas para os procedementos en materia de persoal tales como tramitación de nóminas, permisos e licenzas, anticipos, etc., que están previstas nas BEO e figuran publicadas na intranet municipal.

Existe segregación de funcións entre as competencias de xestión e as de control e pode comprobarse na RPT que hai departamentos diferenciados de persoal, intervención, tesourería e contabilidade.

Conforme á política de adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) aprobada no Concello

- Os usuarios que necesitan ter acceso ao sistema de rexistros, ficheiros, programas e arquivos relativos ao persoal están identificados e o seu acceso está formalmente autorizado.
- Están establecidos controis físicos e lóxicos para previr ou detectar accesos non desexados.
- Os controis de acceso establécense cumprindo coa segregación de funcións.

## IV.9.6 FORMACIÓN DO PERSOAL

O Marco Estratéxico de Formación aprobado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017 contempla as liñas esenciais para o deseño de plans de formación e accións formativas e se adecúan as accións formativas ao perfil esixido.

Realízase periodicamente unha avaliación das necesidades de formación do persoal a través do Estudio de detección de necesidades formativas, de seguimento e control aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2017.

Actualmente está aprobado un plan de formación aprobado pola XGL o 29 de marzo de 2019.

Os titores e o profesorado son avaliados polo alumnado participante.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 a 83

### IV.9.7 AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO

Nesta materia a entidade podería adoptar medidas dirixidas a:

- Definir e criterios obxectivos para a aplicación dun sistema de avaliación de desempeño.
- Establecer mecanismos de revisión externa dos comportamentos no exercicio das funcións para a avaliación do persoal.
- Establecer un sistema de promoción profesional que incentive a mellora do desempeño e permita facer efectivo o dereito do persoal á carreira profesional.

### IV.9.8 RETRIBUCIÓNS

Están segregadas e diferenciadas as funcións relacionadas coa elaboración das nóminas, a súa fiscalización previa, aprobación, contabilización e pago.

Existen previsións específicas nas bases de Execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico e nas instrucións internas de tramitación de devindicacións retributivas respecto ao control interno sobre a xustificación e aboamento de retribucións complementarias co fin de detectar posibles erros.

A entidade realiza un control informático da asistencia e puntualidade do persoal. De acordo co acordo regulador, e sen prexuízo do establecido no EBEP respecto á consideración de falta grave ou moi grave, o incumprimento inxustificado do horario de traballo, motivará a dedución proporcional das retribucións, sempre por períodos de 15 minutos como mínimo.

Existe un procedemento administrativo específico, no marco do cal emítense os preceptivos informes para a autorización previa da realización de horas extraordinarias.

Están publicados no Portal de transparencia tanto o número e retribucións de membros da corporación con dedicación parcial ou exclusiva como o número e retribucións do persoal eventual.

Posibles aspectos a mellorar para un mellor control nesta materia son:

- O establecemento dun manual que regule os métodos, regras e criterios para a aplicación, cálculo e control de retribucións complementarias.
- A realización de accións formativas para o persoal en xeral e para os responsables do departamento de recursos humanos en particular co fin de evitar os riscos inherentes á área de nóminas.

### IV.9.9 ANÁLISE DA PLANTILLA E DA RPT

A última actualización da Relación de postos de traballo aprobouse no ano 2017, sobre a que se verificou que cumpre co contido mínimo establecido no artigo 74 do EBEP.





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 83

De acordo coa información sobre número de empregados contida na memoria rendida na plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas o número de prazas do cadro de persoal municipal no ano 2018 foi de 1.457 e o número medio de traballadores do concello foi de 1.323.

**Cadro 29: Datos dos empregados a 31/12/2018 segundo a memoria**

| Tipo de persoal | Nº total de prazas do Cadro de persoal | Nº medio de empregados a final do exercicio |
|---|---|---|
| Eventuais | 21 | 19 |
| Funcionarios | 1.039 | 825 |
| Laborais | 397 | 479 |
| **TOTAL** | **1.457** | **1.323** |

Segundo se explica na Memoria, a diferencia entre o número medio de empregados e o cadro de persoal débese as limitacións impostas polas Leis de orzamentos do Estado en relación coa taxa de reposición de efectivos. Para facer fronte á prestación dos servizos obrigatorios formalizáronse un gran número de contratos de traballo temporal, na maioría dos casos acudindo á contratación de interinos por acumulación de tarefas.

A estruturación do cadro de persoal segundo o tipo de traballador é a seguinte:

**Cadro 30: Estrutura do cadro de persoal**

| Tipo de traballador | Número | Posto |
|---|---|---|
| Funcionarios de admón. local con habilitación de carácter nacional | 7 | Secretario/a Xeral do Pleno, Interventor/a Xeral, Interventor/a Adxunto, Viceinterventor/a Adxunto, Órgano de Apoio á XGL, Secretario/a de Administración e Tesoureiro/a. |
| Técnicos de Admón. Xeral | 36 | 30 da rama xurídica e 5 rama económica. |
| Administrativos de Admón. Xeral | 104 | |
| Auxiliares de Admón. Xeral | 91 | |
| Subalternos | 23 | |
| Funcionarios escala Admón. especial, sub. técnica | 119 | |
| Funcionarios escala Admón. especial, sub. servizos especiais | 110 | |
| Corpo da Policía Local | 403 | 1 Superintendente, 2 Intendentes, 4 Inspectores principais, 15 Inspectores, 34 Oficiais e 347 policías. |
| Servizo de extinción de incendios | 142 | 1 Oficial, 4 Suboficiais, 4 Sarxentos, 14 Cabos, 39 condutores-bombeiros e 80 bombeiros. |
| Persoal laboral | 397 | |
| Persoal eventual | 21 | 1 Dtor. Gabinete,1 Adxunta a Dtor. Gabinete, 1 Secretaria/o Alcaldía, 1 Dtor. Comunicación, 1 Asesor R. Inst. e protocolarias, 8 Asesores, incluído Grupos Políticos, 1 Dtor. EMAO, 7 auxiliares Administrativos, incluído Grupos Políticos. |
| Persoal Directivo | 4 | Titular Asesoría Xurídica e 3 membros do Tribunal Económico. |
| **TOTAL** | **1.457** | |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 67 a 83

O cadro coa evolución do número medio de empregados é o seguinte:

**Cadro 31: Evolución do número medio de empregados**

| TIPO DE PERSOAL | NÚMERO MEDIO DE EMPREGADOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2015 | | 2016 | | 2017 | | 2018 | |
| | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % | Núm. | % |
| Persoal Eventual | 14,6 | 1,21 | 16,08 | 1,23 | 17,83 | 1,39 | 19 | 1,4 |
| Persoal Funcionario | 959,3 | 79,43 | 964,08 | 73,73 | 857,5 | 67,05 | 837,17 | 61,62 |
| Persoal Laboral | 233,8 | 19,36 | 327,42 | 25,04 | 403,58 | 31,56 | 502,5 | 36,98 |
| **Total** | **1.207,70** | **100** | **1.307,58** | **100** | **1.278,91** | **100** | **1.358,67** | **100** |

Este cadro amosa a tendencia decrecente no número de funcionarios fronte a ascendente de persoal laboral.

Por último, a comparativa do número de traballadores dos concellos de Galicia de máis de 50.000 habitantes é a seguinte:

**Cadro 32: Número medio de traballadores nos 7 grandes concellos de Galicia no ano 2018**

| Tipo de persoal | A Coruña | Ferrol | Santiago | Lugo | Ourense | Pontevedra | Vigo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Persoal Funcionario | Sen datos | 268 | 449 | 455 | 619 | 402 | 837 |
| Persoal Laboral | Sen datos | 99 | 169 | 142 | 107 | 35 | 503 |
| Persoal Eventual | Sen datos | 9 | 8 | 16 | 14 | 6 | 19 |
| Outros | Sen datos | | 19 | Sen datos | Sen datos | Sen datos | Sen datos |
| **TOTAL** | **1.561** | **376** | **645** | **613** | **740** | **443** | **1.359** |

## IV.9.10 RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL

Pola súa parte, as retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación están reguladas nas bases 35 e 36 das Bases de execución do orzamento (BEO) e se actualizan con cada cambio de mandato. Os importes para o mandato 2019-2023 son os seguintes:

**Cadro 33: Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación**

| Cargo | Retribución bruta anual |
|---|---|
| Presidente | 70.775,46 |
| Dedicación exclusiva | 60.923,10 |
| Dedicación de 26 horas | 42.067,68 |
| **Órgano** | **Indemnización** |
| Asistencia a Pleno ou XGL | 180,30 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 68 a 83

O importe das retribucións recollidas nas BEO para os membros da Corporación atópase dentro dos límites previstos no artigo 75 bis da LRBRL e na Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, segundo os cales o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será o que se recolle a continuación, atendendo á súa poboación:

**Cadro 34: Retribucións máximas dos membros da Corporación**

| Habitantes | Euros |
|---|---:|
| Más de 500.000 | 103.540,15 |
| 300.001 a 500.000 | 93.186,14 |
| 150.001 a 300.000 | 82.832,12 |
| 75.001 a 150.000 | 77.655,62 |
| 50.001 a 75.000 | 67.301,61 |
| 20.001 a 50.000 | 56.947,59 |
| 10.001 a 20.000 | 51.770,08 |
| 5.001 a 10.000 | 46.593,58 |
| 1.000 a 5.000 | 41.416,06 |

O concello de Vigo está situado no tramo de poboación de 300.000 a 500.000 habitantes para o que, de acordo, o límite máximo total que poden recibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias será de 93.186,14 euros.

A LRBRL dispón no seu artigo 75 bis 3 que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma; esta contía fixouse na cantidade de 180,30 euros por asistencia aos Plenos ou a Xunta de Goberno Local.

Pola asistencia a actos de xestión ou representación municipal, aboaranse os gastos xustificados e no seu defecto, conforme ao exposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razóns do servizo.

## IV.10 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA

Realizouse unha análise relativa ao cumprimento da normativa sobre transparencia centrada na observancia dos principios, obrigas e contidos que dispón a LTAIBG. O artigo 1 desta lei establece



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 69 a 83

entre os seus obxectivos os de ampliar e reforzar a transparencia na actividade pública así como regular e garantir o dereito ao acceso á información derivada de dita actividade. Para cumprir ditos obxectivos, a LTAIBG recolle no Título I un conxunto de medidas, nas que diferencia entre a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

En relación coa publicidade activa procedeuse a comprobar, por unha parte, que o Concello de Vigo ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia e, por outra, que a información publicada se axusta ás condicións que a normativa esixe.

O artigo 4 LTAIBG establece os principios xerais que deben rexer a publicidade activa e determina que a información suxeita ás obrigas de transparencia debe ser publicada nas correspondentes sedes electrónica ou páxinas web das entidades dunha forma clara, estruturada e entendible polos interesados, preferiblemente en formatos reutilizables. Así mesmo, indica que se deben establecer os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

Verificouse que a entidade conta cun portal municipal de transparencia: https://transparencia.vigo.org/, o cal presenta a información dividida en 10 categorías:

1. Información Institucional
2. Recursos humanos
3. Normativa e información de relevancia xurídica
4. Información económica
5. Axudas e subvencións
6. Patrimonio
7. Contratación
8. Urbanismo, obras públicas e medio ambiente
9. Información e atención á cidadanía
10. Planificación, avaliación e calidade

## 1.-Publicidade activa da información institucional, organizativa e de planificación

O artigo 6 LTAIBG impón a obriga de publicar información referente a aspectos relacionados coa estrutura organizativa das entidades a ela suxeita, plans e programas anuais e plurianuais e obxectivos das mesmas. Verificouse o cumprimento deste extremo, resultando que o apartado de información institucional recolle o acceso a información sobre a organización, normas e cargos electos do Concello de Vigo:

1.1 Organigrama e funcións



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 70 a 83

1.2 Información relevante do Alcalde e Concelleiros
1.3 Funcionamento dos órganos de goberno
1.4 Grupos municipais
1.5 Datos básicos de órganos descentralizados
1.6 Información mandatos anteriores

No apartado 1.2 Información relevante do Alcalde e Concelleiros, publícase entre outros datos o réxime de dedicacións e as retribucións dos cargos electos, así como a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como a declaracións dos seus bens patrimoniais.

## 2.-Publicidade activa de relevancia xurídica

O artigo 7 LTAIBG recolle a obriga de publicar determinada información de relevancia xurídica, tal como directrices, instrucións, acordos, circulares, resposta a consultas formuladas polos particulares; os anteproxectos de lei e os proxectos de decretos lexislativos; os proxectos de regulamentos, as memorias e informes que conforman os expedientes de elaboración dos textos normativos, e os documentos que deban ser sometidos a un período de información publica.

Verificouse o cumprimento deste extremo, resultando que o Concello de Vigo cumpre con esta obriga.

## 3.-Publicidade activa da información económica, orzamentaria e estatística

O artigo 8 LTAIBG recolle a necesidade de publicación de determinada información de xestión administrativa que teña repercusións económicas e orzamentarias. O apartado de información económica do portal de transparencia recolle os accesos á información relativa a Orzamentos, morosidade, á Liquidación do último exercicio e Conta xeral, así como un acceso ao Portal de información económica do Concello, no que se mostra información económica do Concello e Organismos autónomos por anos como a aprobación, execución e liquidación de orzamentos, contas xerais, informes de estabilidade, morosidade, períodos medio de pago, indicadores e magnitudes máis relevantes.

Na categoría 5 do Portal de transparencia pódese consultar a listaxe das convocatorias de subvencións e outras axudas públicas, que contén un enlace ao Sistema nacional de publicidade de subvencións.

A obriga de publicidade en materia de contratación esixe a publicación do todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, importe de licitación e de adxudicación, o procedemento empregado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se lle dá



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 83

publicidade, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. No que se refire á publicación da información relativa aos contratos menores, poderá realizarse trimestralmente.

Na carpeta de contratación do Concello aloxada no portal de transparencia constan información sobre os diferentes tipos de contratos, convenios, transferencias de financiamento e encomendas de xestión subscritas, debéndose consultar a Plataforma de contratación do sector público no caso dos contratos posteriores a abril de 2018. Tamén consta a publicidade dos contratos menores.

No relativo á publicidade por medios electrónicos o Concello dispón do seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de contratos públicos de Galicia.

### 4.-Dereito de acceso á información pública

O Portal de transparencia do Concello de Vigo contén Información sobre a web municipal, atención á cidadanía, asociacións veciñais e voluntariado nos seguintes apartados:

9.1 Catálogo de procedementos
9.2 Participación cidadá
9.3 Características da páxina web do Concello
9.4 Visibilidade, canles e características do acceso á información pública
9.5 Asociacións veciñais
9.6 Voluntariado
9.7 Redes sociais

O primeiro punto enlaza coa sede electrónica do Concello e cos diferentes procedementos de tramitación electrónica a disposición da cidadanía.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 72 a 83

# ANEXOS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 73 a 83

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 74 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Anexo I Liquidación e indicadores orzamentarios.

### Liquidación do orzamento de gastos

| Capítulo | Créditos Iniciais | Modificacións | Créditos Definitivos | Gastos Comprometidos | Obrigas Recoñecidas Netas | Pagos | Obrigas ptes pago 31 de decembro | Remanentes de crédito |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 Gastos de persoal. | 65.770.783,38 | 218.890,33 | 65.989.673,71 | 61.515.353,93 | 61.477.521,34 | 61.385[illegible] | 92.325,93 | 4.512.152,37 |
| 2 Gastos correntes en bens e servizos. | 119.979.042,90 | 6.270.896,56 | 126.249.939,46 | 119.105.852,41 | 116.263.999,08 | 111.864[illegible] | 4.399.287,83 | 9.985.940,38 |
| 3 Gastos financeiros. | 3.530,00 | 0,00 | 3.530,00 | 0,00 | 0,00 | [illegible] | 0,00 | 3.530,00 |
| 4 Transferencias correntes. | 33.926.225,42 | 13.469,71 | 33.939.695,13 | 31.820.239,31 | 31.632.302,61 | 30.418[illegible] | 1.214.233,85 | 2.307.392,52 |
| 5 Fondo de continxencia. | 600.000,00 | 0,00 | 600.000,00 | 0,00 | 0,00 | [illegible] | 0,00 | 600.000,00 |
| 6 Investimentos reais. | 31.130.357,41 | 60.568.139,87 | 91.698.497,28 | 73.542.321,51 | 55.031.498,53 | 48.861[illegible] | 6.169.591,46 | 36.666.998,75 |
| 7 Transferencias de capital. | 931.069,50 | 50.000,00 | 981.069,50 | 513.009,10 | 270.470,75 | 204[illegible] | 66.115,01 | 710.598,75 |
| 8 Activos financeiros. | 646.000,00 | 0,00 | 646.000,00 | 475.200,00 | 475.200,00 | 475[illegible] | 0,00 | 170.800,00 |
| **Totais** | **252.987.008,61** | **67.121.396,47** | **320.108.405,08** | **286.971.976,26** | **265.150.992,31** | **253.209[illegible]** | **11.941.554,08** | **54.957.412,77** |

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 75 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Liquidación do orzamento de ingresos

| Capítulo | Previsións Iniciais | Modificacións | Previsións Definitivas | Dereitos recoñecidos | Dereitos anulados | Dereitos cancelados | Dereitos rec. netos | Recadación Neta | Dereitos ptes. cobro | Exceso/defecto previsión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 Impostos directos. | 107.973.311,88 | 0,00 | 107.973.311,88 | 113.026.656,37 | 2.438.461,48 | 281.327,91 | 110.306.866,98 | 102.548.816,12 | 7.758.050,86 | 2.333.555,10 |
| 2 Impostos indirectos. | 8.435.311,27 | 0,00 | 8.435.311,27 | 9.170.032,27 | 73.171,49 | 0,00 | 9.096.860,78 | 9.025.178,63 | 71.682,15 | 661.549,51 |
| 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos. | 38.467.338,63 | 876.301,15 | 39.343.639,78 | 42.992.871,76 | 348.970,26 | 52.473,52 | 42.591.427,98 | 37.556.669,54 | 5.034.758,44 | 3.247.788,20 |
| 4 Transferencia correntes. | 76.526.805,07 | 3.043.710,80 | 79.570.515,87 | 81.574.762,47 | 2.654.066,52 | 0,00 | 78.920.695,95 | [illegible] | 2.732.497,32 | -649.819,92 |
| 5 Ingresos patrimoniais. | 2.393.000,00 | 0,00 | 2.393.000,00 | 2.727.129,87 | 83.619,23 | 0,00 | 2.643.510,64 | [illegible] | 338.111,97 | 250.510,64 |
| 6 Alleamento de investimentos reais. | 0,00 | 8.241.168,00 | 8.241.168,00 | 8.241.168,00 | 0,00 | 0,00 | 8.241.168,00 | [illegible] | 5.615.168,00 | 0,00 |
| 7 Transferencias de capital. | 18.545.241,76 | 4.139.959,00 | 22.685.200,76 | 7.757.199,58 | 0,00 | 0,00 | 7.757.199,58 | [illegible] | 2.613.557,33 | -14.928.001,18 |
| 8 Activos financeiros. | 646.000,00 | 50.820.257,52 | 51.466.257,52 | 475.200,00 | 0,00 | 0,00 | 475.200,00 | [illegible] | 369.071,43 | -50.991.057,52 |
| **Totais** | **252.987.008,61** | **67.121.396,47** | **320.108.405,08** | **265.965.020,32** | **5.598.288,98** | **333.801,43** | **260.032.929,91** | **[illegible]** | **24.532.897,50** | **-60.075.475,17** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 76 a 83

## Indicadores do orzamento de ingresos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento ingresos** | **Vigo** | 93,34% | **94,09%** | **92,84%** | 81,23% |
| DRN/Previsións ingresos | Media Galicia | 86,27% | 84,42% | 84,11% | 78,94% |
| | Media nacional | **93,57%** | 90,16% | 89,15% | **85,58%** |
| **Autonomía** | **Vigo** | **97,35%** | **99,07%** | **98,44%** | **96,03%** |
| DRN (Capítulos 1 a 3, 5, 6 e 8 + transferencias recibidas) / DRN | Media Galicia | 93,82% | 96,99% | 96,70% | 95,80% |
| | Media nacional | 92,51% | 93,70% | 94,63% | 93,61% |
| **Autonomía fiscal** | **Vigo** | **60,60%** | **61,96%** | **60,97%** | 56,51% |
| DRN de natureza tributaria/DRN | Media Galicia | 58,33% | 61,28% | 60,97% | **59,55%** |
| | Media Nacional | 55,34% | 56,98% | 57,64% | 56,49% |
| **Índice de dependencia das subvencións recibidas** | **Vigo** | **4,62%** | **2,26%** | **3,32%** | 6,06% |
| DRN Capítulos 4 e 7/DRN | Media Galicia | 5,98% | 4,53% | 4,37% | 5,88% |
| | Media nacional | 6,53% | 6,03% | 6,24% | **6,45%** |
| **Realización dos cobramentos** | **Vigo** | **90,33%** | **91,57%** | **91,10%** | **90,57%** |
| Recadación neta/DRN | Media Galicia | 89,36% | 90,32% | 89,42% | 88,89% |
| | Media nacional | 88,35% | 90,03% | 89,99% | 90,32% |



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 77 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Indicadores do orzamento de gastos.
## Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento gastos** | **Vigo** | **90,81%** | **87,74%** | **86,54%** | **82,83%** |
| ORN/Créditos definitivos | Media Galicia | 82,89% | 79,80% | 78,13% | 74,26% |
| | Media nacional | 86,99% | 85,70% | 81,50% | 80,26% |
| **Índice gastos persoal** | **Vigo** | **24,38%** | **25,94%** | **24,33%** | **25,35%** |
| ORN Capitulo 1/DRN 1 a 5 | Media Galicia | 28,01% | 27,85% | 26,96% | 27,05% |
| | Media nacional | 29,48% | 29,34% | 28,77% | 29,00% |
| **Esforzo investidor** | **Vigo** | 5,40% | 3,30% | **9,73%** | **20,86%** |
| ORN Capítulo 6 e 7/ORN | Media Galicia | **11,63%** | 7,19% | 8,24% | 12,82% |
| | Media nacional | 8,80% | **9,28%** | 9,14% | 10,61% |
| **Carga financeira exercicio** | **Vigo** | **7,31%** | **4,27%** | **0,00%** | **0,00%** |
| ORN Capítulos 3 e 9/DRN 1 a 5 | Media Galicia | 7,67% | 7,80% | 6,21% | 5,93% |
| | Media nacional | 15,20% | 13,48% | 10,60% | 11,01% |
| **Realización dos pagos** | **Vigo** | **93,40%** | 93,43% | **93,40%** | **95,50%** |
| Pagos líquidos/ORN | Media Galicia | 92,32% | **94,42%** | 92,26% | 93,88% |
| | Media nacional | 89,11% | 87,70% | 88,32% | 88,76% |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 78 a 83

## Dotación de saldos de dubidoso cobro a 31 de decembro de 2018

| Ano | D.R.Pte. | %Dotación BEP | Contía Dotación BEP | % dotación mínima art. 193 TRLRFL | Contía mínima |
|---|---|---|---|---|---|
| 1990 | 81.280,86 | 100,00% | 81.280,86 | 100,00% | 81.280,86 |
| 1991 | 890,42 | 100,00% | 890,42 | 100,00% | 890,42 |
| 1992 | 252.278,82 | 100,00% | 252.278,82 | 100,00% | 252.278,82 |
| 1993 | 1.092.362,51 | 100,00% | 1.092.362,51 | 100,00% | 1.092.362,51 |
| 1994 | 322.490,51 | 100,00% | 322.490,51 | 100,00% | 322.490,51 |
| 1995 | 8.975,58 | 100,00% | 8.975,58 | 100,00% | 8.975,58 |
| 1996 | 34.363,10 | 100,00% | 34.363,10 | 100,00% | 34.363,10 |
| 1997 | 84.810,96 | 100,00% | 84.810,96 | 100,00% | 84.810,96 |
| 1998 | 49.600,77 | 100,00% | 49.600,77 | 100,00% | 49.600,77 |
| 1999 | 73.638,46 | 100,00% | 73.638,46 | 100,00% | 73.638,46 |
| 2000 | 179.125,03 | 100,00% | 179.125,03 | 100,00% | 179.125,03 |
| 2001 | 31.398,77 | 100,00% | 31.398,77 | 100,00% | 31.398,77 |
| 2002 | 59.196,48 | 100,00% | 59.196,48 | 100,00% | 59.196,48 |
| 2003 | 15.061,49 | 100,00% | 15.061,49 | 100,00% | 15.061,49 |
| 2004 | 78.517,36 | 100,00% | 78.517,36 | 100,00% | 78.517,36 |
| 2005 | 249.336,29 | 100,00% | 249.336,29 | 100,00% | 249.336,29 |
| 2006 | 131.811,69 | 100,00% | 131.811,69 | 100,00% | 131.811,69 |
| 2007 | 706.814,45 | 100,00% | 706.814,45 | 100,00% | 706.814,45 |
| 2008 | 2.044.956,40 | 100,00% | 2.044.956,40 | 100,00% | 2.044.956,40 |
| 2009 | 2.918.329,03 | 100,00% | 2.918.329,03 | 100,00% | 2.918.329,03 |
| 2010 | 3.496.910,74 | 100,00% | 3.496.910,74 | 100,00% | 3.496.910,74 |
| 2011 | 3.932.982,43 | 100,00% | 3.932.982,43 | 100,00% | 3.932.982,43 |
| 2012 | 5.525.575,09 | 100,00% | 5.525.575,09 | 75,00% | 4.144.181,32 |
| 2013 | 5.568.481,05 | 100,00% | 5.568.481,05 | 75,00% | 4.176.360,79 |
| 2014 | 6.609.745,18 | 95,00% | 6.279.257,92 | 50,00% | 3.304.872,59 |
| 2015 | 6.340.316,40 | 90,00% | 5.706.284,76 | 50,00% | 3.170.158,20 |
| 2016 | 7.881.022,52 | 85,00% | 6.698.869,14 | 25,00% | 1.970.255,63 |
| 2017 | 11.515.391,56 | 80,00% | 9.212.313,25 | 25,00% | 2.878.847,89 |
| **Total** | **59.285.663,95** | | **54.835.913,36** | | **35.489.808,57** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 79 a 83

## Cálculo do aforro neto legal a 31 de decembro de 2018

| Capítulo | Dereitos Recoñecidos Netos | Obrigas Recoñecidas Netas |
|---|---|---|
| 1 | 110.306.866,98 | 61.477.521,34 |
| 2 | 9.096.860,78 | 116.263.999,08 |
| 3 | 42.591.427,98 | 0 |
| 4 | 78.920.695,95 | 31.632.302,61 |
| 5 | 2.643.510,64 | 0 |
| **TOTAL** | **243.559.362,33** | **209.373.823,03** |
| **Aforro Bruto** | **34.185.539,30** | |
| Contribucións Especiais | -1.031.928,74 | |
| Gasto corrente financiado con R.L.T. | 301.277,22 | |
| (-)Anualidade Teórica de Amortización | -2.654.066,52 | |
| **Aforro Neto** | **30.800.821,26** | |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 83

# TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 81 a 83

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 82 a 83

## ALEGACIÓNS PRESENTADAS

A sección de fiscalización do Consello de Contas de Galicia, na súa reunión do 16 de decembro de 2020, aprobou o anteproxecto de informe de fiscalización selectiva do Concello de Vigo, exercicio 2018. O texto do anteproxecto remitiuse ao Concello o día 18 de decembro, sendo aceptado o mesmo día, aos efectos de que ao abeiro do artigo 47 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia formularan no prazo de 20 días hábiles as alegacións e aportaran a documentación que, de ser o caso, estimasen oportunas.

Rematado o prazo sinalado, non se recibiu na sede electrónica do Consello de Contas de Galicia ningunha alegación.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: D5KRJG6NSQDRPT6FX3DRQN6GS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 83 a 83

Consello de Contas de Galicia

# INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE EXERCICIO 2018

## ACTUACIÓN 1622019-09

APROBADO POLO PLENO
SESIÓN 01/03/2021

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 101

# ÍNDICE

**I. INTRODUCIÓN ..... 1**

**I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN** ..... 1

**I.2 OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN** ..... 1

I.3 LIMITACIÓNS ..... 2

I.4 NORMATIVA REGULADORA ..... 2

**II. CONCLUSIÓNS. ..... 3**

II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO ..... 3

II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS ..... 4

II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE ..... 4

II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento ..... 4

II.3.2 Opinión sobre o cumprimento da legalidade ..... 4

II.3.3 Conclusións sobre os resultados da fiscalización ..... 5

**III. RECOMENDACIÓNS ..... 8**

**IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN ..... 10**

IV.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTE FISCALIZADO ..... 10

IV.1.1 Datos xerais ..... 10

IV.1.2 Contas anuais ..... 15

IV. 2 ANÁLISE DA ÁREA DE XESTIÓN ORZAMENTARIA ..... 17

IV.2.1 Procedementos e actuacións específicas de revisión e validación ..... 18

IV.2.2 Control interno ..... 19

IV.2.3 Inestabilidade orzamentaria e viabilidade financeira ..... 20

IV.2.4 Cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, Regra de gasto e endebedamento. ..... 25

IV.2.5 Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos. ..... 28

IV.3 INMOBILIZADO ..... 29

IV.4 CONTAS A PAGAR ..... 29

IV.5. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS. ..... 32

IV.5.1 Procedemento de tramitación de facturas ..... 32

IV.5.2 Comprobacións realizadas sobre o procedemento de tramitación de facturas ..... 33

IV.6 TESOURERÍA ..... 34



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 101

IV.7 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN ........ 36
IV.8 SUBVENCIÓNS ........ 37
IV.9 CONTRATACIÓN ........ 44
IV.9.1. Control interno na área de contratación ........ 46
IV.9.2 Transparencia e acceso á información ........ 47
IV.9.3. Análise contratación. ........ 49
IV.10 PERSOAL ........ 56
IV.10.1 Análise xeral ........ 56
IV.10.2 Análise do control interno ........ 60
IV.10.3 Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación Local. ........ 65
IV.11 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA. ........ 68
**ANEXOS ........ 75**
**TRÁMITE DE ALEGACIÓNS ........ 81**

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 101

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Número de concellos e a súa poboación clasificados polo número dos seus habitantes ..... 10
Cadro 2: Variación da poboación provincial de Galicia nos últimos dez anos ..... 11
Cadro 3: Custo dos servizos e prestacións ..... 14
Cadro 4: Datas dos trámites de rendición de contas do exercicio 2018 ..... 15
Cadro 5: Estado da rendición de exercicios anteriores ..... 15
Cadro 6: Evolución das principais magnitudes orzamentarias ..... 16
Cadro 7: Resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018 ..... 17
Cadro 8: Resultado orzamentario do exercicio 2018 por entidade ..... 17
Cadro 9: Indicadores do orzamento de ingresos e gastos ..... 20
Cadro 10: Desviacións na execución do orzamento de gastos ..... 21
Cadro 11: Modificacións orzamentarias ..... 21
Cadro 12: Modificacións orzamentarias por capítulo e artigo de gasto ..... 22
Cadro 13: Evolución do resultado orzamentario axustado ..... 24
Cadro 14: Indicadores autonomía. ..... 25
Cadro 15: Obxectivos. ..... 26
Cadro 16: Evolución magnitudes viabilidade. ..... 26
Cadro 17: Evolución da débeda financeira viva ..... 28
Cadro 18: Evolución da carga financeira ..... 28
Cadro 19: Evolución das contas a pagar ..... 30
Cadro 20: Período medio de pago ..... 31
Cadro 21: Fondos líquidos e liquidez inmediata das Deputacións en 2018 ..... 34
Cadro 22: Evolución do remanente de tesourería ..... 35
Cadro 23: Transferencias e subvencións concedidas ..... 38
Cadro 24: Subvencións concedidas ..... 40
Cadro 25: Desagregación do importe das subvencións segundo procedemento de concesión ..... 40
Cadro 26: Desagregación das subvencións nominativas segundo o seu destinatario ..... 40
Cadro 27: Subvencións analizadas ..... 41
Cadro 28: Cálculo puntuación subvención ás Asociacións veciñais ..... 43
Cadro 29: Cálculo reparto subvención ás Asociacións veciñais ..... 44
Cadro 30: Incidencias detectadas na subvención ás Asociacións veciñais ..... 44
Cadro 31: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio ..... 45
Cadro 32: Contratos maiores analizados ..... 49
Cadro 33: Grado de concentración de contratos menores de obras ..... 51
Cadro 34: Contratos menores con exceso de importe ..... 52
Cadro 35: Contratos menores analizados ..... 54
Cadro 36: Liquidación gastos de persoal por artigo. ..... 56
Cadro 37: Evolución do número de empregados ao 31 de decembro. ..... 56
Cadro 38: Evolución gastos de persoal por artigo. ..... 57
Cadro 39: Evolución gastos de persoal por concepto. ..... 58



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 101

Cadro 40: Comparativa dos gastos de persoal das 4 Deputacións de Galicia. .......... 59
Cadro 41: Retribucións máximas dos membros da Corporación .......... 66
Cadro 42: Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación .......... 67
Cadro 43: Contía das asistencias dos membros das Corporacións das 4 Deputacións de Galicia .......... 67
Cadro 44: Información Portal de transparencia .......... 68

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 101

# ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución da poboación da provincia de Ourense 2010-2019 ..... 11
Gráfico 2: Estrutura da Intervención xeral ..... 19
Gráfico 3: Porcentaxe dos tipos de contrato sobre o importe total de contratación ..... 46

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 101

# ÍNDICE DE ANEXOS

**Anexo I Liquidación e indicadores orzamentarios.** ........ 77

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 101

## ABREVIATURAS

AAPP ........ Administracións públicas.
BEO........ Bases de execución do orzamento.
BOE........ Boletín oficial do Estado.
DOG........ Diario oficial de Galicia.
DOUE ........ Diario oficial da Unión Europea.
DRN ........ Dereitos recoñecidos netos.
EBEP ........ Real Decreto Lexislativo 5/2015 do Estatuto básico do empregado público.
EELL ........ Entidades Locais.
ENS........ Esquema Nacional de Seguridade.
ICAL........ Instrucións de Contabilidade Local.
ICIO ........ Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
ICO ........ Instituto de crédito oficial.
IGAE ........ Intervención xeral da administración do Estado.
INE........ Instituto nacional de estatística.
LALG ........ Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.
LEPG ........ Lei 2/2015 do Emprego público de Galicia
LMLMOC........ Lei de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
LMMGL ........ Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local.
LMRFP........ Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública.
LOEOSF ........ Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
LOPD........ Lei orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal.
LRBRL ........ Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
LRXPACLei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
LTAIBG........ Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
LXO........ Lei 47/2003 Xeral orzamentaria.
MINHAP........ Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
OOAA ........ Organismo Autónomo.
OEOEL........ Orde 3565/2008 sobre estrutura dos orzamentos das entidades locais.
ORN ........ Obrigas recoñecidas netas.
PIB ........ Produto interior bruto.
RBEL ........ Regulamento de bens das entidades locais.
RD500........ Real decreto 500/1990 de orzamentos.
RDFALHCN........ Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
RDL 4/2012........ RDL 4/2012 que regula o mecanismo de financiamento para o pago a provedores.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 101

RDL 7/2012 ................. RDL 7/2012 que crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
RDL ........................................................................................................ Real Decreto Lei.
RDLex ........................................................................................................ Real Decreto Lexislativo.
RDLMFPP ........................................... RDL Mecanismo de financiamento para o pago a provedores.
RSCL .................................................................... Regulamento de servizos das corporacións locais.
RTFAL ................................ Decreto réxime de retribucións dos funcionarios de administración local.
SEC .................................................................... Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.
TRET .................................................................. Texto refundido do Estatuto dos traballadores.
TRLCSP ........................................................ Texto refundido da lei de contratos do sector público
TRLFPG ........................................................ Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
TRLRFL ........................................................ Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
TRLXEO .................................................. Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.
TRRL .............................. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 101

# I. INTRODUCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, na sesión que se celebrou o 20 de decembro de 2018, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019. Entre as actuacións previstas na Área de Corporacións Locais figura a realización dun informe de fiscalización selectiva sobre a Deputación de Ourense.

## I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído exclusivamente pola Deputación de Ourense, sen incluír ningunha entidade dependente da mesma ou na que participe.

O alcance do ámbito obxectivo da fiscalización é o seguinte:

- Realizar unha análise da información que subministran as contas anuais, verificando o cumprimento dos principios e normas establecidos nas instrucións contables.

- Analizar os procedementos e as medidas de control interno aplicados pola Entidade en orde a garantir unha adecuada xestión económico-orzamentaria.

- Comprobar o cumprimento das obrigas de remisión de información a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

En canto ao ámbito temporal, a fiscalización estendeuse ao exercicio 2018.

## I.2 OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O obxectivo da presente fiscalización é a análise e comprobación da Conta xeral de 2018 rendida directamente pola Deputación de Ourense a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, así como da información remitida do mesmo xeito relativa aos contratos e convenios celebrados no exercicio obxecto de fiscalización e dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización previa e anomalías detectadas en materia de ingresos.

Así mesmo, realizouse unha análise do control interno para o desenvolvemento da cal remitíronse á Deputación varios cuestionarios referidos ás áreas de:

- Xestión orzamentaria
- Inmobilizado
- Tesourería
- Contas a pagar
- Tecnoloxías da información

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 101

- Subvencións
- Contratación
- Persoal

Sobre a valoración das respostas aos cuestionarios decidiuse a amplitude das probas complementarias a realizar.

## I.3 LIMITACIÓNS

A Deputación prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos de campo, achegando a documentación que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización.

## I.4 NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 101

- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local .
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas.
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable das facturas no sector público.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

# II. CONCLUSIÓNS.

## II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 101

## II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en cada unha das áreas obxecto de fiscalización, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información e documentación solicitada polo Consello no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

## II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

### II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓN DO CUMPRIMENTO

A Deputación de Ourense prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo en forma e prazo aos requirimentos realizados no marco da presente fiscalización.

### II.3.2 OPINIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

1. A Deputación de Ourense cumpre cos prazos establecidos para a aprobación dos seus orzamentos anuais.

2. Non cumpriu co prazo establecido para a rendición da conta xeral de 2018 que ademais presenta defectos graves que impiden considerala como conta rendida.

3. Cumpriuse coas obrigacións de remisión de información contractual ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia reguladas polo artigo 335 da LCSP.

4. Non se remitiu información sobre a subscrición de calquera tipo de convenio que supuxese compromisos económicos de máis de 600.000 euros segundo establece o artigo 53 da LRXSP. Tampouco se enviou a relación certificada comprensiva dos convenios formalizados no exercicio nin se emitiu certificación negativa de acordo co establecido no punto I.3 do Acordo do Pleno do





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 101

Consello de Contas que aproba a instrución relativa á remisión telemática dos convenios e da relación anual de aqueles formalizados polas entidades do sector público local de Galicia.

5. Remitiuse ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, de acordo co regulado no artigo 218.3 do TRLFL.

### II.3.3 CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

Como resultado do traballo realizado formúlanse as seguintes conclusións:

#### Tramitación da Conta Xeral.

1. A Deputación de Ourense non rendeu a Conta xeral dentro do prazo establecido no artigo 223.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. A Conta xeral da entidade presenta defectos que impiden considerala como rendida ata que se resolvan.

#### Área de xestión orzamentaria.

3. A Deputación non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias en materia de control financeiro do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais.

4. A entidade non dispón de máis regulación propia en materia de control interno que a contida nas Bases de execución do orzamento.

5. Producíronse modificacións orzamentarias por importe de 29.546.687,36 euros que representan máis de 36% dos créditos iniciais, circunstancia que tamén se produciu nos 4 exercicios anteriores. Neste sentido detectouse a existencia de aplicacións orzamentarias con importantes incrementos de crédito nas que a execución non acadou o 25%.

6. A liquidación orzamentaria do exercicio 2018 pon de manifesto que se cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de endebedamento e do período medio de pago.

7. A Deputación non dota ningunha provisión para cubrir os riscos que puideran derivarse da resolución de procedementos xudiciais.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 101

8. Nos exercicios 2018 e 2019 non se adoptaron acordos ou resolucións polo Pleno, a Xunta de Goberno Local ou o Presidente da Entidade Local contrarios aos reparos formulados polo órgano de Intervención, tampouco se tramitaron expedientes administrativos de gastos nin adoptado acordos do Pleno ou da Xunta de Goberno Local á marxe do procedemento nin con omisión de fiscalización previa, nin se detectaron anomalías en materia de ingresos que se consideren relevantes, remitíndose polo órgano interventor as correspondentes certificacións negativas á Plataforma de rendición de contas.

9. No exercicio fiscalizado aprobouse un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 282.824,99 euros, correspondente a 132 facturas do exercicio 2017 que se rexistraron ou conformaron en 2018 e sobre as que consta que non se tramitou o correspondente expediente de omisión de fiscalización previa.

### Área de inmobilizado

10. A entidade ten publicado un inventario provisional no que non consta a súa data de aprobación ou actualización e no que tampouco se indica o valor dos bens e se os inmobles están inscritos no Rexistro da propiedade.

11. A entidade non realiza comprobacións sobre o estado de conservación dos bens dos que é titular.

### Área de contas a pagar e tesourería

12. A entidade no contabiliza na conta 413 as débedas de operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

13. A entidade conta no final do exercicio fiscalizado con fondos líquidos por importe de 47.764 miles de euros, dereitos pendentes de cobro por 8.514 miles de euros e obrigacións pendentes de pago por 13.870 miles de euros, o cal indica que conta con liquidez suficiente para facer fronte a curto prazo ao seu pasivo corrente.

### Área de tecnoloxías da información

14. A entidade está levando a cabo actuacións de adecuación ao Esquema nacional de seguridade desde o ano 2019.

15. Non se está realizando ningún tipo de adecuación ao Esquema nacional de Interoperabilidade.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 101

### Procedemento de tramitación de facturas

16. Non se apreciaron incidencias neste procedemento.

### Área de subvencións

17. Contrariamente á regulación do artigo 22 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e do artigo 19 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, que dispoñen que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o procedemento de concesión de subvencións máis empregado foi a concesión directa nominativa prevista nos orzamentos que representa o 84% as subvencións concedidas no exercicio 2018; ademais durante o exercicio realizáronse varias modificacións orzamentarias para incluír novos beneficiarios e axudas.

18. Non se cumpre coa obriga de publicidade na Base nacional de subvencións en relación coas subvencións nominativas.

19. Desde o exercicio 2020 asínase unha declaración de ausencia de conflito de intereses polo persoal con responsabilidade nos procedementos.

### Área de Contratación

20. A contratación menor é o procedemento ordinario de adxudicación na Deputación de Ourense, o 80% do volume contratado no ano 2018 realizouse como contrato menor. Adxudicándose por este procedemento todos os contratos de obras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais. De acordo coas súas bases de execución a competencia para a contratación das obras do Plan correspóndelle á Deputación.

21. O 70% do volume dos contratos menores de obras concentráronse en 5 adxudicatarios. Entre as empresas adxudicatarias de contratos menores 2 superaron o millón de euros de facturación e 6 superaron os 100.000 euros, circunstancia xustificada pola entidade alegando que as prestacións eran cualitativamente diferentes e que non formaban unha unidade.

22. En 15 contratos menores superouse o límite cuantitativo establecido para este tipo de contratos no TRLCAP.

23. Existen contratos menores, como o servizo de reparación de vehículos, que polo seu obxecto teñen carácter recorrente e vanse a repetir en anos sucesivos. Estes contratos poderíanse considerar contrarios a dereito se o órgano de contratación, no momento de iniciar a súa

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 101

tramitación, ten coñecemento certo ou podería telo, se se aplican os principios de programación e boa xestión, da necesidade de contratar prestacións determinadas de carácter ou natureza unitarios, perfectamente definidas, cuxas características esenciais non poidan variar de maneira substancial, que ten que levar a cabo necesariamente ano tras ano e que responden a unha necesidade continuada no tempo.

24. Detectouse unha falta de criterios homoxéneos na identificación de ofertas anormalmente baixas.

25. Non existe unha planificación da contratación a medio prazo.

26. Non se asina unha declaración de ausencia de conflito de intereses polas persoas implicadas nos procedementos de contratación.

### Área de persoal

27. O persoal funcionario representa só o 29% do total do persoal da Deputación.

28. A entidade non dispón de regulación propia sobre os incentivos ao rendemento nin sobre réxime de incompatibilidades e conflito de intereses.

### Transparencia

29. Nalgúns casos, que se expoñen no apartado correspondente do informe de fiscalización, a información non está debidamente organizada, actualizada, completa ou non se subministra nun formato reutilizable.

### Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos.

30. Non se emitiron informes ou resolucións deste tipo na Deputación de Ourense nin no exercicio 2018 nin no 2019.

## III. RECOMENDACIÓNS

### Tramitación da Conta Xeral.

1. Deben corrixirse os erros da conta xeral do exercicio 2018 para que poida ser considerada como rendida.

2. Debe acompañarse á conta xeral de todas as memorias que a lexislación en materia de facendas locais esixe.





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 101

## Área de xestión orzamentaria.

3. Débese dotar e adaptar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno establecidas polo Real Decreto 424/2017.

4. O órgano interventor debe elaborar e adoptar un Plan anual de control financeiro que recolla as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar.

5. Sería convinte que a entidade se dotase de manuais de procedementos relacionados coas áreas de control interno que permitisen unha adecuada adaptación do funcionamento da Deputación á normativa de control vixente.

## Área de subvencións.

6. A Deputación debería dar preferencia ao procedemento ordinario de concesión de subvencións que é a tramitación en réxime de concorrencia competitiva.

7. Para unha maior transparencia sería conveniente que se publicasen os cálculos realizados para a determinación do importe das axudas concedidas.

## Área de Contratación

8. Os pregos dos contratos deberán recoller os parámetros obxectivos que permitan identificar os casos nos que unha oferta teña que ser considerada anormal.

9. A entidade debería empregar unha pluralidade de criterios de adxudicación e dar preferencia aos procedementos aberto ou restrinxido para acadar o máximo respecto dos principios de igualdade, transparencia e libre competencia sinalados pola Lei de contratos do sector público, evitando a práctica de que a contratación menor sexa o procedemento ordinario de adxudicación.

10. En relación cos contratos menores que se celebren ano tras ano para atender a necesidades recorrentes, permanentes e previsibles, recomendase a planificación da contratación para adecuar os prazos de duración á natureza das prestacións, e así poder tramitar con antelación as licitacións seguindo os procedementos ordinarios previstos no artigo 131.2 da LCSP.

## Área de persoal

11. A entidade debería contar cunha regulación interna nas materias de promoción profesional, sistemas de selección do persoal, cálculo e control dos incentivos económicos ao rendemento e réxime de incompatibilidades e conflito de intereses dos empregados públicos.

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Transparencia**

12. Débese completar a información que ten que ser publicada por obrigación legal, incluíndo a revisión da organización da información e a súa actualización, empregando sempre formatos de arquivos electrónicos reutilizables.

# IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

## IV.1 CARACTERÍSTICAS DO ENTE FISCALIZADO

### IV.1.1 DATOS XERAIS

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído pola Deputación de Ourense á que lle corresponden, de acordo co artigo 31.3 da LRBRL, o goberno e a administración autónoma da provincia.

O mesmo artigo define á provincia como unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Sendo fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular:

a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

As cifras de poboación e número de concellos das catro provincias galegas ao 1 de xaneiro de 2018 son as seguintes:

**Cadro 1: Número de concellos e a súa poboación clasificados polo número dos seus habitantes**

| Ano 2018 | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Concellos | Habitantes | Concellos | Habitantes | Concellos | Habitantes | Concellos | Habitantes |
| Ata a 2.000 habitantes | 15 | 21.663 | 27 | 34.250 | 68 | 79.117 | 4 | 5.174 |
| De 2.001 a 5.000 habitantes | 26 | 93.085 | 28 | 83.971 | 13 | 34.491 | 19 | 63.962 |
| De 5.001 a 10.000 habit. | 31 | 207.189 | 6 | 43.399 | 6 | 38.010 | 14 | 94.966 |
| De 10.001 a 20.000 habit. | 10 | 138.339 | 5 | 71.682 | 4 | 52.170 | 15 | 220.046 |
| De 20.001 a 50.000 habit. | 8 | 251.021 | 0 | 0 | 0 | 0 | 7 | 181.180 |
| De 50.001 a 100.000 habit. | 2 | 163.204 | 1 | 98.025 | 0 | 0 | 1 | 82.802 |
| De 100.001 a 500.000 habit. | 1 | 244.850 | 0 | 0 | 1 | 105.505 | 1 | 293.642 |
| Máis de 500.000 habitantes | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **Total** | **93** | **1.119.351** | **67** | **331.327** | **92** | **309.293** | **61** | **941.772** |

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. Padrón de habitantes. Instituto Galego de Estatística



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 101

O feito de que dos 92 concellos que integran a provincia de Ourense só un, o Concello de Ourense, supere os 20.000 habitantes ten especial transcendencia no desenvolvemento das actuacións da Deputación polas competencias que o artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), lle outorga ás Deputacións en relación coa prestación de servizos dos pequenos municipios.

Pola súa parte, se analizamos a evolución da poboación a nivel provincial compróbase que, dentro da tendencia de Galicia á baixa, nos últimos dez anos a provincia que máis habitantes perdeu foi Ourense seguido da Coruña.

**Cadro 2: Variación da poboación provincial de Galicia nos últimos dez anos**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | Variación 2010/2019 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 1.146.458 | 1.147.124 | 1.143.911 | 1.138.161 | 1.132.735 | 1.127.196 | 1.122.799 | 1.120.294 | 1.119.351 | 1.119.596 | -26.862 |
| Lugo | 353.504 | 351.530 | 348.902 | 346.005 | 342.748 | 339.386 | 336.527 | 333.634 | 331.327 | 329.587 | -23.917 |
| Ourense | 335.219 | 333.257 | 330.257 | 326.724 | 322.293 | 318.391 | 314.853 | 311.680 | 309.293 | 307.651 | -27.568 |
| Pontevedra | 962.472 | 963.511 | 958.428 | 955.050 | 950.919 | 947.374 | 944.346 | 942.731 | 941.772 | 942.665 | -19.807 |
| **Galicia** | **2.797.653** | **2.795.422** | **2.781.498** | **2.765.940** | **2.748.695** | **2.732.347** | **2.718.525** | **2.708.339** | **2.701.743** | **2.699.499** | **-98.154** |

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. Padrón de habitantes. Instituto Galego de Estatística

No seguinte gráfico móstrase a clara tendencia á baixa da poboación da provincia de Ourense:

**Gráfico 1: Evolución da poboación da provincia de Ourense 2010-2019**




## Organización

O Pleno da Corporación está integrado por 25 deputados.

A súa composición resultante das eleccións de 2015 foi a seguinte: PP: 14 deputados; PSdeG-



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 101

PSOE: 7 deputados; Democracia Ourensana: 2 deputados; BNG: 1 deputado e Non adscritos: 1 deputado, resultando elixido Presidente o candidato do PP.

No mandato 2019-2023 a súa composición é: PP: 12 deputados; PSdeG-PSOE: 9 deputados; Democracia Ourensana: 2 deputados; BNG: 1 deputado; Ciudadanos: 1 deputados; resultando elixido Presidente o candidato do PP.

A Xunta de Goberno está composta por 9 membros. Existen 3 vicepresidentes e 6 comisións informativas.

As dedicacións exclusivas están limitadas ao número máximo de 8 Deputados.

As declaracións de bens dos cargos electos figuran na web de transparencia da Deputación.

**Entes dependentes ou participados**

No exercicio 2018 a Deputación de Ourense tiña as seguintes entidades adscritas ou dependentes segundo a información subministrada a través da Plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas:

- Organismo autónomo Instituto Ourensano de Desenvolvemento Económico (INORDE), que é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial de Ourense creado en 1987. O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sostible de toda a provincia.
- Consorcio provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense. Constitúe o seu obxecto a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados.
- O Consorcio Augas de Valdeorras, constituído en 2012 e integrado polos concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras, a Deputación Provincial de Ourense e Augas de Galicia. Ten como obxecto principal a ordenación e a xestión, por delegación dos concellos que o integran, dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais que comprende o exercicio de todas as competencias municipais na materia.

Non se informa que teña entidades públicas empresariais dependentes nin o control ou



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 101

participación en sociedades mercantís, porén no portal de transparencia provincial infórmase que forma parte da sociedade:

- Aquaourense, Sociedade provincial de medio ambiente S.A., que no ano 2009 comezou a prestar os servizos públicos provinciais de asistencia e cooperación coas Entidades Locais da provincia de Ourense en materia de servizos relacionados coa xestión integral do ciclo hídrico e do medio ambiente. A Deputación ten o 34% do capital social, estando o 66% restante en mans privadas.

Do mesmo xeito, no Inventario de entes do sector público do Ministerio de Facenda (Invente) figura que ten unha participación do 100% na seguinte sociedade:

- Sociedade Urbanística Provincial de Ourense, S.A.

O Pleno da corporación provincial aprobou en 2016 os estatutos da Fundación Blanco Amor, a cal foi clasificada de interese cultural en 2018 quedando adscrita ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo a información remitida ao Portal de rendición de contas das entidades locais a Deputación participa nas seguintes entidades:

- Fundación Democracia e Goberno Local.
- Consorcio Centro Asociado da UNED de Ourense
- Consorcio Festival Internacional de Cine de Ourense
- Consorcio Local de Os Peares

## Exercicio de competencias

A LRBRL atribúe importantes competencias e responsabilidades ás Deputacións provinciais na coordinación dos servizos municipais e na asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación. Tamén lle corresponde a asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, de servizos de apoio á xestión financeira e a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 101

Un dos instrumentos que teñen as Deputacións para facer efectivas estas atribucións é a aprobación anual dun Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, no que na súa elaboración deben participar os municipios da provincia.

Así mesmo, para asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmulas de asistencia e cooperación municipal, as Deputacións ou entidades equivalentes poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

No desenvolvemento das súas competencias e de acordo coa información da Conta xeral de 2018 a Deputación realizou os seguintes servizos e prestacións cos resultados económicos que se mostran:

**Cadro 3: Custo dos servizos e prestacións**

| Servizos ou prestacións | Custo 2018 | Rendemento 2018 | Resultado |
|---|---|---|---|
| Augas e medio ambiente | 2.961.043,07 | 1.836.526,74 | -1.124.516,33 |
| Unidade provincial de xestión de lixo | 7.219.684,16 | 5.975.440,60 | -1.244.243,56 |
| Recadación | 1.254.112,58 | 1.244.880,67 | -9.231,91 |
| Cooperación provincial | 7.922.403,76 | 4.037,02 | -7.918.366,74 |
| Vías e obras provinciais | 14.061.528,54 | 131.782,29 | -13.929.746,25 |
| Escola de artes e oficios | 94.545,89 | 11.990,00 | -82.555,89 |
| Escola de gaitas | 458.428,63 | 44.186,76 | -414.241,87 |
| Escola de danza | 163.295,23 | 7.029,00 | -156.266,23 |
| Edicións e publicacións | 165.536,89 | 17.012,50 | -148.524,39 |
| Teatro Principal | 1.174.888,46 | 128.184,34 | -1.046.704,12 |
| Pazo dos deportes | 1.615.203,18 | 394.650,58 | -1.220.552,60 |
| Imprenta e Boletín provincial | 399.029,79 | 105.451,31 | -293.578,48 |
| **Total** | **37.489.700,18** | **9.901.171,81** | **-27.588.528,37** |

A través da empresa mixta Aquaourense, préstase asistencia técnica, xurídica e financeira aos concellos para a xestión dos servizos municipais de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 101

A Deputación prestou o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos en réxime de competencia delegada en 50 dos 92 concellos da provincia. O custo asumido pola Deputación superou os 5.500.000 de euros. Practicamente a totalidade dos concellos que participan nesta cooperación coa Deputación Provincial de Ourense teñen menos de 10.000 habitantes, só Concello de O Carballiño supera esta cifra.

O contrato do servizo de asistencia ao servizo provincial de recadación en materia de inspección tributaria adxudicouse en 2012 a unha empresa privada; un total de 49 concellos, dos que só Barbadás supera os 10.000 habitantes, teñen delegada na Deputación a xestión de tributos e taxas como o Imposto de bens inmobles, o Imposto de actividades económicas, o imposto de vehículos de tracción mecánica ou a recollida lixo e a subministración de auga.

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas do exercicio 2018 tivo un orzamento no Plan principal de 6.133.335,82 euros ao que a Deputación contribuíu con algo máis do 72%, na parte do Plan correspondente á Rede viaria provincial o orzamento ascendeu a 2.000.000 de euros aportados integramente pola Deputación.

## IV.1.2 CONTAS ANUAIS

### Tramitación conta xeral e orzamento

No seguinte cadro recóllense as datas máis relevantes en canto á tramitación dos orzamentos e da conta xeral do exercicio fiscalizado:

**Cadro 4: Datas dos trámites de rendición de contas do exercicio 2018**

| Trámite | Data límite | Data cumprimento | Cumprimento en prazo |
|---|---|---|---|
| Aprobación definitiva do orzamento | 31/12/2017 | 24/11/2017 | Si |
| Aprobación da liquidación do Orzamento | 31/03/2019 | 01/03/2019 | Si |
| Aprobación plenaria da Conta Xeral | 01/10/2019 | 27/09/2019 | Si |
| Data rendición da Conta Xeral | 14/10/2019 | 16/10/2019 | Non |

O estado da rendición das contas de exercicios anteriores é a seguinte:

**Cadro 5: Estado da rendición de exercicios anteriores**

| Exercicio | Estado rendición | Data de cumprimento | Cumprimento en prazo |
|---|---|---|---|
| 2014 | Rendida, con defectos leves | 14/10/2015 | Si |
| 2015 | Rendida, con defectos leves | 17/10/2016 | Non |
| 2016 | Rendida, con defectos graves | 11/10/2017 | Si |
| 2017 | Rendida, con defectos leves | 11/10/2018 | Si |
| 2018 | Rendida, con defectos graves | 16/10/2019 | Non |

Todas as contas con defectos leves presentaban fallas de tramitación e coherencia interna entre estados contables, o cal non impediu a súa cualificación como contas rendidas. Porén, a conta



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 101

xeral do exercicio 2018 foi remitida fóra de prazo, presentando ademais 62 incidencias que afectan na súa maior parte á cumprimentación das memorias dos seus organismos autónomos, polo que se cualifica como conta rendida con defectos graves.

A conta xeral non está acompañada da memoria demostrativa do grado de cumprimento dos obxectivos programados con indicación dos previstos e acadados co coste dos mesmos, prevista na regra 48 da Instrución do modelo normal de contabilidade local e no artigo 211 do TRLFL para os municipios de máis de 50.000 habitantes e demais entidades locais de ámbito superior. Si consta a memoria do coste e rendemento dos servizos públicos prestados pola entidade.

## Magnitudes orzamentarias

Como xa se dixo, o 24 de novembro de 2017 aprobouse o orzamento para o ano 2018. As previsións iniciais de ingresos da Deputación de Ourense para este exercicio ascenderon a 80.707 miles de euros o mesmo que os créditos iniciais; o orzamento definitivo, despois de modificacións, acadou os 110.254 miles de euros. No seguinte cadro presentase a evolución temporal das principais magnitudes orzamentarias do período 2015-2018.

**Cadro 6: Evolución das principais magnitudes orzamentarias**

| Magnitudes | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018-2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| Orzamento inicial – Ingresos | 75.707.000,00 | 77.700.000,00 | 77.000.000,00 | 80.707.000,00 | 4,81% |
| Orzamento inicial - Gastos | 75.707.000,00 | 77.700.000,00 | 77.000.000,00 | 80.707.000,00 | 4,81% |
| **Déficit/Superávit inicial** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | |
| Orzamento definitivo – Ingresos | 102.921.527,99 | 105.894.793,09 | 104.523.491,88 | 110.253.687,36 | 5,48% |
| Orzamento definitivo - Gastos | 102.921.527,99 | 105.894.793,09 | 104.523.491,88 | 110.253.687,36 | 5,48% |
| **Déficit/Superávit definitivo** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | |
| **Total modificacións orzamentarias** | 27.214.527,99 | 28.194.793,09 | 27.523.491,88 | 29.546.687,36 | **7,35%** |
| Dereitos recoñecidos netos | 79.475.620,67 | 78.688.033,72 | 86.477.997,45 | 88.501.731,06 | 2,34% |
| Obrigas recoñecidas netas | 76.606.504,78 | 83.372.780,98 | 81.131.405,10 | 79.922.399,14 | -1,49% |
| Axustes ao resultado orzamentario | -845.182,33 | 22.707.626,84 | 18.041.641,39 | 19.331.131,77 | 7,15% |
| **Resultado orzamentario axustado** | **2.023.933,56** | **18.022.879,58** | **23.388.233,74** | **27.910.463,69** | **19,34%** |
| Remanente de tesourería total | 31.517.522,22 | 26.779.048,86 | 32.127.093,10 | 38.778.450,65 | 20,70% |
| Remanente de tesourería para gastos xerais | 26.726.781,54 | 22.428.129,18 | 26.462.156,08 | 34.551.660,61 | 30,57% |

No anterior cadro pódese apreciar que no exercicio 2018 o orzamento municipal medrou un 4,81% sobre os créditos iniciais do ano 2017. As modificacións orzamentarias incrementaron significativamente os créditos iniciais nun 36,61%, porcentaxe similar a anos anteriores, estas



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 101

modificacións financiáronse nun 64,28% con remanente de tesourería para gastos xerais. Porén, a execución de obrigas recoñecidas sobre os créditos definitivos foi algo menor que nos exercicios anteriores, un 72,5%.

Pola súa parte o resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018 foi o seguinte:

**Cadro 7: Resultado orzamentario consolidado do exercicio 2018**

| Concepto | Dereitos recoñecidos netos | Obrigas recoñecidas netas | Axustes | Resultado |
|---|---|---|---|---|
| 01 a. Operacións correntes | 92.784.075,18 | 63.886.895,45 | 0,00 | 28.897.179,73 |
| 02 b. Operacións de capital | 3.428.923,88 | 17.382.195,25 | 0,00 | -13.953.271,37 |
| 03 I. Total operacións non financeiras (a+b) | 96.212.999,06 | 81.269.090,70 | 0,00 | 14.943.908,36 |
| 04 c) Activos financeiros | 155.440,96 | 576.235,29 | 0,00 | -420.794,33 |
| 05 d) Pasivos financeiros | 0,00 | 5.368.867,06 | 0,00 | -5.368.867,06 |
| 06 Total operacións financeiras (c+d) | 155.440,96 | 5.945.102,35 | 0,00 | -5.789.661,39 |
| **07 RDO. ORZAMENTARIO. (I=1+2)** | **96.368.440,02** | **87.214.193,05** | **0,00** | **9.154.246,97** |
| 08 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | 0,00 | 0,00 | 19.306.171,88 | 0,00 |
| 09 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 636.011,26 | 0,00 |
| 10 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 0,00 | 0,00 | 325.842,69 | 0,00 |
| 11 Total axustes (II=3+4+5) | 0,00 | 0,00 | 19.616.340,45 | 0,00 |
| **12 RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **28.770.587,42** |

O detalle do resultado orzamentario por entidade é o seguinte:

**Cadro 8: Resultado orzamentario do exercicio 2018 por entidade**

| Tipo entidade | Nome entidade | Resultado Orzamentario |
|---|---|---|
| Deputación | Ourense | 27.910.463,69 |
| Organismo autónomo | Instituto Ourensano Desenvolvemento Económico (Inorde) | 226.679,21 |
| Consorcio | Provincial de Ourense para o Servizo contra Incendios e Salvamento | 428.397,46 |
| Consorcio | Augas de Valdeorras | 205.047,06 |
| **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO** | | **28.770.587,42** |

No apartado de anexos móstranse os datos relativos á liquidación e aos principais indicadores orzamentarios.

## IV. 2 ANÁLISE DA ÁREA DE XESTIÓN ORZAMENTARIA

A análise dos riscos comúns na xestión económico-financeira e orzamentaria das entidades públicas relaciónase habitualmente con erros na información financeira (contas anuais), incumprimentos da normativa aplicable, ineficiencias na xestión ou unha inadecuada protección de activos. Os riscos analizados agrupáronse nas seguintes categorías:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 101

## IV.2.1 PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE REVISIÓN E VALIDACIÓN

A Deputación manifesta que os fluxos de actividades e controis das transaccións descríbense nas BEO; non existe unha regulación específica sobre o peche da contabilidade aparte da recollida nas bases 49 a 65 das BEO.

Comprobouse que se respectaron os prazos de elaboración dos orzamentos e das contas anuais pero non se cumpriron por dous días os da rendición de estas. Como xa se dixo, as contas anuais de 2018 remitíronse con posterioridade ao prazo establecido polo artigo 223 do TRLRFL, presentando ademais defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida.

A xestión da contabilidade da entidade non está externalizada.

Comprobouse que no portal de transparencia da entidade figuran publicados os informes periódicos da execución dos orzamentos, porén non consta información sobre a aprobación da liquidación dos orzamentos incluíndo o informe da Intervención ao que fai referencia o artigo 191.3 do TRLFL.

De acordo coa información subministrada non existen procedementos escritos que regulen a revisión da información orzamentaria ou financeira.

As BEO regulan os anticipos de caixa fixa, establecendo as clases de gastos que poderán atenderse cos anticipos de caixa fixa, limitando a contía destes anticipos á cantidade de 3.000 euros e poñendo como data máxima de xustificación do anticipo o 15 de decembro de cada ano.

A regulación dos pagos a xustificar tamén se encontra unicamente nas BEO, que establecen o seu carácter excepcional cunha contía máxima de 40.000 euros e limitada como norma xeral ao capítulo 2 de gastos. A xustificación das ordes de pago a xustificar debe efectuarse no prazo de tres meses desde a súa expedición, baixo a advertencia de inicio dun expediente de alcance se non se xustifican en prazo. As prestacións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

Na materia de seguimento da contabilidade e control dos anticipos e dos pagos a xustificar as BEO remiten á regulación contida na Instrución de contabilidade para a administración local.

Dado que non existe efectivo na caixa da entidade non se realizan arqueos da mesma.

A Deputación manifesta contar cunha política de seguridade que garante o control dos accesos ao sistema de información financeira de acordo coas autorizacións en función das responsabilidades do persoal, aínda que non aporta evidencias que o confirmen.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 101

## IV.2.2 CONTROL INTERNO

De conformidade co disposto no punto 49 Coñecemento do sistema de control interno e do entorno de control da norma ISSAI-ES-400 "Principios fundamentais da fiscalización de Cumprimento", os auditores deben coñecer o entorno de control e o sistema de control interno implantado e considerar si é posible garantir o seu funcionamento.

En consecuencia, analizouse a función de control e fiscalización interna, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, regulada nos artigos 213 e seguintes do TRLRFL, no RDFHCN e no RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local.

Non todos os postos de apoio a Intervención xeral están ocupados; a súa estrutura é a seguinte de acordo co organigrama publicado no seu portal de transparencia:

Gráfico 2: Estrutura da Intervención xeral




A estrutura do órgano interventor non parece axeitada para o tamaño, actividade e complexidade dunha entidade como a Deputación de Ourense. Debe terse en conta que polas esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, resulta necesario que a Entidade conte cunha estrutura suficiente para desenvolver as actuacións de control financeiro. Ata a data a Entidade non ten elaborado o Plan anual de control financeiro que o RD 424/2017 introduce como requisito básico e que debe ser elaborado polo órgano interventor, aínda que manifesta estar na fase de elaboración do mesmo. Este Plan debe recoller as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.

A Deputación dispón dun Regulamento de control interno que ten por obxecto a regulación xeral das funcións de control interno respecto da xestión económico-financeira e os actos con contido



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 101

económico da Entidade Local e das súas entidades dependentes, aínda que non consta a súa aprobación polo Pleno. Infórmase que non se conta con manuais de procedementos relacionados coa área de control interno nin outra regulación diferente da contida nas BEO. A Entidade carece así mesmo de regulación propia en relación coa tramitación de expedientes de reparo, expedientes con omisión da fiscalización previa ou os que detecten anomalías en materia de ingresos.

### IV.2.3 INESTABILIDADE ORZAMENTARIA E VIABILIDADE FINANCEIRA

Na análise da evolución e comparación dos indicadores da execución do orzamento con deputacións no mesmo tramo de poboación non se aprecian desviacións significativas, estando en xeral a Deputación de Ourense por encima das medias de Galicia e do Estado.

**Cadro 9: Indicadores do orzamento de ingresos e gastos**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento ingresos** | **Deputación de Ourense** | **77,22%** | **74,31%** | **82,74%** | **80,27%** |
| DRN/Previsións ingresos | Media Galicia | 59,48% | 59,39% | 56,41% | 52,90% |
| | Media nacional | 74,32% | 75,15% | 73,51% | 70,01% |
| **Realización dos cobramentos** | **Deputación de Ourense** | **94,08%** | **95,52%** | **95,47%** | **95,55%** |
| Recadación neta/DRN | Media Galicia | 91,68% | 92,78% | 93,00% | 92,45% |
| | Media nacional | 74,89% | 71,89% | 69,94% | 67,39% |
| **Execución orzamento gastos** | **Deputación de Ourense** | **74,43%** | **78,73%** | **77,62%** | **72,49%** |
| ORN/Créditos definitivos | Media Galicia | 59,02% | 50,85% | 51,13% | 47,00% |
| | Media nacional | 93,23% | 91,72% | 90,99% | 91,86% |
| **Realización dos pagos** | **Deputación de Ourense** | **88,23%** | **86,42%** | **90,26%** | **86,54%** |
| Pagos líquidos/ORN | Media Galicia | 96,27% | 93,77% | 95,57% | 93,82% |
| | Media nacional | 94,79% | 96,25% | 95,96% | 95,92% |

Obsérvase que non se chegaron a materializar a totalidade das previsións definitivas de ingresos, un 19,73% dos ingresos orzamentados non chegaron a ser recoñecidos, aínda así o índice de execución é superior á media estatal e moi superior á media de Galicia.

A porcentaxe de execución dos gastos foi do 72,49%, superior á media de Galicia e inferior á nacional.

Na análise sobre posibles desviacións na execución do orzamento de gastos observáronse os seguintes casos de aplicacións orzamentarias con máis de 500.000 euros de créditos definitivos nos que as obrigas recoñecidas non chegaron ao 40% dos créditos definitivos:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 101

**Cadro 10: Desviacións na execución do orzamento de gastos**

| Clasificación económica | Descrición económica | Créditos iniciais | Modificacións de créditos | Créditos Definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | % de execución |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 62400 | Elementos de transporte | 700.000,00 | -80.000,00 | 620.000,00 | 616.858,00 | 0,00 | 0,00% |
| 65001 | Plano cooperación obras e servizos | 4.477.000,00 | 1.531.089,93 | 6.008.089,93 | 4.302.204,50 | 1.494.100,93 | 24,87% |
| 72109 | Confederación hidrográfica do Miño | 250.000,00 | 309.636,81 | 559.636,81 | 14.707,56 | 14.707,56 | 2,63% |
| 22606 | Reunións, conferencias e cursos. | 0,00 | 1.162.892,00 | 1.162.892,00 | 245.287,89 | 238.243,75 | 20,49% |
| 62702 | Proxecto viaraia | 500.000,00 | 50.000,00 | 550.000,00 | 259.737,47 | 117.999,98 | 21,45% |
| 62705 | Proxecto raia termal | 966.666,67 | 0,00 | 966.666,67 | 153.441,91 | 145.473,83 | 15,05% |
| 48201 | Subvencións a entidades e clubs depor. | 400.000,00 | 104.500,79 | 504.500,79 | 503.510,12 | 197.079,26 | 39,06% |
| 76202 | Concellos. Subvencións en especie. | 0,00 | 2.078.309,82 | 2.078.309,82 | 1.778.630,05 | 452.037,16 | 21,75% |
| 61901 | Plano base coop.- vías provinciais | 2.000.000,00 | 0,00 | 2.000.000,00 | 1.190.415,36 | 710.478,13 | 35,52% |
| 61903 | Reparación vías provinciais | 1.400.000,00 | 0,00 | 1.400.000,00 | 533.870,81 | 223.348,25 | 15,95% |

Na análise da execución do orzamento de gastos débense terse en conta as modificacións de crédito financiadas con remanentes de tesourería que ascenderon á cantidade de 27.252.873,55 euros, representando o 92,24% das modificacións, aínda que os créditos gastados con estes remanentes só chegaron a 18.992.333,95 euros, o que significa un grado de execución do 66%.

A variación entre os estados iniciais e definitivos é cuantitativamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 36,6% con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 29.546.687,36 euros, distribuída da seguinte forma:

**Cadro 11: Modificacións orzamentarias**

| Créditos extraordinarios | Suplementos de crédito | Ampliacións de crédito | Transferencias | | Incorporación remanentes de crédito | Xeracións de crédito | Baixas por anulación | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Positivas | Negativas | | | | |
| 5.064.909,22 | 10.464.415,80 | 118.186,34 | 2.021.349,32 | -2.021.349,32 | 12.374.783,82 | 2.175.627,47 | -651.235,29 | 29.546.687,36 |
| 17,14% | 35,42% | 0,40% | 6,84% | -6,84% | 41,88% | 7,36% | -2,20% | 100,00% |

As modificacións máis salientables cuantitativamente foron as incorporacións de remanentes de crédito que representan case o 42% do total, seguíndolle os suplementos de crédito cun 35,42%.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 101

O 41% dos créditos extraordinarios e o 49% dos suplementos de crédito e das incorporacións destináronse ao financiamento de transferencias de capital a concellos e investimentos en concepto de cooperación provincial; destináronse, así mesmo, 4.200.000 euros, o 40% dos suplementos de crédito, a amortización dun préstamo bancario.

O detalle das modificacións no orzamento de gastos por capítulo e artigo é a seguinte:

**Cadro 12: Modificacións orzamentarias por capítulo e artigo de gasto**

| Artigo | Créditos Iniciais | Modificacións | Créditos Definitivos | % de modificacións |
|---|---|---|---|---|
| **1 Gastos de persoal.** | **31.798.524,56** | **-1.119.163,20** | **30.679.361,36** | **-3,52%** |
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 581.328,47 | 0 | 581.328,47 | 0,00% |
| 11 Persoal eventual. | 877.155,35 | 0 | 877.155,35 | 0,00% |
| 12 Persoal Funcionario. | 9.260.351,13 | 0 | 9.260.351,13 | 0,00% |
| 13 Persoal Laboral. | 12.347.851,09 | 114.000,00 | 12.461.851,09 | 0,92% |
| 14 Outro persoal. | 1.741.940,00 | -1.123.863,16 | 618.076,84 | -64,52% |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 21.000,00 | 0 | 21.000,00 | 0,00% |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 6.968.898,52 | -109.300,04 | 6.859.598,48 | -1,57% |
| **2 Gastos correntes en bens e servizos.** | **18.923.476,00** | **2.397.740,84** | **21.321.216,84** | **12,67%** |
| 20 Arrendamentos e canons. | 2.084.500,00 | 125.502,29 | 2.210.002,29 | 6,02% |
| 21 Reparacións, mantemento e conservación. | 1.002.600,00 | -46.216,64 | 956.383,36 | -4,61% |
| 22 Material, subministracións e outros. | 15.456.776,00 | 2.295.151,75 | 17.751.927,75 | 14,85% |
| 23 Indemnizacións por razón do servizo. | 259.600,00 | 0 | 259.600,00 | 0,00% |
| 24 Gastos de publicacións. | 120.000,00 | 23.303,44 | 143.303,44 | 19,42% |
| **3 Gastos financeiros.** | **17.962,75** | **0** | **17.962,75** | **0,00%** |
| 31 De préstamos e outras operacións financeiras en euros. | 4.962,75 | 0 | 4.962,75 | 0,00% |
| 34 De depósitos, fianzas e outros. | 5.000,00 | 0 | 5.000,00 | 0,00% |
| 35 Intereses de demora e outros gastos financeiros. | 8.000,00 | 0 | 8.000,00 | 0,00% |
| **4 Transferencias correntes.** | **13.213.768,95** | **3.053.874,87** | **16.267.643,82** | **23,11%** |
| 41 A Organismos Autónomos da Entidade Local. | 1.780.000,00 | 0 | 1.780.000,00 | 0,00% |
| 42 Á Administración do Estado. | 420.998,72 | 0 | 420.998,72 | 0,00% |
| 45 A Comunidades Autónomas. | 220.000,00 | 50.000,00 | 270.000,00 | 22,73% |
| 46 A Entidades Locais. | 7.061.664,16 | 1.457.997,95 | 8.519.662,11 | 20,65% |
| 47 A Empresas privadas. | 326.000,00 | 105.000,00 | 431.000,00 | 32,21% |
| 48 A Familias e Institucións sen fins de lucro. | 3.405.106,07 | 1.440.876,92 | 4.845.982,99 | 42,32% |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 101

| Artigo | Créditos Iniciais | Modificacións | Créditos Definitivos | % de modificacións |
|---|---|---|---|---|
| **5 Fondo de continxencia.** | **10.000,00** | **0** | **10.000,00** | **0,00%** |
| 50 Dotación ao fondo de continxencia. | 10.000,00 | 0 | 10.000,00 | 0,00% |
| **6 Investimentos reais.** | **14.610.872,47** | **10.041.119,31** | **24.651.991,78** | **68,72%** |
| 60 Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. | 100.000,00 | 2.337,24 | 102.337,24 | 2,34% |
| 61 Investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. | 3.600.000,00 | 2.108.125,39 | 5.708.125,39 | 58,56% |
| 62 Investimento novo asociada ao funcionamento operativo dos servizos. | 3.595.639,67 | 1.623.248,45 | 5.218.888,12 | 45,14% |
| 63 Investimento de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos. | 464.232,80 | 136.001,28 | 600.234,08 | 29,30% |
| 64 Gastos en investimentos de carácter inmaterial. | 543.000,00 | 351.274,51 | 894.274,51 | 64,69% |
| 65 Investimentos xestionados para outros entes públicos. | 6.308.000,00 | 5.820.132,44 | 12.128.132,44 | 92,27% |
| **7 Transferencias de capital.** | **663.528,20** | **10.576.880,25** | **11.240.408,45** | **1594,04%** |
| 72 Á Administración do Estado. | 250.000,00 | 371.275,19 | 621.275,19 | 148,51% |
| 76 A Entidades Locais. | 287.528,20 | 9.060.288,72 | 9.347.816,92 | 3151,10% |
| 77 A empresas privadas. | 0 | 60.000,00 | 60.000,00 | ---- |
| 78 A familias e institucións sen fins de lucro. | 106.000,00 | 1.085.316,34 | 1.191.316,34 | 1023,88% |
| 79 Ao exterior. | 20.000,00 | 0 | 20.000,00 | 0,00% |
| **8 Activos financeiros.** | **300.000,00** | **396.235,29** | **696.235,29** | **132,08%** |
| 82 Concesión préstamos ao sector público. | 0 | 100.000,00 | 100.000,00 | ---- |
| 83 Concesión de préstamos fose do sector público. | 300.000,00 | 296.235,29 | 596.235,29 | 98,75% |
| **9 Pasivos financeiros.** | **1.168.867,07** | **4.200.000,00** | **5.368.867,07** | **359,32%** |
| 91 Amortización de préstamos e de operacións en euros. | 1.168.867,07 | 4.200.000,00 | 5.368.867,07 | 359,32% |
| **Total modificacións orzamentarias** | **80.707.000,00** | **29.546.687,36** | **110.253.687,36** | **36,61%** |

En canto aos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, no exercicio 2018 partiuse cun saldo inicial de 10.433.829,28 euros, houbo cancelacións por 63.095,79 euros e os cobros supuxeron ingresos por 6.473.569,25 euros. O saldo a final do exercicio dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados foi de 3.897.164,10 euros, que están considerados na súa totalidade como debedores de dubidoso cobro.

Non hai dotación para responsabilidades ou continxencias.

No seguinte cadro móstranse os datos máis relevantes sobre a viabilidade financeira:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 101

**Cadro 13: Evolución do resultado orzamentario axustado**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| Ingresos Operacións Correntes (Cap. I a IV) | 77.480.350,48 | 77.730.986,75 | 84.858.435,80 | 85.106.829,88 |
| Gastos Operacións Correntes (Cap. I a V) | 49.240.850,21 | 54.589.992,66 | 54.890.313,28 | 57.072.127,46 |
| Aforro bruto | **28.239.500,27** | **23.140.994,09** | **29.968.122,52** | **28.034.702,42** |
| Ingresos Operacións de capital (Cap. VI e VII) | 1.728.198,07 | 816.259,14 | 1.471.991,29 | 3.239.460,22 |
| Gastos Operacións de capital (Cap. VI e VII) | 17.675.572,57 | 19.408.258,38 | 17.631.170,00 | 16.905.169,33 |
| Total operacións de capital | **-15.947.374,50** | **-18.591.999,24** | **-16.159.178,71** | **-13.665.709,11** |
| I. Superávit/Déficit non financeiro | **12.292.125,77** | **4.548.994,85** | **13.808.943,81** | **14.368.993,31** |
| II. Activos financeiros | -257.385,88 | -1.476.612,17 | -278.078,92 | -420.794,33 |
| Gastos Cap. IX Pasivos Financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Ingresos Cap. IX Pasivos Financeiros | 9.165.624,00 | 7.757.129,94 | 8.184.272,54 | 5.368.867,06 |
| III. Variación neta do endebedamento (Pasivos financeiros) | -9.165.624,00 | -7.757.129,94 | -8.184.272,54 | -5.368.867,06 |
| **1. Rdo. Orzamentario. Exercicio (I+II+III)** | **2.869.115,89** | **-4.684.747,26** | **5.346.592,35** | **8.579.331,92** |
| IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | 0,00 | 22.874.759,44 | 18.788.210,00 | 18.992.333,95 |
| V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | 201.035,80 | 0,00 | 44.148,86 | 629.401,90 |
| VI. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | 1.046.218,13 | 167.132,60 | 790.717,47 | 290.604,08 |
| **2. Total axustes (IV+V-VI)** | **-845.182,33** | **22.707.626,84** | **18.041.641,39** | **19.331.131,77** |
| **3. Rdo. Orzamentario axustado (1+2)** | **2.023.933,56** | **18.022.879,58** | **23.388.233,74** | **27.910.463,69** |

Nos datos do cadro anterior obsérvase que o aforro bruto diminúe respecto ao exercicio 2017 e que hai un superávit non financeiro de 14.369 miles de euros; a maior ou menor capacidade ou necesidade de financiamento dependerá dos axustes que sexa necesario facerlle ao resultado non financeiro.

De acordo co Informe da Intervención sobre a Liquidación do orzamento da Deputación provincial de Ourense do exercicio 2018 o aforro neto ascendería a 28.044.623,27 euros, despois de minorar o aforro bruto co importe dunha anualidade teórica de amortización dos préstamos pendentes de reembolso e dos que estean proxectados, tendo tamén en conta as obrigas recoñecidas derivadas de modificacións financiadas con remanente de tesourería.

O exame das magnitudes orzamentarias mostra no exercicio 2018 un resultado orzamentario positivo antes de axustes de 8.579 miles de euros, tendo especial relevancia neste dato a diminución producida no endebedamento da entidade na cantidade de 5.369 miles de euros.

No seguinte cadro móstranse os indicadores de autonomía da Deputación. O cociente de autonomía, que mostra a proporción dos ingresos orzamentarios (excepto os derivados de subvencións e pasivos financeiros) en relación coa totalidade de ingresos do exercicio, é inferior





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 101

ao autonómico e ao nacional. Este indicador está directamente vinculado ao índice de dependencia das subvencións recibidas, o cal amosa a proporción dos dereitos recoñecidos netos por subvencións correntes e de capital sobre o total de dereitos recoñecidos, indicando no caso da Deputación de Ourense unha baixa dependencia das decisións de gasto doutras administracións, aínda que é superior ás medias autonómica e nacional.

O indicador da autonomía fiscal, que reflicte a proporción que representan os ingresos orzamentarios de natureza tributaria (impostos, taxas e contribucións especiais) realizados no exercicio en relación coa totalidade dos ingresos orzamentarios realizados no mesmo, é moi inferior á media autonómica e nacional.

**Cadro 14: Indicadores autonomía.**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Autonomía** | **Deputación de Ourense** | **89,93%** | **90,86%** | **90,58%** | **88,45%** |
| DRN (Capítulos 1 a 3, 5, 6 e 8 + transferencias recibidas) / DRN | Media Galicia | 93,05% | 98,18% | 94,59% | 95,73% |
| | Media nacional | 90,07% | 94,19% | 93,30% | 94,42% |
| **Autonomía fiscal** | **Deputación de Ourense** | **11,45%** | **12,27%** | **12,48%** | **11,98%** |
| DRN de natureza tributaria/DRN | Media Galicia | 18,33% | 20,32% | 17,88% | 18,76% |
| | Media Nacional | 15,56% | 16,41% | 16,35% | 17,40% |
| **Índice de dependencia das subvencións recibidas** | **Deputación de Ourense** | **10,17%** | **9,22%** | **9,63%** | **11,73%** |
| DRN Capítulos 4 e 7/DRN | Media Galicia | 7,26% | 3,20% | 6,66% | 3,97% |
| | Media nacional | 11,03% | 11,41% | 10,93% | 9,87% |

### IV.2.4 CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E ENDEBEDAMENTO.

O artigo 15.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP) establece que: "Se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor".



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 101

Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de cumprimento da regra de gasto, para o período 2018-2020, fixados polo Estado para as entidades locais foron:

**Cadro 15: Obxectivos.**

| Obxectivos | 2018 | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|
| Obxectivo de estabilidade orzamentaria | 0,0% | 0,0% | 0,0% |
| Obxectivo de débeda pública | 2,7% | 2,6% | 2,5% |
| Regra de gasto (% variación anual) | 2,4% | 2,7% | 2,8 |

De acordo cos datos subministrados pola Deputación de Ourense ao Ministerio de Facenda con ocasión da Liquidación do orzamento de 2018 a entidade cumpriu cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

No seguinte cadro móstranse a evolución das principais magnitudes relacionadas coa viabilidade da entidade extraídas das contas xerais rendidas:

**Cadro 16: Evolución magnitudes viabilidade.**

| Descrición | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2016/2015 | Variación 2017/2016 | Variación 2018/2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aforro bruto | 28.239.500,27 | 23.140.994,09 | 29.968.122,52 | 28.034.702,42 | -18,05% | 29,50% | -6,45% |
| Gastos Cap. IX Pasivos Financeiros | 9.165.624,00 | 7.757.129,94 | 8.184.272,54 | 5.368.867,06 | -15,37% | 5,51% | -34,40% |
| Gastos Operacións Correntes (Cap. I a IV) | 49.240.850,21 | 54.589.992,66 | 54.890.313,28 | 57.072.127,46 | 10,86% | 0,55% | 3,97% |
| Incremento (+)/Diminución (-) Endebedamento | -9.165.624,00 | -7.757.129,94 | -8.184.272,54 | -5.368.867,06 | -15,37% | 5,51% | -34,40% |
| Ingresos Cap. IX Pasivos Financeiros | 0 | 0 | 0 | 0 | - | - | - |
| Ingresos Operacións Correntes (Cap. I a V) | 77.480.350,48 | 77.730.986,75 | 84.858.435,80 | 85.106.829,88 | 0,32% | 9,17% | 0,29% |
| Total Gastos non financeiros (Cap. I a VII) | 66.916.422,78 | 73.998.251,04 | 72.521.483,28 | 73.977.296,79 | 10,58% | -2,00% | 2,01% |
| Total Ingresos non financeiros (Cap. I a VII) | 79.208.548,55 | 78.547.245,89 | 86.330.427,09 | 88.346.290,10 | -0,83% | 9,91% | 2,34% |
| Remanente de tesourería para gastos xerais | 26.726.781,54 | 22.428.129,18 | 26.462.156,08 | 34.551.660,61 | -16,08% | 17,99% | 30,57% |
| Superávit/Déficit non financeiro | 12.292.125,77 | 4.548.994,85 | 13.808.943,81 | 14.368.993,31 | -62,99% | 203,56% | 4,06% |
| Fondo de manobra | 272.750.845,58 | 271.580.857,32 | 285.034.550,44 | 300.460.272,72 | -0,43% | 4,95% | 5,41% |

En canto á verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a capacidade de financiamento deberá ter un valor cero ou positivo; esta magnitude é o resultado da diferencia entre os ingresos e os gastos non financeiros dos capítulos I a VII despois de realizarlle os axustes



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 101

establecidos polo SEC 95. A capacidade de financiamento declarada pola Deputación de Ourense en 2018 foi de 14.738.861,30 euros.

O obxectivo da regra de gasto cumprirase se a variación do gasto computable, definido no artigo 12.2 da LOEOSF, entre dous exercicios non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto que , como xa se expuxo, no exercicio 2018 fixouse no 2,4%.

De acordo cos datos do informe da Intervención sobre a liquidación do orzamento do ano 2016 nese exercicio incumpriuse co obxectivo da regra de gasto xa que se superou o límite máximo de gasto non financeiro na cantidade de 605.226,69 euros. Esta circunstancia obrigou a aprobar no ano 2017 un Plan económico-financeiro (PEF) para os exercicios 2017 e 2018 coa finalidade de lograr o cumprimento do obxectivo da regra de gasto.

A causa do incumprimento estivo no importe das obrigacións recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais. O PEF contempla as seguintes medidas:

1. Os gastos superiores a 2.000,00 euros deberán ser tramitados coa correspondente proposta de gastos asinada polo xefe ou responsable da unidade xestora, que será fiscalizada, salvo aquelas que se refiran a custos propios de servizos reiterados, modificando así a base 29ª das de execución do orzamento.

2. Co remanente de tesourería vénse amortizando anticipadamente débeda cada ano. No exercicio 2016, no que se produciu o incumprimento, a amortización elevouse a 5.987.464,53 euros con cargo ao remanente de tesourería. Debido a que o capítulo 9 non inflúe na regra do gasto, unha medida de aforro forzosa foi empregar o mesmo importe que este ano máis 605.226,69 euros, que equivale xusto ao importe do incumprimento da regra. Esta medida deixa de ter relevancia cando o capital vivo estea totalmente amortizado.

3. O 50% da contía da modificación de crédito non destinada a amortización será destinada a investimentos financeiramente sostibles que acreditarán os destinatarios beneficiarios.

Tanto no exercicio 2017 como no 2018 os informes da Intervención da entidade acreditaron o cumprimento tanto da regra de gasto, como do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do límite da débeda e do período medio de pago, polo que se pode afirmar que as medidas incluídas no PEF cumpriron cos seus obxectivos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Polo que respecta á débeda financeira, a 31 de decembro de 2018 só existe un préstamo bancario cun nominal de 23.377.341,26 euros, do que nesa data quedaba pendente de pago a cantidade

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 101

de 6.319.803,58 euros. O último dato publicado na web de transparencia da Deputación sobre a situación da débeda pública é o correspondente ao 31 de decembro de 2018.

A evolución da débeda financeira desde o final do exercicio 2015 ata o final do exercicio fiscalizado foi a seguinte:

**Cadro 17: Evolución da débeda financeira viva**

| Préstamo | Data | Importe | 31/12/15 | 31/12/16 | 31/12/17 | 31/12/18 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BCL | 30/03/2004 | 23.377.341,26 | 28.432.249,85 | 20.297.942,88 | 11.688.867,07 | 6.319.803,58 |

Pódese apreciar como a débeda financeira foi diminuíndo nestes 4 anos; pola política de amortizacións anticipadas pasouse de ter 7 préstamos bancarios no exercicio 2015 por un importe de 50.280 miles de euros a só un préstamo de 23.377 miles de euros en 2018. No seguinte cadro móstrase a redución da carga financeira nos anos revisados:

**Cadro 18: Evolución da carga financeira**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| % Carga financeira s/ ingresos correntes | 12,09% | 10,01% | 9,66% | 6,32% |
| Amortizacións da débeda (Capítulo IX) | 9.165.624,00 | 7.757.129,94 | 8.184.272,54 | 5.368.867,06 |
| Custo financeiro da débeda (Capítulo III) | 199.528,16 | 23.295,84 | 6.732,25 | 9.975,96 |
| Carga financeira total | 9.365.152,16 | 7.780.425,78 | 8.191.004,79 | 5.378.843,02 |
| Ingresos correntes (Capítulos I a V) | 77.480.350,48 | 77.730.986,75 | 84.858.435,80 | 85.106.829,88 |

## IV.2.5 RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DA FISCALIZACIÓN PREVIA E RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Nos exercicios 2018 e 2019 remitiuse, a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais do Tribunal de Cuentas, certificación de que non se adoptaron acordos ou resolucións polo Pleno, a Xunta de Goberno Local ou o Presidente da Entidade contrarios aos reparos formulados polo órgano de Intervención, que non se tramitaron expedientes administrativos de gastos nin adoptado acordos á marxe do procedemento nin con omisión de fiscalización previa e que non se detectaron anomalías en materia de ingresos que se considerasen relevantes.

Aínda que se certificou que non existiron expedientes con omisión de fiscalización previa, no Pleno do 27 de xullo de 2018, aprobouse un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 282.824,99 euros, correspondente a 132 facturas do exercicio 2017 que se rexistraron ou conformaron en 2018.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 101

A este respecto debe terse en conta que o artigo 28 do RD 424/2017 establece que nos supostos nos que a función interventora sexa preceptiva e se omita, non se poderá recoñecer a obrigación, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no dito artigo.

## IV.3 INMOBILIZADO

A área de patrimonio da Deputación conta con 4 postos: unha xefatura de sección, un técnico adxunto e un posto de administrativo e outro de auxiliar.

O Regulamento de bens da entidades locais de 1986 (RBEL) establece que as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos seus bens e dereitos, con suxeición ás normas contidas no propio RBEL. O seu artigo 18 establece os epígrafes nos que se deben agrupar os bens e dereitos segundo a súa natureza, sinalando nos artigos seguintes os datos que deben constar en cada epígrafe.

No portal de transparencia da Deputación de Ourense está publicado un inventario provisional sen que conste unha data de aprobación do mesmo. A entidade indica que non ten formado un inventario de bens completo e actualizado, e que non dispón dun sistema de control de altas e baixas, nin realiza verificacións sobre a existencia dos bens e o seu estado de situación e conservación.

Non hai instrucións ou procedementos escritos regulando as actuacións periódicas que deben facer os servizos ou departamentos da entidade para a rectificación e comprobación do inventario prevé o RBEL

O inventario provisional agrúpase basicamente nos epígrafes de bens mobles, inmobles e vehículos, sendo moi limitadas as posibilidades de consulta polo formato no que está publicado. Entre outros datos non se indica o valor dos bens nin se están inscritos no Rexistro da propiedade.

A Deputación manifesta que non ten políticas escritas sobre os procedementos de adquisicións, venda ou baixa do inmobilizado. Os  bens mobles e inmobles están asegurados co seu valor actualizado periodicamente.

## IV.4 CONTAS A PAGAR

O departamento de gastos, ten unha dotación de 4 postos,  está estruturado como un servizo que conta cunha xefatura de servizo, unha xefatura de sección, un administrativo e un auxiliar de rexistro de facturas.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 101

No seguinte cadro están recollidas as contas a pagar da entidade, sen ter en conta as correspondentes á contabilidade da administración de recursos por conta doutros entes públicos e ao endebedamento, coa súa evolución nos últimos 4 anos:

**Cadro 19: Evolución das contas a pagar**

| Nº Conta | Descrición conta | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| 180 | Fianzas recibidas a longo prazo. | 265.245,53 | 231.774,10 | 244.016,21 | 259.596,21 |
| 400 | AOR orzamento corrente | 9.015.854,46 | 11.319.467,57 | 7.903.785,49 | 10.757.862,02 |
| 401 | AOR orzamentos de gastos pechados | 87.260,92 | 45.588,11 | 148.925,86 | 121.385,61 |
| 410 | Acredores por IVE/IVE soportado. | 110.788,28 | 120.467,46 | 120.436,56 | 114.808,12 |
| 413 | Acredores por operacións devindicadas | -915,36 | 21.651,08 | 0,00 | 0,00 |
| 418 | Acredores por devolución de ingresos e outras minoracións | 0,00 | 0,00 | 1,21 | 1,21 |
| 419 | Outros acredores non orzamentarios | 710.076,35 | 1.055.580,48 | 1.087.933,15 | 1.028.175,41 |
| 433 | Dereitos anulados de orzamento corrente | 60.475,72 | 34.575,52 | 17.848,22 | 9.425,01 |
| 437 | Devolución de ingresos. | -60.475,72 | -15.947,88 | -17.848,22 | -8.018,24 |
| 439 | Dereitos cancelados de orzamentos pechados | 3.513,59 | 58.902,77 | 17.156,74 | 63.095,79 |
| 475 | HP acredora por diversos conceptos | 453.710,80 | 511.652,79 | 508.354,97 | 557.525,09 |
| 476 | Organismos de previsión social acredores | 78.651,63 | 76.144,42 | 79.738,85 | 85.615,51 |
| 560 | Fianzas recibidas a curto prazo. | 214.897,07 | 219.779,38 | 233.911,42 | 218.662,54 |
| 561 | Depósitos recibidos a curto prazo | 198.844,81 | 201.905,75 | 171.140,75 | 175.226,13 |
| **Total** | | **11.137.928,08** | **13.881.541,55** | **10.515.401,21** | **13.383.360,41** |

Neste cadro pódese observar que a conta de máis importe é a de acredores por obrigacións recoñecidas do orzamento de gastos corrente, que ven representando o 80% do total de contas a pagar en cada exercicio. Apreciase tamén que esta conta presenta grandes oscilacións dun exercicio a outro.

Vese, así mesmo, que a entidade non utiliza a conta 413 Acredores por obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento, que recolle as débedas derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas, polo que parece que a entidade non realiza unha periodificación de gastos. Porén, no cuestionario remitido sobre esta área, a entidade indica que ten políticas contables que aseguran a adecuada contabilización das facturas, aplicándose o principio de devindicación.

En canto ao cumprimento do prazo legal de pago a provedores, a LOEOSF, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago da débeda comercial. Pola súa parte O Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, desenvolve a metodoloxía



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 101

de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na LOEOSF.

Segundo a información subministrada pola Deputación de Ourense ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos referidos á evolución do período medio de pago no exercicio 2018 son os seguintes, tendo en conta que o método de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na LOEOSF, variou a partir de abril de 2018 de acordo coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira polo que as cifras de xaneiro a marzo non son comparables coas do resto do ano:

**Cadro 20: Período medio de pago**

| Mes | Período medio de pago |
|---|---|
| xaneiro | 15,15 |
| febreiro | 22,23 |
| marzo | 21,86 |
| abril | 35,08 |
| maio | 33,91 |
| xuño | 16,50 |
| xullo | Sen datos |
| agosto | 28,91 |
| setembro | 26,45 |
| outubro | 21,32 |
| novembro | 21,96 |
| decembro | 18,58 |

Fonte: Ministerio de Facenda

Conforme o artigo 4 da LOEOSF, enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. A este respecto a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 101

comerciais fixa en 30 días o prazo máximo para o pago aos provedores. Como pode observarse no cadro este prazo superouse nos meses de abril e maio.

Terminando coas políticas sobre morosidade, a entidade declara que incorpora ao informe trimestral da mesma todas as facturas para as que se exceda o prazo de 3 meses dende a súa anotación sen tramitar a obriga nin xustificar a ausencia da devandita tramitación.

En relación coas políticas de autorización da operación, a entidade ten establecido niveis de autoridade para a aprobación de operacións e transaccións.

En relación coa recepción dos bens e servizos:

- A entidade indica que ten procedementos para a recepción de bens ou servizos, porén a entidade entende que non é aplicable o feito de documentar a evidencia de que se recibiron de conformidade os bens ou servizos e de que son correctas as súas características, especificacións e condicións de calidade. Comprobouse que na documentación dos expedientes de contratación que foron revisados constan as actas ou certificados de recepción de conformidade dos bens e servizos obxecto das prestacións contratadas.

Respecto da contabilidade:

- Existen procedementos para a contabilización das contas a pagar.
- A entidade non dispón de rexistros auxiliares como soporte a contabilidade principal

Respecto do pago:

Existen controis para identificar importes a deducir do pago como consecuencia de garantías, fianzas, etc. a cargo do acredor e están claramente definidas as políticas de firma dos documentos de pago.

## IV.5. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS.

### IV.5.1 PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

A lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica introduciu diversas medidas entre as que destaca a utilización obrigatoria da factura electrónica no ámbito do sector público (dende xaneiro do 2015), así como a creación do rexistro contable de facturas, cuxa xestión corresponde á unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

A Deputación de Ourense está adherida ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, que é unha plataforma online que permite presentar facturas



Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

electrónicas a través de internet. As distintas fases de tramitación do procedemento de tramitación das facturas en FACe son as seguintes:

- Rexistrada no Rexistro Contable de facturas (RCF): toda factura electrónica recibida no correspondente Punto Xeral de Entrada de Facturas (PXEF) ou en papel é rexistrada e remitida inmediatamente á oficina contable competente para a súa anotación no RCF.

- Aceptada ou Rexeitada: Unha vez anotada, a unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade pon a factura a disposición do órgano competente para tramitar o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servicio realizada por quen expide a factura. A única posibilidade de rexeite de factura e que a mesma incumpra os requisitos (de natureza técnica) previstos na Lei 25/2013 e regulamento que a desenvolve, que da lugar a un rexeite automático ou non anotación no RCF.

- Contabilizada a obriga recoñecida: O órgano competente, unha vez feitas as verificacións oportunas, procederá a dar a conformidade da factura se a mesma reflicte adecuadamente a xustificación da entrega do ben ou prestación do servicio conforme ao contrato. Una vez conformada, realizaranse o resto de actuacións necesarias para a aprobación do expediente de recoñecemento da obriga, incluída a remisión á Intervención para a súa fiscalización e a súa posterior contabilización polo órgano competente.

- Pagada: Unha vez conformada e, no seu caso recoñecida a obriga, procederase ao pago das mesmas

- Anulada: Cando haxa unha solicitude, por parte dun provedor, de anulación dunha factura. Unha vez anotada a solicitude, remitirase ao órgano competente para a súa tramitación, que procederá á súa estimación e anulación, ou ben a rexeitar tal solicitude.

Cada unha destas circunstancias (rexistro, conformidade ou non, recoñecemento da obriga, pago ou devolución) debe ser anotada no RCF, de xeito que permita aos provedores presentar e coñecer en cada momento o estado de tramitación das súas facturas.

## IV.5.2 COMPROBACIÓNS REALIZADAS SOBRE O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

As probas realizadas reflicten unha adecuada comunicación entre ambos rexistros, de xeito que non existen facturas no PXEF que non figuran no RCF, ao tempo que se constata igualmente a actualización dos diferentes estados polos que pasa a factura presentada electronicamente a medida que se executa o procedemento administrativo de recoñecemento da obriga.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 101

Todas as facturas recibidas anótanse no Rexistro de facturas de conformidade coa Lei 25/2013, e se remiten posteriormente ao órgano responsable da obriga económica. Porén, non sempre se lle require para que xustifique por escrito no caso de non ter tramitado o recoñecemento da obriga no prazo de 1 mes dende a súa anotación no Rexistro.

## IV.6 TESOURERÍA

Pola súa parte, a Área de Tesourería estrutúrase en dous servizos: o Servizo de Tesourería e o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, comprendendo este último dous negociados: Negociado de Xestión Tributaria e Negociado de Recadación, existindo segregación de funcións entre os mesmos pero non se definen as responsabilidades de cada empregado.

Aínda que a entidade non ten aprobada unha regulación específica non se realizan pagos a través de caixa salvo os que se efectúan nas habilitacións a través de anticipos de caixa fixa ou pagos a xustificar.

No exercicio fiscalizado a entidade tiña abertas un total de 23 contas bancarias cun saldo a 31 de decembro de 47.763.863,25 euros. No seguinte cadro móstrase unha comparativa dos fondos líquidos existentes nas 4 deputacións galegas en 2018:

**Cadro 21: Fondos líquidos e liquidez inmediata das Deputacións en 2018**

| Deputación | Orzamento definitivo | Fondos líquidos | Pasivo corrente | Liquidez inmediata |
|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 432.182.709,14 | 308.747.218,05 | 275.527.677,33 | 1,12 |
| Lugo | 144.154.218,31 | 85.556.968,03 | 108.295.806,73 | 0,79 |
| Ourense | 110.253.687,36 | 47.763.863,25 | 44.020.622,72 | 1,09 |
| Pontevedra | 319.048.661,61 | 166.036.686,45 | 112.910.238,19 | 1,47 |

Sinálase así mesmo o índice de liquidez inmediata, que reflicte a proporción das obrigas orzamentarias e non orzamentarias a curto prazo que pode atender a entidade coa liquidez inmediatamente dispoñible. Un valor baixo do indicador supón que a entidade non conta con suficientes recursos líquidos para atender a curto prazo o seu pasivo corrente, como é o caso da Deputación de Lugo. Un maior valor supón que a entidade conta cos citados recursos para atender o seu pasivo corrente, aínda que un valor excesivamente alto podería poñer de manifesto a existencia de recursos ociosos, como é o caso da Deputación de Pontevedra.

Existe un Plan de disposición de fondos aprobado no ano 2019, aínda que pola liquidez da entidade e polo seu período medio de pago non deberan existir conflitos coa distribución temporal dos pagos. Nas bases de execución do orzamento 36 a 42 hai unha regulación básica da ordenación de pagos, así como dos pagos a xustificar e dos anticipos de caixa fixa.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 101

O Remanente de tesourería reflicte a situación de liquidez da entidade ao peche do exercicio é un indicador moi importante para valorar a solvencia financeira a curto prazo da Entidade local.

A evolución do remanente de tesourería nos últimos 4 exercicios é a seguinte:

**Cadro 22: Evolución do remanente de tesourería**

| Concepto | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|
| 1. (+) Fondos líquidos | 32.294.321,26 | 31.235.938,02 | 34.842.422,28 | 47.763.863,25 |
| 2. (+) Dereitos pendentes de cobramento | 14.196.086,02 | 13.114.355,40 | 12.963.015,36 | 8.514.304,83 |
| a. (+) Do orzamento corrente | 4.705.531,71 | 3.522.597,47 | 3.916.847,83 | 3.937.153,37 |
| b. (+) De orzamentos pechados | 6.847.012,73 | 6.884.464,15 | 6.516.981,45 | 3.897.164,10 |
| c. (+) De operacións non orzamentarias | 2.643.541,58 | 2.707.293,78 | 2.529.186,08 | 679.987,36 |
| 3. Obrigacións pendentes de pago | 11.696.446,11 | 14.313.354,04 | 11.083.303,35 | 13.870.503,56 |
| a. (+) Do orzamento corrente | 9.015.854,46 | 11.319.467,57 | 7.903.785,49 | 10.757.862,02 |
| b. (+) De orzamentos pechados | 87.260,92 | 45.588,11 | 148.925,86 | 121.385,61 |
| c. (+) De operacións non orzamentarias | 2.593.330,73 | 2.948.298,36 | 3.030.592,00 | 2.991.255,93 |
| 4. (+) Partidas pendentes de aplicación | -3.276.438,95 | -3.257.890,52 | -4.595.041,19 | -3.629.213,87 |
| a. (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 3.605.668,52 | 3.585.933,97 | 4.923.084,64 | 3.957.260,32 |
| b. (-) Pagos pendentes de aplicación definitiva | 329.229,57 | 328.043,45 | 328.043,45 | 328.046,45 |
| **I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)** | **31.517.522,22** | **26.779.048,86** | **32.127.093,10** | **38.778.450,65** |
| II. Saldos de dubidoso cobramento | 3.751.651,54 | 4.202.528,63 | 4.874.219,55 | 3.897.164,10 |
| III. Exceso de financiamento afectado | 1.039.089,14 | 148.391,05 | 790.717,47 | 329.625,94 |
| **IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I – II – III)** | **26.726.781,54** | **22.428.129,18** | **26.462.156,08** | **34.551.660,61** |

No momento de determinar o importe do remanente de tesourería para gastos xerais debe terse en conta, no caso de existir, o saldo ao 31 de decembro da conta 413-Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento. Polo tanto, aínda que sen ter o carácter de axuste segundo a Instrución de contabilidade local, o remanente de tesourería deberá diminuír na contía do saldo da conta 413 ao tratarse de gastos do exercicio corrente que se imputarán a exercicios futuros.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 101

## IV.7 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos estableceu o Esquema Nacional de Seguridade que, aprobado mediante Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, ten por obxecto determinar a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no seu ámbito de aplicación e estará constituído polos principios básicos e requisitos mínimos que permitan unha protección adecuada da información. Posteriormente, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle o Esquema Nacional de Seguridade no seu artigo 156 apartado 2 en similares termos.

A resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, aprobou a Instrución Técnica de Seguridade que ten por obxecto establecer os procedementos para dar publicidade á conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, así como os requisitos esixibles ás entidades certificadoras.

O ENS será aplicado polas Administracións públicas para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

A área de transparencia e goberno aberto da Deputación de Ourense conta con 21 postos: unha dirección de área, unha xefatura de servizo, 8 técnicos e oficiais informáticos, 3 programadores, un negociado de asistencia a entidades locais, outro de procesos de datos e 2 postos dedicados a transparencia, entre outros.

Como resultado do traballo efectuado, verificouse que a Deputación de Ourense dispón dun documento denominado Plan de adecuación ao ENS dende febreiro de 2019, que identifica e valora os principais activos dos sistemas de información da Deputación sobre os que se realiza unha análise de riscos para permitir determinar o nivel de risco da organización e as prioridades no seu tratamento. Neste documento está incluído un Plan de mellora da seguridade. Este foi o único documento aportado como evidencia, non amparando as contestacións dadas no cuestionario con ningún outro tipo de proba documental.

Na análise do marco operacional a entidade informa que ten redactado un borrador dun documento de política de seguridade, aínda non aprobado, necesario para protexer os recursos e activos do sistema e para definir o uso correcto de equipos, servizos, instalacións e a responsabilidade do persoal respecto ao seu cumprimento.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 101

A entidade informa ademais que ten implantadas medidas de control de cambios e de control de accesos.

En canto aos servizos externos contratados non existe un plan de continuidade que estableza as accións a executar en caso de interrupción dos servizos prestados cos medios habituais.

Pola súa parte, o artigo 156.1 da LRXSP establece que o Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) comprende o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade. Poren, a entidade non está en fase de adecuación ao ENI.

## IV.8 SUBVENCIÓNS

A xestión das subvencións lévase a cabo por unha sección de subvencións, que depende organicamente do servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio e que se divide organizativamente nun negociado de subvencións directas e un negociado de concursos.

A entidade ten unha Ordenanza Xeral de Subvencións, aprobada definitivamente en decembro de 2013 (BOP do 13 de decembro), que regula regulación as especialidades da tramitación, concesión, xustificación e control financeiro das subvencións outorgadas pola Deputación Provincial de Ourense e os seus entes públicos dependentes. Ademais, as Bases de execución do Orzamento dedican o capítulo XIV a regular: na Base 86ª a obrigación de aprobar un Plan estratéxico de Subvencións como requisito indispensable para a tramitación de calquera expediente de concesión de subvencións, de acordo con esta disposición o Plan estratéxico para o período 2016-2019 publicouse no BOP de Ourense do 5 de febreiro de 2016; na Base 87ª, establécense normas específicas sobre a xustificación e pago das subvencións; e na Base 88ª as obrigacións relativas ás subvencións a grupos políticos. Nesta última establécese que "a contabilidade presentada polos grupos políticos, unha vez informada pola comisión especial de contas, publicarase no apartado correspondente da sede electrónica da Deputación provincial", obrigación que non se cumpre.

Os gastos nos capítulos 4 Transferencias correntes e 7 Transferencias de capital segundo a liquidación do Orzamento agrupados por programas foron os seguintes:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 101

Cadro 23: Transferencias e subvencións concedidas

| Programas | Créditos iniciais | Modificacións de créditos | Créditos Definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | Pagos | % Obrigas ptes pago 31 de decembro | % Remanentes de crédito | Execución: O.R.N./Cred-Def. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Medio rural | 0,00 | 15.000,00 | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 | 0,00 | ---- | 100,00% | 0,00% |
| Feiras e exposicións | 70.000,00 | 72.000,00 | 142.000,00 | 142.000,00 | 72.000,00 | 72.000,00 | 0,00% | 49,30% | 50,70% |
| Promoción e fomento do deporte | 1.089.500,00 | 584.131,89 | 1.673.631,89 | 1.602.569,52 | 1.040.549,35 | 896.421,47 | 13,85% | 37,83% | 62,17% |
| Actividades culturais | 1.080.106,07 | 658.874,40 | 1.738.980,47 | 1.678.324,11 | 1.085.902,72 | 930.941,92 | 14,27% | 37,56% | 62,44% |
| Promoción comercial | 255.000,00 | 0,00 | 255.000,00 | 235.007,16 | 160.007,16 | 50.000,00 | 68,75% | 37,25% | 62,75% |
| Acción social | 2.375.000,00 | 641.858,77 | 3.016.858,77 | 2.830.740,06 | 2.153.807,39 | 1.694.791,66 | 21,31% | 28,61% | 71,39% |
| Participación veciñal | 50.000,00 | 50.546,94 | 100.546,94 | 99.444,01 | 73.288,78 | 71.444,01 | 2,52% | 27,11% | 72,89% |
| Termalismo | 0,00 | 8.000,00 | 8.000,00 | 7.199,69 | 7.199,69 | 7.199,69 | 0,00% | 10,00% | 90,00% |
| Limpeza viaria | 350.000,00 | 0,00 | 350.000,00 | 324.630,00 | 315.630,00 | 219.438,67 | 30,48% | 9,82% | 90,18% |
| Coop. provincial | 130.000,00 | 966.970,00 | 1.096.970,00 | 1.049.830,65 | 1.004.830,65 | 340.490,52 | 66,11% | 8,40% | 91,60% |
| Corporación provincial | 405.000,00 | 105.000,00 | 510.000,00 | 467.361,77 | 467.361,77 | 343.335,48 | 26,54% | 8,36% | 91,64% |
| Universidade de Vigo | 220.000,00 | 50.000,00 | 270.000,00 | 256.420,87 | 256.420,87 | 46.935,49 | 81,70% | 5,03% | 94,97% |
| Coop. xestión lixo | 28.000,00 | 0,00 | 28.000,00 | 27.100,00 | 27.100,00 | 0,00 | 100,00% | 3,21% | 96,79% |
| Fomento do emprego | 2.379.000,00 | 0,00 | 2.379.000,00 | 2.317.289,37 | 2.311.289,37 | 687.214,92 | 70,27% | 2,85% | 97,15% |
| Protección e defensa civil | 813.333,20 | 5.000,00 | 818.333,20 | 818.333,20 | 815.833,20 | 637.111,06 | 21,91% | 0,31% | 99,69% |
| Consorcio Os Peares | 48.080,96 | 0,00 | 48.080,96 | 48.080,96 | 48.080,96 | 48.080,96 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| Consorcio provincial contra incendios | 1.419.750,00 | 0,00 | 1.419.750,00 | 1.419.750,00 | 1.419.750,00 | 1.419.750,00 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| Desenvolvemento empresarial | 200.000,00 | -138.507,13 | 61.492,87 | 61.492,87 | 61.492,87 | 61.492,87 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| Instituto Ourensano do desenvol. Inorde | 1.780.000,00 | 0,00 | 1.780.000,00 | 1.780.000,00 | 1.780.000,00 | 1.650.000,00 | 7,30% | 0,00% | 100,00% |
| Ordenamento e promoción turística | 0,00 | 35.000,00 | 35.000,00 | 35.000,00 | 35.000,00 | 35.000,00 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| Servizo de augas e medio ambiente | 100.000,00 | 0,00 | 100.000,00 | 100.000,00 | 100.000,00 | 100.000,00 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| Uned | 420.998,72 | 0,00 | 420.998,72 | 420.998,72 | 420.998,72 | 420.998,72 | 0,00% | 0,00% | 100,00% |
| **Total transferencias correntes** | **13.213.768,95** | **3.053.874,87** | **16.267.643,82** | **15.736.572,96** | **13.656.543,50** | **9.732.647,44** | **28,73%** | **16,05%** | **83,95%** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 101

| Programas | Créditos iniciais | Modificacións de créditos | Créditos Definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | Pagos | % Obrigas ptes pago 31 de decembro | % Remanentes de crédito | Execución: O.R.N./Cred-Def. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades culturais | 0,00 | 102.650,00 | 102.650,00 | 102.445,10 | 0,00 | 0,00 | ---- | 100,00% | 0,00% |
| Desenvolvemento empresarial | 0,00 | 200.000,00 | 200.000,00 | 200.000,00 | 0,00 | 0,00 | ---- | 100,00% | 0,00% |
| Promoción comercial | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 | 20.000,00 | 0,00 | 0,00 | ---- | 100,00% | 0,00% |
| Termalismo | 0,00 | 60.000,00 | 60.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | ---- | 100,00% | 0,00% |
| Acción social | 0,00 | 492.069,75 | 492.069,75 | 21.524,76 | 5.750,00 | 0,00 | 100,00% | 98,83% | 1,17% |
| Mellora medio natural | 250.000,00 | 371.275,19 | 621.275,19 | 27.143,10 | 27.143,10 | 27.143,10 | 0,00% | 95,63% | 4,37% |
| Patrimonio histórico artístico | 6.000,00 | 191.949,53 | 197.949,53 | 127.559,47 | 34.365,94 | 34.365,94 | 0,00% | 82,64% | 17,36% |
| Participación veciñal | 100.000,00 | 118.647,06 | 218.647,06 | 187.044,16 | 65.647,00 | 53.529,92 | 18,46% | 69,98% | 30,02% |
| Coop. provincial | 287.528,20 | 9.040.288,72 | 9.327.816,92 | 7.008.210,01 | 4.330.110,50 | 2.264.999,05 | 47,69% | 53,58% | 46,42% |
| **Total transferencias de capital** | **663.528,20** | **10.576.880,25** | **11.240.408,45** | **7.693.926,60** | **4.463.016,54** | **2.380.038,01** | **46,67%** | **60,29%** | **39,71%** |
| **Total xeral** | **13.877.297,15** | **13.630.755,12** | **27.508.052,27** | **23.430.499,56** | **18.119.560,04** | **12.112.685,45** | **33,15%** | **34,13%** | **65,87%** |

As transferencias correntes de máis importe son as relativas á acción social e ao fomento do emprego, mentres que o 83% das transferencias de capital corresponden á cooperación provincial, programa no que se aprecia un importante retraso na súa execución, sobre todo tendo en conta que os seus créditos incrementáronse nun 3.144% por modificacións orzamentarias, chegando á fase de obrigas recoñecidas tan só 46,42% dos créditos definitivos. Do total de modificacións deste programa, 1,8 millóns de euros corresponden a incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores, 5 millóns a suplementos de crédito e 2,1 millóns a créditos extraordinarios, todas elas financiadas con remanentes líquido de tesourería.

Outros programas nos que a execución foi significativamente baixa foron os de Desenvolvemento empresarial e Promoción comercial nos que non chegaron a recoñecerse obrigas. En total a execución das transferencias de capital incluídas nos anteriores programas non chegou ao 40%.

No portal de transparencia da Deputación publícanse as subvencións concedidas en cada cuadrimestre, o resumo do exercicio 2018 agrupado polas liñas de actuación establecidas no Plan estratéxico de subvencións 2016-2019 é o seguinte:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 101

**Cadro 24: Subvencións concedidas**

| Liña | Importe concedido/ Importe máximo |
|---|---|
| D.1 Cooperación ás obras e servizos municipais | 5.032.948,92 |
| D.2 Fomento da cultura | 1.213.514,49 |
| D.3.Fomento do deporte | 1.186.070,60 |
| D.5. Fomento do benestar social | 386.203,09 |
| D.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia | 746.700,69 |
| D.7. Fomento do asociacionismo veciñal | 210.000,00 |
| Emerxencia social | 9.455,01 |
| **Total xeral** | **8.784.892,80** |

Aínda que a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o procedemento máis empregado para a concesión das subvencións e axudas foi a concesión directa nominativa prevista nos orzamentos da entidade cun 84%, seguido do réxime de concorrencia competitiva cun 12% e a concorrencia non competitiva cun 4%. O 70% dos beneficiarios das subvencións concedidas foron entidades locais.

O importe segundo o procedemento empregado para a súa concesión foi o seguinte:

**Cadro 25: Desagregación do importe das subvencións segundo procedemento de concesión**

| Procedemento | Importe concedido |
|---|---|
| Concorrencia competitiva | 1.084.000,00 |
| Concorrencia no competitiva | 320.000,00 |
| Subvención nominativa | 7.380.892,80 |
| **Total xeral** | **8.784.892,80** |

Entre as subvencións nominativas, a distribución entre as que se conceden a concellos ou mancomunidades e a outros beneficiarios é a seguinte:

**Cadro 26: Desagregación das subvencións nominativas segundo o seu destinatario**

| Beneficiarios subvencións nominativas | Importe concedido |
|---|---|
| A Concellos e mancomunidades | 5.163.018,31 |
| Resto | 2.217.874,49 |
| **Total subvenciones nominativas** | **7.380.892,80** |

Comprobouse que na Base de Datos Nacional de Subvencións só figuran publicadas as tramitadas polos procedementos de concorrencia e non consta ningunha información das subvencións nominativas, polo que non se cumpre coas obrigacións de publicidade e transparencia establecidas nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e co disposto no vixente Real Decreto

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 101

130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Por outra banda, segundo a ordenanza de subvencións son subvencións nominativas aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario estean expresamente determinados no estado de gastos dos orzamentos da Deputación ou dos seus entes públicos dependentes. Comprobouse que se realizaron modificacións orzamentarias por importe de 871.412 euros, para incluír axudas deste tipo que non estaban previstas no estado inicial de gastos do Orzamento de 2018, o cal só tiña unha previsión de 48.500 euros.

En canto ás persoas implicadas nos procedementos, púxose en marcha no exercicio 2020 a obriga de asinar unha declaración de ausencia de conflito de intereses, sen embargo non se lles procurou unha formación na detección de indicios de posibles fraudes nas solicitudes e tampouco hai unha rotación do persoal que fai as propostas de adxudicación.

Co obxecto de conseguir un mellor coñecemento dos sistemas e procedementos de concesión das axudas concedidas pola entidade e analizar o cumprimento da normativa aplicable seleccionáronse os seguintes expedientes que se consideraron representativos das diferentes liñas de axuda previstas no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 206-2019 e dos distintos procedementos empregados :

**Cadro 27: Subvencións analizadas**

| Título da convocatoria | Liña do plan estratéxico | Finalidade | Contía | Procedemento |
|---|---|---|---|---|
| Subvencións aos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas para accións de promoción e xestión durante o ano 2018 | D.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia | Promover e dinamizar o sector vitivinícola | 200.000 euros | Concorrencia non competitiva |
| Fundación Curros Enríquez | D.2 Fomento dá Cultura | Gastos de funcionamento da entidade ano 2018 | 30.000 euros | Concesión directa |
| Universidade de Vigo | D.5 Fomento do benestar social | Desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense | 220.000 euros | Concesión directa |
| Subvencións para gastos de funcionamento de federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense exercicio 2018 | D.7 Fomento do asociacionismo veciñal | Gastos de funcionamento de federacións de Asociacións de Veciños | 50.000 euros | Concorrencia competitiva |

## -Subvencións a Consellos Reguladores:

Poderán ser beneficiarios os consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense legalmente recoñecidos. A contía máxima da subvención é de 50.000 euros



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 101

a cada beneficiario que cumpra cos requisitos establecidos na convocatoria. Concedeuse o máximo de subvención a cada un dos consellos reguladores solicitantes: D.O. Valdeorras, D.O. Monterrei, D.O. Ribeira Sacra e D.O. Ribeiro. Todos eles declaran que non reciben outras axudas.

Examinada a documentación presentada, non se aprecian incidencias.

**-Fundación Curros Enríquez:**

Trátase dunha subvención nominativa prevista nos orzamentos da Deputación, na partida 48914-33420, para gastos de funcionamento da fundación por importe de 30.000 euros. Seguiuse o procedemento establecido no artigo 65 do Real Decreto 887/2006 para a súa concesión.

Examinada a documentación solicitada, non se aprecian incidencias. Con todo, e en aras de facilitar a comprobación, sería conveniente que xunto cos xustificantes de gastos, se tivese acompañado unha relación de gastos ordenada, cun índice e coa suma dos xustificantes que se tiveron en conta.

**-Subvención nominativa á Universidade de Vigo:**

Tamén se trata dunha subvención prevista nos orzamentos; o seu obxecto é financiar o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no campus de Ourense, en concreto: proxectos de investigación, 48.000 euros; para apoiar investigacións que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como á especialización do Campus Ourense-campus dá  Auga; actividades e roteiros culturais, 173.214 euros; e bolsas para mobilidade de estudantes, 29.000 euros. Neste caso, a xustificación do gasto realízase mediante unha certificación, asinada pola representante legal da Universidade, por importe de 209.485,38 euros, o que supón o 83% do orzamento total. Págase a subvención na devandita proporción.

Non se aprecian incidencias na súa tramitación.

**-Subvencións para gastos de funcionamento de federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes a 2018.**

Os criterios para a concesión destas subvencións están recollidos no punto oitavo das bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de funcionamento de federacións ou agrupacións de asociacións veciñais de Ourense correspondentes a 2018:

a) Número total de socios das asociacións veciñais agrupadas na federación solicitante. Asignaranse 50 puntos á federación que agrupe ás asociacións cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 101

b) Volume de gasto corrente orzado. Asignaranse 50 puntos á federación que presente un maior orzamento de gasto corrente, puntuándose o resto en proporción.

O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario (50.000 euros) entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir unha subvención por importe superior ao seu orzamento de gasto corrente subvencionable.

Na proposta de resolución da Comisión de Valoración non figuran os datos concretos de número de socios e orzamento corrente relativos a cada entidade, que se utilizaron para a aplicación dos criterios, senón que figura a proposta de resolución polo importe de subvención que corresponde a cada unha delas, polo que parece difícil que sexa posible que as beneficiarias saiban se a subvención está ou non correctamente calculada, ao depender o seu importe non só dos datos de socios e orzamento corrente de cada unha senón tamén dos datos das demais. Non se puido contrastar con ningunha da documentación do expediente como se chegou ao resultado da repartición dos 50.000 euros dispoñibles entre as entidades solicitantes. Na acta de valoración tampouco se explica como se calculou devandita repartición. Si consta que a Federación de AAVV de Carballiño non presentou certificación con nº de socios, polo tanto non se valorou este apartado; a Federación provincial de mulleres rurais de Ourense presentou unha Conta de Perdas e Ganancias de 2017 en lugar dun orzamento de gastos e ingresos de 2018, polo que non se lle valora este apartado.

Non obstante, nos seguintes cadros de elaboración propia móstranse os cálculos realizados para o reparto da subvención:

**Cadro 28: Cálculo puntuación subvención ás Asociacións veciñais**

| Federación | Nº socios | Gasto corrente | subvención solicitada | Outras subvenciones solicitadas o concedidas | Puntos por número de socios | Puntos por gasto corrente | Total puntos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AAVV Miño | 3.993 | 51.100,00 | 22.000,00 | 0,00 | 43,72 | 48,56 | 92,28 |
| AAVV Limiar | 4.567 | 52.615,96 | 24.000,00 | 0,00 | 50,00 | 50,00 | 100,00 |
| AAVV Carballiño | no consta | 7.542,00 | 7.542,00 | 0,00 | 0,00 | 7,17 | 7,17 |
| Federación Mulleres Rurais | 4.149 | 4.844,77 | 1.844,77 | 3.000,00 | 45,42 | 0,00 | 45,42 |
| **SUMA** | | | | | 139,14 | 105,73 | 244,87 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 101

**Cadro 29: Cálculo reparto subvención ás Asociacións veciñais**

| Federación | Total puntos | Subvención calculada por valor do punto (1) | Subvención máxima | Subvención calculada aplicando límites (2) | Diferencia (1)-(2) | Reparto da diferencia de (1)-(2) | Total subv. calculada (3) | Subvención concedida (1) | Exceso (calculada-solicitada) | Novo reparto do exceso (calculada-solicitada) | Subvención concedida (definitiva) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AAVV Miño | 92,28 | 18.841,98 | 51.100,00 | 18.841,98 | 0,00 | 3.437,82 | 22.279,80 | 22.000,00 | 279,80 | -279,80 | 22.000,00 |
| AAVV Limiar | 100,00 | 20.419,34 | 52.615,96 | 20.419,34 | 0,00 | 3.725,61 | 24.144,95 | 24.000,00 | 144,95 | -144,95 | 24.000,00 |
| AAVV Carballiño | 7,17 | 1.463,46 | 7.542,00 | 1.463,46 | 0,00 | 267,02 | 1.730,48 | 1.730,48 | 0,00 | 424,75 | 2.155,23 |
| Federación Mulleres Rurais | 45,42 | 9.275,22 | 1.844,77 | 1.844,77 | 7.430,45 | -7.430,45 | | | | | 1.844,77 |
| **SUMA** | **244,87** | **50.000,00** | | **42.569,55** | **7.430,45** | **0,00** | | | | **0,00** | **50.000,00** |

Para unha maior transparencia sería conveniente que se publicasen os cálculos realizados para a determinación do importe concedido, o cal permitiría que os solicitantes puideran telo en conta no caso de futuras solicitudes.

En canto á xustificación da subvención a base 11 da convocatoria establece que o prazo máximo para presentar a conta xustificativa é o 31 de outubro de 2018 e deberá estar integrada pola Memoria das actividades realizadas no ano; certificado dos gastos totais de funcionamento conforme co orzamento presentado no concurso, con identificación do acredor, documento, importe, data de emisión e, no seu caso, data de abono; facturas xustificativas dos gastos (substituíbles por outros documentos) ata un importe equivalente ao da subvención concedida; e detalle doutras subvencións.

Como resultado da comprobación da acreditación destas esixencias na documentación dos expedientes de subvencións analizados detectáronse as seguintes incidencias:

**Cadro 30: Incidencias detectadas na subvención ás Asociacións veciñais**

| Federación | Incidencia |
|---|---|
| AAVV Miño | Non consta na documentación remitida a certificación de gastos esixida pola convocatoria relativa ao segundo pago da subvención. |
| AAVV Limiar | Non consta na documentación remitida a certificación de gastos esixida pola convocatoria relativa á cantidade de 14.838,27 euros que identifican como pendentes de pago. |
| AAVV Carballiño | Non se detectaron incidencias |
| Federación Mulleres Rurais | Non se detectaron incidencias |

## IV.9 CONTRATACIÓN

A Lei do Consello de Contas establece no seu artigo 4 c) que é función do Consello fiscalizar os contratos celebrados polas entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 101

No exercicio desta función a fiscalización de cumprimento de legalidade tivo por obxectivo verificar se os actos, operacións e procedementos de xestión levados a cabo pola Deputación de Ourense no exercicio 2018 se desenvolveron de conformidade coas normas aplicables en materia de contratación.

Segundo a información subministrada pola Deputación de Ourense a través do módulo de contratación da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, o número total de contratos non menores adxudicados ou formalizados no exercicio fiscalizado foi de 36, por un importe total de 1.946.788,97 euros; por importe o tipo de contrato máis numeroso foi o contratos de Servizos e o procedemento de adxudicación máis empregado foi o procedemento aberto con criterios múltiples.

O número de contratos menores foi de 434 por un importe de 7.854.987,43 euros, o que supón que o 80% do volume contratado en 2018 se levou a cabo por este procedemento, contrariamente ao disposto no artigo 131 da LCSP que establece que a adxudicación realizarase, ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido; este tipo de procedementos só representaron o 20% da contratación.

A desagregación por tipo de contrato e procedemento de adxudicación é a seguinte:

**Cadro 31: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio**

| Tipo de contrato | Procedemento de adxudicación | Número | Importe | % sobre o importe total |
|---|---|---|---|---|
| Obras | Aberto criterio prezo | 3 | 225.511,27 | |
| | Aberto criterios múltiples | 3 | 187.949,29 | |
| **Total Obras** | | **6** | **413.460,56** | **4%** |
| Servizos | Aberto criterio prezo | 5 | | |
| | Aberto criterios múltiples | 14 | | |
| **Total Servizos** | | **19** | **1.284.274,03** | **13%** |
| Subministracións | Aberto criterio prezo | 3 | | |
| | Aberto criterios múltiples | 8 | | |
| **Total Subministracións** | | **11** | **249.054,38** | **3%** |
| **Total contratos maiores** | | **36** | **1.946.788,97** | **20%** |
| **Contratos menores obras** | | **170** | 6.153.094,24 | 63% |
| **Contratos menores servizos** | | **209** | 1.360.443,38 | 14% |
| **Contratos menores subministracións** | | **55** | 341.449,81 | 3% |
| **Total contratos menores** | | **434** | **7.854.987,43** | **80%** |
| **Total contratos 2018** | | **470** | **9.801.776,40** | **100%** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 101

Gráfico 3: Porcentaxe dos tipos de contrato sobre o importe total de contratación




## IV.9.1. CONTROL INTERNO NA ÁREA DE CONTRATACIÓN

A análise do funcionamento e da estrutura da área de contratación no exercicio fiscalizado comprendeu a comprobación das afirmacións e observacións realizadas no cuestionario sobre a actividade contractual coa información que consta na Plataforma de rendición das entidades locais e na Plataforma de contratación do sector público, solicitándose as aclaracións e documentación complementaria que se considerou necesario, co seguinte resultado:

a) Estrutura organizativa: A Deputación conta cunha área de contratación que se dedica en exclusiva á tramitación dos procedementos contractuais. Esta área esta integrada por un servizo de Investimentos, Contratación, Patrimonio e Recursos Europeos, 1 sección, 1 negociado de subministracións e servizos que conta con 2 oficiais, outro negociado de obras e infraestruturas con 3 oficiais e ademais 1 enxeñeiro técnico informático.

b) Planificación: Non existe unha planificación a medio prazo, sendo o Plan de obras provincial aprobado polo Pleno o que máis se lle aproxima. O anexo de investimentos só relaciona de forma xenérica o tipo de investimentos incluídos nos orzamentos co seu importe e financiamento. Os orzamentos anuais non inclúen información relativa á contratación que se pretende realizar durante o exercicio.

c) Procedementos de xestión: As persoas implicadas nos procedementos de contratación non





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 101

asinan unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Non se esixe unha declaración de non colusión con outras empresas. A Deputación ten constituída unha mesa de contratación permanente formada polo vicepresidente primeiro, a interventora, o vicesecretario, o xefe de servizo e a xefa de sección.

d) Ferramentas de xestión: Os procedementos de contratación realízanse integramente por medios electrónicos, estando implantado un sistema de licitación electrónica.

e) Adxudicación: Emprégase o contrato menor con carácter habitual, todos os expedientes de obras incluídas nos plans provinciais se adxudicaron por este procedemento por razón da contía. Tamén se emprega para casos de necesidades recorrentes como o servizo de reparación de vehículos que aínda que non é posible prever cando vai haber unha avaria si se sabe que se vai necesitar este servizo ao longo do ano, polo que podería ser obxecto doutro tipo de contratación máis acorde co cumprimento dos principios de contratación pública.

Só os contratos menores financiados con fondos europeos se publican no Perfil do contratante.

### IV.9.2 TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN

**Remisión de información a través da Plataforma de rendición de contas da Entidades Locais.**

En canto á remisión de información ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas a través da Plataforma de rendición de contas, analizouse o cumprimento da obriga establecida polo artigo 335 da LCSP (artigo 29 do hoxe derrogado TRLCSP) e polas Resolucións do Tribunal de Cuentas do 3 de xullo de 2018 e do Consello de Contas de 5 de outubro de 2018, que regulan a súa remisión telemática a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, de remitir nos 3 meses seguintes á formalización do contrato unha copia certificada do documento no que se formalice, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que o prezo de adxudicación do contrato ou no caso de acordos marco, o valor estimado, exceda de 600.000 euros, tratándose de obras, concesións de obras, concesións de servizos e acordos marco; de 450.000 euros, tratándose de subministracións; e de 150.000 euros, tratándose de servizos e de contratos administrativos especiais. Comprobouse así mesmo se se remitiu dentro dos dous primeiros meses do exercicio 2019 a relación certificada comprensiva dos contratos formalizados no exercicio 2018. Esta información contrastouse ademais coa publicada no perfil do contratante.

Non se comunicaron a través do módulo de incidencias da contratación ningún tipo de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 59 a 101

modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos contratos para os que o artigo 335 da LCSP establece a obriga de remisión de información.

**Subministro de información a través do Perfil do contratante e da Plataforma de contratación do sector público.**

Segundo dispón o artigo 63 da LCSP os órganos de contratación, para asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, deben difundir, a través de internet, o perfil de contratante, que se situará no enderezo electrónico (sede electrónica) que as administracións teñen a dispor dos cidadáns en internet.

Para asegurar o cumprimento do principio de seguridade xurídica na xestión electrónica das tarefas administrativas precísase duns elementos comúns válidos para todos os procedementos administrativos e todas as administracións públicas (como a sede electrónica, o rexistro electrónico, as notificacións e comunicacións electrónicas ou o arquivo electrónico), e duns elementos habilitantes que fan posible a xestión electrónica, como son a sinatura electrónica (garante da identidade) e o selo de tempo (que acredita o momento no que se fixo unha transacción).

A Deputación de Ourense ten aloxado o seu perfil de contratante na Plataforma de contratación do sector público, incluíndo un enlace na súa páxina web institucional a este perfil. Todos os licitadores deberán presentar as súas proposicións nesta Plataforma.

Ademais das licitacións, entre os documentos que constan na Plataforma figura o Plan de contratación para o exercicio 2020, publicándose exclusivamente as previsións de contratación relativas a procedementos suxeitos a regulación harmonizada.

**Publicidade dos contratos menores**

A LTAIBG establece unha serie de obrigacións de publicidade das actuacións na materia da contratación ás que están suxeitas as entidades locais. De acordo co que dispón o seu artigo 8, as entidades que integran a administración local están obrigadas a facer públicos todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se publicou, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato.

Polo que se refire á publicación da información relativa aos contratos menores a LTAIBG indica



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 101

que poderá realizarse trimestralmente. Comprobouse que a Deputación de Ourense subministra información pública dos contratos menores formalizados no último trimestre na Plataforma de contratación do sector público e a través dun enlace a esta plataforma no seu portal de transparencia. Só se publican no Perfil do contratante, aloxado na Plataforma de contratación do sector público, as licitacións de contratos menores financiados con fondos europeos.

### IV.9.3. ANÁLISE CONTRATACIÓN.

Na fiscalización fíxose unha revisión selectiva da documentación remitida a través das Plataformas de rendición do TCu e de contratación do sector público, así como da exposta no Portal de transparencia da Deputación de Ourense. Así mesmo, seleccionáronse varios expedientes de contratación maior e menor coa finalidade de verificar o cumprimento da normativa aplicable aos procedementos de contratación e, fundamentalmente, o seu axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos.

#### Contratos maiores

Como xa se mencionou, o volume de contratación non menor só representou o 20% do total contratado no exercicio fiscalizado.

A revisión comprendeu aos seguintes contratos:

Cadro 32: Contratos maiores analizados

| Referencia | Tipo | Obxecto | Procedemento | Data formalización | Prazo execución | Licitación sen IVE | Adxudicación sen IVE | % Bai |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 38/16/2018 | Obras | Execución da obra "mellora do camiño rural en Navea" no municipio da Pobra de Trives | Aberto criterios múltiples | 26-07-2018 | 3 | 41.322,31 | 32.454,55 | 21,46 |
| 98-POS-2018 | Obras | Contratación da execución da obra "reforzo de firme con mbc na OU-1110" no municipio de Baltar | Aberto criterio prezo | 16-05-2018 | 4 | 106.737,31 | 72.986,97 | 31,62 |
| 03-PA-2018 | Servizos | Servizo de seguridade e saúde naquelas obras e actividades nas que o contratista principal sexa a Deputación provincial de Ourense, executadas con persoal propio | Aberto criterio prezo | 19-04-2018 | 8 | 71.000,00 | 21.600,00 | 69,58 |
| 17-PA-2018 | Servizos | Servizo para a realización de labores de xardinería e mantemento de mobiliario e elementos construtivos en tres zonas verdes propiedade da Deputación (Arnoia, Leiro e Maceda) | Aberto criterio prezo | 02-05-2018 | 12 | 110.640,50 | 59.137,35 | 46,55 |
| 19-PA-2018 | Servizos | Servizo de xestión (recollida en punto limpo, transporte e entrega a xestor) dos residuos recibidos nos puntos limpos da Deputación provincial de Ourense durante o ano 2018. | Aberto criterio prezo | 01-06-2018 | 7 | 66.942,15 | 29.090,91 | 56,54 |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 101

| Referencia | Tipo | Obxecto | Procedemento | Data formalización | Prazo execución | Licitación sen IVE | Adxudicación sen IVE | % Baixa |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 37-PA-2018 | Servizos | Servizo de explotación da estación depuradora de augas residuais (edar) de San Cibrao de Viñas. | Aberto criterios múltiples | 09-01-2019 | 24 | 488.584,30 | 312.042,50 | 36,13% |
| 43-PA-2018 | Servizos | Servizo de telecomunicacións da Deputación provincial de Ourense | Aberto criterios múltiples | 22-02-2019 | 48 | 413.223,14 | 413.136,00 | 0,02% |
| 50-PA-2018 | Subminist. | Subminist. de vestiario laboral e equipos de protección individual para bombeiros de equipos de primeira intervención | Aberto criterios múltiples | 25-01-2019 | 2 | 48.847,00 | 19.566,16 | 59,94% |
| **Total** | | | | | | **1.347.296,71** | **960.014,44** | |

O resultado da fiscalización foi o seguinte:

- **Publicidade**

O Perfil do contratante da Deputación está aloxado na Plataforma de contratación do sector público de acordo co establecido polo artigo 347 da LCSP. Comprobouse que se publica a información esixida polo artigo 63 da LCSP.

- **Preparación**

Fíxose un control sobre os proxectos e acta de comprobación de implantación no caso das obras e tamén sobre os pregos de cláusulas, comprobando a existencia de criterios para a identificación das ofertas anormalmente baixas nos casos de utilización de varios criterios de adxudicación ou dun único criterio distinto do prezo, resultando que nos pregos de cláusulas administrativas destes contratos se fai remisión aos criterios sinalados no artigo 85 do RXLCAP. Nos pregos dos contratos co criterio único do prezo non se fai referencia a estes criterios, polo que, actualmente, ao amparo do artigo 149.2 a) da LCSP será de aplicación supletoria o artigo 85 do RXLCAP.

- **Xustificación da necesidade e de insuficiencia de medios**

Comprobouse que houbese constancia da adecuada xustificación da necesidade do contrato e un informe de insuficiencia de medios de acordo co disposto nos artigos 28 e 116.4 da LCSP respectivamente.

- **Adxudicación**

Todas as adxudicacións se fixeron de acordo coa proposta da mesa de contratación.

No caso do expediente 03-PA-2018 adxudicado cunha baixa do 69,57% non se identificou ningunha oferta como incursa en presunción de anormalidade, cuestión que foi recorrida. Este recurso foi desestimado fundamentando a decisión no feito de que o artigo 152 a) do TRLCAP aplicable a ese contrato establecía o carácter potestativo da apreciación dunha baixa como desproporcionada ou anormal.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 101

No expediente 37-PA-2018 si houbo apreciación de presunción de anormalidade dunha oferta que foi xustificada pola empresa que resultou adxudicataria.

- **Execución do contrato**

Non se apreciaron incidencias neste apartado despois das revisións realizadas.

### Contratos menores

O informe 84/18 da Xunta Consultiva de Contratación do Estado describe ao réxime dos contratos menores como un réxime excepcional de selección do contratista que obvia gran parte dos trámites que caracterizan aos demais procedementos de adxudicación do contrato por razón da súa escasa contía.

Por esta razón, a fiscalización da contratación menor da Entidade realizouse tendo en conta os riscos propios deste tipo de contratos que se centran fundamentalmente no feito de que, de acordo co artigo 131.3 da LCSP, os contratos menores pódense adxudicar directamente a calquera empresario con capacidade de obrar sen que se esixa unha concorrencia ou publicidade, contando ademais cunha tramitación moi simplificada regulada no artigo 118 da LCSP. Así mesmo, o artigo 17 do Real Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, en vigor desde o 1 de xullo de 2018, exime de fiscalización previa aos contratos menores. Estas circunstancias son a causa de que en moitas entidades este tipo de contratación alcance un volume económico moi importante.

Os contratistas aos que se lles adxudicou algún dos 437 contratos menores foron 225, sendo o contrato de obras o tipo de contrato no que máis número de contratos se concentran nun contratista. Non se aprecia rotación das empresas adxudicatarias de contratos menores xa que, no exercicio 2018, das 42 empresas que foron adxudicatarias dos 170 contratos menores de obras, por importe total de 6.153.094,24 euros, 5 foron beneficiarias de 112 contratos que supuxeron o 70% do importe das obras contratadas.

**Cadro 33: Grado de concentración de contratos menores de obras**

| Contratistas adxudicatarios | | Nº de contratos de obras adxudicados | Importe adxudicado | Grado de concentración |
|---|---|---|---|---|
| Menos de 10 contratos | 37 | 58 | 1.843.193,44 | 30% |
| Entre 10 e 20 contratos | 2 | 24 | 871.482,32 | 14% |
| Entre 20 e 40 contratos | 2 | 47 | 1.962.264,75 | 32% |
| Entre 40 e 50 contratos | 1 | 41 | 1.476.153,73 | 24% |
| **Total** | **42** | **170** | **6.153.094,24** | **100%** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 101

Pódese apreciar que 1 contratista foi o adxudicatario do 24% dos contratos menores de obras do exercicio 2018.

O resultado da fiscalización foi o seguinte:

- **Cumprimento dos importes máximos establecidos polo artigo 118.1 da LCSP.**

O artigo 118.1 da LCSP considera contratos menores aos contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

A LCSP de 2017, que entrou en vigor o 9 de marzo de 2018, modificou estes importes que no anterior TRLCAP eran 50.000 euros para obras e 18.000 euros para o caso de subministracións ou servizos.

Comprobouse que en 15 dos 437 contratos menores non se cumpriu coas limitacións de importe establecidas pola lexislación de contratos vixente antes e despois do 9 de marzo de 2018.

Cadro 34: Contratos menores con exceso de importe

| Referencia | Tipo | Obxecto | Data gasto ou adxudicación | Adxudicación sen IVE | Disposición que incumpre |
|---|---|---|---|---|---|
| 19/16/2018 | Obras | Mellora de camiños en Sainza de Arriba-núcleo O Toxo, Concello de Rairiz de Veiga | 06-03-2018 | 50.000,00 | TRLCAP |
| 128/POS2018 | Obras | Tratamento superficial con microaglomerado na Ou-1060- Concello de Monterrey | 14-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 129/POS/2018 | Obras | Abatementos en varias estradas do Concello de Ourense | 14-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 131/POS/2018 | Obras | Tratamento superficial con microaglomerado na Ou-0755,Concello da Pobra de Trives | 14-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 113/16/2018 | Obras | Construción dun muro de contención na rúa Outeiro no Concello de Laza | 27-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 130/POS/2018 | Obras | Sinalización horizontal estradas provinciais do Concello de Ourense | 19-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 89/16/2018 | Obras | Ou-0509 Luintra (Ou-0508)-Esgos (Ou-536) | 20-12-2018 | 40.000,00 | LCSP |
| 99-CM-2018 | Servizos | Redacción proxecto legalización das instalacións existentes na parcela nº 41 da rúa Papón de Ourense | 22-03-2018 | 16.811,59 | LCSP |
| 323-CM-2018 BIS | Servizos | Ampliación subscricións La Región | 05-10-2018 | 15.854,80 | LCSP |
| 425-CM-2018 | Servizos | Deseño, maqueta e impresión da publicación "Yosi: cancións, algún desliz e dous ou tres fotografías" | 09-01-2019 | 15.000,00 | LCSP |
| 282-CM-2018 | Servizos | Contratación da organización da asemblea xeral de EHTTA en Ourense | 10-08-2018 | 15.000,00 | LCSP |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 101

| Referencia | Tipo | Obxecto | Data gasto ou adxudicación | Adxudicación sen IVE | Disposición que incumpre |
|---|---|---|---|---|---|
| 386-CM-2018 | Servizos | Servizo de asesoramento e acompañamento no lanzamento do proxecto piloto "compra pública de innovación" | 04-12-2018 | 15.000,00 | LCSP |
| 149-CM | Servizos | Patrocinio da marca "Ourense provincia termal", co motivo da organización do "XVII Circuíto open Galicia Ourense provincia termal | 11-05-2018 | 15.000,00 | LCSP |
| 366-CM-2018 | Subministración | Subministración de fundentes para as labores de viabilidade invernal a levar a cabo na rede provincial da Deputación de Ourense-Campaña 2018-2019 | 09-11-2018 | 15.000,00 | LCSP |
| 377-CM-2018 | Subministración | Subministración de roupa de traballo para o persoal do Pazo de los deportes "Paco Paz" | 04-12-2018 | 19.056,05 | LCSP |

Solicitada unha aclaración sobre esta cuestión a entidade fiscalizada contestou que houbo un erro interpretativo do artigo 118 da LCSP e, no caso concreto do expediente 377-CM-2018, informa que o orzamento base é de 1.956,05 euros e non de 19.056,05 euros.

- **Cumprimento dos importes máximos establecidos polo artigo 118.3 da LCSP.**

O Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, modificou o artigo 118 da LCSP suprimindo a esixencia do apartado 3, ata ese momento vixente, de xustificar que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do mesmo artigo, debendo o órgano de contratación comprobar o cumprimento da devandita regra.

A este respecto comprobouse que houbo 14 empresas que resultaron adxudicatarias de contratos menores de obras que superan os límites mencionados, en concreto dúas delas superaron o millón de euros de facturación e seis superaron os 100.000 euros.

Solicitada unha aclaración sobre este punto a Deputación informou que seguiu o criterio sentado polas Xuntas consultivas de contratación do Estado e de Galicia, segundo os cales: "a lei non contempla unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operador económico cando as prestacións obxecto dos mesmos sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade" e que, "por iso, fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato, si é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso haberá de xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma". Indican ademais que nos expedientes de contratación se fai mención expresa de que non se incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 a 101

Por outro lado, detectouse que existen prestacións de carácter recorrente de forma que, ano tras ano, responden a unha mesma necesidade para a entidade contratante, de modo que podería planificarse a súa contratación e facerse polos procedementos ordinarios. Este sería o caso das reparacións urxentes de vehículos dedicados á recollida de residuos sólidos.

- **Comprobacións realizadas sobre expedientes seleccionados.**

A revisión comprendeu aos seguintes contratos menores:

**Cadro 35: Contratos menores analizados**

| Referencia | Tipo | Obxecto | Duración | Data gasto ou adxudicación | Adxudicación sen IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| 128/POS2018 | Obras | Tratamento superficial con microaglomerado na OU-1060- Concello de Monterrey | 4 | 14-12-2018 | 40.000,00 |
| 122/POS/2018 | Obras | Tratamento en superficie con microaglomerado en la OU-117, en el Concello de Xinzo de Limia | 4 | 06-03-2018 | 49.586,78 |
| 131/POS/2018 | Obras | Tratamento superficial con microaglomerado en la OU-0755, Concello de a Pobra de Trives | 4 | 14-12-2018 | 40.000,00 |
| 19/16/2018 | Obras | Mellora camiños en Sainza de Arriba- núcleo o Toxo, Concello de Rairiz de Veiga | 2 | 06-03-2018 | 50.000,00 |
| 82/POS/2018 | Obras | Mellora camiño de Outeiro (Abeleda) e en Sistín, Concello de A Teixeira | 3 | 13-12-2018 | 39.669,42 |
| 63/POS/2018 | Obras | Pavimentación en Barrán, Vilar, Piñor, Reino e Outeiro Concello de Piñor | 3 | 12-07-2018 | 39.669,42 |
| 50/POS/2018 | Obras | Pavimentación de vías públicas en Vidalén, Vilanova, Concello de Montederramo | 3 | 19-12-2018 | 39.669,42 |
| 45/POS/2018 | Obras | Pavimentación en San Miguel, Reigada... Concello de Manzaneda | 3 | 20-12-2018 | 39.669 |
| 07/16/2018 | Obras | Mellora de camiños rede viaria municipal del Concello de Cartelle | 3 | 29-01-2018 | 49.586 |
| 09/16/2018 | Obras | Mellora capa rodadura camiño Lapela-Lavandeira, Concello de Padrenda | 3 | 06-02-2018 | 49.586 |
| 48/POS/2018 | Obras | Mellora de la rede viaria municipal en Vilar-Vilaboa, ac. Outeiro Concello de a Merca | 3 | 29-05-2018 | 39.669 |
| 22/POS/2018 | Obras | Mellora dos camiños da rede viaria municipal na Armada, Freixoso... Concello de Cartelle | 3 | 18-07-2018 | 39.669 |
| 49/16/2018 | Obras | Mellora e acondicionamento de camiños, Outomuro, Concello de Cartelle | 3 | 28-08-2018 | 39.669 |
| 36/16/2018 | Obras | Infraestrutura abastecemento e acondicionamento en Vilar, Cachamuiña... Concello de Esgos | 3 | 26-03-2018 | 28.925 |
| 56/16/2018 | Obras | Mellora do abastecemento núcleo de Esgos | 1 | 12-09-2018 | 20.661 |
| 130/POS/2018 | Obras | Sinalización horizontal estradas provinciais do Concello de Ourense | 4 | 19-12-2018 | 40.000 |
| 119/POS/2018 | Obras | Instalación de sistemas de contención na OU-0904. Concello de Viana do Bolo | 4 | 06-03-2018 | 47.719 |
| 80/16/2018 | Obras | Mellora da seguridade de varias estradas provinciais de Ourense | 4 | 18-10-2018 | 28.304 |
| 99-CM-2018 | Servizos | Redacción proxecto legalización das instalacións existentes na parcela nº 41 da rúa Papón de Ourense | 1 | 22-03-2018 | 16.811 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 101

| Referencia | Tipo | Obxecto | Duración | Data gasto ou adxudicación | Adxudicación sen IVE |
|---|---|---|---|---|---|
| 386-CM-2018 | Servizos | Servizo de asesoramento e acompañamento no lanzamento do proxecto piloto "compra pública de innovación" | 12 | 04-12-2018 | 15.000,00 |
| 350-CM-2018 | Servizos | Reparación urxente vehículos recolectores | 1 | 24-10-2018 | 11.854,20 |
| 427-CM-2018 | Servizos | Reparación urxente de vehículos recolectores | 1 | 20-12-2018 | 11.844,23 |
| 377-CM-2018 | Subministracións | Subministración de roupa de traballo para persoal Pazo dos deportes "Paco Paz" | 3 | 04-12-2018 | 19.056,05 |
| **Total** | | | | | **796.623,17** |

En canto á xustificación motivada polo órgano de contratación da necesidade do contrato e de que non se está alterando o seu obxecto coa finalidade de evitar a aplicación dos límites económicos do contrato menor que esixe o artigo 118.2 da LCSP, comprobouse que se emitiron memorias e informes que xustifican desde un punto de vista técnico a necesidade das actuacións pero o órgano de contratación non se pronuncia expresamente a este respecto. O mesmo ocorre coa xustificación de non alteración do obxecto do contrato, aínda que o informe da Intervención considera este punto xustificado.

Aínda descartando o fraccionamento daríase un mellor cumprimento aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP se a entidade empregase algún dos procedementos de adxudicación ordinarios establecidos no artigo 131 da LCSP aplicando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo. Isto sería de especial aplicación no caso das obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e na rede viaria provincial, nas que hai unha identidade tanto pola tramitación do Plan, cunhas Bases aprobadas polo Pleno da Deputación, como polo tipo de actuacións que se realizan independentemente de que non supoñan unha unidade funcional. Neste caso debería terse en conta a obrigación establecida polo artigo 99 da LCSP da división en lotes do contrato sempre que a súa natureza ou o seu obxecto permitan a realización independente de cada unha das súas partes.

Por outro lado, comprobouse que nos expedientes constasen as esixencias do artigo 118.3 LCSP de aprobación do gasto e incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establece o artigo 72 do RD 1098/2001, que aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Verificouse, así mesmo, o cumprimento das obrigas de publicidade no perfil do contratante reguladas no artigo 63.4 da LCSP.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 67 a 101

# IV.10 PERSOAL

## IV.10.1 ANÁLISE XERAL

Os gastos de persoal da Deputación de Ourense ascenderon a 29.100,34 miles de euros e representan o 36,41% sobre o total das obrigas recoñecidas da liquidación do orzamento de gastos. Distribuíndo o gasto de persoal por artigo, o máis significativo é o correspondente ao persoal laboral, representando un 41,70% do total de gastos de persoal, como se amosa no cadro seguinte onde tamén pode verse a liquidación do orzamento de gastos de persoal por artigos:

**Cadro 36: Liquidación gastos de persoal por artigo.**

| Artigo | Créditos definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | | Pagos |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Importe | % sobre total | |
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 581.328,47 | 585.800,22 | 585.800,22 | 2,01 | 567.600,22 |
| 11 Persoal eventual. | 877.155,35 | 790.350,90 | 790.350,90 | 2,72 | 790.350,90 |
| 12 Persoal Funcionario. | 9.260.351,13 | 8.577.816,44 | 8.577.816,44 | 29,48 | 8.566.095,60 |
| 13 Persoal Laboral. | 12.461.851,09 | 12.135.589,46 | 12.135.589,46 | 41,70 | 12.095.413,51 |
| 14 Outro persoal. | 618.076,84 | 253.428,93 | 253.428,93 | 0,87 | 237.338,03 |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 21.000,00 | 128.820,56 | 128.820,56 | 0,44 | 128.820,56 |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 6.859.598,48 | 6.628.531,41 | 6.628.531,41 | 22,78 | 6.101.235,14 |
| **Total** | **30.679.361,36** | **29.100.337,92** | **29.100.337,92** | **100,00** | **28.486.853,96** |

Solicitáronse á entidade os datos relativos ao número total de funcionarios de carreira e interinos e de persoal laboral fixo, temporal e indefinido dos anos 2015 a 2018, sendo remitida só a seguinte información:

**Cadro 37: Evolución do número de empregados ao 31 de decembro.**

| Exercicio | Persoal funcionario | | Resto persoal | | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | Número | % sobre total | Número | % sobre total | |
| 2015 | 233 | 31% | 509 | 69% | 742 |
| 2016 | 233 | 30% | 536 | 70% | 769 |
| 2017 | 224 | 29% | 556 | 71% | 780 |
| 2018 | 222 | 29% | 555 | 71% | 777 |

De acordo coa información sobre número de empregados contida na memoria rendida na plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas o número de empregados a fin do exercicio 2018 foi de 669, dato que non coincide co remitido, e o número medio de traballadores





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 68 a 101

foi de 674.

Na comparación de datos vemos que ao longo dos 4 anos o número de funcionarios diminuíu na cantidade de 11, mentres que o persoal non funcionario aumentou en 46, o cal explica a evolución ascendente dos gastos de persoal, especialmente no caso do persoal laboral temporal.

A este respecto hai que recordar o disposto no artigo 22 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, que despois de establecer as funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario, dispón no seu apartado 3 que: "Os demais postos de traballo nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei serán desempeñados con carácter xeral por persoal funcionario, sen prexuízo do disposto pola alínea terceira do artigo 26".

No seguinte cadro exponse a evolución dos gastos de persoal nos últimos catro anos:

**Cadro 38: Evolución gastos de persoal por artigo.**

| Artigo | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018/2015 | Importancia relativa 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 392.565,46 | 569.870,81 | 583.602,47 | 585.800,22 | 49,22% | 2,01% |
| 11 Persoal eventual. | 442.788,02 | 717.856,35 | 748.101,89 | 790.350,90 | 78,49% | 2,72% |
| 12 Persoal Funcionario. | 8.150.610,91 | 8.680.792,46 | 8.434.737,54 | 8.577.816,44 | 5,24% | 29,48% |
| 13 Persoal Laboral. | 11.098.907,47 | 11.901.747,16 | 11.504.873,81 | 12.135.589,46 | 9,34% | 41,70% |
| 14 Outro persoal. | 139.061,71 | 111.587,75 | 144.777,25 | 253.428,93 | 82,24% | 0,87% |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 10.744,78 | 47.066,60 | 171.383,91 | 128.820,56 | **1.098,91%** | 0,44% |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 5.948.632,28 | 6.143.427,94 | 6.200.096,53 | 6.628.531,41 | 11,43% | 22,78% |
| **Total** | **26.183.310,63** | **28.172.349,07** | **27.787.573,40** | **29.100.337,92** | **11,14%** | **100,00%** |

A evolución global dos gastos ten unha tendencia ascendente aínda que o número de empregados descende, tal e como se amosa no cadro 38. Tamén se pode apreciar o especial incremento do gasto do persoal laboral que é o que máis importancia relativa ten e o dos incentivos ao rendemento que, aínda que teñen unha baixa importancia relativa, tiveron unha variación positiva do 1.098,91% entre os anos 2015 e 2018.

Descendendo a nivel de concepto orzamentario verificamos que concretamente é o gasto de persoal laboral temporal o que experimenta unha maior subida:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 69 a 101

**Cadro 39: Evolución gastos de persoal por concepto.**

| Concepto orzamentario | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | Variación 2018/2015 | Importancia relativa 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 100 Retribucións básicas e outras remuneracións dos membros dos órganos de goberno | 392.565,46 | 569.870,81 | 583.602,47 | 585.800,22 | **49,22%** | 2,01% |
| 110 Retribucións básicas e outras remuneracións de persoal eventual. | 442.788,02 | 717.856,35 | 748.101,89 | 790.350,90 | **78,49%** | 2,72% |
| 120 Retribucións básicas. | 3.161.157,88 | 3.301.054,44 | 3.248.704,47 | 3.306.227,75 | 4,59% | 11,36% |
| 121 Retribucións complementarias. | 4.956.953,03 | 5.347.838,02 | 5.149.033,07 | 5.235.088,69 | 5,61% | 17,99% |
| 127 Contribucións a plans e fondos de pensións. | 32.500,00 | 31.900,00 | 37.000,00 | 36.500,00 | 12,31% | 0,13% |
| 130 Laboral Fixo. | 8.840.336,69 | 9.175.704,24 | 8.519.487,39 | 8.767.304,42 | -0,83% | 30,13% |
| 131 Laboral temporal. | 833.322,36 | 1.186.192,76 | 1.444.622,60 | 1.828.998,22 | 119,48% | 6,29% |
| 137 Contribucións a plans e fondos de pensións. | 53.358,00 | 53.880,00 | 63.000,00 | 61.900,00 | 16,01% | 0,21% |
| 143 Outro persoal. | 139.061,71 | 111.587,75 | 144.777,25 | 253.428,93 | **82,24%** | 0,87% |
| 151 Gratificacións. | 10.744,78 | 47.066,60 | 171.383,91 | 128.820,56 | **1.098,91%** | 0,44% |
| 160 Cotas sociais. | 5.892.605,32 | 6.098.500,98 | 6.152.769,57 | 6.569.554,45 | 11,49% | 22,58% |
| 162 Gastos sociais do persoal. | 56.026,96 | 44.926,96 | 47.326,96 | 58.976,96 | 5,27% | 0,20% |
| **Total** | **26.183.310,63** | **28.172.349,07** | **27.787.573,40** | **29.100.337,92** | **11,14%** | **100,00%** |

Chama a atención o incremento do gasto nos conceptos de gratificacións e de outro persoal , aínda que teñan unha escasa importancia en relación co gasto total de persoal.

Os conceptos que máis se incrementaron porcentualmente foron os de gratificacións, os de persoal laboral temporal e outro persoal, así como o persoal eventual e as retribucións dos órganos de goberno.

Fíxose, así mesmo, unha verificación do cumprimento do límite da contía global do complemento específico, de produtividade e gratificacións, regulado polo artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración local, comprobándose que no caso do complemento específico superouse o límite do 75% da cantidade que resulta de restar á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 70 a 101

No seguinte cadro móstranse os datos do gasto de persoal das 4 Deputacións de Galicia:

**Cadro 40: Comparativa dos gastos de persoal das 4 Deputacións de Galicia.**

| Artigo orzamento de gastos | Obrigas recoñecidas netas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ourense | | A Coruña | | Lugo | | Pontevedra | |
| | Importe | % s/total | Importe | % s/total | Importe | % s/total | Importe | % s/total |
| 10 Órganos de goberno e persoal directivo. | 585.800,22 | 2,01 | 596.723,34 | 1,52 | 677.553,77 | 3,18 | 623.887,00 | 1,49 |
| 11 Persoal eventual. | 790.350,90 | 2,72 | 866.007,41 | 2,2 | 463.946,59 | 2,18 | 828.367,80 | 1,98 |
| 12 Persoal Funcionario. | 8.577.816,44 | 29,48 | 26.350.828,11 | 67,09 | 12.033.614,44 | 56,55 | 18.705.778,51 | 44,65 |
| 13 Persoal Laboral. | 12.135.589,46 | 41,7 | 38.212,92 | 0,1 | 2.501.178,46 | 11,75 | 10.810.885,00 | 25,81 |
| 14 Outro persoal. | 253.428,93 | 0,87 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 |
| 15 Incentivos ao rendemento. | 128.820,56 | 0,44 | 4.136.887,26 | 10,53 | 850.486,91 | 4,00 | 1.872.447,89 | 4,47 |
| 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. | 6.628.531,41 | 22,78 | 7.288.657,80 | 18,56 | 4.752.029,04 | 22,33 | 9.052.756,87 | 21,61 |
| **TOTAL** | **29.100.337,92** | **100** | **39.277.316,84** | **100** | **21.278.809,21** | **100** | **41.894.123,07** | **100** |

Pódese observar que a Deputación Provincial de Ourense é a que ten menos gasto de persoal funcionario das 4 Deputacións, 20 puntos menos da media, e onde o gasto de persoal laboral é superior, 22 puntos sobre a media.

Comprobouse que todas as prazas de administración Xeral están reservadas a funcionarios.

Non figuran publicados no portal de transparencia da Deputación nin o Acordo regulador para o persoal funcionario, publicado no BOP do 17 de abril de 2009 nin o Convenio colectivo do persoal laboral, publicado no BOP do 11 de abril de 2009.

Comprobouse, así mesmo, que a Relación de postos de traballo inclúe os seguintes requisitos mínimos esixidos polo artigo 38 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia:

a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica.
b) A clasificación profesional.
c) O sistema de provisión.
d) A adscrición orgánica.
e) O complemento retributivo do posto.
f) Os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 101

Na RPT relaciónanse 813 prazas; 250 de funcionarios (30%), 116 (14,27%) de laborais fixos e 447 (54,98%) que poden ser ocupadas indistintamente por funcionarios ou laborais. Comprobouse que as seguintes prazas de funcionarios da escala de administración local con habilitación de carácter nacional previstas na RPT están cubertas:

- Secretario/a xeral
- Vicesecretario/a
- Secretario/a-Interventor/a asesor/a
- Interventor/a asesor/a
- Interventor/a
- Tesoureiro/a

## IV.10.2 ANÁLISE DO CONTROL INTERNO

Baseándonos nas respostas da entidade ao cuestionario elaborado polo Consello de Contas para detectar riscos na área de persoal e tendo en conta as evidencias aportadas para avalar estas respostas así como as que se puideron obter do seu portal de transparencia pódense realizar as seguintes observacións:

### Selección de persoal

A entidade ten aprobada unha Ordenanza reguladora de procedementos de selección persoal funcionario interino e laboral (BOP do 01-08-2014) que contempla medidas que poden garantir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade para este tipo de persoal. Sen embargo, non ten ningunha norma específica respecto da selección do persoal funcionario de carreira e do persoal laboral fixo.

Esta Ordenanza recolle, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A independencia dos membros dos tribunais: De acordo coa Ordenanza os órganos do tribunais de selección con dereito a voto son elixidos mediante sorteo.

b) A capacitación dos membros dos tribunais: A composición do tribunal de selección ten que ser estritamente técnica e os seus membros deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo.

c) Prioridade das probas de coñecementos: Recóllese que o modo xeral de selección para o persoal funcionario interino e o laboral temporal o modo de selección é o concurso-oposición dos grupos A, B e C1 a puntuación obtida na fase de concurso non pode superar o 40% do total.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 72 a 101

d) Contémplanse probas específicas de selección para corpos específicos: Na medida do posible, e sempre de acordo co establecido na lexislación vixente, as bases establecerán a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ao contido dos respectivos graos formativos, un nivel de coñecemento suficiente para as funcións propias da categoría ou posto de traballo de que se trate.

e) Seguimento e control do cumprimento do procedemento: De acordo co artigo 3 a Intervención realizará a fiscalización previa co fin de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente para a contratación, pero non realiza unha fiscalización do proceso.

Porén no artigo 9 establécese unha comisión de control e seguimento coas seguintes atribucións:

- Informar as bases que rexerán as convocatorias dos procedementos de selección de persoal antes da súa aprobación.
- Informar as propostas de resolución dos procedementos selectivos.
- Informar, con carácter preceptivo, as reclamacións ou recursos que se interpoñan contra os actos ditados nos procedementos de selección de persoal temporal da Deputación Provincial.
- Formular propostas de modificación ou informar os proxectos de modificación da Ordenanza.

Segundo o artigo 11 do Acordo regulador para o persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense, a selección deste persoal deberá realizarse segundo a oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición, nos que se garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade de acordo coa lexislación vixente; o acceso á función pública será a través do sistema de oposición, salvo que pola natureza das funcións que se han desempeñar resulte máis adecuada a utilización do concurso-oposición e, excepcionalmente, do concurso.

Así mesmo, na memoria da RPT vixente para o ano 2018 disponse que o procedemento común para a provisión de postos é o concurso ordinario e que, como regra xeral, os procedementos de provisión dos postos de traballo clasificados na RPT estarán abertos exclusivamente á participación do persoal da Deputación Provincial que reúna os requisitos establecidos en cada caso.

Respecto da publicidade dos procesos, a entidade só ten publicados no seu portal de transparencia as ofertas de emprego público dos anos 2012, 2013 e 2014. Si se publica na web de transparencia da Deputación a relación do persoal eventual coa indicación do posto, categoría, retribución e nomeamento.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 73 a 101

No exercicio fiscalizado non se publica ningunha convocatoria de prazas para persoal funcionario de carreira ou laboral fixo. Respecto do persoal laboral temporal e funcionario interino, a Ordenanza reguladora dos procedementos para a súa selección contempla a formación de listas previas mediante concurso nas categorías profesionais correspondentes ao subgrupo C2 e ás agrupacións profesionais sen titulación.

No exercicio fiscalizado renovándose as listas das categorías máis demandadas:

- Para persoal funcionario interino: As de auxiliar administrativo e subalterno.
- Para persoal laboral temporal: As de legoeiro, operario sen cualificar, operario de mantemento, porteiro, chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais.

## Exercicio ético e profesional das funcións.

Co fin de salvagardar a independencia, a integridade, a imparcialidade, a transparencia, a obxectividade, a imparcialidade e a confidencialidade no exercicio das funcións a entidade ten aprobado un código ético e de conducta (BOP 8 de maio de 2014) aplicable tanto aos cargos electos como ao persoal ao seu servizo. Este código figura publicado na súa páxina web. Para velar polo seu cumprimento, no título IV recolle a creación dun Comité de ética que actúa como órgano independente.

Neste apartado atopamos que algunhas medidas que non ten implementadas a entidade e que poderían reforzar o exercicio ético e profesional das funcións son:

- A elaboración dun plan de formación e actualización continua do persoal en materia de integridade e prevención da corrupción.
- A inclusión en todos os temarios dos procesos selectivos de temas específicos sobre ética pública, réxime disciplinario e delitos contra a Administración pública.

## Planificación dos recursos humanos.

O artigo 45.1 da LEPG, seguindo o marco establecido polo EBEP, manifesta que a planificación dos recursos humanos no ámbito do emprego público ten como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles, mediante a determinación dos efectivos precisos e a mellora da súa distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Para a consecución destes fins, baseándose na potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBRL, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 74 a 101

e instrumentos de ordenación do seu persoal.

A LEPG relaciona como instrumentos de planificación do emprego público, os rexistros de persoal e de postos de traballo, os plans de ordenación de recursos humanos e a oferta de emprego público. A este respecto comprobouse que a entidade ten un Plan xeral de ordenación de recursos humanos, realiza ofertas de emprego público que figuran publicadas na súa web e dispón dun organigrama actualizado.

En relación co Rexistro de persoal, regulado no artigo 71 do EBEP, a entidade informa de que non o ten constituído, polo que sería un aspecto a mellorar na súa planificación dos recursos humanos.

**Estrutura organizativa.**

A Deputación Provincial de Ourense dispón dun aplicativo de tramitación electrónica de expedientes administrativos que conforme ao indicado pola entidade:

- Constitúe o catálogo dos seus procedementos administrativos.
- Recolle o manual o as instrucións internas de cada procedemento.

Porén, non facilitaron evidencia para corroborar estas afirmacións.

Por outra banda, indican que na RPT:

- Están determinados os postos ou unidades administrativas que interveñen no procedemento con determinación da súa responsabilidade.
- Figuran as instrucións internas para os procedementos en materia de persoal, tales como tramitación de nóminas, permisos e licenzas, anticipos, etc.
- Pode verificarse a existencia dun departamento de persoal independente da Intervención, Tesourería e Contabilidade.
- Están identificados os usuarios que necesitan ter acceso ao sistema de rexistros, ficheiros, programas e arquivos relativos ao persoal e o seu acceso está formalmente autorizado.

Porén a RPT e o organigrama da entidade publicados na páxina web só aportan evidencia sobre a existencia de postos específicos en materia de persoal pero non sobre responsabilidades, instrucións ou control ou autorización de accesos a programas e arquivos relativos a persoal.

Tamén sen aportar evidencia, a entidade declara que:

- Ten establecidos controis físicos e lóxicos para previr ou detectar accesos non desexados

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 75 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Os controis de acceso establécense cumprindo coa segregación de funcións

Como aspecto a mellorar hai que sinalar que a entidade non ten establecida a segregación de funcións entre as competencias de xestión e control de persoal.

**Formación e avaliación de desempeño.**

A entidade recoñece a importancia da formación e avaliación de desempeño e así a súa RPT recolle a existencia dunha Sección de Formación e Avaliación do Desempeño do Servizo de Recursos Humanos e Formación, dotada con 8 prazas de persoal funcionario, dividida en dous negociados que teñen as seguintes funcións:

1) Negociado de Formación:

- Formación continua e promoción profesional do persoal, incluíndo o diagnóstico das necesidades formativas do persoal das administracións locais da provincia, elaboración dos programas ou planos de formación e xestión da súa execución.
- Xestión de programas de formación profesional que poida promover a Deputación Provincial.

2) Negociado de Calidade e Avaliación do Desempeño:

- Xestión da implantación de sistemas de control de calidade dos procesos de traballo na Deputación Provincial.
- Estudo, deseño e posta en práctica dos procedementos de avaliación do desempeño dos empregados públicos provinciais.

A entidade ten aprobado un plan de formación continua dirixido a todo o persoal da administración local da provincia.

Das respostas ao cuestionario realizado á entidade podemos recomendar diversas actuacións que poderían mellorar a formación e avaliación do seu persoal:

- Ter en conta a motivación individual e dos grupos de traballo.
- Establecer mecanismos de revisión externa dos comportamentos no exercicio das funcións.
- Definir criterios obxectivos para a aplicación dun sistema de avaliación de desempeño
- Co obxectivo de facer efectivo o dereito do persoal á carreira profesional, establecer un sistema de promoción profesional que incentive a mellora do desempeño.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 76 a 101

**Retribucións.**

A entidade indica no cuestionario, sen aportar documentación xustificativa ou explicación adicional, que a través do aplicativo de administración electrónica:

- Realiza o control interno sobre a xustificación e aboamento de retribucións complementarias co fin de detectar posibles erros.
- Regula os métodos, regras e criterios para a aplicación, cálculo e control de retribucións complementarias.
- Ten establecido o procedemento para a autorización previa, fundamentación e control da realización de horas extraordinarias, así como para o seu pago.

Porén non dispón de manuais de regulación dos métodos, regras e criterios para a aplicación, cálculo e control dos incentivos ao rendemento.

Por outra banda controla a presencia e puntualidade do persoal a través dun sistema de fichaxe por pegada dixital. Tanto o Acordo regulador do persoal funcionario como o convenio colectivo do persoal laboral dispoñen que: as ausencias e faltas de puntualidade e permanencia do persoal que no queden debidamente xustificadas darán lugar a una dedución proporcional de haberes, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 31/1991, de 30 de decembro, modificada polo artigo 102.2 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, sen prexuízo daqueles supostos que dean lugar á incoación de expediente disciplinario

Con respecto á publicidade das retribucións dos membros da corporación e do persoal eventual, verifícase que figuran publicadas no seu portal de transparencia.

**Incompatibilidades e conflito de intereses.**

Neste aspecto, a entidade contesta negativamente a todas as cuestións plantexadas polo que tería que tomar as medidas tendentes a solucionar esta debilidade no seus mecanismos de control regulando os aspectos básicos na materia co establecemento de normas e principios básicos de aplicación a todos os empregados públicos.

## IV.10.3 RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL

Pola súa parte, as retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación están reguladas na base 67 das Bases de execución do orzamento (BEO) e se actualizan con cada cambio de mandato. O importe das retribucións recollidas nas BEO para o Presidente da Deputación atópase dentro dos límites do artigo 75 bis.2. da LRBRL que indica que: "No caso das retribucións dos Presidentes das Deputacións provinciais ou entidades equivalentes, terán un límite máximo por todos os conceptos



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 77 a 101

retributivos e asistencias que será igual ás retribucións do tramo correspondente ao Alcalde ou Presidente da Corporación municipal máis poboada da súa provincia".

Na provincia de Ourense a referencia é o concello de Ourense, situado no tramo de poboación de 75.000 a 150.000 habitantes para o que, de acordo coa Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, o límite máximo total que poden recibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias será de 77.655,62 euros.

A continuación relaciónanse os límites establecidos por esta norma en función do tramo de poboación correspondente ao municipio máis poboado da súa provincia:

**Cadro 41: Retribucións máximas dos membros da Corporación**

| Habitantes | Euros |
|---|---:|
| Más de 500.000 | 103.540,15 |
| 300.001 a 500.000 | 93.186,14 |
| 150.001 a 300.000 | 82.832,12 |
| 75.001 a 150.000 | 77.655,62 |
| 50.001 a 75.000 | 67.301,61 |
| 20.001 a 50.000 | 56.947,59 |
| 10.001 a 20.000 | 51.770,08 |
| 5.001 a 10.000 | 46.593,58 |
| 1.000 a 5.000 | 41.416,06 |

Na Deputación de Ourense os importes para o mandato 2019-2023 son os mesmos que para o anterior 2015-2019, dispoñendo as BEO que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

- A Presidencia da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual de 5.166,09 € en 14 pagas.
- A Vicepresidencia 2ª da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual equivalente á dun director xeral da Comunidade Autónoma.
- A Presidencia do INORDE, con retribución íntegra mensual de 3.916,92 euros.

No seguinte cadro móstrase unha comparativa entre as 4 Deputacións de Galicia no que se pode comprobar ademais que en ningún caso se superan os límites de retribucións establecidos:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 78 a 101

**Cadro 42: Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación**

| Cargo | Retribución bruta anual | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Ourense | Lugo | A Coruña | Pontevedra |
| Presidente | 72.325,26 | 63.502,46 | 64.778,84 | 73.032,22 |
| Vicepresidente | 57.149,80 | 57.518,30 | 62.605,66 | |
| Presidente de INORDE (Dep. Ourense) | 54.836,88 | | | |
| Dedicación exclusiva | 41.000,00 | 50.391,04 | 52.025,82 | 61.020,83 |
| Dedicación parcial do 75% (Dep. Ourense) | 30.750,00 | 25.737,32 | | |
| Dedicación parcial del 72% | | | | 43.935,00 |
| Dedicación parcial del 54% | | | | 32.951,25 |
| Dedicación parcial del 50% | | | | 30.510,42 |

A LRBRL dispón no seu artigo 75 bis 3. que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

No seguinte cadro móstranse as contías sinaladas nas BEO da Deputación de Ourense e a comparación coas outras 3 Deputacións de Galicia:

**Cadro 43: Contía das asistencias dos membros das Corporacións das 4 Deputacións de Galicia**

| Concepto | Ourense | Lugo* | A Coruña | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia a Pleno | 280,00 | 150,25 | 500 | 475 |
| Asistencia a órganos colexiados diferentes do Pleno | 140,00 | 75,13 | 300 | 200 |
| Asistencia a comisións informativas e outros órganos | 140,00 | 60,10 | 300 | 93 |

*Os importes sinalados correspondentes á Deputación de Lugo son os publicados no ano 2007 polo que puideron ser obxecto de actualizacións.

As BEO da Deputación de Ourense establecen un máximo dunha asistencia ao mes no caso dos Plenos e das comisións informativas.

Pola asistencia a actos de xestión ou representación provincial, aboaranse os gastos xustificados e no seu defecto, conforme ao exposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razóns do servizo.

As asignacións aos grupos políticos para os seus gastos de funcionamento teñen un compoñente fixo de 900 euros mensuais por grupo e un compoñente variable de 900 euros mensuais por cada deputado.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 79 a 101

## IV.11 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA

Realizouse unha análise relativa ao cumprimento da normativa sobre transparencia centrada na observancia dos principios, obrigas e contidos que dispón a LTAIBG. O artigo 1 desta lei establece entre os seus obxectivos os de ampliar e reforzar a transparencia na actividade pública así como regular e garantir o dereito ao acceso á información derivada de dita actividade. Para cumprir ditos obxectivos, a LTAIBG recolle no Título I un conxunto de medidas, nas que diferencia entre a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

En relación coa publicidade activa procedeuse a comprobar, por unha parte, que a Deputación de Ourense ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia e, por outra, que a información publicada se axusta ás condicións que a normativa esixe.

O artigo 4 LTAIBG establece os principios xerais que deben rexer a publicidade activa e determina que a información suxeita ás obrigas de transparencia debe ser publicada nas correspondentes sedes electrónica ou páxinas web das entidades dunha forma clara, estruturada e entendible polos interesados, preferiblemente en formatos reutilizables. Así mesmo, indica que se deben establecer os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

Verificouse que a entidade conta cun portal de transparencia: https://transparencia.Deputación de Ourense .org/, o cal presenta a información dividida nos seguintes apartados:

**Cadro 44: Información Portal de transparencia**

| Área | Apartado |
|---|---|
| A) Información sobre a Deputación provincial. | 1. Información sobre os cargos electos e o persoal da Deputación. |
| | 2. Información sobre a organización e o patrimonio da Deputación. |
| | 3. Información sobre a estrutura da Deputación e da provincia. |
| | 4. Información sobre normas e institucións provinciais. |
| B) Relacións cos cidadáns e a sociedade. | 1. Características da páxina web da Deputación. |
| | 2. Información e atención ao interesado. |
| | 3. Nivel de compromiso e responsabilidade social. |
| C) Transparencia económico-financeira. | 1. Información contable e orzamentaria. |
| | 2. Transparencia nos ingresos e gastos. |
| | 3. Transparencia nas débedas da Deputación. |
| D) Transparencia nas contratacións de servizos. | 1. Procedemento de contratación de servizos. |
| | 2. Relacións e operacións con provedores e contratistas. |





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 101

| Área | Apartado |
|---|---|
| E) Transparencia en materias de servizos e apoio a municipios. | 1. Plan de obras e servizos. |
| | 2. Xestión tributaria. |
| | 3. Asistencia e cooperación xurídica e económica. |
| | 4. Asistencia técnica urbanística, de administración electrónica e contratación centralizada e informática. |
| | 5. Outra información sobre servizos. |
| F) Indicadores da nova Lei de transparencia. | 1. Planificación e organización da Deputación. |
| | 2. Contratos, convenios e subvencións. |
| | 3. Cargos da Deputación e entidades dependentes e participadas. |
| | 4. Información económica e orzamentaria. |
| G) Outros indicadores. | 1. Certificacións. Pleno constitución 2015. |
| | 2. Pazolandia 2014/2020. |
| | 3. Urbaourense. |
| | 4. Compatibilidades. |
| | 5. Encomendas de Xestión. |
| | 6. Acordos reguladores e convenios colectivos. |
| | 7. Asuntos xurídicos finalizados. |

Os apartados A) a F), así como o contido de cada un, coinciden cos 80 indicadores en virtude dos cales a organización Transparencia Internacional (organización non gobernamental a escala universal dedicada a combater a corrupción, congregando á sociedade civil, sector privado e os gobernos nunha ampla coalición global) realizou o estudo sobre o cumprimento da normativa de transparencia das Deputacións provinciais relativo ao ano 2015, último en relación a estas entidades que figura publicado.

## 1.-Publicidade activa da información institucional, organizativa e de planificación

O artigo 6.1 LTAIBG refírese á publicación relativa ás funcións desenvolvidas pola entidade, normativa de aplicación e estrutura organizativa. Para estes efectos incluirase un organigrama.

O apartado 2 do mesmo artigo establece que "as Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine pola Administración competente."

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 81 a 101

O apartado F.1) publicado na web da Deputación recolle os seguintes subapartados:

- Plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixan obxectivos concretos, así como informes para a determinación das actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución.
- Organigrama actualizado que permite identificar os responsables dos diferentes órganos, así como as súas funcións e relacións de dependencia.
- I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2021.

Das esixencias do artigo 6.1 LTAIBG figura neste apartado o Organigrama. Outra información relativa ás funcións desenvolvidas ou normativa de aplicación recóllese basicamente no apartado A) Información sobre a Deputación provincial, onde se dá información sobre os cargos electos, a organización e patrimonio da Deputación, a súa estrutura e normas como o Regulamento Orgánico da Deputación, a súa Ordenanza de transparencia, así como o resto de ordenanzas, organizadas por data de aprobación. Consideramos que se cumpre co disposto neste artigo 6.1.

En relación ao artigo 6.2 da LTAIBG obsérvase o seguinte: no apartado relativo aos plans e programas anuais e plurianuais figuran: o Plan Ourense 7273, para o período 2019-2023; o Plan Ourense 15-19; e, ademais, unha relación de proxectos cofinanciados con cargo ao FEDER da UE e xestionados pola sección de Planificación e Seguimento de Investimentos da Deputación provincial de Ourense, das anualidades 2012 e 2013.

O plan Ourense 2019-2023 enumera unha serie de obxectivos de desenvolvemento sostible, que se relacionan cos obxectivos UE 2021-27, e unhas accións concretas, cada unha delas cunha data de implantación, tendo fixada a primeira o 10 de xuño de 2019. A continuación enuméranse accións comarcais a realizar das que non se dá máis información que o seu enunciado (nin contido concreto, nin prazos); non se fixan nin actividades nin medios para a consecución destas accións.

O Plan Ourense 15-19 fixa un plan de xestión e estratexia operativa, con 77 accións concretas e un cronograma. Pero non figura nada relativo ao grao de cumprimento e resultados destas accións, que segundo este artigo 6.2 da LTAIBG deben ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración.

Finalmente, publícase o Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que comeza en 2017 e aínda que si ten actuacións concretas e prazos de cumprimento, do mesmo xeito que no caso anterior, non se publica ningún estudo de cumprimento ou sobre o grao de implantación das medidas.

En consecuencia, parece que si se publican plans, pero non figura publicada ningunha avaliación



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 82 a 101

dos resultados dos mesmos. Por tanto, non se cumpriría con todo o que estipula o artigo 6.2 da LTAIBG.

## 2.-Publicidade activa de relevancia xurídica

O artigo 7 LTAIBG recolle a obriga de publicar determinada información de relevancia xurídica, tal como directrices, instrucións, acordos, circulares, resposta a consultas formuladas polos particulares; os anteproxectos de lei e os proxectos de decretos lexislativos; os proxectos de regulamentos, as memorias e informes que conforman os expedientes de elaboración dos textos normativos, e os documentos que deban ser sometidos a un período de información publica durante a súa tramitación.

En relación a esta obrigación, no apartado 4) Información sobre normas e institucións provinciais, figuran a orde do día dos plenos, así como actas ou acordos dos mesmos; mocións presentadas, xunto coa acta do pleno correspondente; convocatoria e actas das Xuntas de Goberno e das Comisións Informativas; ordenanzas e regulamentos propios; Código ético; e normativa en tramitación.

No apartado G) Outros indicadores, inclúense resolucións sobre incompatibilidades, o acordo regulador para os funcionarios e o convenio colectivo para o persoal fixo, así como a relación de asuntos xurídicos finalizados (esta última contén asuntos finalizados nos anos 2015 e 2016).

Figuran ademais no apartado C) todos os informes, memorias e alegacións relacionados coa elaboración do Orzamento.

## 3.-Publicidade activa da información económica, orzamentaria e estatística

O artigo 8 LTAIBG recolle a necesidade de publicación de determinada información de xestión administrativa que teña repercusións económicas e orzamentarias.

En relación aos contratos: a partir de maio de 2018 figuran na plataforma de contratación e o que se publica é a ligazón ao perfil do contratante na plataforma de contratación do MEH. En relación aos contratos anteriores a decembro de 2017, publícase unha listaxe en formato PDF onde consta o tipo de contrato, data de adxudicación, importe, prazo, adxudicatario, existencia de recursos, se hai posibilidade de subcontratación, se hai modificado e estado administrativo á data da listaxe (11/12/2017). Esta información figura no apartados D.2) e F.2). No apartado F.2) tamén figura un certificado do xefe de servizo coas porcentaxes de contratos adxudicados a través de cada procedemento.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 83 a 101

Convenios e encomendas de xestión: publícanse os convenios con outras entidades locais e encoméndalas de xestión nos apartados F.2) e G.5).

Subvencións e axudas públicas: na web da Deputación provincial, fóra do espazo dedicado especificamente á transparencia, hai un recadro cunha ligazón ás subvencións. No apartado F.2) de transparencia hai unha ligazón a esa mesma información. Con todo, bótase de menos nesa sección, específica de subvencións, unha ligazón á Base de Datos Nacional de Subvencións, que si figura dentro do espazo dedicado á transparencia, noutro apartado diferente, o apartado B.3) "Relacións cos cidadáns e a sociedade. Nivel de compromiso e responsabilidade social", onde non resulta moi intuitiva a súa localización. Por outra banda e en relación ás subvencións nominativas debemos sinalar que na listaxe de subvencións de 2018 publicado na web (último ano publicado coas listaxes, en formato PDF, onde si constan importe, finalidade e beneficiarios) figuran numerosas subvencións nominativas. Con todo, non se publican os subseguintes convenios na web da Deputación e tampouco na Base de Datos Nacional de Subvencións, onde si deberían figurar as subvencións nominativas (artigo 35 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións, en relación co artigo 2 da devandita Lei) e con todo só figuran as outorgadas mediante concorrencia.

Orzamentos: si se publica o expediente, no apartado F.4), aínda que con todos os documentos en formato PDF.

Contas anuais: publícanse as Contas dos anos 2010 a 2015. A partir desa data, o que se publica é un documento en formato PDF cunha imaxe da web do Consello de Contas onde se acredita que se cumpriu coa obrigación de remitir a Conta Xeral e unha copia do documento que se envía desde o devandito Consello unha vez que se recibe e analiza a mesma, notificando o seu estado. Se ben é certo que a ligazón á devandita Conta é de acceso público a través da web do Consello de Contas, tamén o é que debería informarse da devandita circunstancia e publicarse polo menos unha ligazón á mesma.

Retribucións de altos cargos, resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade, así como declaración anual de bens e actividades dos representantes locais: si se publican.

Información estatística para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos da súa competencia: no apartado E) figura información sobre os servizos prestados. E no apartado C.1) figuran as Memorias anuais dos anos 2010 a 2018 co custo, o rendemento e o resultado de cada servizo. Pero no apartado C.2) figura un apartado que parece responder máis exactamente ao que establece este apartado da LTAIBG denominado: Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 84 a 101

na prestación de servizos públicos por parte da Deputación Provincial, onde non figuran estes indicadores, senón que hai un documento denominado: "Memoria grao de cumprimento dous obxectivos programados", relativa á Conta de 2017 onde se remiten ao informe que acompaña á Conta Xeral referido ao custo e rendemento dos servizos prestados.

Ademais e con relación a outra información tamén publicada, ponse de manifesto que, aínda que evidentemente é positivo e recomendable en aras da transparencia que se publique a mesma e que se debe valorar o esforzo realizado neste sentido, tamén é certo que se observaron as seguintes incidencias:

- conceptos que non figuran onde polo enunciado parece que deberían estar (por exemplo: as indemnizacións por asistencia a órganos colexiados non figuran no epígrafe relativo á composición, remuneración e dietas por asistencia aos órganos colexiados, senón no relativo aos gastos de viaxe orixinados por Presidente e Deputados); ou que figuran varias veces (a información sobre o período medio de pago a provedores figura tanto no apartado C.2) dentro da información mensual remitida ao MINHAP en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, sobre as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade, onde é o único que figura (e están os datos ata decembro de 2018); e no apartado C.3) dentro dos indicadores (onde se publican os datos de xaneiro e febreiro de 2020); a información relativa aos contratos tamén figura duplicada: no apartado D.2) e no apartado F.2); as subvencións, como se expuxo anteriormente, tamén están en apartados diferentes.

- a normativa en ocasións non está actualizada (por exemplo, non figura na normativa de contratación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público); e o mesmo ocorre con algunha información (por exemplo, os indicadores de autonomía fiscal ou endebedamento, publicados ata 2017, ou os informes de morosidade trimestral, ata 2018).

## 4.-Dereito de acceso á información pública

Figura dentro do apartado B) Relación cos cidadáns e a sociedade, no número 3) Nivel de compromiso e responsabilidade social.

Tras expoñer o marco normativo deste dereito, así como a forma de presentación da solicitude, un terceiro subapartado denomínase "Solicitudes de acceso/copia información". Aquí figura publicada a solicitude de información de grupos con representación na Deputación ou de "outros".

En relación ás primeiras, figura un PDF coa pregunta realizada polo Deputado correspondente e outro PDF onde figuraría a resposta. Con todo, observado o contido de varias preguntas, non se facían en virtude do dereito de acceso á información pública, senón que se facían en virtude do



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 85 a 101

dereito de información dos membros das corporacións locais regulado no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, polo que este quizais non sexa o lugar adecuado para aloxalas. Por outra banda, o que se publica como resposta, non é a información solicitada, senón unha resolución onde se di que se lles dá anexa ou se pon a disposición esa información e advírteselles de que os membros da corporación provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións.

En relación ás segundas, o que figura é unha listaxe, onde figura unha relación cun extracto de cada pregunta realizada en 2017, así como o nome de quen fai a pregunta e a data da devandita pregunta e da súa resolución.

Por último, figura unha relación do número de solicitudes realizadas e atendidas no primeiro semestre de 2017.

O contido deste apartado non responde realmente ao dereito ao acceso á información pola cidadanía, nin sequera conta cun acceso á sede electrónica da Deputación que enlace cos diferentes procedementos de tramitación electrónica a disposición da cidadanía.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 86 a 101

# ANEXOS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 87 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 88 a 101

# Anexo I Liquidación e indicadores orzamentarios.

## Liquidación do orzamento de gastos

| Capítulo | Créditos Iniciais | Modificacións | Créditos Definitivos | Gastos Comprometidos | Obrigas Recoñecidas Netas | Pagos | Obrigas ptes. pago 31 de decembro | Remanentes de crédito |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 Gastos de persoal. | 31.798.524,56 | -1.119.163,20 | 30.679.361,36 | 29.100.337,92 | 29.100.337,92 | 28.486 | 613.483,96 | 1.579.023,44 |
| 2 Gastos correntes en bens e servizos. | 18.923.476,00 | 2.397.740,84 | 21.321.216,84 | 15.596.880,37 | 14.305.270,08 | 12.063 | 2.242.151,13 | 7.015.946,76 |
| 3 Gastos financeiros. | 17.962,75 | 0,00 | 17.962,75 | 9.975,96 | 9.975,96 | 8 | 1.413,34 | 7.986,79 |
| 4 Transferencias correntes. | 13.213.768,95 | 3.053.874,87 | 16.267.643,82 | 15.736.572,96 | 13.656.543,50 | 9.732 | 3.923.896,06 | 2.611.100,32 |
| 5 Fondo de continxencia. | 10.000,00 | 0,00 | 10.000,00 | 0,00 | 0,00 | | 0,00 | 10.000,00 |
| 6 Investimentos reais. | 14.610.872,47 | 10.041.119,31 | 24.651.991,78 | 17.881.023,84 | 12.442.152,79 | 10.551 | 1.890.439,00 | 12.209.838,99 |
| 7 Transferencias de capital. | 663.528,20 | 10.576.880,25 | 11.240.408,45 | 7.693.926,60 | 4.463.016,54 | 2.380 | 2.082.978,53 | 6.777.391,91 |
| 8 Activos financeiros. | 300.000,00 | 396.235,29 | 696.235,29 | 576.235,29 | 576.235,29 | 572 | 3.500,00 | 120.000,00 |
| **Totais** | **80.707.000,00** | **29.546.687,36** | **110.253.687,36** | **91.963.820,00** | **79.922.399,14** | **69.164.** | **10.757.862,02** | **30.331.288,22** |

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 89 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Liquidación do orzamento de ingresos

| Capítulo | Previsións Iniciais | Modificacións | Previsións Definitivas | Dereitos reconecidos | Dereitos anulados | Dereitos cancelados | Dereitos rec. netos | Recadación Neta | Dereitos ptes cobro | Exceso/defecto previsión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 Impostos directos. | 4.605.000,00 | 0,00 | 4.605.000,00 | 4.721.165,87 | 3.550,74 | 0,00 | 4.717.615,13 | 3.727.543,61 | 990.071,52 | 112.615,13 |
| 2 Impostos indirectos. | 4.030.000,00 | 0,00 | 4.030.000,00 | 4.448.069,97 | 0,00 | 0,00 | 4.448.069,97 | 4.448.069,97 | 0,00 | 418.069,97 |
| 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos. | 4.458.461,13 | 499.711,34 | 4.958.172,47 | 5.041.452,96 | 5.828,46 | 0,00 | 5.035.624,50 | [illegible]65,36 | 1.057.159,14 | 77.452,03 |
| 4 Transferencia correntes. | 66.182.047,37 | 143.418,33 | 66.325.465,70 | 70.734.661,81 | 45,81 | 0,00 | 70.734.616,00 | [illegible]27,23 | 905.488,77 | 4.409.150,30 |
| 5 Ingresos patrimoniais. | 219.511,75 | 0,00 | 219.511,75 | 170.904,28 | 0,00 | 0,00 | 170.904,28 | [illegible]91,25 | 35.913,03 | -48.607,47 |
| 6 Alleamento de investimentos reais. | 21.000,00 | 0,00 | 21.000,00 | 21.900,84 | 0,00 | 0,00 | 21.900,84 | [illegible]900,84 | 0,00 | 900,84 |
| 7 Transferencias de capital. | 890.979,75 | 1.650.684,14 | 2.541.663,89 | 3.217.559,38 | 0,00 | 0,00 | 3.217.559,38 | [illegible]24,18 | 934.235,20 | 675.895,49 |
| 8 Activos financeiros. | 300.000,00 | 27.252.873,55 | 27.552.873,55 | 155.440,96 | 0,00 | 0,00 | 155.440,96 | [illegible]55,25 | 14.285,71 | -27.397.432,59 |
| **Totais** | **80.707.000,00** | **29.546.687,36** | **110.253.687,36** | **88.511.156,07** | **9.425,01** | **0,00** | **88.501.731,06** | **8[illegible]77,69** | **3.937.153,37** | **-21.751.956,30** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQNQX | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 90 a 101

## Indicadores do orzamento de ingresos.
## Evolución e comparación con deputacións no mesmo tramo de poboación

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento ingresos** | **Deputación de Ourense** | 77,22% | 74,31% | 82,74% | 80,27% |
| DRN/Previsións ingresos | Media Galicia | 59,48% | 59,39% | 56,41% | 52,90% |
| | Media nacional | 74,32% | 75,15% | 73,51% | 70,54% |
| **Autonomía** | **Deputación de Ourense** | 89,93% | 90,86% | 90,58% | 88,45% |
| DRN (Capítulos 1 a 3, 5, 6 e 8 + transferencias recibidas) / DRN | Media Galicia | 93,05% | 98,18% | 94,59% | 95,73% |
| | Media nacional | 90,07% | 94,19% | 93,30% | 94,14% |
| **Autonomía fiscal** | **Deputación de Ourense** | 11,45% | 12,27% | 12,48% | 11,98% |
| DRN de natureza tributaria/DRN | Media Galicia | 18,33% | 20,32% | 17,88% | 18,76% |
| | Media Nacional | 15,56% | 16,41% | 16,35% | 17,24% |
| **Índice de dependencia das subvencións recibidas** | **Deputación de Ourense** | 10,17% | 9,22% | 9,63% | 11,73% |
| DRN Capítulos 4 e 7/DRN | Media Galicia | 7,26% | 3,20% | 6,66% | 3,97% |
| | Media nacional | 11,03% | 11,41% | 10,93% | 10,04% |
| **Realización dos cobramentos** | **Deputación de Ourense** | 94,08% | 94,08% | 94,08% | 94,08% |
| Recadación neta/DRN | Media Galicia | 91,68% | 92,78% | 93,00% | 92,45% |
| | Media nacional | 94,79% | 96,25% | 95,96% | 95,59% |



Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 91 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Indicadores do orzamento de gastos.**
**Evolución e comparación con deputacións no mesmo tramo de poboación**

| Indicador | Ámbito | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Execución orzamento gastos** | **Deputación de Ourense** | 74,43% | 78,73% | 77,62% | 72,49% |
| ORN/Créditos definitivos | Media Galicia | 59,02% | 50,85% | 51,13% | 47,00% |
| | Media nacional | 74,89% | 71,89% | 69,94% | 67,60% |
| **Índice gastos persoal** | **Deputación de Ourense** | 33,79% | 36,24% | 32,75% | 34,19% |
| ORN Capitulo 1/DRN 1 a 5 | Media Galicia | 24,38% | 25,02% | 24,74% | 25,56% |
| | Media nacional | 27,53% | 27,48% | 26,83% | 27,07% |
| **Esforzo investidor** | **Deputación de Ourense** | 23,07% | 23,28% | 21,73% | 21,15% |
| ORN Capítulo 6 e 7/ORN | Media Galicia | 37,17% | 27,15% | 29,78% | 28,53% |
| | Media nacional | 25,16% | 21,18% | 21,27% | 23,17% |
| **Carga financeira exercicio** | **Deputación de Ourense** | 12,09% | 10,01% | 9,66% | 6,32% |
| ORN Capítulos 3 e 9/DRN 1 a 5 | Media Galicia | 6,51% | 4,44% | 3,31% | 2,43% |
| | Media nacional | 12,61% | 8,11% | 8,28% | 5,97% |
| **Realización dos pagos** | **Deputación de Ourense** | 88,23% | 86,42% | 90,26% | 86,54% |
| Pagos líquidos/ORN | Media Galicia | 96,27% | 93,77% | 95,57% | 93,82% |
| | Media nacional | 93,23% | 91,72% | 90,99% | 91,72% |

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 92 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 93 a 101

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 94 a 101

# ALEGACIÓNS PRESENTADAS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 95 a 101

**Asunto: Anteproxecto de Informe de fiscalización selectiva da Deputación Provincial de Ourense correspondente ao exercicio 2018.**

**Alcance da fiscalización: Exclusivamente a Deputación Provincial de Ourense.**

Mónica Legaspi Díaz, en calidade de Interventora Xeral de Deputación provincial de Ourense, unha vez revisado o anteproxecto de informe de fiscalización selectiva da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2018, e seguindo a estrutura do mesmo, procede a presentar as seguintes alegacións:

**Primeiro. – Tramitación da Conta Xeral**

No mes de setembro de 2019 detectouse un erro nun ficheiro informático que contiña as nóminas do persoal da Deputación, ao non coincidir os cargos na conta bancaria da entidade coas cantidades que aparecían reflectidas nas nóminas. No mes de outubro, apareceron movementos contables que non cadraban coas operacións realizadas. Os programas informáticos non respondían adecuadamente, pero non se detectaba cal era o erro polos técnicos da área de Administración electrónica da institución nin polos propios do programa informático. No mes de outubro, procedeuse ao trámite da rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018. O prazo remataba o 14 de outubro e a Entidade presentouna o día 16.

O día 5 de novembro de 2019 , detectouse un erro moi grave nun pago dunha lista de subvencións destinadas a varias asociacións sen ánimo de lucro da provincia. Os destinatarios non recibiron os correspondentes ingresos, pero na conta operativa provincial si constaban os cargos. Investigando a fondo o asunto, previa denuncia por parte do Deputado delegado de Facenda, o Tesoureiro e eu mesma na Xefatura da Policía Nacional, descubriuse que a conta do destinatario dos fondos eran empresas pantalla e fondos de Investimentos pantasmas. O día 8 de novembro de 2019, un HACKER informático bloqueou os equipos da Deputación de xeito xeral, inutilizando gran parte de eles. Debido a este motivo, o arquivo da Conta Xeral non corresponde cos documentos propios da conta Xeral.

A Deputación foi coñecedora de que o hackeo tamén afectara á Conta Xeral, no momento que no anteproxecto do Consello de Contas nos comunica *"presenta defectos graves que impiden considerala como conta rendida"*.

O canal de comunicación foi tamén intervido polos hackers informáticos, modificando o contido do mesmo, sen que a Deputación tivese coñecemento no momento do seu envío e desde logo nin intencionalidade de omitir información relevante para a rendición da Conta Xeral do exercicio 2018.

Para poder correxir este erro, volvemos solicitar abrir o ano 2018 e incluímos os datos numérico e as memorias que faltaban na primeira remisión para que as poidan verificar e engadir ao expediente.

**Segundo.- Área de xestión orzamentaria.**

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 96 a 101

A Deputación Provincial de Ourense non conta cunha estrutura de persoal cualificado neste área para dar cobertura as esixencias en materia de control financeiro do RD 424/2017. Séguese a traballar no Regulamento de control interno e no Plan anual de control.

O regulamento de control interno está en estes momentos no Servizo de Secretaria Xeral, previa revisión antes de a súa aprobación polo Pleno da Entidade. Unha vez aprobado este, e analizados os riscos detectados , formularase o Plan Anual de Control, que abarcará os exercicios 2020 e 2021.

Participarlles que a Deputación, si fai provisión para os riscos que se puideran derivar da resolución de procedementos xudiciais  na aplicación  92001/22605 por importe de 100.000,00€.

**Cuarto.- Área de contas a pagar e tesourería**

Non se contabilizan as facturas na conta 413 ao peche do exercicio, porque ao 31.12.2018 non existían facturas que non contaran con crédito adecuado e suficiente. Ao longo do primeiro semestre cada ano, recíbense facturas que efectivamente, non poden aprobarse con cargo ao orzamento anterior, debido á demora na súa recepción ou ben a outros motivos, como son certificacións de obras que non foron susceptibles de incorporar remanente por incumprir o artigo 182.2 TRLFFLL, e que son recibidas dous exercicios despois de terse adxudicadas.

En todos estes casos, non se trata dunha ausencia de fiscalización previa, posto que os expedientes foron fiscalizados no seu momento.

**Sexto.- Área de subvencións.**

*Quedará subsanado este defecto no ano 2021.*

**Sétimo.- Área de contratación**

A Deputación fiscaliza e informa xuridicamente cada un dos expedientes dos contratos de importe superior a 5.000 euros, que son contratados polo servizo de Contratación. Cada contrato  menor ten como obxecto prestacións cualitativamente diferentes.

Nos 15 contratos menores nos que se superou o límite cuantitativo establecido foron: un, cuxo obxecto foi a ampliación de subscricións, non incluído no artigo 118 LCSP e o resto pola interpretación errónea da lei ao contar o importe de 40.000 e 15.000 euros, e non contar con importes "inferiores".

O servizo de reparación de vehículos ten carácter recorrente e vanse repetir obrigatoriamente tódolos exercicios. No caso das contratacións de reparacións de vehículos, ningún órgano de contratación no momento de iniciar a súa tramitación ten coñecemento certo do custe, ata desmontar o motor,  e examinar a avaría, e cuantificala. Polo que neste caso a teoría pode ir por un lado, pero a realidade por outro.

Non existe declaración de ausencia de conflito de intereses polas persoas implicadas nos procedementos de contratación. Desde o ano 2020 haina.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 97 a 101

## RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACION

### Contas anuais

As memorias están cubertas.

### Control interno

O Regulamento aprobarase no 2021 posto que xa está confeccionado.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 98 a 101

## RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 47 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017, a Deputación de Ourense, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou as correspondentes alegacións, que tiveron entrada no Consello de Contas o 22 de xaneiro de 2021. Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicarase este feito expresamente mediante nota ao pé de páxina.

### 1. Réplica á alegación primeira en materia de tramitación da Conta Xeral:

**Observacións**: A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización, non obstante será tida en conta no seguimento das recomendacións que oportunamente se leve a cabo e na revisión que se realice sobre a nova rendición da Conta Xeral do exercicio 2018, remitida o 25 de xaneiro de 2021 e non revisada na data de peche deste informe de fiscalización.

A alegación expón os problemas xurdidos nos sistemas informáticos nos últimos meses do ano 2019 que afectaron ás nóminas de persoal, contabilidade ou pago de subvencións, pero non se xustifica que tivesen relación directa cos defectos detectados na Conta Xeral do exercicio 2018 que, de selo caso, implicaría a falla de integridade de todos os datos da Conta remitida; ademais, a entidade si coñecía a existencia de defectos na rendición con anterioridade ao presente informe, xa que o Consello de Contas notificou á Deputación os defectos da rendición da Conta xeral de 2018 o 18 de outubro de 2019 a través do sistema de notificacións de Galicia (notifica.gal), no que consta que a Deputación aceptou nesa data a comunicación.

Por outro lado, as circunstancias alegadas poderían manifestar unha grave falla no funcionamento dos sistemas de seguridade da entidade, cunha imperfecta implantación do Esquema nacional de seguridade, dado o alcance do ataque e o tempo transcorrido sen tomar medidas para resolvelo,



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 99 a 101

xa que pasaron polo menos 2 meses desde a detección do primeiro problema informático ata o "bloqueo dos equipos informáticos da Deputación de xeito xeral".

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

2. **Réplica á alegación segunda respecto á área de xestión orzamentaria:**

**Observacións**: A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización, non obstante será tida en conta no seguimento das recomendacións que oportunamente se leve a cabo.

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

3. **Réplica á alegación cuarta respecto á área de contas a pagar e tesourería:**

**Observacións**: A conta 413 responde ao principio de devindicación e nela débense incluír débedas como as derivadas de alugueiros, reparacións e conservación, subministracións de gas e electricidade, servizos de telefonía, gastos de persoal, subvencións monetarias concedidas pola entidade, expropiacións, adquisición en man de bens mobles, certificacións de obra ordinarias, liquidación de obras, etc. que, ao final do período, trimestral ou anual segundo proceda, estean devindicadas e non imputadas ao orzamento de gastos da entidade.

A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización.

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

4. **Réplica á alegación  sexta respecto á área de xestión orzamentaria:**

**Observacións**: A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización, non obstante será tida en conta no seguimento das recomendacións que oportunamente se leve a cabo.

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

5. **Réplica á alegación sétima respecto á área de contratación:**

**Observacións**: A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización, non obstante será tida en conta no seguimento das recomendacións que oportunamente se leve a cabo.

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

6. **Réplica á alegación relativa ás Contas anuais e Control interno:**



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 100 a 101

**Observacións**: A alegación non aporta ningunha explicación que rebata o exposto no informe de fiscalización, non obstante será tida en conta no seguimento das recomendacións que oportunamente se leve a cabo.

**Consecuencia**: A alegación non modifica o texto do informe.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AYYZ9NTCTZ2WXG3Y6CWTQN67X | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 101 a 101

Consello de Contas de Galicia

# INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO CONCELLO DE PADRÓN EXERCICIOS 2015 A 2017

**ACTUACIÓN 1622019-18**

**APROBADO POLO PLENO**
**SESIÓN 01/03/2021**

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 67

# ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN ..... 1
I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN ..... 1
I.2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA ..... 2
I.3. NORMATIVA REGULADORA ..... 3
II. CONCLUSIÓNS ..... 4
II.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO ..... 4
II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS ..... 4
II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE ..... 5
II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento ..... 5
II.3.2. Opinión sobre o cumprimento da legalidade ..... 5
II.3.2 Conclusións sobre os resultados da fiscalización ..... 5
III. RECOMENDACIÓNS ..... 8
IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN ..... 9
IV.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS ..... 9
IV.1.1 Acordos contrarios a reparos ..... 9
IV.1.2 O recoñecemento extraxudicial de crédito como procedemento de recoñecemento de débeda para evitar o enriquecemento inxusto da administración ..... 10
IV.2. NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO ..... 12
IV.2.1 Cumprimento obrigas de remisión de información ..... 13
IV.2.2 Situación económica financeira ..... 14
IV.2.3 Modalidade e contido do control interno da entidade ..... 19
IV.2.4 PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO ..... 22
IV.2.5 Plan de axuste ..... 23
IV.2.6 Cumprimento da normativa de transparencia ..... 33
IV.3. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS ..... 35
IV.4. ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS ..... 39
IV.4.1. Análise da entidade ..... 39
IV.4.2 En materia de contratación administrativa ..... 42
IV.4.3 En materia de persoal ..... 50
IV.4.4 En materia de subvencións ..... 54
TRÁMITE DE ALEGACIÓNS ..... 57

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 67

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Datas de tramitación da conta xeral ..... 13
Cadro 2: Datas de remisión dos contratos e dos acordos contrarios aos reparos da intervención ..... 13
Cadro 3: Liquidación do orzamento de ingresos ..... 15
Cadro 4: Liquidación do orzamento de gastos ..... 16
Cadro 5: Resultado orzamentario ..... 17
Cadro 6: Remanente de tesourería ..... 18
Cadro 7: Obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública ..... 19
Cadro 8: Saldo da conta 413 e porcentaxe que representa sobre as obrigas recoñecidas netas do exercicio ..... 21
Cadro 9: Seguimento de ingresos do plan de axuste e comparativa coa liquidación (en miles de euros) ..... 26
Cadro 10: Axustes en ingresos previstos no plan de axuste (en miles de euros) ..... 27
Cadro 11: Seguimento de gastos do plan de axuste (en miles de euros) ..... 29
Cadro 12: Axustes en gastos previstos no plan de axuste (en miles de euros) ..... 30
Cadro 13: Endebedamento e plan de axuste ..... 32
Cadro 14: Remanente de tesourería e saldos de dubidoso cobro ..... 33
Cadro 15: Rexistro de facturas e pago das mesmas ..... 37
Cadro 16: Período medio de pago de facturas ..... 38
Cadro 17: Recoñecemento extraxudicial de crédito ..... 39
Cadro 18: Reparos formulados pola intervención ..... 41
Cadro 19: Contratos menores Concello de Padrón 2015-2017. Datos da Secretaria da entidade. ..... 42
Cadro 20: Contratos menores Concello de Padrón 2015-2017 segundo a información de pagos realizados ..... 43
Cadro 21: Número de empregados e retribucións totais ..... 50
Cadro 22: Importes anuais do persoal contratado con exercicio de autoridade ..... 52
Cadro 23: Información orzamentaria das subvencións a familias e institucións sen fin de lucro ..... 54

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 67

## ABREVIATURAS

BOP..........................................................................................................Boletín Oficial da Provincia

LALG........................................................................................Lei da Administración local de Galicia

LBRL..............................................................................................................Lei de bases de réxime local

LOEOSF...................... ........Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

LTAIBG........................................Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

PCAP...................................................................Prego de cláusulas administrativas particulares

TREBEP.......................................Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

TRLCSP.......................................................Texto refundido da Lei de contratos do sector público



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 67

# I. INTRODUCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que se celebrou o 20 de decembro de 2018, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019. Entre as actuacións previstas na Área de Corporacións Locais figura a realización dun informe de fiscalización selectiva do Concello de Padrón.

A presente actuación é consecuencia da queixa presentada polo concelleiro do grupo político Alternativa Por Padrón ante á Valedora do Pobo en novembro de 2017, logo da resposta dada polo Concello de Padrón á solicitude de petición de determinada información na que se lle indicaba que "resulta imposible facerlle entrega de dita documentación posto que non constan formalizados os contratos ou convenios referenciados", engadindo o concelleiro denunciante documentación oficial, na que se recollen parcialmente informes de intervención con reparos suspensivos, respecto ás materias que son obxecto de exame para o pago de facturas, motivo polo que, o 27 de abril de 2018, a Valedora do Pobo remite ao Consello de Contas de Galicia a documentación recibida para o seu estudio e valoración.

Estas actuacións enmárcanse no mecanismo de inicio de oficio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións remitidas por persoas físicas ou xurídicas, a fin de fomentar a participación cidadá na prevención da corrupción, recollido polo artigo 24 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, logo da reforma introducida pola Lei 8/2015, do 7 de agosto.

## I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído exclusivamente polo Concello do Padrón, que non conta con ningunha entidade participada.

O ámbito obxectivo está determinado pola documentación presentada, orixe da fiscalización, sobre a que se observan presuntas irregularidades nas seguintes materias:

a) na contratación menor, en relación co fraccionamento de contratos.

b) en materia de persoal, no relativo á contratación de persoal para realizar determinadas actividades que carrexan exercicio de autoridade, así como á realización de horas extraordinarias e a súa compensación no marco de contratos onde non se recolle dita posibilidade

c) na colaboración con organizacións privadas, no que atinxe ao cumprimento do establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Respecto ao ámbito temporal abarca aos exercicios 2015, 2016 e 2017, estendéndose a exercicios anteriores e posteriores cando se considerou de interese.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 67

## I.2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

O obxectivo xeral da presente fiscalización é a análise e comprobación, mediante a realización dunha auditoría de cumprimento, dos catro ámbitos que se inclúen na comunicación presentada diante do Consello de Contas, que afectan á actividade contractual desenvolvida polo Concello de Padrón na modalidade de contratación menor; á contratación de persoal para desenvolver funcións reservadas ao persoal funcionario; á autorización e compensación de horas extraordinarias e respecto á actividade subvencional e á utilización dos convenios como canle de cooperación do Concello de Padrón con organizacións pertencentes ao sector privado. Para alcanzar o cumprimento destes obxectivos, considerouse conveniente estender os traballos tanto á análise dos acordos e resolucións adoptados polo Concello de Padrón nos exercicios 2015, 2016 e 2017, nas materias obxecto de denuncia, como ao saldo da conta 413 Acredores por operacións devindicadas e á revisión do sistema de facturación do concello.

A metodoloxía seguida basease no exame dos seguintes aspectos:

- Coñecemento xeral da entidade, do seu sistema de control interno e o cumprimento da normativa de transparencia.
- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar ás resolucións da Alcaldía e do Pleno contrarias aos reparos formulados pola Intervención local.
- Comprobar o efectivo cumprimento da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica, así como a vinculación do Punto de rexistro de facturas coa contabilidade e o seu reflexo na conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.
- En materia de contratación pública, analizar a tipoloxía da contratación realizada polo concello, e examinar en particular tanto o cumprimento dos límites cuantitativos esixidos como da publicidade dos contratos, no marco dos contratos menores.
- No ámbito de persoal, analizar a estrutura de persoal da entidade e verificar, dunha parte, que se está a cumprir as reservas propias dos poderes públicos, limitadas ao persoal funcionario no exercicio das funcións cando supoñen o exercicio de autoridade, e doutra, o axuste á legalidade dos mecanismos de retribución das horas extraordinarias realizadas polo persoal contratado para estes fins.
- No eido da actividade de fomento, identificar os mecanismos utilizados polo Concello de Padrón nas súas relacións de colaboración co sector privado, a xustificación do uso do convenio de colaboración e o cumprimento dos requisitos formais e materias dos subscritos no período fiscalizado.

Os traballos leváronse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización contidos

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 67

nas ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 400 e ISSAI-ES 4000.

## I.3. NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril, rectificada no BOE nº 139, do 11 de xuño), e sucesivas modificacións, entre outras a Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985.

- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ( BOE nº236, do 2 de outubro).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 2 de outubro).

- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local (BOE nº 113, do 12 de maio).

- Circular 3/1996, do 30 de abril de 1996, da Intervención xeral da administración do estado, pola que se ditan instrucións sobre o exercicio da función interventora.

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro).

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo; corrección de erros no BOE nº 63, do 13 de marzo).

- Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE nº168 do 14 de xullo).

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (BOE nº 261, do 31 do outubro).

- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (DOG nº 82, do 4 de maio).

- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE nº 312, do 30 de decembro).



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 67

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro).

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, (BOE nº 101, do 28 de abril).

- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción (DOG nº 164, do 28 de agosto).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).

- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).

- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas (BOE nº 84, do 7 de abril).

- Bases de execución orzamentaria dos respectivos exercicios obxecto de análise.

# II. CONCLUSIÓNS

## II.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada -da contratación pública, da contratación de persoal e de subvencións, mediante a colaboración con organizacións privadas- estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

## II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha conclusión de auditoría de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de contratación pública, de contratación de persoal para realizar determinadas actividades que con levan exercicio de autoridade, a realización de horas extras por este persoal e a súa compensación, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre a información e documentación solicitada polo Consello de Contas no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 67

Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

## II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

### II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓN DO CUMPRIMENTO

1. O Concello de Padrón prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo, en forma e prazo, aos requirimentos realizados no marco da presente fiscalización.

### II.3.2. OPINIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

2. Na nosa opinión, o Concello de Padrón utiliza nos exercicios analizados inadecuadamente a vía da contratación menor, formalizando reiteradamente contratos nos que a prestación excede das limitacións legais respecto á contía, o prazo ou ambas, co fin de evitar o procedemento de licitación establecido na lexislación de contratos.
3. Durante os exercicios obxecto de análise utilizouse, en catro ocasións, a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, co fin de convalidar gastos por importe de 1.112.313,53 euros; ben por existiren facturas datadas e rexistradas no concello en anteriores exercicios, sen que puideran aprobarse por falta de consignación orzamentaria ou por non ser a mesma suficiente, ben polo incumprimento do principio de anualidade orzamentaria, ademais da inobservancia do procedemento xeral de contratación.
4. O concello non materializou as previsións contidas na Disposición adicional primeira do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade pola que se instaba ás Administracións Públicas, co fin de atallar e evitar os riscos de que os traballadores das empresas de servizos contratados pola Administración se convertesen en persoal laboral, de xeito que catro persoas que exercen funcións que implican o exercicio de autoridade reservada aos poderes públicos foron recoñecidos na súa vinculación co Concello de Padrón co carácter de persoal laboral indefinido non fixo, en virtude das sentenzas ditadas polo Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, e dos decretos da alcaldía no 2019 en execución das mesmas.

### II.3.2 CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

#### Orzamentos e contabilidade

5. O Concello de Padrón prorrogou os orzamentos do exercicio 2014 ata o ano 2016, derivándose para a entidade as conseguintes limitacións xurídicas ao non ser posible prorrogar os créditos

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 67

procedentes de modificacións de crédito, nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse no exercicio anterior.

Esta circunstancia leva á necesidade de realizar un elevado número de modificacións orzamentarias e tamén poden afectar ao grao de execución do orzamento.

6. No exercicio 2017 producíronse modificacións orzamentarias por importe de 2.927.376,70 euros que representan o 44,34 por cento dos créditos iniciais.

7. O saldo da conta 413 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento descende en cada un dos exercicios obxecto de análise (200.746,46 euros no 2015, 129.570,56 no exercicio 2016 e 72.929,45 euros no exercicio 2017) mais nos dous seguintes exercicios volve a incrementarse (159.250,82 euros no 2018 e 352.145,35 euros no 2019).

A existencia de saldos nesta conta ten tamén especial influencia no desenvolvemento dos orzamentos, xa que engaden un novo desaxuste á execución orzamentaria, trasladando a imputación de gastos entre exercicios.

8. Da comprobación efectuada sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda pública a entidade cumpre cos 3 obxectivos no 2015, mais a partir do exercicio 2016 o concello incumpre a regra de gasto, polo que foi necesario aprobar un Plan económico financeiro, polo Pleno do concello con vixencia nos exercicios 2017 e 2018, sen que fose posible cumprir co obxectivo da regra de gasto en ningún dos dous exercicios nos que estivo vixente o Plan, sen incluír outras medidas previstas na normativa.

## Transparencia

9. A entidade cumpre, con carácter xeral, coas súas obrigas de transparencia reguladas na Lei 19/2013, do 27 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no relativo á publicidade activa.

10. No relativo á rendición de contas, nos tres exercicios a entidade procedeu ao cumprimento da remisión ao Consello de Contas dentro do prazo establecido. En cambio o concello incumpriu coa data de remisión de contratos relativos aos exercicios 2015, 2016 e 2017; respecto á información dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, o concello remitiu en prazo a información do exercicio 2017 e fóra de prazo a correspondente aos exercicios 2015 e 2016. Respecto á información dos convenios celebrados polo concello, non consta información da súa situación, a través da Plataforma de rendición de contas, como é esixible desde o exercicio 2016.

## Contratación

11. O Concello de Padrón utiliza de modo habitual a práctica de contratar por medio do procedemento da contratación menor. Aínda que as facturas analizadas constituirían un contrato



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 67

menor de subministro ou servizo, por non exceder cada unha delas de 18.000,00 € (IVE excluído), este límite resulta superado amplamente polo importe conxunto das facturas expedidas ao concello polos citados provedores para a mesma finalidade durante cada anualidade. En consecuencia, estase a producir reiteradamente un fraccionamento do obxecto do contrato, quebrantando así os principios de concorrencia e publicidade, así coma a forma de adxudicación que corresponda, vulnerando o artigo 86.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

12. Algún dos servizos que se prestan sen cobertura contractual son de prestación obrigatoria, como a iluminación pública ou a recollida de residuos sólidos urbanos. De acordo cos datos que figuran na plataforma de contratación do sector público, dita situación segue manténdose na data de finalización da elaboración do informe, sen que obedeza a necesidades excepcionais.

13. A elusión dos procedementos en materia de contratación dá lugar ao uso do recoñecemento extraxudicial de créditos como vía para a validación de vicios do procedemento que incorren en nulidade de pleno dereito declarados nos informes de reparo da Intervención.

**Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos**

14. Nos exercicios fiscalizados, o Concello de Padrón ditou un total de 56 resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención. Deles, 19 corresponden a 2015 por importe de 1.878.284,07 euros, no que se inclúe un recoñecemento extraxudicial de créditos de 245.661,39 euros; 17 a 2016 por 1.763.278,36 euros, incluído o recoñecemento extraxudicial de crédito por 384.817,93 euros e 20 ao exercicio 2017 por contía de 1.905.152,73 euros, nos que figuran dous recoñecementos extraxudiciais de créditos, por un total de 481.832,21 euros.

15. O importe do saldo de obrigas recoñecidas netas da liquidación do orzamento afectadas polo levantamento de reparo e posterior recoñecemento extraxudicial de crédito representa o 3,49 por cento do total no exercicio 2015; 6,02 por cento no 2016 e 6,57 por cento no 2017.

16. O motivo de reparo formulado polo órgano interventor é sempre a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais (art. 216.2.c) do TRLFL) e trae causa dos seguintes incumprimentos en materia de contratación: superar as limitacións existentes para a tramitación do contrato menor, tanto no límite cuantitativo como no temporal; prórroga do contrato polo consentimento tácito das partes; contratación verbal en servizos e subministracións cuxo importe supera amplamente a contía do contrato menor e responden a necesidades periódicas, previsibles e recorrentes.

17. Todos os reparos suspensivos son obxecto de levantamento polo órgano competente, presentando os expedientes no mesmo acto do levantamento do reparo a aprobación do expediente de recoñecemento das obrigas correspondentes. A motivación dos recoñecementos extraxudiciais de créditos baséase na teoría do enriquecemento inxusto da administración.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 67

**Sistema de tramitación de facturas**

18. O sistema de facturación electrónica do Concello de Padrón conta coa adecuada comunicación entre o Punto Xeral de Entrada de Facturas e o Rexistro Contable de Facturas. O pago das mesmas concordan cos datos que se derivan dos informes trimestrais sobre morosidade.

19. O concello cumpre, en xeral, co período medio de pago das facturas dentro do prazo establecido na normativa.

# III. RECOMENDACIÓNS

**Orzamentos e contabilidade.**

1. Debe elaborarse un orzamento máis realista coas necesidades do concello, que permita unha redución significativa das modificacións orzamentarias.
2. O Concello de Padrón debe adoptar as medidas de xestión do gasto público oportunas co fin de cumprir co principio de anualidade orzamentaria e, así non trasladar a outros exercicios os gastos previstos no orzamento.
3. Recoméndase o establecemento de protocolos e manuais de xestión e control que sirvan de guía e faciliten a labor a realizar polos seus traballadores.

**Transparencia.**

4. Débese profundar no contido da información recollida no portal de transparencia co fin de ampliar e mellorar a garantía de transparencia da actividade municipal. r

**Contratación.**

5. A entidade deberá elaborar un Plan anual de contratación, no que se programe, mediante o correspondente documento de planificación ou cronograma, a licitación dos gastos repetidos reiterada e periodicamente que superen os límites e prazos do contrato menor. Así mesmo, deberá garantirse que o inicio da tramitación dos expedientes de contratación derivada da finalización da vixencia dos contratos se realice coa antelación suficiente para evitar a execución de gastos sen cobertura contractual.

**Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos.**

6. A imputación ao orzamento de obrigas adquiridas con omisión dos requisitos e trámites esenciais dos procedementos orzamentarios e contractuais e que deben ser pagadas aos terceiros a través da figura do recoñecemento extraxudicial de créditos debe ter carácter excepcional, séndolle de aplicación os límites da revisión do artigo 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.
7. O órgano interventor debe incorporar ao Plan de control financeiro a análise económico financeira do funcionamento dos servizos da entidade, tanto no que atinxe ao cumprimento normativo

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 67

como a adecuación da súa xestión aos principios de eficacia, eficiencia, economía, transparencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. Considérase convinte que o Concello de Padrón axuste os procedementos de tramitación dos acordos contrarios a reparos e expedientes con omisión de fiscalización á normativa de control interno (Real decreto 424/2017), por exemplo a través das súas bases de execución do orzamento.

9. Aconséllase que o órgano de control interno realice as actuacións necesarias co fin de informar ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que deriven da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, nos termos establecidos no Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 28 e 30 da Lei 19/ 2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

# IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

## IV.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Un dos obxectivos específicos desta fiscalización consiste na análise dos gastos tramitados prescindindo dos procedementos legalmente establecidos para a súa contratación, así como na determinación das situacións e causas concretas que deron lugar ás resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos formulados pola Intervención local e á aprobación de expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, polo que, previamente á análise das causas que deron orixe a ditos acordos e a tramitación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, cómpre definir ambos conceptos.

### IV.1.1 ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS

No ámbito da administración local, o TRLRFL establece un control previo de legalidade, denominado función interventora, co obxecto de garantir que a actuación administrativa se axusta ao procedemento legalmente establecido e ás disposicións reguladoras da administración e xestión de fondos públicos.

Atendendo á normativa vixente no ámbito temporal do informe, a función interventora exércese con carácter previo sobre todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores. Nos casos en que, no exercicio desta función, o órgano interventor se manifeste en desacordo co fondo ou forma do acto, documento ou expediente examinado debe formular, de forma motivada, un reparo por escrito. Este reparo terá carácter suspensivo nos supostos que recolle o artigo 216.2 TRLRFL: se o gasto é proposto por un órgano incompetente; cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 67

recoñecemento da obriga ou cando se omitan requisitos ou trámites esenciais que puidesen dar lugar á nulidade do acto.

Á vista desta circunstancia, o órgano xestor pode aceptar o reparo e, ou ben desistir da tramitación do expediente, ou ben emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor. No caso en que non estea de acordo co reparo, o órgano xestor exporá unha discrepancia ao Presidente da entidade local ou ao Pleno, naqueles casos en que o reparo se basee na insuficiencia de crédito ou se refira a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A discrepancia debe formularse por escrito, recollendo unha motivación suficiente que debe incluír a cita dos preceptos legais nos que o órgano xestor sustenta o seu criterio. Resolta a discrepancia, continúa a tramitación do expediente, deixando constancia que se adecúa ao criterio fixado na resolución correspondente ou ben da motivación que xustifique a non aplicación do criterio establecido polo órgano de control. Debe terse en conta que as opinións do órgano de control non prevalecen sobre as do órgano xestor.

Ademais, o órgano de control debe elevar ao Pleno un informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente contrarias aos reparos efectuados, así como remitir anualmente ao Tribunal de Cuentas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente e o Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, tal e como establece o artigo 218.3 TRLRFL.

Polo tanto, un acordo contrario a reparo é consecuencia dunha discrepancia producida por un reparo interposto polo órgano de intervención no exercicio da fiscalización previa á adopción ou aprobación do acto administrativo. O expediente deberá ser rexistrado como "acordo contrario a reparo".

Da documentación analizada resulta que o motivo dos reparos formulados polo órgano de intervención é a omisión de requisitos ou trámites esenciais, fundamentalmente por ausencia do procedemento de contratación ou por prolongar a prestación fora do período de vixencia do contrato.

O procedemento empregado para solventar as discrepancias formuladas pola Intervención foi a tramitación, pola Alcaldía ou polo Pleno da Corporación segundo existise ou non dotación orzamentaria, dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito baseado no feito de que a prestación xa foi realizada e se encontra no suposto de enriquecemento inxusto.

### IV.1.2 O RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO COMO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO DE DÉBEDA PARA EVITAR O ENRIQUECEMENTO INXUSTO DA ADMINISTRACIÓN

O recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo establecido polo ordenamento xurídico para proceder ao pago daquelas facturas polas que se contraeron obrigas sen consignación





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 67

orzamentaria. Así o prevé o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos: "Corresponderá ao Pleno da Entidade Local o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera".

Así, o recoñecemento extraxudicial de créditos é o procedemento en virtude do cal a Administración Local recoñece obrigas non comprendidas no orzamento en curso para regularizar os gastos que non se aplicaron a ningunha partida do ano orzamentario en que deberon ser descontadas.

Polo tanto, a primeira conclusión que se extrae do exposto é que, aínda que non sexa a regra xeral, o ordenamento xurídico prevé a posibilidade de recoñecer obrigas contraídas sen consignación orzamentaria derivadas de servizos prestados á administración.

Pero o recoñecemento extraxudicial de créditos tamén se vén utilizando, non só para recoñecer obrigas contraídas sen consignación orzamentaria, senón para sanear situacións puntuais irregulares que adoecen dun vicio constitutivo de nulidade. Nos expedientes analizados existe crédito para a realización do gasto, pero non cobertura contractual.

É preciso destacar que nos referimos sempre a facturas e xustificantes de gastos que foron efectivamente recibidos e prestados, é dicir, aos que o concello prestou a súa conformidade. É precisamente esa conformidade a que xustifica a súa tramitación non desde un punto de vista contractual, senón extracontractual, a través dunha responsabilidade patrimonial derivada do chamado "enriquecemento sen causa" ou "inxusto", pois a prestación ou o servizo efectivamente executados beneficiaron á administración e por iso procede resarcir ao contratista dos traballos realizados.

Trátase, non obstante, dun instrumento a utilizar en casos puntuais, de natureza extraordinaria, posto que supón unha ruptura dos principios de anualidade orzamentaria e limitación cuantitativa dos créditos, principios recollidos no artigo 163 TRLRFL.

Por último e aínda que entrou e vigor o 1 de xullo de 2018, cómpre traer a colación a modificación introducida a través do RD 424/2017, que no seu artigo 28, establece que naqueles expedientes en que se houbera omitido a función interventora, o órgano de intervención deberá formular un informe no que se porá de manifesto, entro outros extremos a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materialízase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 67

revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

Debe ser tido igualmente en conta que o recoñecemento extraxudicial de créditos permite o pago pero non depura as responsabilidades nas que se teña incorrido pola contratación do servizo omitindo o procedemento legalmente establecido, e non exime de proceder ás preceptivas licitacións dos contratos para a súa prestación no sucesivo, conforme ao previsto na normativa de contratación e na seguinte normativa:

- O artigo 173.5 TRLRFL: Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos de resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma.

- A normativa de contratación establece como causa de nulidade de pleno dereito administrativo, por unha parte, a carencia ou insuficiencia de crédito e, por outra, as indicadas no art. 47 LPAC, entre as que destaca a referida a ditar actos prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

- Ademais, a LTBG tipifica no artigo 28 como faltas moi graves aprobar compromisos de gastos, recoñecementos de obrigas e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na normativa orzamentaria que sexa aplicable, así como a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigas ou pagos cando esta resulte preceptiva, ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria.

## IV.2. NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO

O Concello de Padrón é unha entidade local que contaba a 1 de xaneiro de 2015 cunha poboación de 8.643 habitantes, segundo datos do INE. Durante o período examinado caracterizouse pola perda de poboación dun exercicio con relación ao anterior, 62 persoas no censo de 2016 e 118 persoas ata deixar o censo en 8.463 habitantes a data de 1 de xaneiro de 2017.

Non ten entidades dependentes, nin ten participacións en sociedades mercantís.

A composición da corporación resultante das eleccións de 2011 quedou establecida polo seguintes concelleiros/as: PP 5; PSdG-PSOE, 3; Partido Galeguista Demócrata (PGD), 2; BNG, 1; Converxencia de Independentes de Padrón (CIPA), 1; Cidadáns de Galicia, (CideGa), 1; resultando elixido Alcalde o candidato do PP.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 67

A corporación resultante das eleccións de 2015 quedou conformada polos seguinte número de concelleiros/as: PP, 5; PGD, 2; PSdG-PSOE, 2; Veciños de Padrón, (VÑ), 1; Alternativa por Padrón (AXP) 1; BNG-Asembleas Abertas, 1; CIPA, 1, mantendo a alcaldía o candidato do PP.

Os aspectos básicos desta entidade réxese pola LRBRL e pola LALG, e, de acordo con dita normativa, entre as competencias e servizos públicos de prestación obrigatoria cabe citar as relativas ao alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas, biblioteca pública, parque público, mercado e tratamento de residuos.

## IV.2.1 CUMPRIMENTO OBRIGAS DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN

No relativo ao cumprimento das obrigas de remisión da información que a entidade debe realizar a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, correspondentes aos exercicios obxecto de análise, consta a seguinte situación respecto da conta xeral:

**Cadro 1: Datas de tramitación da conta xeral**

| Trámite | Exercicio | | |
|---|---|---|---|
| | 2015 | 2016 | 2017 |
| Data aprobación Orzamento | 30/12/2014 | 30/12/2015 | 28/09/2017 |
| Data aprobación Liquidación | 05/06/2016 | 30/03/2017 | 20/03/2018 |
| Data formación Conta | 15/09/2016 | 08/05/2017 | 04/05/2018 |
| Data informe Comisión Especial de Contas | 23/09/2016 | 31/05/2017 | 05/06/2018 |
| Data inicio Exposición | 06/10/2016 | 06/06/2017 | 08/06/2018 |
| Data presentación Conta | 02/11/2016 | 24/07/2017 | 26/07/2018 |
| Data aprobación Conta | 02/11/2016 | 27/07/2017 | 26/07/2018 |
| Data de rendición da Conta | 14/11/2016 | 26/09/2017 | 18/09/2018 |

**Fonte: Plataforma de rendición de contas**

En consecuencia, a presentación da conta xeral polo Concello de Padrón efectúase, nos dous últimos exercicios dentro do prazo legalmente previsto. En cambio, pola contra, no 2015 realízase fóra de prazo.

Respecto á obriga de comunicación de información relativa á formalización de contratos no período fiscalizado así como dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, de remisión obrigatoria, na Plataforma de rendición de contas das entidades locais figuran os seguintes datos:

**Cadro 2: Datas de remisión dos contratos e dos acordos contrarios aos reparos da intervención**

| Exercicio | Data de remisión información contratos | Data límite de remisión de contratos | Data de remisión información reparos | Data límite de remisión de reparos |
|---|---|---|---|---|
| 2015 | 20/06/2018 | Antes do 01/03/2016 | 25/05/2017 | Antes do 30/04/2016 |
| 2016 | 20/06/2018 | Antes do 01/03/2017 | 25/05/2017 | Antes do 30/04/2017 |
| 2017 | 20/06/2018 | Antes do 01/03/2018 | 07/02/2018 | Antes do 30/04/2018 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 67

Polo tanto, o concello incumpriu coa data de remisión de contratos relativos aos exercicios 2015, 2016 e 2017. Respecto á información dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, o concello remitiu en prazo a información do exercicio 2017 e fóra de prazo a información correspondente aos exercicios 2015 e 2016. Con relación aos convenios na Plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas non consta a información relativa a existencia ou non dos convenios  nos que os que figure como parte o Concello de Padrón, comunicación esixible pola instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Cuentas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local desde o exercicio 2016.

## IV.2.2 SITUACIÓN ECONÓMICA FINANCEIRA

O Concello de Padrón presenta, de acordo cos datos que figuran na Plataforma de rendición de contas dos exercicios obxecto de análise, a situación económica financeira que se sinala a continuación, no que respecta as seguintes materias: liquidacións dos orzamentos de ingresos e de gastos; resultado orzamentario; remanente de tesourería, así como tamén da información do Ministerio de Facenda e Administracións Publicas sobre o  cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda pública.

En relación cos orzamentos, os dos exercicios 2015 e 2016 veñen condicionados pola prórroga dos orzamentos do exercicio 2014, aprobados polo Pleno en sesión celebrada o 28-08-2014 - publicado no BOP da provincia da Coruña nº 183 o 25-09-2014-, ao non estar aprobado a 1 de xaneiro o correspondente orzamento, circunstancia pola que, conforme co artigo 169.6 do TRLFL, considerase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior polo importe dos seus créditos iniciais.

Desta circunstancia derívase para a entidade as conseguintes limitacións xurídicas ao non ser posible prorrogar os créditos procedentes de modificacións de crédito, nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse no exercicio anterior.

Tamén pode afectar ao grao de execución do orzamento. No exercicio 2017 apróbase o orzamento polo Pleno en data 28/9/2017, sendo publicado no BOP da Coruña nº 208 do 2-11-2017.

### Liquidación do orzamento de ingresos

As liquidacións dos orzamentos de ingresos poñen de manifesto que as modificacións orzamentarias representan unha porcentaxe do 53,50 por cento das previsións iniciais de 2015, do 47,46 por cento das previsións do 2016 e do 44,34 por cento das previsións iniciais de 2017.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 67

**Cadro 3: Liquidación do orzamento de ingresos**

| Capítulo | Previsións iniciais (1) | Modificacións (2) | Previsións definitivas (3)=(1)+(2) | Dereitos recoñecidos netos | Recadación neta |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 Impostos directos | 1.953.805,53 | 0,00 | 1.953.805,53 | 2.000.351,92 | 2.000.351,92 |
| 2 Impostos indirectos | 203.000,00 | 0,00 | 203.000,00 | 59.883,51 | 59.883,51 |
| 3 Taxas, prezos públicos. e outros ingresos | 1.233.923,70 | 0,00 | 1.233.923,70 | 1.226.511,57 | 1.091.555,55 |
| 4 Transferencias correntes | 2.306.396,42 | 486.978,72 | 2.793.375,14 | 2.784.665,30 | 2.784.665,30 |
| 5 Ingresos patrimoniais | 110.034,27 | 0,00 | 110.034,27 | 78.430,45 | 78.430,45 |
| 6 Alleamento de investimentos reais | 0,00 | 7.660,92 | 7.660,92 | 7.660,92 | 7.660,92 |
| 7 Transferencias de capital | 0,00 | 1.682.714,99 | 1.682.714,99 | 952.014,78 | 952.014,78 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 247.024,63 | 257.024,63 | 3.760,01 | 3.760,01 |
| 9 Pasivos financeiros | 0,00 | 687.901,36 | 687.901,36 | 687.901,36 | 687.901,36 |
| **Total xeral 2015** | **5.817.159,92** | **3.112.280,62** | **8.929.440,54** | **7.801.179,82** | **7.666.223,80** |
| 1 Impostos directos | 1.953.805,53 | 0,00 | 1.953.805,53 | 2.039.453,58 | 2.039.453,58 |
| 2 Impostos indirectos | 203.000,00 | 0,00 | 203.000,00 | 40.309,88 | 40.309,88 |
| 3 Taxas, prezos públicos. e outros ingresos | 1.233.923,70 | 0,00 | 1.233.923,70 | 1.219.961,69 | 1.076.374,41 |
| 4 Transferencias correntes | 2.300.826,56 | 679.473,79 | 2.980.300,35 | 2.412.256,03 | 2.412.256,03 |
| 5 Ingresos patrimoniais | 110.034,27 | 0,00 | 110.034,27 | 85.373,09 | 85.373,09 |
| 6 Alleamento de investimentos reais | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 Transferencias de capital | 0,00 | 1.293.899,21 | 1.293.899,21 | 340.064,11 | 340.064,11 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 598.105,32 | 608.105,32 | 600,00 | 600,00 |
| 9 Pasivos financeiros | 0,00 | 186.934,23 | 186.934,23 | 186.934,23 | 186.934,23 |
| **Total xeral 2016** | **5.811.590,06** | **2.758.412,55** | **8.570.002,61** | **6.324.952,61** | **6.181.365,33** |
| 1 Impostos directos | 2.078.000,00 | 0,00 | 2.078.000,00 | 1.968.177,13 | 1.968.177,13 |
| 2 Impostos indirectos | 203.000,00 | 0,00 | 203.000,00 | 154.081,03 | 154.081,03 |
| 3 Taxas, prezos públicos. e outros ingresos | 1.329.845,40 | 0,00 | 1.329.845,40 | 1.322.383,73 | 1.185.436,54 |
| 4 Transferencias correntes | 2.498.993,30 | 860.399,88 | 3.359.393,18 | 3.362.418,82 | 3.362.418,82 |
| 5 Ingresos patrimoniais | 86.000,00 | 0,00 | 86.000,00 | 84.932,99 | 84.772,99 |
| 6 Alleamento de investimentos reais | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 Transferencias de capital | 211.495,95 | 1.429.487,25 | 1.640.983,20 | 701.399,17 | 701.399,17 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 637.489,57 | 647.489,57 | 650,00 | 650,00 |
| 9 Pasivos financeiros | 184.126,17 | 0,00 | 184.126,17 | 184.126,17 | 184.126,17 |
| **Total xeral 2017** | **6.601.460,82** | **2.927.376,70** | **9.528.837,52** | **7.778.169,04** | **7.641.061,85** |

Os dereitos recoñecidos netos representan na mellor execución dos tres exercicios, o de 2015, o 87,36 por cento das previsións definitivas, resultando máis modesta a correspondente ao exercicio 2016, co 75,41 por cento.

## Liquidación do orzamento de gastos

As modificacións orzamentarias aprobadas acadan unhas porcentaxes do 53,53 por cento dos créditos iniciais do exercicio 2015, do 47,46 por cento do exercicio 2016 e do 44,34 por cento dos créditos iniciais aprobados no exercicio 2017.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 67

A liquidación do orzamento de gastos presenta unha execución das obrigas recoñecidas en relación cos créditos definitivos do 78,95 por cento no exercicio 2015, do 76,99 por cento no 2017 e do 74,54 por cento no 2016.

Presentando os seguintes valores por capítulos e exercicios:

**Cadro 4: Liquidación do orzamento de gastos**

| Capítulo | Créditos iniciais | Modificación créditos | Créditos definitivos(1) | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas (2) | por cento Execución (2)/(1) | Pagos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 Gastos de persoal | 2.326.427,74 | 317.270,73 | 2.643.698,47 | 2.394.753,14 | 2.394.753,14 | 90,58 % | 2.394.753,04 |
| 2 Gasto corrente en bens e servizos | 3.160.066,04 | 114.580,96 | 3.274.647,00 | 3.181.442,67 | 3.070.739,35 | 93,77 % | 2.976.664,60 |
| 3 Gastos financeiros | 36.517,89 | 0,00 | 36.517,89 | 9.915,44 | 9.915,44 | 27,15 % | 9.915,44 |
| 4 Transferencias correntes | 122.104,82 | 17.375,00 | 139.479,82 | 126.544,31 | 126.414,31 | 90,63 % | 125.682,81 |
| 6 Investimentos reais | 0,00 | 1.754.102,31 | 1.754.102,31 | 786.989,15 | 615.691,87 | 35,10 % | 615.691,87 |
| 7 Transferencias de capital | 0,00 | 221.050,26 | 221.050,26 | 0,00 | 0,00 | 0,00 % | 0,00 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 0,00 | 10.000,00 | 3.550,00 | 3.550,00 | 35,50 % | 3.550,00 |
| 9 Pasivos financeiros | 159.125,00 | 687.901,36 | 847.026,36 | 826.451,26 | 826.451,26 | 97,57 % | 826.451,26 |
| **Total xeral 2015** | **5.814.241,49** | **3.112.280,62** | **8.926.522,11** | **7.329.645,97** | **7.047.515,37** | **78,95 %** | **6.952.709,02** |
| 1 Gastos de persoal | 2.326.427,74 | 477.617,07 | 2.804.044,81 | 2.445.152,90 | 2.445.152,90 | 87,20 % | 2.439.274,67 |
| 2 Gasto corrente en bens e servizos | 3.157.414,61 | 133.116,88 | 3.290.531,49 | 3.120.006,09 | 3.120.006,09 | 94,82 % | 2.919.758,96 |
| 3 Gastos financeiros | 36.517,89 | 0,00 | 36.517,89 | 4.880,88 | 4.880,88 | 13,37 % | 4.880,88 |
| 4 Transferencias correntes | 122.104,82 | 5.686,66 | 127.791,48 | 115.557,99 | 115.557,99 | 90,43 % | 115.407,99 |
| 6 Investimentos reais | 0,00 | 1.734.007,45 | 1.734.007,45 | 853.701,84 | 397.884,19 | 22,95 % | 393.889,53 |
| 7 Transferencias de capital | 0,00 | 221.050,26 | 221.050,26 | 0,00 | 0,00 | 0,00 % | 0,00 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 0,00 | 10.000,00 | 600,00 | 600,00 | 6,00 % | 600,00 |
| 9 Pasivos financeiros | 159.125,00 | 186.934,23 | 346.059,23 | 304.031,39 | 304.031,39 | 87,86 % | 304.031,39 |
| **Total xeral 2016** | **5.811.590,06** | **2.758.412,55** | **8.570.002,61** | **6.843.931,09** | **6.388.113,44** | **74,54 %** | **6.177.843,42** |
| 1 Gastos de persoal | 2.353.623,39 | 689.151,12 | 3.042.774,51 | 2.515.395,75 | 2.515.395,75 | 82,67 % | 2.511.352,55 |
| 2 Gasto corrente en bens e servizos | 3.526.281,11 | 163.657,12 | 3.689.938,23 | 3.553.680,30 | 3.442.976,98 | 93,31 % | 3.442.444,29 |
| 3 Gastos financeiros | 4.000,00 | 0,00 | 4.000,00 | 2.016,22 | 2.016,22 | 50,41 % | 2.016,22 |
| 4 Transferencias correntes | 150.540,00 | 6.827,50 | 157.367,50 | 140.556,08 | 140.556,08 | 89,32 % | 140.556,08 |
| 6 Investimentos reais | 251.495,95 | 1.693.611,23 | 1.945.107,18 | 888.677,50 | 888.677,50 | 45,69 % | 888.677,50 |
| 7 Transferencias de capital | 0,00 | 374.129,73 | 374.129,73 | 70.200,00 | 70.200,00 | 18,76 % | 70.200,00 |
| 8 Activos financeiros | 10.000,00 | 0,00 | 10.000,00 | 850,00 | 850,00 | 8,50 % | 850,00 |
| 9 Pasivos financeiros | 305.520,37 | 0,00 | 305.520,37 | 275.266,64 | 275.266,64 | 90,10 % | 275.266,64 |
| **Total xeral 2017** | **6.601.460,82** | **2.927.376,70** | **9.528.837,52** | **7.446.642,49** | **7.335.939,17** | **76,99 %** | **7.331.363,28** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 67

## Resultado orzamentario

O resultado orzamentario axustado presenta valores positivos nos tres exercicios:

**Cadro 5: Resultado orzamentario**

| Conceptos resultado orzamentario | Dereitos recoñecidos netos | Obrigas recoñecidas netas | Resultado orzamentario |
|---|---|---|---|
| a. Operacións correntes | 6.149.842,75 | 5.601.822,24 | 548.020,51 |
| b. Operacións de capital | 959.675,70 | 615.691,87 | 343.983,83 |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b) | 7.109.518,45 | 6.217.514,11 | 892.004,34 |
| c. Activos financeiros | 3.760,01 | 3.550,00 | 210,01 |
| d. Pasivos financeiros | 687.901,36 | 826.451,26 | -138.549,90 |
| 2. Total operacións financeiras (c+d) | 691.661,37 | 830.001,26 | -138.339,89 |
| **Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)** | **7.801.179,82** | **7.047.515,37** | **753.664,45** |
| 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | | | 0,00 |
| 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | | | 207.964,02 |
| 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | | | 691.907,73 |
| II. Total axustes (II=3+4-5) | | | -483.943,71 |
| **Resultado orzamentario 2015 axustado (I+II)** | **7.801.179,82** | **7.047.515,37** | **269.720,74** |
| a. Operacións correntes | 5.797.354,27 | 5.685.597,86 | 111.756,41 |
| b. Operacións de capital | 340.064,11 | 397.884,19 | -57.820,08 |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b) | 6.137.418,38 | 6.083.482,05 | 53.936,33 |
| c. Activos financeiros | 600,00 | 600,00 | 0,00 |
| d. Pasivos financeiros | 186.934,23 | 304.031,39 | -117.097,16 |
| 2. Total operacións financeiras (c+d) | 187.534,23 | 304.631,39 | -117.097,16 |
| **Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)** | **6.324.952,61** | **6.388.113,44** | **-63.160,83** |
| 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | | | 100,21 |
| 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | | | 373.469,64 |
| 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | | | 159.085,52 |
| II. Total axustes (II=3+4-5) | | | 214.484,33 |
| **Resultado orzamentario 2016 axustado (I+II)** | **6.324.952,61** | **6.388.113,44** | **151.323,50** |
| a. Operacións correntes | 6.891.993,70 | 6.100.945,03 | 791.048,67 |
| b. Operacións de capital | 701.399,17 | 958.877,50 | -257.478,33 |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b) | **7.593.392,87** | **7.059.822,53** | 533.570,34 |
| c. Activos financeiros | 650 | 850 | -200,00 |
| d. Pasivos financeiros | 184.126,17 | 275.266,64 | -91.140,47 |
| 2. Total operacións financeiras (c+d) | 184.776,17 | 276.116,64 | -91.340,47 |
| **Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)** | **7.778.169,04** | **7.335.939,17** | **442.229,87** |
| 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais | | | 0,00 |
| 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio | | | 741.252,74 |
| 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio | | | 544.649,07 |
| II. Total axustes (II=3+4-5) | | | 196.603,67 |
| **Resultado orzamentario 2017 axustado (I+II)** | **7.778.169,04** | **7.335.939,17** | **638.833,54** |

## Remanente de tesourería

O remanente de tesourería para gastos xerais presenta cifras positivas no exercicio 2017 (437.399,29 euros) e no 2015 (95.169,54 euros). Pola contra, resulta negativo no 2016 (-56.107,44 euros) debido



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 67

ao incremento das obrigas pendentes de pago do exercicio corrente e ao exceso de financiamento afectado respecto aos exercicios anterior e posterior.

**Cadro 6: Remanente de tesourería**

| Compoñente | Exercicio | | |
|---|---|---|---|
| | 2015 | 2016 | 2017 |
| **1. Fondos líquidos** | **793.454,99** | **756.996,95** | **907.051,94** |
| **2. Dereitos pendentes de cobramento** | **1.304.197,31** | **1.402.004,78** | **1.497.391,71** |
| (+) Do orzamento corrente | 134.956,02 | 143.587,28 | 137.107,19 |
| (+) De orzamentos pechados | 1.169.241,29 | 1.258.417,50 | 1.354.386,04 |
| (+) De operacións non orzamentarias | 0.00 | 0.00 | 5.898,48 |
| **3. Obrigas pendentes de pago** | **358.968,14** | **482.258,42** | **286.546,98** |
| (+) Do orzamento corrente | 94.806,35 | 210.270,02 | 4.575,89 |
| (+) De orzamentos pechados | 68.874,61 | 68.874,41 | 68.994,41 |
| (+) De operacións non orzamentarias | 195.287,18 | 203.113,99 | 212.976,68 |
| **4. Partidas pendentes de aplicación** | **-40.270,45** | **-41.490,13** | **-40.224,57** |
| (-) Cobros ptes aplicación def. | 47.452,71 | 48.648,05 | 47.346,19 |
| (+) Pagos ptes. aplicación def. | 7.182,26 | 7.157,92 | 7.121,62 |
| **I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)** | **1.698.413,71** | **1.635.253,18** | **2.077.672,10** |
| II. Saldos de dubidoso cobramento | 1.003.668,78 | 1.053.758,32 | 1.124.754,69 |
| III. Exceso de financiamento afectado | 599.575,39 | 637.602,30 | 515.518,12 |
| **IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)** | **95.169,54** | **-56.107,44** | **437.399,29** |

Os saldos de dubidoso cobro incrementántanse ano tras ano, mais a porcentaxe do seu saldo sobre os dereitos pendente de cobro de exercicios pechados redúcese, representando o 85,84 por cento no exercicio 2015, o 83,74 por cento no 2016 e o 83,05 por cento no 2017.

## Estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda

A LOEOSF, norma que xurde da crise financeira iniciada en 2008, esixe o cumprimento de tres obxectivos para acadar a sustentabilidade financeira das entidades públicas: estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda.

O primeiro dos obxectivos esixe que o orzamento das entidades públicas sexa equilibrado en termos reais, non so contables, no momento da súa aprobación, da súa execución e, fundamentalmente, na liquidación final.

A regra do límite de gasto, como o seu propio nome indica, establece unha prohibición de incrementar os gastos non financeiros de cada exercicio sobre o anterior por riba dunha porcentaxe establecida. Así, para os exercicios 2015 a 2017, por exemplo, dita porcentaxe foi do 1,3 por cento, 1,5 por cento e 1,7 por cento, nos exercicios obxecto de exame e do 2,3 por cento e 2,5 por cento nos inmediatos seguintes.

Finalmente, o límite da débeda pública estableceuse no 75 por cento dos ingresos correntes do exercicio, porcentaxe por riba da cal non se poden concertar novas operacións de endebedamento,



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 67

presentando un nivel por debaixo do citado límite establecido polo Real decreto lei 8/2010, modificado polo Real decreto lei 20/2011 dotado de vixencia indefinida pola disposición final 3 da Lei 17/2012 do 27 de decembro, de orzamento do Estado do 2013).

O Ministerio de Facenda e Función Pública vén realizando un seguimento do cumprimento destas obrigas desde a súa implantación, de onde resultan os seguintes datos para o Concello de Padrón, en relación cos cinco últimos exercicios pechados:

**Cadro 7: Obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública**

| Exercicio/Obxectivo | Estabilidade orzamentaria | Regra de Gasto | Límite Débeda Pública sobre ingresos correntes | Resultado |
|---|---|---|---|---|
| 2015 | 988.158,74 | 159.468,71 | 16,54 % | Cumpre os 3 obxectivos |
| 2016 | 347.866,85 | -383.766,35 | 15,16 % | Incumpre a regra de gasto |
| 2017 | 631.093,44 | -114.647,46 | 11,12 % | Incumpre a regra de gasto |
| 2018 | 1.011.988,21 | -306.929,17 | 11,48 % | Incumpre a regra de gasto |
| 2019 | 801.155,20 | -28.098,42 | 10,25 % | Incumpre a regra de gasto |

En relación cos datos contidos no cadro cómpre sinalar:

- O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en todo o período, presentando en todos os exercicios cifras positivas, o que indica que existe capacidade de financiamento.

- cumprimento do obxectivo do límite da débeda no período analizado, presentando un nivel moi por debaixo do límite establecido.
- incumprimento da regra de gasto continuadamente a partires do exercicio 2016. As cifras en vermello indican o exceso de gasto nese exercicio sobre o límite establecido.

## IV.2.3 MODALIDADE E CONTIDO DO CONTROL INTERNO DA ENTIDADE

De acordo coa información obtida coa finalidade de conseguir un mellor coñecemento do control interno establecido na entidade, pódese indicar que:

- En relación cos procedementos:

Non existe documentación que describa os fluxos de actividades e controis dos distintos tipos de transaccións, pero se indica que cada posto sabe cales son as súas funcións. Existen instrucións ou procedementos específicos sobre o peche da contabilidade.

- Respecto ás actuacións específicas de revisión e validación:

Existen procedementos de revisión da información orzamentaria/financeira, efectúanse conciliacións bancarias e arqueos de caixa, controlándose os anticipos de caixa e pagos a xustificar, regulándose e supervisándose os gastos de alta dirección, representación, viaxes e dietas, non apreciándose



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 67

incorreccións nas contas de exercicios anteriores e non está delegada a xestión da recadación sen que se estableceran procedementos de seguimento e control.

- Respecto ao control do sistema de información:

Están identificados os usuarios que necesitan ter acceso ao sistema de información financeira e o seu acceso está formalmente autorizado, establecéndose controis físicos e lóxicos para previr e detectar accesos non desexados e cumprir a segregación de funcións, adoptándose medidas para prever ou minimizar a posibilidade de danos ou corte de operacións, con copias de seguridade e programas de mantemento de hardware. Non existe un plan de continxencias. Os terminais teñen acceso restrinxido, os documentos orixinais son controlados e requiren autorización, rexistrándose no sistema de información todas as transaccións.

- En relación co control interno:

O titular do órgano de intervención non considera a estrutura organizativa da intervención axeitada en tamaño, actividade e complexidade. Conta con 4 postos de traballo: 1 interventor/a funcionario/a de habilitación nacional, un técnico de xestión, unha administrativa e unha auxiliar; ademais ante a ausencia de funcionario con habilitación nacional, o posto de interventor está ocupado accidentalmente polo técnico de xestión, motivo polo que este posto figura sen ocupar.

Non existen manuais de procedementos relacionadas coas áreas de control interno. Non sempre hai procedemento previo á realización dun gasto, con proposta de gasto e retención de crédito.

A intervención non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa cun prazo suficiente de cando menos dez días hábiles. Non se substitúe a fiscalización previa de obrigas pola limitada

Non está previsto un plan de control financeiro.

Existe un procedemento para a tramitación dos expedientes de reparos. Adóptanse de xeito sistemático acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, tomándose en consideración as recomendacións da intervención. Obsérvase que os acordos contrarios a reparos obedecen as mesmas causas, os mesmos provedores, reiterándose respecto do fraccionamento de contratos e ao abono de horas extras.

A contabilización de ingresos efectúase cando son firmes, non existindo fiscalización previa dos dereitos.

Non se efectúan actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de auditoría. Non existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

- En relación coa comprobación material dos investimentos, as bases de execución orzamentaria



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 67

establecen de forma xenérica a delegación da intervención e comprobación material dos investimentos nos técnicos adscritos á oficina técnica. Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

- Control específico da conta 413 acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento:

A intervención efectúa o control específico sobre a conta 413, acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

O saldo final da conta 413 nos exercicios obxecto de análise, ademais dos correspondentes aos exercicios inmediatos, anterior (2014) e posterior (2018), presentan a seguinte evolución de acordo cos datos que se derivan do Balance de comprobación e da liquidación do orzamento de gastos:

**Cadro 8: Saldo da conta 413 e porcentaxe que representa sobre as obrigas recoñecidas netas do exercicio**

| Conta 413 | Saldo inicial acredor | Movementos D | Movementos H | Saldo final acredor | Obrigas recoñecidas netas | por cento saldo 413 sobre ORN totais |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2014 | 0 | 0 | 102.871,29 | 102.871,29 | 6.937.828,72 | 1,48% |
| 2015 | 102.871,29 | 53.019,29 | 150.894,46 | 200.746,46 | 7.047.515,37 | 2,85% |
| 2016 | 200.746,46 | 200.746,46 | 129.570,56 | 129.570,56 | 6.388.113,44 | 2,03% |
| 2017 | 129.570,56 | 129.570,56 | 72.929,45 | 72.929,45 | 7.335.939,17 | 0,99% |
| 2018 | 72.929,45 | 72.929,45 | 159.250,82 | 159.250,82 | 7.107.073,57 | 2,24% |
| 2019 | 159.250,82 | 159.250,82 | 352.145,35 | 352.145,35 | 7.400.289,23 | 4,76% |

O saldo da conta 413 respecto ás obrigas recoñecidas netas totais do exercicio, oscila entre o mellor indicador, 0,99 por cento no 2017, mentres que no 2015 presenta a porcentaxe máis elevada, 2,85 por cento. Mais nos dous exercicios seguintes, fóra do ámbito temporal do informe, volve a incrementarse ata acadar o 4,76 por cento.

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento e que se vén mantendo ao longo do tempo, constitúe un incumprimento da normativa orzamentaria.

Da solicitude de aclaración do porqué os datos que figuran no balance de comprobación non concordan coa liquidación do orzamento xustificase o seguinte:

Respecto do saldo final da conta 413 no exercicio 2016, cun importe de 129.570,56€ mentres que na liquidación do 2016 o saldo da 413 figura por 163.559,63 euros, indicase que é debido á inclusión errónea dunha factura por 33.989,07€ do capítulo 6. Na liquidación incluíuse sen corrixir a incorrecta contabilización das mesmas: contabilizada as fases AD e anotouse as obrigas, erroneamente, como



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 67

obrigas pendentes de aplicación ao orzamento para a realización do pago; no exercicio 2017, incorpóranse os remanentes do ano anterior, observándose o erro rectificándose e pagándose. Por isa razón desapareceu do saldo inicial da conta 413 de 2017.

O saldo inicial da 413 en 2017 rexistraba 129.570,56€, mentres que o saldo final da 413 en 2017 reflectía 72.705,60€ na liquidación do 2017, pola falta de inclusión dunha factura correspondente a derradeira fila dunha relación de facturas, por importe de 223,85€ das obrigas pendentes de aplicación ao orzamento que realmente debería de figurar na liquidación correspondente a 2017.

A existencia de saldos nesta conta ten tamén especial influencia no desenvolvemento dos orzamentos, xa que engaden un novo desaxuste á execución orzamentaria, trasladando a imputación de gastos entre exercicios.

- Ordenación do pago

En canto ao acceso e rexistro de datos: Defínense niveis de autoridade para a aprobación de operacións e transaccións, existindo procedementos para a recepción de bens ou servizos e a contabilización da correspondente conta a pagar, estando claramente definidas as políticas de sinatura dos documentos de pago.

Respecto á documentación ou información: son aprobadas as facturas e xustificantes por persoas con autoridade suficiente, dispoñendo o responsable de contas a pagar doutra documentación soporte facturas orixinais, ordes de compra, quedando documentada a evidencia de que se recibiron de conformidade e que son correctas as súas características, especificacións e condicións de calidade, existindo controis para identificar importes a deducir do pago, tales como garantías, fianzas, etc. a cargo do acredor.

Existen rexistros auxiliares que soportan as contas da contabilidade principal, efectuándose conciliacións periódicas entre os rexistros e a contabilidade.

A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos axustase á data de rexistro das facturas, cumpríndose o prazo legal de pago a provedores.

### IV.2.4 PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

O incumprimento do obxectivo da regra do gasto no 2016 supuxo, de acordo coa normativa, a obriga de aprobar un Plan Económico Financeiro, feito materializado mediante acordo do Pleno do Concello de Padrón do 28-09-2017, con vixencia para os exercicios 2017 e 2018, no que se indicaban as causas que motivaron o incumprimento da regra do gasto:

- A redución das transferencias finalistas das distintas administracións, en 737.401,59 euros.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 67

• A aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos, de facturas e gastos que por diversos motivos non seguiron o procedemento establecido no TRLRFL e na lexislación de contratos, non resultando aplicadas ao exercicio 2015, por importe de 384.817,93 euros.

• O incremento na contía negativa do remanente de tesourería para gastos xerais, como consecuencia do recoñecemento de obrigas ao seu cargo.

O Plan contemplaba as seguintes medidas co fin de corrixir a senda de gasto:

1) Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria.

2) Analizar a natureza dos gastos recorrentes coa finalidade de adoptar medidas que permitan a súa redución.

3) Non reposición de determinados postos de traballo.

4) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a entidade motivado pola aprobación da nova ordenanza contra incendios e salvamento e, no exercicio 2018, o incremento do IBI nun 20 por cento como consecuencia da revisión catastral.

Por outra banda, o Plan non consideraba necesarias, polo seu carácter puntual, a adopción doutras medidas como a racionalización administrativa nin a fusión con outro concello limítrofe.

Como se aprecia no cadro anterior, o Plan non conseguiu o cumprimento do obxectivo da regra de gasto, xa que, tanto nos exercicios 2017 como no 2018, os gastos computables de cada un dos exercicios superan os límites establecidos previstos no plan económico financeiro. A pesares diso, o Concello non elaborou nin aprobou un novo plan, como é preceptivo de acordo coa normativa, dándose a circunstancia de que no exercicio 2019 volve a incumprir a regra de gasto por un exceso no gasto de 28.098,42 euros.

## IV.2.5 PLAN DE AXUSTE

### IV.2.5.1. APROBACIÓN DO PLAN DE AXUSTE

De acordo coas previsións establecidas no marco do Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro polas que se establecían medios de información, mediante a certificación pola intervención das obrigas pendente de pago a unha data determinada data, e procedementos necesarios mediante a comunicación por vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para establecer un mecanismo de financiación de pago a provedores das entidades locais, creado polo Real decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, como Fondo de financiamento dos pagos a provedores, establécese que o plan de axuste deberá elaborarse pola corporación municipal, de acordo coa súa potestade de auto organización. O Pleno do Concello de Padrón aproba o 30 de marzo de 2012 o pertinente plan de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 67

axuste, previamente informado positivamente pola intervención, remitíndose nesa mesma data ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O 30 de abril de 2012 a Secretaria de Estado de Administracións Públicas valora favorablemente a información contida no plan de axuste, autorizando a concertación dun préstamo a longo prazo, polo importe de obrigas pendentes de pago certificadas.

A Orde PRE/773/2012, do 16 de abril, establecía as características principais do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais, co seguinte detalle:

a) O financiamento máximo por cada Entidade Local será a suma de:

- Obrigacións pendentes de pago recollidas na relacións iniciais remitidas polas entidades locais ata o 15 de marzo de 2012 e respecto das cales os contratistas, directamente ou a través daquelas, manifestasen a súa vontade de acollerse ao procedemento do Real decreto-lei 4/2012.

- Obrigacións pendentes de pago que consten nos certificados individuais que se emitiron polas entidades locais recoñecendo a existencia de débedas con provedores.

- Obrigacións pendentes de pago con contratistas que, aceptando a aplicación do citado Real decreto-lei 4/2012, estean suxeitos a procedementos de embargo ou de concurso de acredores.

b) Prazo da operación: un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización do principal.

c) Tipo de xuro para o prestatario: o equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público nos prazos sinalados máis unha marxe máxima (115 puntos básicos) e unha marxe de intermediación dun máximo (30 puntos básicos).

d) O Instituto de Crédito Oficial (ICO) actuará como axente na colaboración das entidades de crédito que se adhiran ao mecanismo de financiamento.

O Pleno do Concello de Padrón acorda o 15 de maio de 2012 aprobar a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo coas seguintes condicións:

- Importe de 504.784,61 euros.

- Prazo máximo 10 anos con 2 anos de carencia na amortización do principal.

- Tipo de xuro o previsto nas características principais para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais.

- Entidade de crédito: formalizada coa entidade bancaria comunicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do ICO.

A citada operación formalizouse o 21 de maio de 2012 entre o Concello de Padrón e a mercantil Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. (BBVA).



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 67

Formalizándose o 26 de xullo de 2012 unha segunda operación, logo de ser aprobada polo Pleno o 20 de xullo de 2012, por importe de 6.341,98 euros.

En 2014 amortízanse 15.576,33 euros do primeiro préstamo e 198,19 euros do segundo.

Ademais, dado o baixo tipo de xuro existente no mercado financeiro, solicítase oferta a todas as entidades bancarias con praza en Padrón, coa finalidade de comprobar as condicións para concertar unha nova operación de refinanciamento dos préstamos formalizados co fondo para o financiamento dos pagos a provedores, co fin de obter unhas condicións financeiras máis favorables e cancelar as dúas operacións existentes co BBVA, de acordo co Ministerio de Facenda. Finalmente, o 14 de abril de 2015 concértase coa actual Caixabank, SA, unha operación por importe de 489.010,09 euros coas seguintes condicións: tipo de xuro do EURIBOR a 3 meses máis 1,13 por cento, con periodicidade de amortización trimestral, sen carencia de amortización do principal, prazo ata 2022, e exenta de comisións. Coa mesma data cancélanse as operacións existentes co BBVA.

O Concello de Padrón acolleuse ao Plan de aforro e investimento da Deputación Provincial da Coruña dos exercicios 2015, 2016 e 2017, coa finalidade de destinar o importe do préstamo provincial asignado á redución do seu endebedamento e á realización de investimentos financeiramente sostibles. Estes préstamos presentan as seguintes características:

- Ausencia de xuros.
- Dous anos de carencia.
- Prazo de devolución durante 10 anos, a partir da finalización da carencia (nos meses de xuño e novembro, é dicir, 12 anos desde a formalización do préstamo).

Coas citadas operacións o concello obtivo liquidez suficiente da Deputación para cancelar anticipadamente, no 2017, a débeda existente coa entidade financeira Caixabank, S.A., por importe de 162.180,74 €. Debe terse en conta que, de acordo coa normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a débeda xerada coa entidade provincial derivada dos Plans de aforro e investimento dos exercicios 2015 a 2017 non computa aos efectos de endebedamento.

### IV.2.5.2 SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE

O 24 de xaneiro de 2018 a intervención emite informe que se remite ao Ministerio de Facenda, coa seguinte información:

#### a) Seguimento de ingresos

Os ingresos recoñecidos da liquidación do exercicio 2017 superaron ás estimacións anuais en 6,17 miles de euros e ao plan de axuste en 7,52 miles de euros, de acordo coa seguinte clasificación:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 67

**Cadro 9: Seguimento de ingresos do plan de axuste e comparativa coa liquidación (en miles de euros)**

| Ingresos | Plan de axuste | Proxección anual estimada 2017 | Desviación da estimación anual sobre o plan de axuste | Dereitos recoñecidos netos s/liquidación 2017 | Desviación real da liquidación sobre o plan de axuste |
|---|---|---|---|---|---|
| Ingresos correntes (capítulos 1 a 5) | 7.055,27 | 6.837,00 | -3,09 % | 6.891,99 | -2,31% |
| Ingresos de capital (capítulos 6 e 7) | 644,37 | 750 | 16,39 % | 701,39 | 8,85% |
| Ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) | 7.699,64 | 7.587 | -1,46 % | 7.593,39 | -1,38% |
| Ingresos financeiros (capítulos 8 e 9) | 0 | 184 | 0,00 % | 184,78 | ---- |
| **Ingresos totais** | **7.699,64** | **7.772,00** | **1 %** | **7.778,17** | **1,02%** |

• Ingresos correntes: No plan de axuste prevíanse liquidar uns ingresos correntes por importe de 7.055,27 miles de euros. Os datos reais da liquidación do exercicio 2017 por operacións correntes acadaron 6.891.99 miles de euros, mentres que a estimación realizada antes da liquidación, 6.837,00 euros, varía nun 2,31 por cento respecto ao dato consignado no plan de axuste.

• Ingresos de capital: Nos ingresos de capital previstos liquidar no exercicio económico 2017 obsérvase un incremento de 106 miles de euros con respecto aos datos do plan de axuste, mentres que a liquidación do orzamento resultou inferior ás previsións, o que supón unha desviación positiva do 8,85 por cento.

• Ingresos non financeiros: No plan de axuste prevíase liquidar uns ingresos non financeiros por importe de 7.699,64 miles de euros. Con todo, sinálase que os datos reais por dereitos recoñecidos netos dos ingresos non financeiros na liquidación do orzamento do exercicio económico 2017 calcúlanse de 7.587 miles de euros, o que supoñería unha desviación negativa de 1,46 por cento, respecto das previsións do plan de axuste, dado que a liquidación do exercicio cuantificou os ingresos non financeiros en 7.593,39 euros inferior no 1,38% respecto do plan de axuste.

• Ingresos financeiros: Na liquidación do 2012 recoñecéronse dereitos por 513,13 miles de euros, debido á concertación das operacións de endebedamento derivadas do plan de pago a provedores. Pola súa banda, as previsións no plan de axuste eran de 0 euros, recoñecéndose dereitos por 184 miles de euros, o que supuxo unha desviación relevante respecto das previsións do plan de axuste, como resultado do Plan de aforro e investimento da Deputación provincial da Coruña ao que se decidiu acoller o Concello de Padrón.

En resumo, en termos xerais, a estimación dos ingresos liquidados supera as previsións de ingresos estimados e ao plan de axuste, neste caso cun incremento do 1,02 %, é dicir, 88,52 miles de euros.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 67

## b) Axustes en ingresos previstos no plan

Os datos correspondentes aos ingresos previstos no Plan de axuste e a súa comparación coa proxección estimada no exercicio 2017 presentan as seguintes cifras en función das medidas establecida:

**Cadro 10: Axustes en ingresos previstos no plan de axuste (en miles de euros)**

| Descrición da medida | Dato plan axuste | Proxección anual estimada 2017 | Desviación da estimación anual sobre o plan de axuste |
|---|---|---|---|
| Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias. | 24,58 | 66,03 | 168,63 % |
| Medida 2: Reforzo da eficacia da recadación | 17,13 | 2,28 | -86,70 % |
| Medida 3: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impoñibles non gravados | 30 | 84,04 | 168,33 % |
| Medida 4: Correcto financiación de taxas e prezos públicos | 20,38 | 4,67 | -77,00 % |
| Medida 5: Outras medidas de ingresos (*) | 35,17 | 0 | -100,00 % |
| Aforro total xerado polas medidas relativas a ingresos correntes | 127,26 | 0 | -100,00 % |
| Aforro total xerado polas medidas relativas a ingresos | 127,26 | 157,02 | 23,39 % |

A continuación descríbense os axustes nos ingresos previstos no Plan remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e infórmase do seu seguimento:

- **Medida 1**: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias: Prevese o

1.- Incremento do tipo impositivo do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) pasando do tipo de gravame do 2 por cento ao 3,5 por cento, de acordo coa modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto en agosto de 2013.

Seguimento: Compáranse os ingresos efectivamente recadados no concepto orzamentario do ICIO a 31 de decembro de 2017 co novo tipo de gravame (154,08 miles de euros) fronte aos ingresos que se recadarían no mesmo período ao tipo do 2 por cento (88,04 miles de euros). O que supón 66,03 miles de euros, é dicir, unha desviación positiva das previsións do plan de axuste do 168 por cento.

- **Medida 2**: Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (sinatura de convenios de colaboración co Estado e/ou CCAA): Adoptáronse medidas tendentes ao reforzo da eficacia da recadación en vía executiva e voluntaria por parte do Departamento de Tesourería respecto daqueles tributos cuxa recadación non estaba delegada na Deputación provincial da Coruña.

Materializándose o reforzo da eficacia recadatoria a 31/12/2017, en vía executiva e voluntaria no incremento de ingresos das taxas seguintes:

1.- Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e toldos con finalidade lucrativa, supuxo a cantidade de 260,88 euros.

2.- Taxa pola ocupación de lonxas e mercados, supuxo a cantidade de 2.282,40 euros.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 67

- Quedando pendente de realizar a executiva dos anos 2015 e 2016 da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e toldos con finalidade lucrativa.

- Quedando pendente de realizar a executiva dos anos 2014, 2015 e 2016 da taxa pola ocupación de casetas praza de abastos e da taxa pola ocupación de lonxas e mercados exercicios.

- **Medida 3**: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impoñibles non gravados:

1.- Contratouse un servizo de inspección tributaria do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e da taxa por expedición de licenzas urbanísticas para descubrir feitos impoñibles non gravados.

Seguimento: Entre o ICIO e a taxa por aproveitamentos especiais na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos e os feitos impoñibles descubertos e non gravados, xa recadados no 2017, ascende a 84,04 miles de €.

- **Medida 4**: Correcto financiamento de taxas e prezos públicos:

1.- Apróbase a imposición dunha taxa pola prestación do servizo por parte de Protección Civil de Padrón de intervención en materia de seguridade cidadá, que entrou en vigor definitivamente o 20 de xuño de 2017.

Recoñecéndose a 31/12/2017 dereitos da taxa por importe de 4,67 miles de €, cunha desviación negativa do 77 por cento con respecto ás previsións do plan de axuste.

- **Medida 5**: Outras medidas polo lado dos ingresos: Prevíase a adopción das seguintes medidas:

1.- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local a favor das empresas que prestan o servizo de telefonía móbil: Non se prevé a aprobación da devandita ordenanza fiscal.

2.- Taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonios civís: prevese a aprobación da imposición da devandita taxa, así como da súa ordenanza fiscal reguladora (soporte xurídico). Como dita ordenanza fiscal non foi aínda aprobada, o axuste para o cuarto trimestre é de 0,00 €.

3.- Taxa polo aproveitamento especial do dominio público que comporta a instalación polas entidades bancarias de caixeiros automáticos e demais aparellos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos nas fachadas dos inmobles con acceso directo desde a vía pública: prevese a aprobación da imposición da devandita taxa e a aprobación da súa ordenanza fiscal reguladora, aínda non aprobada, motivo polo que o axuste para o cuarto trimestre é de 0,00 €.

O que supón unha desviación negativa do 100 por cento con respecto ás previsións do plan de axuste.

Como resumo, coas medidas previstas polo lado dos ingresos no Plan de axuste prevíase un aforro total xerado de 127,26 miles de euros mentres que a proxección anual estimase para o 2017 en 157,02 miles de euros representando unha desviación positiva do 23,39 por cento.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 67

### c) Seguimento de gastos

Os gastos liquidados no exercicio tiveron un comportamento expansivo reflectindo un exceso en relación co plan de axuste, superando a este no 12,68%.

**Cadro 11: Seguimento de gastos do plan de axuste (en miles de euros)**

| Gastos | Dato plan axuste | Proxección anual estimada 2017 | Desviación da estimación anual sobre o plan de axuste | Obrigas recoñecidas netas na liquidación 2017 | Desviación da liquidación anual sobre o plan de axuste |
|---|---|---|---|---|---|
| Gastos de capital (capítulos 6 e 7) | 1.471,41 | 964 | -34,48% | 958,88 | -34,83% |
| Gastos non financeiros (capítulos 1 a 7) | 6.353,41 | 7.081,00 | 11,45% | 7.059,82 | 11,12% |
| Gastos financeiros (capítulos 8 e 9) | 156,94 | 276 | 75,86% | 276.12 | 75,94% |
| Gastos totais | 6.510,35 | 7.340,88 | 12,76% | 7.335.94 | 12,68% |
| Saldo de O pendentes aplicar ao orzamento (413) | 163,77 | 72,7 | -55,61% | 72,93 | -55,47% |
| Período medio de pago a provedores (días) | 30 | -10,53 | -135,10% | -7,59 | -125,30% |

- Gastos correntes: No plan de axuste recóllese como previsión recoñecer obrigacións por importe de 4.882,00, o que supoñería unha minoración respecto da liquidación do exercicio económico 2012 de 590,23 miles de euros. Os datos reais por obrigacións recoñecidas netas dos capítulos 1 a 4 previstos na liquidación do orzamento do exercicio económico 2017 sexa de 6.117 miles de euros, é dicir, mentres que as obrigas recoñecidas netas da liquidación ascenden a 6.100,95 euros, un 24,97 por cento superior ao establecido no plan de axuste.

- Gastos de capital: Prevista unha diminución no recoñecemento de obrigas no 2017 respecto das previsións do plan de axuste de 507 miles de euros, o que supón unha desviación negativa do 34,48 por cento, cando en realidade, logo da liquidación do orzamento, a desviación é de -34,83 por cento.

- Gastos non financeiros: Estímase un incremento respecto das previsións contidas no plan de axuste de 119 miles de euros o que supón unha porcentaxe de desviación do 11,45 por cento, na realidade o exceso representa o 11,12%.

- Gastos financeiros: No tocante ao incremento previsto respecto das previsións contidas no plan de axuste do 133,16 miles de euros, o que supón unha porcentaxe de desviación positivo de 75,86 por cento, cos datos da liquidación esta porcentaxe ascende ao 75,94 por cento.

En resumo, tanto a estimación das obrigas para o exercicio económico 2017 (7.340,88 miles de euros), como o importe das liquidadas ) 7.335,94 miles de euros) superan as establecidas no plan



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 67

de axuste ( 6.510,35 miles de euros). Isto é, tense producido un exceso de gasto que supera ao previsto no Plan de axuste nun 12 por cento

Merece especial mención o saldo das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413), cuxo saldo en 2012 ascendía a 545,40 miles de euros e cuxa previsión no plan de axuste para o exercicio económico 2017 ascendía a 163,77 miles de euros, conseguíndose mellorar dita previsión en 91,07 miles de euros, o que constitúe unha desviación porcentual negativa do 55,61 por cento, sen prexuízo de que debe tenderse a que o saldo da devandita conta sexa igual a cero.

Constitúe un dato positivo o período medio de pago a provedores previsto para o cuarto trimestre do 2017 que ascende a -10,53 días fronte ao período medio legal que está fixado en 30 días e foi o previsto no plan de axuste. Conforme a estes datos, prodúcese unha desviación porcentual de -133 por cento.

## d) Axustes en gastos previstos no plan

**Cadro 12: Axustes en gastos previstos no plan de axuste (en miles de euros)**

| Descrición da medida | Data plan axuste | Proxección anual estimada 2017 | Desviación da estimación anual sobre o plan de axuste |
|---|---|---|---|
| Aforro no capítulo 1 do orzamento consolidado, medidas 1, 2 e 3 | 102,8 | 102,8 | 0,00% |
| Aforro no capítulo 2 do orzamento consolidado, medidas 7, 9, 10, 12, 13, 14 e 15 | 73,12 | 20,49 | -41,05% |
| Aforro no capítulo 4 do orzamento consolidado, medida 8 | 0 | 0 | 0,00% |
| Aforro no capítulo 6 do orzamento, medida 11 | 0 | 0 | 0,00% |
| Aforro noutras, medida 16 | 52,99 | 13,74 | -86,68% |
| Aforro total xerado polas medidas relativas a gastos | 228,91 | 137,03 | -40,14 |

A continuación descríbense pormenorizadamente os axustes nos gastos previstos no Plan e infórmase do seu seguimento:

Medida 1: Redución de custos de persoal (redución de soldos ou efectivos): Produciuse un aforro total de 102,80 miles de € en custos de persoal no exercicio económico 2017 polas amortizacións das seguintes prazas: xardineiro, oficial de policía, capataz de obras, operario de servizos múltiples e da xubilación do operario brigada de obras e a xubilación do porteiro do albergue de peregrinos.

Medida 10: Redución de celebración de contratos menores (primarase o requisito do menor prezo de licitación): Aínda que estaba previsto adoptar as oportunas medidas para a redución do prezo dos seguintes contratos de servizo e subministración, tiveron un desigual seguimento:

1) **Contrato de servizos de mantemento da iluminación pública**: Non se levou a cabo a intensificación das funcións de control e inspección dos servizos realizados, así como a racionalización e contención do gasto no servizo de iluminación pública, estando previsto reducir



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 67

o prezo do mesmo a 110.000,00 euros anuais. Non se xerou, pois, aforro algún. Así, as obrigas recoñecidas netas polo devandito concepto a 31/12/2017 ascenden a 133.088,41 euros.

O aforro xerado por dita medida non implementada é de 0,00 euros.

2) **Contrato de servizos de limpeza das distintas dependencias municipais**: Non se reduciu o custo do servizo de limpeza das dependencias municipais a través da mellor distribución e planificación dos efectivos persoais con que se contaba, e unha racionalización do gasto, estando previsto reducir o prezo do contrato a 30.000,00 euros anuais. Non se xerou aforro algún. Así, as obrigas recoñecidas netas polo devandito concepto a 31/12/2017 ascenden a 142.659,05 euros.

En conclusión, o aforro xerado por medida non implementada é de 0,00 euros.

3) **Contrato de subministración de materiais para a brigada de obras municipal**: Prevíase a intensificación das funcións de control e inspección das subministracións realizadas, así como a racionalización e contención do gasto no devandito contrato, reducindo o prezo do mesmo a 60.000,00 euros anuais.

No contrato de referencia xerouse aforro no exercicio económico 2017 con respecto ás previsións do plan. Prevíase reducir o prezo do contrato a 60.000,00 euros e minorouse ata os 39.501,30 euros, o que supón un aforro de 20.498,70 miles de euros.

Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos: Contemplábase no Plan de axuste a adopción das seguintes medidas:

1.- A asunción de custos de mantemento do centro de saúde por parte da Xunta de Galicia, que non se levou a cabo, polo que estes gastos recaen no orzamento do concello, como a medida non foi implementada. O aforro xerado, por tanto, é de 0,00 euros.

2.- Modificación da forma de concesión das subvencións outorgadas polo Concello de Padrón, no exercicio da súa acción de fomento, ás asociacións culturais municipais, pasando de concederse de maneira directa por estar nominativamente previstas no orzamento municipal, a concederse en réxime de concorrencia competitiva. ía acompañada ademais da minoración dos créditos destinados a esta finalidade nun 30 por cento. A forma de concesión das subvencións outorgadas ás asociacións culturais municipais modificouse parcialmente, pasando a concederse as mesmas en réxime de concorrencia competitiva, aínda que se manteñen algunhas subvencións nominativas. Minorouse o número de subvencións concedidas e o importe das mesmas xerándose un aforro respecto das subvencións concedidas no exercicio económico 2013 de 3.650,48 euros.

3.- Modificación da forma de concesión das subvencións outorgadas polo Concello de Padrón, no exercicio da súa acción de fomento, ás asociacións deportivas municipais, pasando da concesión



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 67

directa por estar nominativamente previstas no orzamento municipal, a concederse en réxime de concorrencia competitiva. Acompañábase tamén da minoración dos créditos destinados a esta finalidade nun 30 por cento. A forma de concesión das subvencións outorgadas ás asociacións deportivas municipais non se modificou e seguen concedéndose de maneira directa subvencións nominativas, aínda que se reduciu o importe das que se conceden, xerándose un aforro respecto das subvencións concedidas no exercicio económico 2013 de 10.090,00 euros.

4.- Instar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que de cumprimento ás propostas incluídas no denominado "Pacto Local" asinado en xaneiro de 2006 entre o goberno autonómico e a FEGAMP no que se prevé a creación dunha comisión mixta paritaria encargada de elaborar propostas e fórmulas para que a Xunta de Galicia asuma os custos económicos que soporta o concello derivados do mantemento dos dous centros de ensino de infantil e primaria. Dita medida non foi implementada. O aforro xerado, por tanto, é de 0,00 €. No 2012 o gasto en mantemento de centros de ensino acadou 13.701,53 euros.

En resumo: Os datos contidos no plan de axuste prevía un aforro total para a anualidade 2017 de 228,91 miles de euros, mentres que só se acadou un aforro de 137,03 miles de euros.

## e) Informe sobre o endebedamento

A débeda viva presenta unha desviación do 1,69 por cento, entre a cifra indicada do plan de axuste (669,31 miles de euros) e o importe a final do exercicio 2017, 680,63 miles de euros.

**Cadro 13: Endebedamento e plan de axuste**

| Descrición da medida | Dato do Plan de axuste | Débeda viva a 31-12-2017 | Desviación da estimación anual do Plan de axuste |
|---|---|---|---|
| **Débeda viva** | **669,31** | **680,63** | **1,69 %** |
| A curto prazo | 94,66 | 0,00 | -100,00 % |
| A longo prazo | 574,65 | 680,63 | 18,44 % |
| Operacións endebedamento fondo para financiamento de pago a provedores | 342,55 | 0,00 | -100,00 % |
| Resto operacións a longo prazo | 232,1 | 680,63 | 293,33 % |

Ao final do exercicio non queda importe pendente de amortizar coa entidade financeira Caixabank, S.A., xa que se concertaron Plans de amortización coa Deputación provincial da Coruña nos anos 2015, 2016 e 2017 como anticipos e axudas reintegrables.

## f) Operacións ou liñas de crédito contratadas e contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores.

O concello cumpriu coa obriga de actualizar a información da Central de Información de Riscos das Entidades Locais.





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 67

### g) Informes trimestrais de seguimento da débeda comercial

O concello cumpriu co obriga de remisión trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos de loita contra a morosidade.

### h) Informe de seguimento de remanente e o saldo de dubidoso cobro

En relación co remanente de tesourería para gastos xerais obsérvase que na liquidación o seu importe positivo ascende a 437,40 miles de euros, cifra inferior á estimación realizada, figurando no plan de axuste en negativo.

No que se refire aos saldos de dubidoso cobro, o seu importe increméntase ano tras ano, mais a porcentaxe do seu saldo sobre os dereitos pendente de cobro de exercicios pechados redúcese cada exercicio representando o 83,05 por cento no 2017.

**Cadro 14: Remanente de tesourería e saldos de dubidoso cobro**

| Descrición | Dato do plan de axuste | 2017 estimado |
|---|---|---|
| Remanente de tesourería gastos xerais | -289,46 | 567,04 |
| Saldos de dubidoso cobro | 798,22 | 1.124,75 |

### i) Prazo previsto de finalización do plan de axuste

O plan de axuste do Concello de Padrón tiña un horizonte temporal de 10 anos, porén, segundo o previsto no artigo 7 do Real decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro, no caso de plans de axuste asociados ás operacións de préstamo que se formalizaron co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores e co Fondo de Financiamento a Entidades Locais, estendéranse temporalmente durante o período de amortización previsto para as operacións de endebedamento.

Xa que logo, unha vez amortizadas completamente as operacións de préstamo, o plan de axuste deixou de estar vixente na data en que o Concello de Padrón amortizou completamente a totalidade dos préstamos vinculados ao plan de axuste en vigor, polo que no 2017 pódese dar por finalizado o citado plan de axuste.

## IV.2.6 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE TRANSPARENCIA

Realizouse unha análise relativa ao cumprimento da normativa sobre transparencia centrada na observancia dos principios, obrigas e contidos que dispón a LTAIBG. O artigo 1 desta lei establece entre os seus obxectivos os de ampliar e reforzar a transparencia na actividade pública, así como regular e garantir o dereito ao acceso á información derivada de dita actividade. Para cumprir ditos obxectivos, a LTAIBG recolle no Título I un conxunto de medidas, nas que diferenza entre a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

En relación coa publicidade activa procedeuse a comprobar, por unha parte, que o Concello de Padrón



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 67

ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia e, por outra, que a información publicada se axusta ás condicións que a normativa esixe.

O artigo 4 LTAIBG establece os principios xerais que deben rexer a publicidade activa e determina que a información suxeita ás obrigas de transparencia debe ser publicada nas correspondentes sedes electrónica ou páxinas web das entidades dunha forma clara, estruturada e entendible polos interesados, preferiblemente en formatos reutilizables. Así mesmo, indica que se deben establecer os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

Verificouse que a entidade conta cun portal web municipal: https://sede.padron.gal/opencms/es/portal_transparencia/, no que se aloxa o portal de transparencia.

Este portal de transparencia divídese en 4 apartados con información sobre as seguintes materias:

- 1. Institucional, organizativa e de planificación.
- 2. De relevancia xurídica.
- 3. Económica, orzamentaria e estatística.
- 4. Enlaces relacionados coa transparencia.

## 1.-Publicidade activa da información institucional, organizativa e de planificación

O artigo 6 LTAIBG impón a obriga de publicar información referente a aspectos relacionados coa estrutura organizativa das entidades a ela suxeita, plans e programas anuais e plurianuais e obxectivos das mesmas. Verificouse o cumprimento deste extremo, resultando que o apartado de información institucional, organizativa e de planificación recolle os accesos á información da:

1. Estrutura organizativa: órganos de goberno, cargos electos, o Alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno, as Comisións Informativas.

2. Plans e programas: Planes e proxectos servizos públicos, actividades culturais, actividades deportivas, servizos sociais, promoción económica e de emprego, promoción turística.

## 2.-Publicidade activa de relevancia xurídica

O artigo 7 LTAIBG recolle a obriga de publicar determinada información de relevancia xurídica, tal como directrices, instrucións, acordos, circulares, etc. Verificouse o cumprimento deste extremo, resultando que o Concello do Padrón cumpre con esta obriga, xa que inclúe información sobre o regulamento orgánico, ordenanzas, orde do día dos Plenos, acordos plenarios, actas da Xunta de Goberno Local. Tamén figura, aínda que sen contido, o código ético e de bo goberno.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 67

### 3.-Publicidade activa da información económica, orzamentaria e estatística

O artigo 8 LTAIBG recolle a necesidade de publicación de determinada información de xestión administrativa que teña repercusións económicas e orzamentarias. O apartado de economía do portal de transparencia recolle os accesos á información relativa a orzamentos a conta xeral, estados de execución, información do período medio de pago global a provedores, retribución de altos cargos e máximos responsables, recoñecemento de compatibilidade, declaración de bens e actividades dos representantes públicos, custos do servizos públicos, grao de cumprimento e calidade de acordo coa información do custo efectivo dos servizos das entidades locais e relación de bens inmobles da entidade.

Ademais contén a información en materia de contratación que esixe a publicación do todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, importe de licitación e de adxudicación, o procedemento empregado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se lle dá publicidade, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. No que se refire á publicación da información relativa aos contratos menores, poderá ter carácter trimestral.

No apartado referido á contratación do concello consta a información prevista na LTAIBG incluída a publicidade dos contratos menores, tanto no portal de transparencia do concello como no Portal de transparencia da administración local de Galicia da Xunta de Galicia (https://www.eidolocal.gal/transparencia), onde están publicadas as relacións de contratos menores por trimestres. No relativo á publicidade por medios electrónicos o concello dispón do seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de contratos públicos de Galicia.

Así mesmo inclúe información dos convenios celebrados polo concello e das subvención e axudas concedidas.

### 4.-Dereito de acceso á información pública

O Portal de transparencia do Concello de Padrón permite formular as solicitudes de información recollidas no Capítulo III da LTAIBG, a través dun enlace na sede electrónica referido a Procedementos e trámites, cumprindo as previsións legais neste punto.

## IV.3. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica, introduciu diversas medidas entre as que destaca a utilización obrigatoria da factura electrónica no ámbito do sector público (dende xaneiro do 2015), así como a creación do rexistro contable de facturas, cuxa xestión corresponde á unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 67

O Concello de Padrón está adherido ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado FACe, a plataforma online que permite presentar facturas electrónicas a través de internet. O procedemento de tramitación das facturas en FACe comprende as seguintes fases:

- Rexistrada no Rexistro Contable de Facturas (RCF): toda factura electrónica recibida no correspondente Punto Xeral de Entrada de Facturas (PXEF) ou en papel é rexistrada e remitida inmediatamente á oficina contable competente para a súa anotación no RCF.

- Aceptada ou Rexeitada: Unha vez anotada, a unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade pon a factura a disposición do órgano competente para tramitar o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servicio realizada por quen expide a factura. A única posibilidade de rexeite de factura e que a mesma incumpra os requisitos (de natureza técnica) previstos na Lei 25/2013 e regulamento que a desenvolve, que da lugar a un rexeite automático ou non anotación no RCF.

- Contabilizada a obriga recoñecida: O órgano competente, unha vez feitas as verificacións oportunas, procederá a dar a conformidade da factura se a mesma reflicte adecuadamente a xustificación da entrega do ben ou prestación do servicio conforme ao contrato. Una vez conformada, realizaranse o resto de actuacións necesarias para a aprobación do expediente de recoñecemento da obriga, incluída a remisión á Intervención para a súa fiscalización e a súa posterior contabilización polo órgano competente.

- Pagada: Unha vez conformada e, no seu caso recoñecida a obriga, procederase ao pago das mesmas.

- Anulada: Cando haxa unha solicitude, por parte dun provedor, de anulación dunha factura. Unha vez anotada a solicitude, remitirase ao órgano competente para a súa tramitación, que procederá á súa estimación e anulación, ou ben a rexeitar tal solicitude.

Cada unha destas circunstancias (rexistro, conformidade ou non, recoñecemento da obriga, pago ou devolución) debe ser anotada no RCF, de xeito que permita aos provedores presentar e coñecer en cada momento o estado de tramitación das súas facturas.

Observándose a concordancia dos datos rexistros xeral de entrada de facturas e contable das mesmas.

O rexistro contable de facturas inclúe tanto as electrónicas recibidas no Punto Xeral de Entrada de Facturas (PXEF) ou as rexistradas en papel polo sistema tradicional no concello, por razón de contía ata 3.000 euros, como figura nas bases de execución do orzamento.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 67

Do contraste da información que figura no rexistro contable de facturas podemos indicar a correspondencia dos datos que figuran no mesmo e a súa concordancia cos reflectidos na contabilidade.

No seguinte cadro reflíctese a situación resumo por exercicios da información que consta do seu rexistro, a súa contabilización e o seu pago, as facturas pendentes de aplicar ao orzamento, e coa información do seu pago, así como a información das facturas anuladas ou devoltas e causas que a motivan.

En relación co pago das facturas a información foi tamén contrastada cos informes de morosidade trimestrais que a tesourería e a intervención presentan conxuntamente (agás a correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2015 non presentada polo concello), polo que tendo en conta a concordancia de datos, considerouse axeitada a do seu rexistro contable, dada a converxencia de ambas fontes de información, de acordo cos seguintes datos:

**Cadro 15: Rexistro de facturas e pago das mesmas**

| Exercicio | | 2015 | 2016 | 2017 |
|---|---|---|---|---|
| **Facturas rexistradas** | Nº | 2.881 | 3.213 | 3.677 |
| | Importe | 4.056.230,80 | 3.569.149,98 | 4.478.654,49 |
| **Facturas contabilizadas** | Nº | 2.738 | 3.166 | 3.621 |
| | Importe | 3.846.897,53 | 3.329.843,18 | 4.276.510,31 |
| **Facturas pagadas** | Nº | 2.653 | 2.835 | 3.618 |
| | Importe | 3.552.493,54 | 3.125.765,07 | 4.275.861,77 |
| **Facturas pendentes de aplicar ao orzamento** | Nº | 110 | 33 | 25 |
| | Importe | 200.746,46 | 163.599,63 | 72.929,45 |
| **Facturas anuladas/devoltas** | Nº | 33 | 14 | 31 |
| | Importe | 209.333,27 | 75.707,17 | 129.214,73 |
| **Facturas pagadas s/.informes de morosidade** | Nº | 2.653 | 2.835 | 3.618 |
| | Importe | 3.552.493,54 | 3.125.765,07 | 4.275.861,77 |

**Fonte Información do rexistro contable de facturas e informes de morosidade trimestrais**

En relación coas facturas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio, a 31 de decembro figuran soamente aquelas rexistradas ata esa data, non recolléndose, por tanto, aquelas cuxo rexistro se efectúa por presentación extemporánea das mesmas.

De acordo cos datos recollidos nos informes sobre o período medio de pago a provedores emitido conxuntamente pola tesourería e a intervención, sinálase a inexistencia de pagos por xuros de demora nos trimestres sinalados, presentando ademais a seguinte información:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 67

**Cadro 16: Período medio de pago de facturas**

| Trimestre | Período medio de pago (PMP) no trimestre | Superación do prazo máximo de pagos sobre o total | | | Pagos pendentes ao final do trimestre | | | | Facturas pendentes + 3 meses | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | % | Importe (por cento) | PMP | nº | Importe | nº fóra de prazo (%) | Importe fóra de prazo (%) | nº | Importe |
| 1º 2015 | 9,01 días | 5<br>2,87 | 33.330,95<br>8,19% | 36,15 días | 386 | 641.107,90 | 62<br>16,06 | 232.342,63<br>36,24 | 4 | 102.871,29 |
| 2º 2015 | 17,82 días | 128<br>17,02 | 338.864,23<br>30,27% | 104,82 días | 360 | 572.023,61 | 6<br>1,54 | 60.603,79<br>10,59 | 1 | 49.852,00 |
| 3º 2015 | 11,35 días | 285<br>35,00 | 27.593,32<br>26,00% | 45,18 días | 293 | 349.371,60 | 9<br>3,07 | 94.216,56<br>24,83 | 5 | 63.685,28 |
| 4º 2015 | SEN DATOS | | | | | | | | | |
| 1º 2016 | 24,42 días | 50<br>21,36 | 59.551,82<br>20,00 | 51,69 días | 734 | 816.069,01 | 302<br>41,14 | 390.529,63<br>47,85 | 110 | 200.746,46 |
| 2º 2016 | 127,06 días | 593<br>56,42 | 595.433,40<br>50,02 | 29,69 días | 458 | 437.273,51 | 20<br>4,37 | 34.468,60<br>7,88 | 3 | 4.619,54 |
| 3º 2016 | 51,48 días | 81<br>8,64 | 132.488,53<br>19,69 | 45,08 días | 272 | 373.200,96 | 36<br>13,24 | 108.813,57<br>29,16 | 15 | 54.452,93 |
| 4º 2016 | 9,45 días | 108<br>17,62 | 171.933,55<br>17,81 | 42,23 días | 364 | 367.637,74 | 83<br>22,80 | 35.155,49<br>9,58 | 2 | 367.637,74 |
| 1º 2017 | 11,36 días | 207<br>25,81 | 200.810,94<br>23,76 | 48,61 días | 515 | 343.624,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| 2º 2017 | 5,46 días | 365<br>31,25 | 148.837,37<br>12,73 | 39,12 días | 110 | 317.296,80 | 6<br>5,45 | 16.379,70<br>5,16 | 5 | 7.794,75 |
| 3º 2017 | 2,96 días | 6<br>5,45 | 16.379,70<br>5,16 | 36,19 días | 211 | 448.336,54 | 33<br>15,64% | 46.019,65<br>10,26 | 1 | 13.853,30 |
| 4º 2017 | 7,59 días | 211<br>22,00 | 291.403,39<br>20,85 | 39 días | 26 | 73.166,09 | 3<br>11,54% | 7.232,25<br>9,88 | 1 | 371,55 |

**Fonte: Informes trimestrais de tesourería e intervención**

Observándose a influencia do cómputo dos importes dos 4 recoñecementos extraxudiciais de créditos aprobados nos exercicios seguintes:

1) REC 1/2015, por importe de 245.661,39€ aprobado por acordo do Pleno 30/04/2015, reparo 6/2015.

2) REC 1/2016, por contía de 384.817,93€, aprobado por acordo do Pleno 26/05/2016, reparo 5/2016.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 67

3) REC 1/2017, por importe de 330.241,96€, aprobado por acordo do Pleno 09/02/2017, reparo 1/2017.

4) REC 2/2017, por contía de 151.590,25€, aprobado por acordo do Pleno 26/05/2017, reparo 8/2017.

Polo que soamente pódese indicar que agás no 2º trimestre do exercicio 2016, nos demais trimestres o Concello de Padrón cumpriu co prazo de pago das facturas, así como a concordancia da información do seu pago entre o rexistro contable de facturas coas que se derivan do informe de morosidade.

## IV.4. ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS

### IV.4.1. ANÁLISE DA ENTIDADE

Nos 3 exercicios obxecto de exame O Pleno do Concello de Padrón aprobou os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito, incluídos nos reparos suspensivos formulados pola intervención :

**Cadro 17: Recoñecemento extraxudicial de crédito**

| Trámite | 2015 | | 2016 | | 2017 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| REC | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Total |
| | 1 | 245.661,39 | 1 | 384.817,93 | 2 | 481.832,21 | 4 | 1.112.311,53 |
| Reparo suspensivo de intervención | RS 6/2015 | | RS 5/2016 | | RS 1/2017 e RS 8/2017 | | | |

**Fonte: Reparos suspensivos da intervención e levantamento e aprobación do REC**

Como resumo dos citados recoñecementos extraxudiciais de crédito polos diferentes motivos polos que non seguiron o procedemento ordinario previsto no TRLRFL e no TRLCSP, e non foron obxecto de aprobación na anualidade orzamentaria á que correspondían, conforme co artigo 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, competendo o recoñecemento extraxudicial de créditos ao Pleno da entidade, figura excepcional para que non se produza un enriquecemento inxusto da Administración na medida de que o terceiro acredor, unha vez cumprida a prestación ten dereito a obter o importe da contraprestación pactada.

Ademais, os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas dan lugar a reclamacións de xuros de demora e de indemnizacións polos custes de cobro, de acordo coa Lei 3/2004, de medidas de loita contra a morosidade, modificada pola Lei 15/2010, co conseguinte prexuízo para o concello. xa que o TRLCSP establece o prazo dentro dos 30 días seguintes á data de conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 67

A través do recoñecemento extraxudicial de créditos vénse a producir unha convalidación de actos administrativos realizados, con independencia da inexistencia de cobertura orzamentaria no momento de efectuar o gasto ou da inobservancia do procedemento xeral de contratación.

Nuns casos, pois, existen facturas datadas e rexistradas no concello en anteriores exercicios, que non puideron aprobarse por falta de consignación orzamentaria e suficiente. Por este motivo, son fiscalizadas de desconformidade con reparo suspensivo, derivado do disposto no artigo 216.2 a) do TRLFL. Nestes suposto, se o Pleno decide recoñecer a obriga, co fin de evitar un enriquecemento inxusto por parte da Administración, poderá facerse con cargo aos créditos do orzamento vixente, a través do recoñecemento extraxudicial de créditos, existindo crédito axeitado e suficiente para elo, contando xa coa oportuna retención de crédito.

Todo gasto ou contrato realizado en ausencia de consignación orzamentaria vicia de nulidade administrativa conforme coa normativa anteriormente citada coa eventual da responsabilidade que poda derivarse.

No resto de facturas incúmprense o principio de anualidade orzamentaria recollido no artigo 176.1 do TRLCSP e 26.1 do RD 500/1990, motivo polo que precisa do recoñecemento extraxudicial de créditos, sen prexuízo de que nalgunha delas se incorra ademais na inobservancia do procedemento xeral de contratación. Poden identificarse as seguintes situacións:

a) Facturas datadas nun exercicio que tiveron entrada no rexistro xeral do concello no exercicio seguinte.

b) Facturas datadas nun exercicio que tiveron entrada no rexistro xeral do concello dese exercicio referidos a gastos do exercicio anterior.

c) Facturas datadas no derradeiro día dun exercicio que tiveron entrada no rexistro xeral do concello dese exercicio, mais con posterioridade ao derradeiro acto administrativo ditado de aprobación de gasto e recoñecemento de obriga, polo que se deben imputar ao exercicio seguinte, cando son gastos do exercicio anterior.

Na maioría destes casos a extemporaneidade é imputable aos propios provedores ou contratistas que non presentan a factura ao seu debido tempo, e mesmo no seguinte exercicio.

O incumprimento do principio de anualidade orzamentaria é o motivo polo que a intervención fiscaliza de desconformidade as facturas con reparo suspensivo derivado do disposto no artigo 216.2 a) do TRLFL, se ben se o Pleno decide recoñecer a obriga, co fin de evitar un enriquecemento inxusto por parte da Administración, poderá facerse con cargo aos créditos do orzamento vixente, a través do recoñecemento extraxudicial de créditos, existindo crédito axeitado e suficiente para elo, contando xa coa oportuna retención de crédito.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 67

Do exame dos expedientes que foron obxecto de reparo pola intervención e logo da resolución ou acordo polo que se deixa sen efecto a discrepancia exposta pola Intervención e se levanta o reparo suspensivo ben sexa polo:

A) Alcalde, co fin de seguir co trámite ordinario do recoñecemento do gasto e o pago, en función das competencias, o propio Alcalde, no caso das nóminas, ou a Xunta de Goberno Local, no recoñecemento e pago de facturas, conforme coa delegación de competencias establecidas polo Alcalde.

B) Pleno do Concello, no levantamento dos reparos formulados pola intervención aos recoñecementos extraxudicial de créditos e na súa autorización de gastos e dos seus pagos.

Durante os 3 exercicios obxecto de exame presentan en número e importe os seguintes datos:

**Cadro 18: Reparos formulados pola intervención**

| Descrición | 2015 | 2016 | 2017 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Importe reparos totais** | **1.878.284,07** | **1.763.278,36** | **1.905.152,73** | **5.546.715,16** |
| **nº de reparos** | **19** | **17** | **20** | **56** |
| Importe dos REC | 245.661,39 | 384.817,93 | 481.832,21 | 1.112.311,53 |
| Nº de REC | 1 | 1 | 2 | 4 |
| Importe do resto de reparos | 1.632.622,68 | 1.378.460,43 | 1.423.320,52 | 4.434.403,63 |
| Nº do resto de reparos | 18 | 16 | 18 | 52 |
| Importe facturas | 977.640,79 | 1.156.336,42 | 1.315.287,58 | 3.449.264,79 |
| Nº facturas | 420 | 769 | 927 | 2.116 |
| Outros gastos (nóminas) | 900.643,28 | 606.941,94 | 589.865,15 | 2.097.450,37 |
| Nº nóminas | 6 | 4 | 4 | 14 |

Se consideramos a relación entre a contía das obrigas recoñecidas netas derivadas dos recoñecementos extraxudiciais de créditos con relación ás obrigas recoñecidas netas totais presentan as seguintes porcentaxes: 3,49 por cento no exercicio 2015, 6,02 por cento no 2016 e 6,57 por cento no 2017.

O motivo do reparo da intervención é a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais baseados en materia de xestión orzamentaria, e en materia de contratación, a superación dos límites existentes para a tramitación do contrato menor, tanto cuantitativa como temporalmente; prórroga do contrato polo consentimento tácito das partes, así como obedecer a necesidades periódicas, previsibles e recorrentes.

Xunto co acto de levantamento do reparo aprobase o recoñecemento da obriga.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 67

Con relación aos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos non figura outra motivación que a teoría do enriquecemento inxusto da administración.

Os reparos suspensivos da intervención débense á omisión de requisitos e trámites esenciais, e no caso dos recoñecementos extraxudiciais de créditos, por non seguiren o procedemento ordinario de gasto previsto no TRLFL, na lexislación de contratos do sector público e non foron obxecto de aprobación na anualidade que corresponde.

Cumpríndose, en todos os casos, as referencias á dispoñibilidade orzamentaria para aprobación das facturas, ao órgano competente para súa aprobación, á conformidade coa prestación realizada e ao cumprimento das esixencias das facturas, obsérvanse as seguintes incidencias:

## IV.4.2 EN MATERIA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Dado que as escasas obrigas de publicidade previstas para a contratación menor no período fiscalizado non permitiron obter datos dos mesmos a través desa vía, solicitouse información á Secretaria do concello de Padrón sobre os expedientes deste tipo formalizados no concello nos exercicios 2015-2017. Dita información figura no seguinte cadro:

**Cadro 19: Contratos menores Concello de Padrón 2015-2017. Datos da Secretaria da entidade.**

| TIPO | NÚMERO | CONTÍA ADXUDICACIÓNS (IVE incluído) |
|---|---|---|
| Contratos de obras | 2 | 52.511,06 € |
| Contratos de servizos | 32 | 126.314,53 € |
| Contratos privados | 40 | 101.268,86 € |

As comprobacións efectuadas poñen de manifesto que os datos facilitados polo Concello non reflicten a realidade da contratación menor realizada pola entidade no período 2015-2017. Tense identificado outras operacións que corresponden formal e materialmente a expedientes de contratos menores, así como expedientes que, amparados baixo esa aparencia non concordan coas esixencias normativas para este tipo de contratación, ao incumprir requisitos de contía ou de duración ou por responder a situacións que poden ser cualificadas de fraccionamento de contrato. Hai que aclarar que as comprobacións realizadas non alcanzan a totalidade da actividade contractual da entidade no período fiscalizado, pero permiten observar importantes variacións respecto do número de contratos (facturas) e das contías polas que se formalizaron as adxudicacións respecto dos que foron comunicados con motivo desta fiscalización.

Atendendo aos pagos realizados polo concello de Padrón no período fiscalizado que foron examinados, abonáronse facturas cos obxectos que se recolle no cadro seguinte, que foron tramitados debida ou indebidamente, coma contratos menores:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 67

## Cadro 20: Contratos menores Concello de Padrón 2015-2017 segundo a información de pagos realizados

| Contrato de | Nº facturas 2015 | Importe 2015 | Nº facturas 2016 | Importe 2016 | Nº facturas 2017 | Importe 2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A. Servizo de recollida de residuos | | | | | | |
| Enviser Servicios Medio Ambiente SAU | 14 | 263.871,95 | 15 | 233.329,69 | 10 | 129.573,20 |
| Inbisa Servicios y Medio Ambiente, S.A. | 2 | 37.400,00 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Recolte Servicios y Medio Ambiente S.A.U. | 0 | 0 | 0 | 0 | 9 | 159.429,68 |
| **Total recollida de liixo** | **16** | **301.271,95** | **15** | **233.329,69** | **19** | **289.002,88** |
| B. Subministración de alumeado público | | | | | | |
| RoommelService, S.L. | 31 | 79.050,34 | 36 | 85.203,49 | 37 | 73.408,57 |
| Roo Montajes Eléctricos, S.L. | 37 | 51.480,82 | 30 | 50.415,85 | 33 | 65.003,49 |
| **Total subministración de alumeado público** | **68** | **130.531,16** | **66** | **135.619,34** | **70** | **138.412,06** |
| C. Servizo de limpeza | | | | | | |
| Limpesar, S.L. | 0 | 0 | 13 | 24.993,76 | 12 | 36.319,36 |
| Adina Xestión, S.L. | 9 | 29.645,00 | 15 | 35.191,64 | 14 | 25.804,86 |
| Seigal, S.L. | 69 | 25.068,18 | 64 | 27.134,26 | 74 | 29.711,55 |
| Reciclaxes do Sar, S.L.(Redosar) | 12 | 29.403,00 | 10 | 24.502,50 | 15 | 52.327,66 |
| **Total servizo de limpeza** | **90** | **84.116,18** | **102** | **111.822,16** | **115** | **144.163,43** |
| D. Servizo de atención á dependencia | | | | | | |
| Servizos Sociais do Ulla Sar, S.L. | 39 | 95.936,90 | 60 | 131.526,97 | 63 | 186.835,26 |
| E. Obra | | | | | | |
| Construcciones Juan B. Carril S L | 16 | 32.631,08 | 15 | 38.110,93 | 15 | 57.604,65 |
| Construcciones y Deslizados Galicia SLU | 0 | 0,00 | 7 | 11.448,26 | 4 | 41.635,34 |
| Construcciones M D G VI SL | 8 | 21.287,70 | 8 | 12.671,46 | 3 | 13.041,00 |
| **Total obra** | **24** | **53.918,78** | **30** | **62.230,65** | **22** | **112.280,99** |
| F. Subministración de materiais de obra | | | | | | |
| Comercial Moncho, S.L. | 30 | 28.439,92 | 26 | 30.600,79 | 54 | 53.832,75 |
| G. Servizo de limpeza de pistas | | | | | | |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 8 | 133.009,81 | 11 | 104.265,45 | 9 | 47.989,07 |
| H. Xestión da gardería infantil | | | | | | |
| Pequeños Escolares S.L. | 12 | 50.000,04 | 12 | 50.000,04 | 12 | 50.000,04 |
| I. Xestión laboral do Concello | | | | | | |
| Abad Pampín Consuelo y otros S.C | 12 | 8.712,00 | 12 | 8.712,00 | 12 | 9.014,50 |
| I. Xestión de servizo público da piscina cuberta municipal | | | | | | |
| Barbatana, S.L. | 1 | 3.080,30 | 6 | 33.698,85 | 21 | 100.746,03 |
| X. Outros | | | | | | |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 67

| Contrato de | Nº facturas 2015 | Importe 2015 | Nº facturas 2016 | Importe 2016 | Nº facturas 2017 | Importe 2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Cándido Sanmarco e Hijos, S.L | 7 | 6.960,70 | 16 | 5.782,40 | 0 | 0 |
| Cándido Sanmarco Santos. Instalaciones Ducho | 11 | 38.553,68 | 9 | 21.235,65 | 0 | 0 |
| Aluminios Sefer, S.L. | 13 | 9.110,70 | 10 | 4.577,98 | 0 | 0 |
| **Total** | **194** | **630.579,23** | **202** | **585.787,39** | **210** | **753.289,25** |

Nos tres exercicios foron tramitadas 606 facturas, por un importe total de 1.969.655,87 euros, nas que na súa tramitación se poido incorrer nalgunha irregularidade.

As principais irregularidades detectadas en materia de contratación foron as seguintes:

### IV.4.2.1. CLASIFICACIÓN COMO CONTRATO MENOR, ATENDENDO AO IMPORTE

O artigo 138.3 TRLCSP autoriza a celebración de contratos menores de subministro ou servizo cando o importe da prestación non exceda de 18.000,00 € (IVE excluído), e 50.000,00 € no caso de obras, resultándolle de aplicación o artigo 111.1 do mesmo texto legal que esixe unicamente á aprobación do gasto e a incorporación ao expediente da correspondente factura.

Nalgúns dos expedientes de contratación formalizados no período fiscalizado estes límites económicos resultan superados amplamente polo importe conxunto das facturas expedidas ao concello por determinados provedores para a mesma finalidade durante cada anualidade, circunstancia que pode poñer de manifesto que se está a producir reiteradamente un fraccionamento do obxecto do contrato. Este proceder supón quebrantar os principios de concorrencia e publicidade, así coma a elusión da forma de adxudicación que corresponda, vulnerando o artigo 86.2 do TRLCSP. Na nosa opinión, deberían levarse a cabo os oportunos expedientes de contratación, evitando posibles vulneracións da lexislación contractual.

Nos expedientes obxecto de análise non se observaron incidencias en canto a dispoñibilidade orzamentaria para aprobación das facturas, conformidade coa prestación e co cumprimento dos requisitos previstos na factura.

Os supostos afectados no período fiscalizado refírense ás seguintes sociedades e prestación de servizos:

**A) Servizos de prestación obrigatoria**:

Atópase neste suposto tanto a actividade de recollida de residuos sólidos como a de iluminación pública. Ademais, de acordo cos datos que figuran na plataforma de contratación do sector público, a situación de ausencia de expediente de contratación segue manténdose na data de finalización da elaboración do informe, sen que obedeza a necesidades excepcionais



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 67

No relativo á recollida de residuos sólidos urbanos de Padrón, a empresa prestadora do servizo opera inicialmente baixo o nome Enviser Servicios Medio Ambiente SAU, pasando a denominarse Inbisa Servicios y Medio Ambiente, S.A. e posteriormente Recolte Servicios y Medio Ambiente S.A.U. Resultando aprobadas e pagadas facturas polos importes anuais, IVE incluído que se inclúe no cadro anterior, o importe conxunto das mesmas superan amplamente o límite para a celebración dun contrato menor, aínda que individualmente estean por debaixo daquel. Sendo un servizo de prestación obrigatoria e de carácter periódico, non é acorde coa lexislación contractual a situación descrita.

No caso do subministro de alumeado público, identifícanse dúas prestadoras do servizo RoommelService, S.L.e Roo Montajes Eléctricos, S.L., que durante o período fiscalizado facturan importes por este servizo moi superiores aos umbrais legalmente establecidos para o contrato menor, de forma reiterada e recorrente –emitindo máis dunha factura por mes-, tal e como se recolle no cadro anterior.

## B) Outras prestacións:

Cabe destacar o servizo de limpeza de diversas dependencias municipais, que foi prestado no período fiscalizado por catro empresas: Adina Xestión, S.L., Limpesar, S.L., Seigal, S.L. e Reciclaxes do Sar, S.L.(Redosar) que facturaron en todos os exercicios importes por enriba do umbral legalmente fixado para a contratación menor, como queda reflectido no cadro anterior.

A mesma situación se produce respecto da prestación de servizo de atención á dependencia por Servizos Sociais do Ulla Sar, S.L que, ao igual que os relativos á limpeza, é un servizo de prestación periódica e recorrente, onde os importes facturados superan amplamente as limitación da lexislación contractual para o contrato menor en todos os exercicios.

No caso das facturas en concepto de traballos de limpeza de pistas mediante roza, corresponden a un contrato administrativo de servizos, cun importe de 21.780,00€, que supera o límite cuantitativo do contrato menor previsto no art. 138.3 TRLCSP. O contrato foi inicialmente adxudicado a sociedade Tarrío y Suárez, S.L. (instrución da Alcaldía do 4 de decembro de 2014), mais ao superar o importe establecido para o contrato menor non debería terse adxudicado directamente a través deste procedemento senón que se tería que tramitar un expediente de contratación e licitalo, cando menos, a través dun procedemento negociado sen publicidade con invitación a un mínimo de 3 empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Posteriormente, o 13/10/2014 presentouse pola citada sociedade unha factura polo mesmo concepto e por importe de 17.994,39€ (nº 165/2014), aprobada por resolución da Alcaldía 699/2014 pola que se abona o día seguinte. Semella que se trata do mesmo contrato de servizos para a limpeza de pistas municipais mediante a realización de traballos de roza, cun importe de 40.014,22€, IVE engadido. O interventor emitiu informe de reparo suspensivo por entender a existencia de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 67

fraccionamento do obxecto do contrato, así como unha adxudicación directamente sen terse tramitado o oportuno expediente de contratación, eludindo a forma de adxudicación correspondente, vulnerándose o artigo 86.2 do TRLCSP e conculcándose principios reitores da contratación, como a publicidade e a concorrencia.

Finalmente, dáse a mesma situación respecto a Comercial Moncho, S.L., polo subministro de materiais de obra; tamén no caso de Pequenos Escolares, S.L., pola xestión da gardería municipal; no de Barbatana, S.L., pola xestión da piscina cuberta municipal e Cándido Sanmarco Santos. Instalaciones Ducho, pola súa prestación de servizos de fontanería, se ben nestes supostos concorren outras irregularidades na contratación.

### IV.4.2.2. EXISTENCIA DE CONFLITO DE INTERESE ENTRE O PODER ADXUDICADOR E O ADXUDICATARIO

Tamén se comprobou que se produciron situacións de conflito de interese entre o poder adxudicador e adxudicatario en dous supostos. En ambos casos, ten lugar a actuación no procedemento de contratación, xa sexa ditando unha resolución ou dentro dun órgano colexiado ao intervir mediante o seu voto na presentación da proposta de resolución, ben do Alcalde-Presidente ben dun concelleiro, respecto de sociedades coas que se incorre nunha prohibición de contratar por existir unha relación de parentesco cos representantes legais das empresas afectadas.

Convén recordar que a Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, amplía a prohibición de contratar aos membros dos órganos de contratación prevista no art. 60 do TRLCSP ata os parentes en segundo grao por consanguinidade ou afinidade. Asemade, de acordo coa Directiva 2014/24/UE, "os Estados membros velarán por que os poderes adxudicadores tomen as medidas adecuadas para previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de contratación a fin de evitar calquera falseamento da competencia e garantir a igualdade de trato de todos os operadores económicos. O concepto de conflito de intereses comprenderá polo menos calquera situación na que os membros do persoal do poder adxudicador, ou dun provedor de servizos de contratación que actúe en nome do poder adxudicador, que participen no desenvolvemento do procedemento de contratación ou poidan influír no resultado do devandito procedemento teñan, directa ou indirectamente, un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de contratación".
Os dous supostos que foron obxecto de reparo polo interventor son os seguintes:

- Os contratos menores celebrados con Cándido Sanmarco e Hijos, S.L. e Cándido Sanmarco Santos. Instalacións Ducho**,** por conflito de intereses entre o concelleiro de persoal e deportes e membro da Xunta de Goberno Local e o representante legal das citadas empresas, en calidade de irmán.
- E por circunstancias similares de familiaridade, xurde conflito de interese entre o Alcalde-Presidente

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 67

e o representante legal da sociedade Aluminios Sefer, S.L.

### IV.4.2.3. POR INCUMPRIMENTO DE APROBACIÓN DA ACTA DE INICIO DE ACTIVIDADE EXTEMPORÁNEA

A mercantil Barbatana, S.L. resultou adxudicataria do contrato de xestión do servizo público da piscina cuberta municipal, que foi asinado o 29/08/2016. O artigo 17 do prego de cláusulas administrativas particulares fixaba a partir desa data un prazo máximo dun mes para formalizar a acta de inicio. Dita acta expediuse o 18/11/2016, motivo polo que a intervención repara os gastos, ao considerarse que os mesmos deberían computarse a partir da acta extemporánea. O reparo foi levantado polo Alcalde-Presidente e aprobado pola Xunta de Goberno Local.

### IV.4.2.4. PRESTACIÓN DE SERVIZOS SEN COBERTURA CONTRACTUAL

No período fiscalizado comprobouse que varios contratos de xestión de servizos municipais tiñan superado o prazo máximo de execución previsto nos mesmos, incluíndo os prazos establecidos para a súa prórroga forzosa.

Como resultado, os contratistas continúan coa xestión indirecta do servizo público a pesares de ter rematado o prazo contractual e o concello segue a pagar as facturas emitidas sen cobertura legal.

Nesta situación figuran, ademais dos xa mencionados contratos de recollida de residuos sólidos e de iluminación pública, os seguintes servizos e provedores:

**Pequeños Escolares S.L.** en concepto de xestión da gardería infantil municipal mensual. Resultou adxudicataria do contrato administrativo de xestión de funcionamento da Escola Infantil municipal, (acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de setembro de 2006), contrato asinado o 2 de xaneiro de 2007 cun prazo de execución de 4 anos.

Transcorrido ese prazo, a Xunta de Goberno, por acordo do 14 de decembro de 2010, segundo as previsións do contrato, impuxo ao concesionario unha prórroga forzosa, por un prazo máximo dun ano (ata o 2 de xaneiro de 2012) coas mesmas condicións estipuladas no contrato inicial.

Na actualidade, o contratista continúa coa xestión indirecta do servizo público a pesares de ter rematado o prazo contractual; dado que se excedeu o prazo contractual, conforme ao artigo 164 do TRLCAP, o servizo debería ter revertido á Administración, debendo o contratista entregar as obras e instalación no estado de conservación e funcionamento adecuados.

**Abad Pampín Consuelo y otros S.C**. en concepto de xestión laboral do Concello de Padrón. O contrato de servizo asinado entre a sociedade e o concello o 17/12/2008, establecía un prazo de execución de 2 anos a contar dende o día seguinte a súa formalización (18/12/2010), figurando na cláusula 4ª do PCAP a posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, levándose a cabo dúas



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 67

prórrogas, ata o 18/12/2012, data na que se resolve o contrato, sen que a Administración iniciase o procedemento co fin de levar a cabo un novo contrato ou ben prestar o servizo directamente, utilizándose a vía do contrato menor para continuar coa prestación deste servizo sen licitar o oportuno expediente.

Tamén é de mencionar a actividade de recollida de residuos sólidos de prestación obrigatoria, como tamén a iluminación pública, ambas de prestación periódica e recorrente e que se están a prestar sen cobertura contractual, xa que, de acordo cos datos que figuran na plataforma de contratación do sector público, dita situación segue manténdose na data de finalización da elaboración do informe, sen que obedeza a necesidades excepcionais.

No caso de **Enviser Servicios Medio Ambiente SAU** (producíndose o cambio de denominación social por Inbisa Servicios y Medio Ambiente, S.A. e Recolta Servicios y Medio Ambiente S.A.U.), presta o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos mensual, como empresa adxudicataria do contrato de xestión de servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos e envases lixeiros, limpeza do mercado dominical e xestión do punto limpo do Concello de Padrón, segundo coa Resolución do alcalde nº 678/2012, do 15 de outubro de 2012, logo da celebración do oportuno expediente de contratación tramitado polo procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia.

É de destacar que o procedemento seleccionado, negociado sen publicidade e por trámite de urxencia, non é conforme coas prescricións dos artigos 172 b) e 177.2 do TRLCSP de xestión de servizos públicos, atendendo ao límite dos gastos de primeiro establecemento –han de ser inferiores a 500.000,00 euros-, o prazo de duración do servizo -inferior a cinco anos- e o seu valor estimado –ha de ser inferior a 60.000,00 euros-; tanto este importe foi superado pola prestación, coma o prazo de duración, previsto no contrato en 3 meses a contar dende a sinatura do mesmo, 17/10/2012, polo que a partir do 17/01/2013 se tramita a vinculación como contrato menor.

No caso de **Recolte Servicios y Medio Ambiente S.A.U**, foi a adxudicataria do contrato menor de xestión de servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos e envases lixeiros, limpeza do mercado dominical e xestión do punto limpo do Concello de Padrón, en virtude do contrato menor formalizado o 1/6/2019 por non exceder de 18.000,00 euros, IVE excluído, cun prazo de execución de 23 días, polo que se consideramos a realidade do gasto conxunto de facturas emitidas cada 23 días, observase un fraccionamento do gasto polo que se está a incumprir os principios de publicidade e concorrencia, así como a forma de adxudicación correspondente, motivo polo que se vulnera o lexislación mercantil.

### Medidas de contención de gasto do plan de axuste respecto da contratación

En relación cos contratos que o Concello tramita polo procedemento excepcional de contrato menor é de interese recordar aquí as previsións establecidas no plan de axuste aprobado polo Pleno do





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 67

Concello co fin de conter os gastos recorrentes en canto a:

- **Contrato de servizos de mantemento da iluminación pública**: tíñase previsto a intensificación das funcións de control e inspección dos servizos realizados, así como a racionalización e contención do gasto no devandito servizo, reducindo o prezo do mesmo a 110.000,00 euros anuais. Ao final do exercicio 2017 o gasto ascendeu a 133.088,41 euros debido a que non se levaron a cabo as medidas previstas no plan.

- **Contrato de servizos de limpeza das distintas dependencias municipais**: a previsión era a de reducir o custo do servizo cunha mellor distribución e planificación dos efectivos persoais con que se contaba, e unha racionalización do gasto, reducindo o prezo do contrato a 30.000,00 euros anuais. Porén, as obrigas recoñecidas netas polo devandito concepto a 31/12/2017 supuxeron 142.659,05 euros., debido a falta de implementación das medidas previstas no plan.

- **Contrato de subministración de materiais para a brigada de obras municipal**: Prevíase a intensificación das funcións de control e inspección das subministracións realizadas, así como a racionalización e contención do gasto no devandito contrato, reducindo o prezo do mesmo. No contrato de referencia xerouse aforro no exercicio económico 2017 con respecto ás previsións do plan. O obxectivo era reducir o prezo do contrato a 60.000,00 euros e fixouse en 39.501,30 euros, o que supón un aforro de 20.498,70 euros.

A modo de resumo, e atendendo ás esixencias do Real decreto 424/ 2017 considérase que o órgano interventor debe realizar actuacións dirixidas a

- Incorporar ao Plan de control financeiro a análise económico financeira do funcionamento dos servizos da entidade, tanto no que atinxe ao cumprimento normativo como a adecuación da súa xestión aos principios de eficacia, eficiencia, economía, transparencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Incluír un control para os expedientes nos que se tivera omitido a función interventora e informar aos responsables sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento.
- Adoptar medidas que lle permitan informar ás autoridades e ao persoal ao servizo da entidade das consecuencias e responsabilidades que deriven da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, nos termos establecidos no Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 28 e 30 da Lei 19/ 2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Tamén se considera necesario que se adecúe a regulación da tramitación e contido dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, incluíndo xunto coa acreditación documental da realización da prestación ou o dereito do acredor unha memoria ou informe do órgano xestor onde se



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 67

xustifique o carácter excepcional do gasto, de conformidade coas previsións do artigo 28 do RD 424/2017.

Ademais, debe elaborarse un Plan anual de contratación, no que se programe mediante o correspondente documento de planificación ou cronograma, a licitación dos gastos repetidos reiterada e periodicamente, superando os límites e prazos do contrato menor. Así mesmo, deberá garantirse que o inicio da tramitación dos expedientes de contratación derivada da finalización da vixencia dos contratos se realice coa antelación suficiente para evitar a execución de gastos sen cobertura contractual.

## IV.4.3 EN MATERIA DE PERSOAL

Os gastos de persoal do Concello de Padrón alcanzaron un total de 1.847.702,50 euros en 2015, alcanzado en 2017 a 1.999.072,85 euros. No seguinte cadro recóllese a súa clasificación por categorías, figurando baixo a denominación "outro persoal" os empregados contratados polo concello por medio de axudas e subvencións recibidas da Xunta de Galicia e maila da Deputación provincial da Coruña para o fomento do emprego no ámbito local:

**Cadro 21: Número de empregados e retribucións totais**

| Clasificación dos gastos de persoal | 2015 | | | | 2016 | | | | 2017 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Persoal 31-12 | % | Total retribucións | % | Persoal 31-12 | % | Total retribucións | % | Persoal 31-12 | % | Total retribucións | % |
| Titulares dos órganos de goberno | 5 | 5,62 | 63.538,90 | 4,79 | 5 | 5,81 | 75.088,85 | 5,50 | 7 | 7,87 | 87.933,38 | 6,62 |
| Funcionarios de carreira | 28 | 31,46 | 729.443,43 | 54,93 | 26 | 30,23 | 748.486,67 | 54,79 | 26 | 29,21 | 698.051,39 | 52,59 |
| Funcionarios interinos | 3 | 3,37 | 46.079,70 | 3,47 | 3 | 3,49 | 37.431,34 | 2,74 | 4 | 4,49 | 54.100,02 | 4,08 |
| Laboral fixo | 8 | 8,99 | 53.008,74 | 3,99 | 6 | 6,98 | 42.496,06 | 3,11 | 6 | 6,74 | 31.912,87 | 2,40 |
| Laboral temporal | 45 | 50,56 | 435.773,74 | 32,82 | 46 | 53,49 | 462.629,37 | 33,86 | 46 | 51,69 | 455.316,13 | 34,30 |
| **Total persoal do Concello** | **89** | **100,00** | **1.327.844,51** | **100,00** | **86** | **100,00** | **1.366.132,29** | **100,00** | **89** | **100,00** | **1.327.313,79** | **100,00** |
| Outro persoal | 31 | 25,83 | 519.857,99 | 28,14 | 57 | 39,86 | 560.657,90 | 29,10 | 65 | 42,21 | 671.759,06 | 33,60 |
| **Total** | **120** | **100,00** | **1.847.702,50** | **100,00** | **143** | **100,00** | **1.926.790,19** | **100,00** | **154** | **100,00** | **1.999.072,85** | **100,00** |

O colectivo máis numeroso é o persoal laboral representando en 2015 o 59,55 por cento e o 58,43 por cento en 2017 do total do persoal do concello, principalmente debido ao importante número de persoal contratado con carácter temporal (46 e 45 empregados de 89 empregados en total). Esta cifra contrasta coa do persoal funcionario, que presenta cifras que oscilan entre o 34,83 por cento e o 33,70 por cento do total do persoal do concello.

É de destacar asemade a cifra de persoas contratadas ao abeiro de programas de emprego no ámbito local -por exemplo, Aprol da Xunta de Galicia ou Plan de Emprego Local da Deputación provincial-





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 67

que en 2017 chegou a supoñer unha cifra de 65 persoas vinculadas laboralmente ao concello de Padrón.

### IV.4.3.1. CONTRATACIÓN DE SERVIZOS EXTERNOS

O órgano interventor do Concello de Padrón formulou reparo ao pago de determinadas cantidades derivadas de contratos de prestación de servizos externos, ao entender, respecto do contratos de catro traballadores, que non se estaban a ter en conta as limitacións normativas establecidas para evitar que se considerase existente unha relación laboral entre os traballadores e o concello.

Respecto da contratación de servizos externos polas Administracións públicas debe atenderse, en primeiro lugar, a que non debe entrar en contradición coa normativa reguladora do emprego público. Convén recordar que o art. 9.2 do Estatuto básico do empregado público reserva exclusivamente aos funcionarios públicos o exercicio as funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas.

Polo aumento de situacións nas que a contratación de servizos externos polas administracións públicas dou lugar ao recoñecemento dunha relación laboral dos traballadores da empresa contratada coa Administración (sendo sinalados os seus riscos na Circular laboral 2/2007 da Avogacía xeral do Estado e na Moción elevada ás Cortes Xerais polo Tribunal de Cuentas), a Disposición adicional primeira do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, dispón que as entidades deben adoptar as instrucións pertinentes para a correcta execución dos servizos externos que contratasen, de maneira que quede clarificada a relación entre os xestores da Administración e o persoal da empresa contratada, evitando, en todo caso, actos que puidesen considerarse como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

E, en segundo lugar, respecto da formalización dos contratos, resulta de aplicación a regulación dos contratos menores contida no entón vixente TRLCSP que, ademais das xa sinaladas limitacións de contía recollidas no art. 138.3, fixa para os mesmos unha duración máxima dun ano non prorrogable (art. 23.3), así como unha prohibición expresa de que estes contratos afecten a servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.

No cadro seguinte recóllese as partidas afectadas e o importe bruto facturado por cada un dos traballadores, así como o servizo prestado, nos exercicios fiscalizados:

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 59 a 67

**Cadro 22: Importes anuais do persoal contratado con exercicio de autoridade**

| | | 2015 | | 2016 | | 2017 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Traballador Servizo prestado | Partida | Importe bruto | Importe líquido | Importe bruto | Importe líquido | Importe bruto | Importe líquido | Importe bruto | Importe líquido |
| JBDJ arquitecto técnico de asesoramento técnico urbanístico | 151-22706 | 23.318,14 | 20.017,62 | 21.780,00 | 19.080,00 | 19.965,00 | 17.490,00 | 65.063,14 | 56.587,62 |
| RARO arquitecto asistencia técnica á oficina de rehabilitación | 1522-22706 | 18.000,00 | 15.472,06 | 18.000,00 | 15.768,60 | 21.379,65 | 18.729,28 | 57.379,65 | 49.969,94 |
| JMMA asesoramento xurídico urbanístico | 151-22706 | 21.759,54 | 17.364,45 | 22.727,55 | 18.562,70 | 24.265,68 | 19.910,17 | 68.752,77 | 55.837,32 |
| FFG arquitecto técnico de asesoramento técnico urbanístico | 151-22706 | 21.280,50 | 18.282,36 | 23.319,58 | 20.428,67 | 18.652,14 | 16.339,84 | 63.252,22 | 55.050,87 |
| **Total** | | **84.358,18** | **71.136,49** | **85.827,13** | **73.839,97** | **84.262,47** | **72.469,29** | **254.447,78** | **217.445,75** |

Enténdese que estes catro traballadores exercen funcións que implican o exercicio de autoridade reservada aos poderes públicos, o que estaría expresamente vedado no marco da formalización dun contrato de prestación de servizos (artigo 301 do TRLCSP, o artigo 9.2 TREBEP e artigo 92.2 da LBRL).

Finalmente, os catro traballadores foron recoñecidos como persoal laboral indefinido non fixo do Concello de Padrón en distintas sentenzas do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, ditándose no exercicio 2019 os correspondentes decretos da alcaldía, en cumprimento da execución das sentenzas.

Recóllese a continuación a situación dos distintos contratos de prestación de servizos, todos eles adxudicados como contratos menores.

## IV.4.3.2. ARQUITECTO TÉCNICO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO URBANÍSTICO

Subscríbense ata 5 contratos; o primeiro corresponde a unha asistencia técnica como aparellador subscrito o 14/11/2005 e o último contrato formalizado o 22/04/2013, adxudicado, de acordo co artigo 138.3 e 23.3 do TRLCSP, polo procedemento de contrato menor de servizos, cun prazo de execución de 7 meses ata o 30/11/2013.

O servizo séguese prestando ininterrompidamente ata a actualidade, polo que se produce unha prórroga dun contrato menor ou encadeamento de contratos menores, vulnerándose con elo os principios reitores da contratación pública de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación. O órgano interventor advirte desta situación, emitindo reparo suspensivo.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 67

A sentenza 514/2018, do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, recoñece a vinculación de J.B.D. J. co Concello de Padrón mediante relación laboral indefinida non fixa coa categoría de arquitecto técnico cunha xornada de 32,5 horas semanais, formalizada con efectos do 01/07/2019, así como a alta na Seguridade Social e unha antigüidade desde 14/11/2005. Deuse execución á dita sentenza mediante Decreto 441/2019 do alcalde, de 17 de outubro de 2019.

### IV.4.3.3. ARQUITECTO ASISTENCIA TÉCNICA Á OFICINA DE REHABILITACIÓN

Neste caso, subscríbese un contrato de servizos o 19/02/2009 entre o arquitecto R.A.R.O. e a entidade local, que é adxudicado polo procedemento negociado sen publicidade cun prazo de execución de 30 meses. Remataba a súa vixencia o 19/08/2011, mais seguiu prestando o servizo ininterrompidamente ata a actualidade, pese a que os PCAP do contrato imposibilitaban a prórroga do mesmo.

Continúase encadeando contratos, como o celebrado o 22/04/2013, co mesmo concepto e mesma finalidade e que adxudicado directamente, que vulneran os principios reitores da contratación pública de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, así como a forma de adxudicación do contrato. O órgano interventor advirte desta situación, emitindo reparo suspensivo .

A sentenza 518/2018, do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, recoñece a vinculación de R.A.R.O co Concello de Padrón mediante relación laboral indefinida non fixa coa categoría de arquitecto técnico cunha xornada de 25 horas semanais, formalizada con efectos do 14/10/2019, así como a alta na Seguridade Social e unha antigüidade desde 14/11/2005. Deuse execución á dita sentenza mediante Decreto 650/2019 do alcalde, de 10 de outubro de 2019.

### IV.4.3.4. ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO

Subscríbese contrato menor de servizos en data 09/06/2010, cun prazo de execución de 12 meses que finaliza o 10/06/2011, de conformidade cos art. 138.3 e 23.3 TRLCSP.

O servizo séguese prestando ininterrompidamente ata a actualidade, polo que se produce unha prórroga dun contrato menor ou encadeamento de contratos menores, vulnerándose con elo os principios reitores da contratación pública de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación. O órgano interventor advirte desta situación, emitindo reparo suspensivo.

Os pagos realizados inclúen o abono de horas extra cando no contrato non está previsto o seu pago.

A sentenza 521/2018, do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, recoñece a vinculación de J.M.M.A. co Concello de Padrón mediante relación laboral indefinida non fixa coa categoría de asesor xurídico cunha xornada de 21 horas semanais, formalizada con efectos do 01/04/2019, así como a alta na Seguridade Social e unha antigüidade desde 09/06/2010. Deuse execución á dita sentenza mediante Decreto 234/2019 do alcalde.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 67

### IV.4.3.5. ARQUITECTO TÉCNICO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO URBANÍSTICO

Subscríbese contrato menor de servizos en data 01/10/2009, cun prazo de execución de 12 meses que finaliza o 02/10/2010, de conformidade cos art. 138.3 e 23.3 TRLCSP.

O servizo séguese prestando ininterrompidamente ata a actualidade, polo que se produce unha prórroga dun contrato menor ou encadeamento de contratos menores, vulnerándose con elo os principios reitores da contratación pública de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación. O órgano interventor advirte desta situación, emitindo reparo suspensivo.

Os pagos realizados inclúen o abono de horas extra cando no contrato non está previsto o seu pago.

A sentenza 548/2018, do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela, recoñece a vinculación de F.F.G. co Concello de Padrón mediante relación laboral indefinida non fixa coa categoría de arquitecto técnico, formalizada con efectos do 14/10/2019, así como a alta na Seguridade Social e unha antigüidade desde 01/10/2009. Deuse execución á dita sentenza mediante Decreto 803/2019 do alcalde, de 3 de decembro de 2019.

### IV.4.3.6. OUTROS CONCEPTOS DA NÓMINA

Tal e como figura no reparo formulado polo órgano da intervención respecto ao abono dun importe bruto a tanto alzado por 60,10 € a favor de cada unha das traballadoras, o Concello de Padrón mantiña en 2015 a dúas limpadoras dos centros sociais das parroquias do Concello de Padrón, sen ningunha vinculación laboral co concello, maila existencia dela de facto. Trataríase dunha relación laboral irregular que vulneraba a lexislación laboral, tributaria e de seguridade social e, respecto a cal o control interno recomendaba a súa regularización a maior brevidade, xa que de manterse esta situación podería incorrerse no delito de imposición de condicións ilegais de traballo previsto no art. 311 do Código penal.

## IV.4.4 EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS

O gasto xeral do concello en materia de subvencións a familias e institucións sen fin de lucro presenta as seguintes cifras no ámbito temporal examinado; a información obxecto de exame corresponde promoción e fomento do deporte partida 341-48000:

**Cadro 23: Información orzamentaria das subvencións a familias e institucións sen fin de lucro**

| Exercicio | Código programa | Descrición programa | Créditos orzamentarios iniciais | Créditos definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | Pagos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2015 | 2311 | Asistencia social primaria | 18.890,00 | 18.890,00 | 19.780,00 | 19.780,00 | 19.780,00 |
| 2016 | 2311 | Asistencia social primaria | 18.890,00 | 18.890,00 | 19.780,00 | 19.780,00 | 19.780,00 |
| 2017 | 2311 | Asistencia social primaria | 18.000,00 | 18.000,00 | 18.000,00 | 18.000,00 | 18.000,00 |
| | | **Total** | **55.780,00** | **55.780,00** | **57.560,00** | **57.560,00** | **57.560,00** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 67

| Exercicio | Código programa | Descrición programa | Créditos orzamentarios iniciais | Créditos definitivos | Gastos comprometidos | Obrigas recoñecidas netas | Pagos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2015 | 2311 | Asistencia social primaria | 24.000,00 | 24.000,00 | 23.603,01 | 23.603,01 | 23.451,51 |
| 2016 | 2311 | Asistencia social primaria | 24.000,00 | 24.000,00 | 18.691,45 | 18.691,45 | 18.691,45 |
| 2017 | 2311 | Asistencia social primaria | 20.000,00 | 22.496,00 | 20.652,25 | 20.652,25 | 20.652,25 |
| | | **Total** | **68.000,00** | **70.496,00** | **62.946,71** | **62.946,71** | **62.795,21** |
| 2015 | 326 | Servizos complementarios de educación | 2.000,00 | 2.000,00 | 1.440,00 | 1.440,00 | 1.440,00 |
| 2016 | 326 | Servizos complementarios de educación | 2.000,00 | 2.000,00 | 640,00 | 640,00 | 640,00 |
| | | **Total** | 4.000,00 | 4.000,00 | 2.080,00 | 2.080,00 | 2.080,00 |
| 2015 | 334 | Promoción cultural | 38.240,00 | 41.240,00 | 41.240,00 | 41.240,00 | 41.240,00 |
| 2016 | 334 | Promoción cultural | 38.240,00 | 38.240,00 | 36.640,00 | 36.640,00 | 36.640,00 |
| 2017 | 334 | Promoción cultural | 38.240,00 | 38.240,00 | 36.640,00 | 36.640,00 | 36.640,00 |
| | | **Total** | **114.720,00** | **117.720,00** | **114.520,00** | **114.520,00** | **114.520,00** |
| 2015 | 334 | Promoción cultural | 9.000,00 | 9.000,00 | 6.140,00 | 6.010,00 | 5.910,00 |
| 2016 | 334 | Promoción cultural | 9.000,00 | 9.000,00 | 5.920,00 | 5.920,00 | 5.770,00 |
| 2017 | 334 | Promoción cultural | 9.000,00 | 9.000,00 | 5.200,00 | 5.200,00 | 5.200,00 |
| | | **Total** | **27.000,00** | **27.000,00** | **17.260,00** | **17.130,00** | **16.880,00** |
| 2015 | 341 | Promoción e fomento do deporte | 16.136,00 | 16.136,00 | 15.336,00 | 15.336,00 | 14.856,00 |
| 2016 | 341 | Promoción e fomento do deporte | 16.136,00 | 16.136,00 | 14.400,00 | 14.400,00 | 14.400,00 |
| 2017 | 341 | Promoción e fomento do deporte | 16.000,00 | 16.000,00 | 14.920,00 | 14.920,00 | 14.920,00 |
| | | **Total** | **48.272,00** | **48.272,00** | **44.656,00** | **44.656,00** | **44.176,00** |
| 2015 | 433 | Desenvolvemento empresarial | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 |
| 2016 | 433 | Desenvolvemento empresarial | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,0 |
| 2017 | 433 | Desenvolvemento empresarial | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,00 | 1.600,0 |
| | | **Total** | **4.800,00** | | | | |
| 2015 | 912 | Órganos de goberno | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.672,05 | 8.672,05 | 8.672,0 |
| 2016 | 912 | Órganos de goberno | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,0 |
| 2017 | 912 | Órganos de goberno | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,00 | 8.700,0 |
| | | **Total** | **26.100,00** | **26.100,00** | **26.072,05** | **26.072,05** | **26.072,0** |
| | | **Total 2015** | **118.566,00** | **121.566,00** | **117.811,06** | **117.681,06** | **116.949,5** |
| | | **Total 2016** | **118.566,00** | **118.566,00** | **106.371,45** | **106.371,45** | **106.221,4** |
| | | **Total 2017** | **111.540,00** | **114.036,00** | **105.712,25** | **105.712,25** | **105.712,2** |
| | | **Total 2015 2016 2017** | **348.672,00** | **354.168,00** | **329.894,76** | **329.764,76** | **328.883,2** |

Aínda que a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, obsérvase que o Concello de Padrón inclúe nos exercicios fiscalizados subvencións nominativas para a promoción



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 67

e fomento do deporte a familias e institucións sen fin de lucro, motivo polo que se adxudican directamente aos beneficiarios.

Debe recordarse que o plan de axuste que aprobou o Pleno do Concello de Padrón o 30-03-2012, recollía, entre as medidas dirixidas a minorar os gastos, a modificación da forma de concesión de subvencións outorgadas prevendo concederse en réxime de concorrencia competitiva, xunto coa minoración dos créditos destinados a esta finalidade nun 30 por cento. O plan de axuste resulta incumprido parcialmente neste punto; procedeuse a modificar a forma de concesión das subvencións outorgadas ás asociacións culturais municipais, pasando a concederse as mesmas en réxime de concorrencia competitiva, aínda que se manteñen algunhas subvencións nominativas e tamén se minorou o número de subvencións concedidas e o importe das mesmas.

Foi obxecto de exame a subvención de 1.000 euros concedida nominativamente ao Club Náutico de Pontecesures**,** relativa á colaboración do Concello de Padrón coas actividades da escola de piragüismo, pola participación de persoas do concello nas actividades do citado club.

No expediente da mesma non consta a seguinte documentación:

- O convenio de colaboración asinado polas partes, coa finalidade de percibir as subvencións e axudas públicas conforme co establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Os certificados de que o citado club se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.
- O compromiso de comunicar ao concello todas as axudas de entidades públicas e privadas que se perciban para a mesma finalidade.
- A acreditación da representación do club.
- Aportación dunha breve memoria do programa a subvencionar e orzamento do mesmo para as subvencións nominativas a conceder ás asociacións.

Levantouse o reparo pola Alcaldía, atendendo a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación do orzamento vixente.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 67

# TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 67

Con data do 16 de decembro de 2020 foi aprobado pola Sección de Fiscalización do Consello de Contas de Galicia o anteproxecto de informe de fiscalización selectiva do Concello de Padrón. Exercicios 2015 a 2017. Sendo remitido ao concello e recibido o día 18 de decembro, aos efectos de que, ao abeiro do artigo 47.1 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, formularan as alegacións e aportaran a documentación que estimasen pertinente no prazo de 20 días hábiles.

Rematado ese prazo, non se recibiu no rexistro xeral do Consello de Contas ningunha alegación.



Cod. Validación: 6ACSJ4LRCCG445T24CHTS3SMS | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 67 a 67

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello de Contas de Galicia

# INFORME SOBRE A CONTRATACIÓN DO SECTOR LOCAL DE GALICIA EXERCICIO 2017

# ACTUACION 1622019-06

**APROBADO POLO PLENO**

**SESIÓN 01/03/2021**

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 74

## ÍNDICE


# I. INTRODUCIÓN ........ 1

I.1. OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN ........ 1

I.1.1 ÁMBITO SUBXECTIVO, OBXECTIVO E TEMPORAL. ........ 1

I.1.2. OBXECTIVOS. ........ 2

I.1.3. NORMATIVA APLICABLE ........ 3

I.1.4. OBRIGAS LEGAIS DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN DOS CONTRATOS ........ 3

I.2 LIMITACIÓNS AO ALCANCE ........ 5

# II. CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN ........ 6

# III. RECOMENDACIÓNS ........ 7

# IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN ........ 8

IV.1. RESULTADOS XERAIS ........ 8

IV.1.1. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DA RELACIÓN ANUAL DE CONTRATOS. ........ 8

IV.1.2. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DOS EXTRACTOS DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN. ........ 10

IV.1.3. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DAS INCIDENCIAS NOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN. ........ 13

IV.1.4. ANÁLISE DA ACTIVIDADE CONTRACTUAL COMUNICADA. ........ 13

IV.2. RESULTADOS DA REVISIÓN DOS ASPECTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS DA CONTRATACIÓN. ........ 20

IV.2.1. MOSTRA DE EXPEDIENTES REVISADOS ........ 20

IV.2.2. RESULTADOS XERAIS ........ 21

IV.2.3. RESULTADOS POR ENTIDADE ........ 26

# V. ALEGACIÓNS RECIBIDAS ........ 42

V.1 REPLICA ÁS ALEGACIÓNS ........ 42

# ANEXOS ........ 45




CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 74

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Composición do sector público local de Galicia. Exercicio 2017. 2
Cadro 2: Grao de cumprimento da remisión da relación anual de contratos. Exercicio 2017. 8
Cadro 3: Expedientes de contratación que figuran na relación de contratos do exercicio 2018. 9
Cadro 4: Expedientes de contratación remitidos que non figuran na relación de contratos. Exercicio 2017. 10
Cadro 5: Importes da relación anual de contratos. Exercicio 2017. 10
Cadro 6: Expedientes de contratación non comunicados. Exercicio 2017. 12
Cadro 7: Incidencias na documentación dos expedientes de contratación comunicados. Exercicio 2017. 12
Cadro 8: Incidencias dos expedientes de contratación comunicados. Exercicio 2017. 13
Cadro 9: Contratos formalizados. Exercicio 2017. 14
Cadro 10: Contratos formalizados por tipo de entidade. Exercicio 2017. 14
Cadro 11: Contratos formalizados por tipo de contrato. Exercicio 2017. 15
Cadro 12: Contratos formalizados por tipo de entidade e de contrato. Exercicio 2017. 16
Cadro 13: Contratos formalizados por tipo de tramitación. Exercicio 2017. 18
Cadro 14: Contratos formalizados por tipo de contrato e tramitación. Exercicio 2017. 18
Cadro 15: Contratos formalizados por procedemento de adxudicación. Exercicio 2017. 19
Cadro 16: Mostra de expedientes revisados. Exercicio 2017. 20
Cadro 17: Planificación. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 22
Cadro 18: Xustificación da necesidade. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 22
Cadro 19: Determinación do prezo. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 23
Cadro 20: Elaboración dos PCAP. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 23
Cadro 21: Anuncio de licitación. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 24
Cadro 22 Anuncio de licitación. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 25
Cadro 23: Acordo de adxudicación e formalización do contrato. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 26
Cadro 24: Execución do contrato. Resultados obtidos. Exercicio 2017. 26

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 74

## ABREVIATURAS

ISSAI-ES: Normas internacionais de auditoría do sector público

LCCG: Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia

LFTCu: Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Cuentas.

LRBRL: Lei reguladora das bases de réxime local

LRXAPPAC: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

OCEX: órganos de control externo

RXLCAP: Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba el Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, vixente en tanto non se opoña aos preceptos legais do TRLCSP.

RPLCSP: Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, vixente en tanto non se opoña aos preceptos legais do TRLCSP.

TRLCSP: Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público.



Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 74

# I. INTRODUCIÓN

De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, corresponde a este a fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma, que inclúe as corporacións locais ás que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia.

O artigo 4 c) da devandita lei recolle como contido desta función do Consello de Contas a fiscalización dos contratos celebrados pola Administración autonómica e das entidades previstas no punto 1 do artigo 2 nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión do 20 de decembro de 2018, aprobou o Plan de traballo para o exercicio 2019, que foi publicado na web institucional (www.ccontasgalicia.es). Entre as actuacións programadas para a Área de Corporacións Locais inclúese a realización dun informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos celebrados polas entidades locais de Galicia no exercicio 2017.

## I.1. OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

### I.1.1 ÁMBITO SUBXECTIVO, OBXECTIVO E TEMPORAL.

#### I.1.1.1.Ámbito subxectivo

A fiscalización afectará á totalidade de entidades integrantes do sector público local de Galicia no relativo ao cumprimento do deber de comunicación da contratación mediante a remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia.; non obstante, a análise da observancia dos requisitos legais máis significativos en materia de contratación, realizárase sobre unha mostra de entidades locais que teñan remitido a súa información contractual.

A efectos da contratación, o sector público local de Galicia estaba integrado no exercicio 2017 por 441 entidades, segundo a información proporcionada pola Plataforma de Rendición de Cuentas das Entidades Locais. A súa composición amósase no cadro nº 1.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 74

**Cadro 1: Composición do sector público local de Galicia. Exercicio 2017.**

| TIPO DE ENTIDADE | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Concellos | 93 | 67 | 92 | 61 | 313 |
| Deputacións | 1 | 1 | 1 | 1 | 4 |
| Mancomunidades | 9 | 4 | 12 | 10 | 35 |
| Entidades Locais Menores | - | - | 1 | 8 | 9 |
| **ENTIDADES LOCAIS** | 103 | 72 | 106 | 80 | 361 |
| Organismos autónomos | 3 | 3 | 2 | 10 | 18 |
| Consorcios(1) | 4 | 1 | 8 | 2 | 15 |
| Sociedades mercantís(2) | 10 | 6 | 2 | 5 | 23 |
| Fundacións(3) | 8 | 2 | 5 | 9 | 24 |
| **ENTES DEPENDENTES** | 25 | 12 | 17 | 26 | 80 |
| **TOTAL** | **128** | **84** | **123** | **106** | **441** |

(1) Consorcios adscritos a una entidade local
(2) Sociedades mercantís con participación total ou maioritaria dunha entidade local.
(3) Fundacións, asociación ou institucións sen fin de lucro dependentes dunha entidade local

### I.1.1.2. Ámbito obxectivo

A fiscalización afectará ás relacións de contratos formalizados polas entidades locais de Galicia, así como aos extractos dos expedientes de contratación obxecto de comunicación ao Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia en soporte informático e a través do procedemento telemático establecido na RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do 22 de febreiro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia.

### I.1.1.3. Ámbito temporal

A fiscalización abarcará aos contratos formalizados durante o exercicio 2017.

## I.1.2. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais da fiscalización son os seguintes:

- Verificar o cumprimento do deber de comunicación da contratación mediante a remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia.
- Análise estatístico da actividade contractual comunicada.
- Revisión do cumprimento dos requisitos legais máis significativos dos actos de preparación e adxudicación dos extractos de expedientes comunicados, verificando o cumprimento das prescricións normativas en relación coa aplicación dos principios de publicidade e transparencia da contratación, concorrencia, non discriminación e igualdade de trato aos licitadores.

Os traballos supoñen a realización dunha fiscalización de cumprimento, pois trata de analizar o



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 74

grao de cumprimento da normativa aplicable na actividade de contratación polas entidades fiscalizadas; é ademais unha fiscalización de carácter horizontal, ao abarcar o seu ámbito subxectivo a unha pluralidade de entidades.

Os traballos leváronse a cabo de conformidade coas normas internacionais de auditoría do sector público ISSAI-ES de nivel III (ISSAI-ES 100, 200 e 400) e de nivel IV (ISSAI-ES 1000, 1003 e 1700) que constitúen os principios fundamentais de fiscalización do sector público.

## I.1.3. NORMATIVA APLICABLE

As normas esencias aplicables en materia de contratación en esta fiscalización son as seguintes:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba el Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RXLCAP) vixente en tanto non se opoña aos preceptos legais do TRLCSP.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RPLCSP), vixente en tanto non se opoña aos preceptos legais do TRLCSP.
- Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Cuentas (LFTCu).
- Orde EHA/1220/2008, de 30 de abril, pola que se aproban as instrucións para operar na Plataforma de Contratación do Estado.
- Resolución do 25 de febreiro de 2016 pola que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia, aprobada polo Pleno do Consello de Contas do 22 de febreiro de 2016.

## I.1.4. OBRIGAS LEGAIS DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN DOS CONTRATOS.

O artigo 29 do TRLCSP establece a obriga de remitir dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato determinada información dos mesmos (contrato formalizado e extracto do expediente) aos órganos de control externo. Para regular esta obriga tanto o Tribunal de Cuentas como o Consello de Contas aprobaron respectivas instrucións (no noso caso a RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do 22 de febreiro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia).



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 74

Así mesmo, contémplase no apartado 2 do citado artigo 29 a obriga de comunicar as incidencias na execución dos contratos indicados, modificacións, prórrogas ou variacións nos prazos, variacións nos prezos, nulidade ou extinción- sen prexuízo das facultades recoñecidas ao Tribunal de Cuentas e aos órganos de fiscalización das comunidades autónomas para reclamar cantos documentos e antecedentes estimen pertinentes.

Pola súa parte, a Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Cuentas (LFTCu), no seu artigo 40 obriga a remitir relacións anuais certificadas dos contratos celebrados, incluíndo copia autorizada dos respectivos documentos de formalización e daqueles outros que acrediten o seu cumprimento ou extinción.

A citada Resolución do 25 de febreiro do 2016, do Consello de Contas de Galicia, remite á Instrución xeral relativa á remisión telemática ao Tribunal de Cuentas dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector publico local, aprobada por RESOLUCIÓN de 23 de decembro de 2015, da Presidencia do Tribunal de Cuentas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 22 de decembro de 2015, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Cuentas dos extractos dos expedientes de contratación e das relaciones anuais dos contratos celebrados polas entidades do Sector Público Local. Esta instrución, aplicable ao período fiscalizado, concreta a información e documentación a remitir a través da Plataforma de Rendición de Cuentas, en cumprimento das anteriores obrigas legais. Estas obrigas resúmense como segue:

## I.1.4.1. RELACIÓN ANUAL DE CONTRATOS

Antes de finalizar o mes de febreiro do exercicio seguinte, as entidades locais de Galicia deben remitir polo procedemento telemático aprobado nas Resolucións do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas relacións certificadas dos contratos formalizados durante o exercicio anterior. A devandita relación comprenderá todos os contratos e acordos marco formalizados (ou celebrados) no exercicio anterior, así como os contratos menores, excepto aqueles que sendo o seu importe inferior a 5.000 euros (IVE incluído), se satisfagan polo sistema de anticipos de caixa fixa ou sistema similar para realizar pagos menores. En caso de que non se celebrase ningún contrato, remitirase certificación negativa dentro do mesmo prazo.

## I.1.4.2 CONTRATOS QUE EXCEDEN OS UMBRAIS LEGAIS

As entidades locais de Galicia tamén deben remitir polo procedemento telemático anterior, o extracto do expediente daqueles contratos que superen os limiares establecidos no artigo 29 TRLCSP, no prazo dos tres meses seguintes á súa formalización. Os limiares son os seguintes:

- Contratos de obras, concesións de obras e concesións de servizos cuxo importe de adxudicación exceda de 600.000 euros (IVE excluído)



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 74

- Contratos de subministracións cuxo importe de adxudicación exceda de 450.000 euros (IVE excluído)
- Contratos de servizos e contratos administrativos especiais de contía superior a 150.000 euros (IVE excluído).

Ademais do extracto do expediente de contratación, as entidades locais deben remitir a seguinte documentación:

- Contrato formalizado.
- Informe da necesidade da contratación.
- Informe de valoración das ofertas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) ou documento que o substitúa.
- Proposta de adxudicación.

## I.2 LIMITACIÓNS AO ALCANCE

Para a realización dos traballos da presente fiscalización practicáronse as comprobacións necesarias para a verificación do cumprimento do deber de comunicación da actividade contractual, e contactouse coas entidades incluídas na mostra de contratos revisados a fin de solicitarlles información adicional acerca do seguimento da execución dos contratos, producíndose as seguintes limitacións ao alcance:

- Non remisión da información sobre os contratos formalizados ou remitila de forma parcial ou incorrecta (importes cero, comunicación con importes de adxudicación unitarios, non cumprimentación de todos os campos requiridos, etc.).
- Non presentación das relacións anuais de contratos ou presentación de forma parcial ou incorrecta.
- Presentación fóra de prazo da información dos contratos formalizados ou da relación de contratos.
- Inconsistencia da información introducida por determinadas entidades.
- Existencia de entidades que non achegan a información dalgún ente dependente ou con incidencias relevantes.

Estes incumprimentos e incidencias impiden ter un coñecemento fiel da realidade da contratación do sector publico local de Galicia.

Finalmente, debe ser tido en conta que non se practicou ningún tipo de depuración sobre os datos obtidos da Plataforma, aínda que estes presenten deficiencias.

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 74

## II. CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

1. É de destacar o alto grao de incumprimento da obriga marcada polo artigo 40 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamiento do Tribunal de Cuentas, desenvolvida por sendas Instrucións do Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, de remitir dentro dos dous primeiros meses de cada exercicio a relación anual dos contratos formalizados no exercicio precedente, incluídos os contratos menores. O 31,29% das entidades do sector público local de Galicia non remiten a información contractual, e só o 13,15% a achegan dentro do prazo establecido.

2. Das 303 entidades que remiten a relación certificada de contratos ou certificación negativa esixida pola Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Cuentas, tan só 58 entidades a achegan dentro do prazo establecido polas Instrucións do tribunal de Cuentas e Consello de Contas. As 245 entidades restantes remítena fóra de prazo.

3. O total de expedientes de contratación remitidos a través da Plataforma acada unha cifra global de 96, por un importe global de 84.165.633,70 euros, todos eles recibidos fóra do prazo establecido no artigo 29 do TRLCSP.

4. O contraste da información contida na relación anual de contratos permite identificar a tres entidades locais que no exercicio 2017 formalizan 24 expedientes de contratación por importe de 29.404.218,92 euros, expedientes que por razón de contía debían remitir o extracto e a documentación indicada no artigo 29 do TRLCSP e non o teñen feito, incumprido coa citada norma.

5. Dos 96 expedientes de contratación comunicados só 30 están completos, presentando o resto unha ou varias incidencias, sendo a máis frecuente a omisión do enlace ao perfil de contratante no que se atope a información relativa a cada un dos expedientes de contratación remitidos (44,79% dos expedientes), seguido da omisión do informe de valoración de ofertas (29,17% dos expedientes) e da omisión do contrato formalizado (16,67% dos expedientes).

6. No exercicio 2017 comunícanse 5 incidencias en expedientes de contratación debidas a prórrogas, modificacións do contrato ou variacións de prezo. Todas elas son comunicadas fóra do prazo de tres meses dende a súa aprobación.

7. Segundo a información recibida na Plataforma no exercicio 2017, as entidades locais de Galicia formalizaron 2.297 expedientes de contratación por un importe global de 369.719.802,23 euros; o maior volume de contratación corresponde aos concellos, tanto en número de contratos (1.839 expedientes que supoñen o 80,06% do total) como en importes formalizados (287.081.266,23 euros, o 77,65% do total formalizado).

8. Atendendo ao tipo de contrato, o maior volume de contratación materialízase en contratos de servizos (43,03% do total ou 159.105.224,25 euros), seguido dos contratos de obras (42,93% que significa 127.174.818,70 euros). Séguenlle por orde de importancia no volume de



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 74

contratación os contratos de xestión de servizos públicos (9,77% do volume e 1,09% do número de contratos) e os contratos de subministración (9,685 do volume e 16,15% do número de contratos). O resto de tipos de contratos representan uns valores porcentuais insignificantes.

9. O 87,72% dos expedientes formalizados no exercicio 2017 tramitáronse polo sistema ordinario, tendo moi pouca incidencia a tramitación de carácter urxente (11,10% dos expedientes formalizados) e carácter residual a tramitación de emerxencia (0,005% dos expedientes formalizados).

10. Os resultados acadados na revisión das actuacións preparatorias dos contratos da mostra de contratos indican que:

- en xeral é posible acceder ao perfil do contratante (excepto en dous contratos) e que os procedementos de adxudicación se axustan á normativa, sendo escasa a información que se publica sobre as contratacións programadas.
- en xeral, os expedientes inclúen a xustificación da necesidade do contrato; no caso dos contratos de servizos, non figura un informe acerca da insuficiencia de medios propios, se ben no informe da necesidade da contratación se fai unha breve mención a dita insuficiencia.
- en xeral, nin nos expedientes nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.
- en xeral as entidades locais elaboran os PCAP axustándose ao TRLCSP; todos os defectos observados corresponden a dous contratos de unha mesma entidade.

11. Os resultados acadados na revisión dos actos de adxudicación e formalización dos contratos da mostra amosan que:

- en xeral dáse un correcto cumprimento á publicidade da licitación.
- apreciase unha actuación correcta das mesas de contratación. As incidencias corresponden a unha entidade que non publica a devandita información no seu perfil do contratante.

## III. RECOMENDACIÓNS

O Texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público, aplicable aos contratos obxecto desta fiscalización, foi derrogado pola Lei 7/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Por ese motivo, considerase convinte non formular recomendacións relativas á contratación, referíndose a que se formula ao deber de remisión da información.

1. As distintas entidades afectadas pola obriga de remitir información sobre a súa actividade contractual, deben adoptar medidas que garantan o dito cumprimento nos prazos e forma indicada



Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no Texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público, así como nas Instrucións ditadas ao efecto polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia.

# IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

## IV.1. RESULTADOS XERAIS

### IV.1.1. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DA RELACIÓN ANUAL DE CONTRATOS.

#### IV.1.1.1. Grao de cumprimento da remisión de relacións

Como se sinalou no epígrafe I.1.4.1 deste informe, antes de finalizar o mes de febreiro do exercicio seguinte, as entidades locais de Galicia deben remitir polo procedemento telemático aprobado nas instrucións do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas relacións certificadas dos contratos formalizados durante o exercicio anterior. A devandita relación comprenderá todos os contratos e acordos marco formalizados (ou celebrados) no exercicio anterior, así como os contratos menores, excepto aqueles que, sendo o seu importe inferior a 5.000 euros (IVE incluído), se satisfagan polo sistema de anticipos de caixa fixa ou sistema similar para realizar pagos menores. No caso de que no se celebrase ningún contrato, remitirase certificación negativa dentro do mesmo prazo.

A remisión da relación anual de contratos ten que efectuarse a través da Plataforma de Rendición de Cuentas; realízase mediante un envío que conterá a relación de todos os contratos formalizados pola entidade local e polas súas entidades dependentes ou adscritas.

O grao de cumprimento desta obriga para o exercicio fiscalizado (2017) amosa o seguinte resultado.

**Cadro 2: Grao de cumprimento da remisión da relación anual de contratos. Exercicio 2017.**

| TIPO DE ENTIDADE | CENSO | RELACIÓN CONTRATOS | | CERTIFICACIÓNS NEGATIVAS | | NON REMITEN | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | EN PRAZO | FÓRA PRAZO | EN PRAZO | FÓRA PRAZO | Nº | % |
| Concello | 313 | 43 | 164 | 2 | 17 | 87 | 27,80% |
| Deputación | 4 | 2 | 2 | | | 0 | 0,00% |
| Mancomunidade | 35 | 2 | 8 | | 13 | 12 | 34,29% |
| Entidade Local Menor | 9 | 0 | 0 | | 4 | 5 | 55,56% |
| ENTIDADES LOCAIS | 361 | 47 | 174 | 2 | 34 | 104 | 28,81% |
| Organismo autónomo | 18 | 1 | 9 | 2 | 1 | 5 | 27,78% |
| Consorcio | 15 | 0 | 5 | 3 | 4 | 3 | 20,00% |
| Sociedade mercantil | 23 | 1 | 8 | 2 | 8 | 4 | 17,39% |
| Fundación | 24 | 0 | 0 | | 2 | 22 | 91,67% |
| ENTIDADES DEPENDENTES | 80 | 2 | 22 | 7 | 15 | 34 | 42,50% |
| **TOTAL** | **441** | **49** | **196** | **9** | **49** | **138** | **31,29%** |
| **%** | | **11,11%** | **44,44%** | **2,04%** | **11,11%** | **31,29%** | |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 74

Das 441 entidades que forman parte do sector público local de Galicia, só 303 remiten a relación anual de contratos ou certificación negativa. Isto significa que o grao de cumprimento desta obriga regulada na Instrución ascende a un 68,71%. Afondando neste baixo grao de remisión, cómpre destacar que son 58 as entidades que remiten a relación ou certificación negativa dentro do prazo marcado pola Instrución, o que supón unha porcentaxe do 13,15% do total das entidades do sector público local de Galicia, cifra que se eleva a un 55,56% no caso das entidades que remiten a relación ou certificación negativa fóra de prazo. Nos anexos 1 e 2 deste informe figura a relación de entidades locais e entidades dependentes que remitiron a súa información contractual.

O resto das entidades (138 entidades locais e dependentes) non remiten ningunha información sobre a súa actividade contractual, o que supón unha porcentaxe de incumprimento global do 31,29%. Destaca o nivel de incumprimento das Entidades Locais Menores (55,56% de incumprimento) e das Mancomunidades (34,29% de incumprimento) no caso de entidades locais, e das fundacións (91,67% de incumprimento) no caso das entidades dependentes.

No anexo 3 figura a relación de entidades que non remiten a relación de contratos.

### IV.1.1.2. Coherencia da información das relacións de contratos.

Conforme á información extraída da Plataforma, o número e importe dos contratos incluídos nas relacións de contratos remitidas ascende a 2.232 contratos que acadan un importe global de 328.925.238,83 euros.

As comprobacións efectuadas mediante o cruce de información entre as relacións anuais de contratos e os expedientes de contratación poñen de manifesto as seguintes discrepancias:

### a) Expedientes de contratación que figuran na relación do exercicio 2018

O contraste da relación de contratos do exercicio 2017 coa do exercicio seguinte permite identificar 60 contratos por importe de 38.800.361,25 euros que se incluíron indebidamente na relación do exercicio 2018 pese a ter data de adxudicación do exercicio 2017. Son os seguintes, clasificados por tipo de contrato.

**Cadro 3: Expedientes de contratación que figuran na relación de contratos do exercicio 2018.**

| TIPO DE CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| Xestión servizos públicos | 2 | 3,33% | 0,46 | 0,00% |
| Obras | 36 | 60,00% | 8.636.543,75 | 22,26% |
| Servizos | 19 | 31,67% | 30.086.386,11 | 77,54% |
| Subministración | 3 | 5,00% | 77.430,93 | 0,20% |
| **TOTAL** | **58** | **100,00%** | **38.800.361,25** | **100,00%** |

No anexo 4 figura a relación completa destas entidades e expedientes incluídos indebidamente na relación do exercicio 2018.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 74

### b) Expedientes de contratación non incluídos na relación de 2017.

Por outra banda, o contraste dos 96 extractos de expedientes de contratación formalizados e remitidos no exercicio 2017 coa relación de contratos permite detectar 6 expedientes por importe de 1.994.202,15 euros que non figuran na relación anual de contratos.

**Cadro 4: Expedientes de contratación remitidos que non figuran na relación de contratos. Exercicio 2017.**

| ENTIDADE | TIPO DE CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|---|
| Narón | Servizos | 1 | 16,67% | 179.375,69 | 8,99% |
| Ourense | Servizos | 1 | 16,67% | 198.000,00 | 9,93% |
| Padrón | Contratos Xestión Servizos Públicos | 1 | 16,67% | 322.640,00 | 16,18% |
| Vigo | | 3 | 50,00% | 1.294.186,46 | 64,90% |
| | Obras | 1 | | 539.240,27 | |
| | Servizos | 2 | | 754.946,19 | |
| **TOTAL** | | **6** | **100,00%** | **1.994.202,15** | **100,00%** |

Estes 6 expedientes omitidos engádense á relación anual de contratos do exercicio 2017, aos efectos da análise da contratación so sector público local de Galicia, quedando por un importe total de 369.719.802,23 euros, tal como se recolle no cadro que segue.

**Cadro 5: Importes da relación anual de contratos. Exercicio 2017.**

| ENTIDADE | INCLUIDOS NA RELACION | | NON COMUNICADOS | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Importe |
| Concello | 1.803 | 253.515.365,29 | 57 | 33.565.900,94 | 1.860 | 287.081.266,23 |
| Deputación | 313 | 53.785.544,04 | 7 | 7.040.922,44 | 320 | 60.826.466,48 |
| Entidade Local Menor | 4 | 0,00 | | | 4 | 0,00 |
| Mancomunidade | 33 | 1.368.735,24 | 1 | 13,20 | 34 | 1.368.748,44 |
| ENTIDADES LOCAIS | | 308.669.644,57 | 65,00 | 40.606.836,58 | 2.218 | 349.276.481,15 |
| Organismo autónomo | 63 | 7.139.368,18 | 1 | 187.726,82 | 64 | 7.327.095,00 |
| Sociedade mercantil | 46 | 9.060.325,53 | | | 46 | 9.060.325,53 |
| Consorcio | 26 | 4.055.900,55 | | | 26 | 4.055.900,55 |
| Fundación | 2 | 0,00 | | 0,00 | 2 | 0,00 |
| ENTIDADES DEPENDENTES | | 20.255.594,26 | 1,00 | 187.726,82 | 110 | 20.443.321,08 |
| **TOTAL** | **2.290** | **328.925.238,83** | **66,00** | **40.794.563,40** | **2.328** | **369.719.802,23** |
| **%** | **98,37%** | **89,97%** | **2,84%** | **11,03%** | | |

## IV.1.2. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DOS EXTRACTOS DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Como se indica no apartado I.1.4.2 deste informe, as entidades locais de Galicia tamén deben remitir polo procedemento telemático anterior, o extracto do expediente daqueles contratos que superen os limiares establecidos no artigo 29 TRLCSP, no prazo dos tres meses seguintes á súa formalización. Os limiares son os seguintes:





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 74

- Contratos de obras, concesións de obras e concesións de servizos cuxo importe de adxudicación exceda de 600.000 euros (IVE excluído)
- Contratos de subministracións cuxo importe de adxudicación exceda de 450.000 euros (IVE excluído)
- Contratos de servizos e contratos administrativos especiais de contía superior a 150.000 euros (IVE excluído).

Ademais do extracto do expediente de contratación, as entidades locais deben remitir a seguinte documentación:

- Contrato formalizado.
- Informe da necesidade da contratación.
- Informe de valoración das ofertas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) ou documento que as substitúa.
- Proposta de adxudicación.

Debendo aportarse igualmente o enlace ao perfil de contratante no que se atope a información relativa a cada un dos expedientes de contratación remitidos.

Ademais, tanto a Instrución do Tribunal de Cuentas como a do Consello de Contas matizan que cando o prezo se formule en prezos unitarios, entenderase por contía do contrato o importe máximo limitativo do gasto ou, no seu defecto, o valor estimado do contrato. Así mesmo, nos expedientes de contratación que deran lugar a múltiples adxudicatarios e contratos pola existencia de lotes ou prestacións diferenciadas, a contía do contrato estará determinada polo importe agregado de tales lotes.

### IV.1.2.1. Expedientes de contratación comunicados

O total de expedientes de contratación remitidos a través da Plataforma acada (inicialmente) unha cifra global de 96, por un importe global de 84.165.633,70 euros, sendo remitidos todos eles fóra do prazo establecido no artigo 29 do TRLCSP e nas Instrucións do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas de Galicia.

### IV.1.2.2. Coherencia entre as relacións anuais e os expedientes de contratación.

As comprobacións efectuadas mediante o cruce de información entre as relacións anuais de contratos e os expedientes de contratación poñen de manifesto as seguintes discrepancias:

#### a) Expedientes de contratación non comunicados.

O contraste da información contida na relación anual de contratos permite identificar a tres



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 74

entidades locais que formalizando durante o exercicio 2017 un total de 24 expedientes de contratación por importe de 29.404.218,92 euros, dos que por razón de contía debían remitir o extracto e a documentación indicada no artigo 29 do TRLCSP e non o teñen feito, incumprindo coa citada norma. Desta relación, o maior volume de contratos non remitidos corresponde ao Concello de Vigo, que incumpre en 22 expedientes (91,67% do total de incumprimentos detectados).

**Cadro 6: Expedientes de contratación non comunicados. Exercicio 2017.**

| ENTIDADE | TIPO DE CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|---|
| A Capela | Servizos | 1 | 4,17% | 510.411,37 | 1,74% |
| Lalín | Servizos | 1 | 4,17% | 534.223,72 | 1,82% |
| Vigo | | 22 | 91,67% | 28.359.583,83 | 96,45% |
| | Contratos Xestión Servizos Públicos | 1 | | 858.903,80 | |
| | Obras | 6 | | 8.727.277,21 | |
| | Servizos | 14 | | 17.856.047,45 | |
| | Subministración | 1 | | 917.355,37 | |
| **TOTAL** | | **24** | **100,00%** | **29.404.218,92** | **100,00%** |

### IV.1.2.3. Análise da documentación incorporada aos expedientes de contratación recibidos.

Comprobouse que os 96 expedientes comunicados incluísen a totalidade da documentación esixida polas Instrucións do Tribunal de Cuentas e Consello de Contas e que foi citada no anterior epígrafe IV.1.2, resultando que só 30 expedientes de contratación formalizados estaban completos, presentando o resto unha ou varias incidencias, sendo a máis frecuente a omisión do enlace ao perfil de contratante no que se atope a información relativa a cada un dos expedientes de contratación remitidos (44,79% do expedientes), seguido da omisión do informe de valoración de ofertas (29,17% dos expedientes) e da omisión do contrato formalizado (16,67% dos expedientes).

**Cadro 7: Incidencias na documentación dos expedientes de contratación comunicados. Exercicio 2017.**

| DOCUMENTACION | APORTADA | % | NON APORTADA | % | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Contrato formalizado | 80 | 83,33% | 16 | 16,67% | 96 |
| Informe da necesidade da contratación | 96 | 100,00% | | | 96 |
| Proposta de adxudicación | 96 | 100,00% | | | 96 |
| Informe de valoración das ofertas | 68 | 70,83% | 28 | 29,17% | 96 |
| Prego de cláusulas administrativas particulares | 96 | 100,00% | | | 96 |
| Perfil contratante | 53 | 55,21% | 43 | 44,79% | 96 |

No anexo 5 figura a relación completa de expedientes remitidos e defectos de documentación que presentan.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 74

## IV.1.3. GRAO DE CUMPRIMENTO DA REMISIÓN DAS INCIDENCIAS NOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Segundo o artigo 29.2 do TRLCSP, as entidades teñen que comunicar as modificacións, prórrogas, variacións de prazo ou de prezo e o importe final dos contratos, así como a nulidade e a súa extinción normal ou anormal.

As Instrucións do Tribunal de Contas e Consello de Contas detallan que dentro dos tres meses seguintes á data na que tivesen lugar as incidencias debían comunicarse estas a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais. A comunicación destas incidencias realizarase polas entidades do sector público local, achegando os datos básicos da correspondente incidencia (indicados nos formularios da referida Plataforma) e remitindo os respectivos documentos de aprobación e, no seu caso, de formalización (no caso de modificacións contractuais ou outras incidencias que houbesen sido obxecto de formalización).

No exercicio 2017 comunicáronse un total de 5 incidencias de contratación que se resumen no cadro seguinte, todas elas presentadas fóra do prazo de tres meses dende a súa formalización. Das incidencias comunicadas, o 40% (2 expedientes) corresponden a modificacións do contrato orixinal; o 40% (2 expediente) corresponden a prórrogas do contrato orixinal; outro 20% (1 expediente) corresponde a unha modificación do obxecto do contrato que dá lugar a unha variación do prezo.

En todas as incidencias comunicadas se aporta o acordo de aprobación, e no caso da incidencia de ampliación do obxecto do contrato, o novo documento de formalización do mesmo.

**Cadro 8: Incidencias dos expedientes de contratación comunicados. Exercicio 2017.**

| TIPO INCIDENCIA | Nº | FÓRA PRAZO | % |
|---|---|---|---|
| Modificacións do obxecto | 2 | 2 | 40,00% |
| Prórroga | 2 | 2 | 40,00% |
| Variación prezo | 1 | 1 | 20,00% |
| **TOTAL** | **5** | **5** | **100,00%** |

## IV.1.4. ANÁLISE DA ACTIVIDADE CONTRACTUAL COMUNICADA.

### IV.1.4.1. CONTRATOS FORMALIZADOS.

A formalización do contrato ten un papel fundamental, pois determina, cando o celebre un poder adxudicador, a perfección do contrato. A formalización prodúcese (salvo no caso dos contratos menores) en documento administrativo no prazo de 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos para que poidan interpoñer contra aquela o recurso especial previsto no TRLCSP.

A formalización é condición da execución do contrato. Se non se formaliza o contrato por motivo



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 74

imputable ao contratista, pode acordar a resolución do mesmo, con incautación da garantía provisional. Se, polo contrario, non se formaliza por causa da Administración, esta debe indemnizar ao contratista os danos e prexuízos derivados, sen prexuízo do dereito á resolución do contrato.

No exercicio 2017, o número total de contratos formalizados ascende a 2.297 por un volume total de 369.719.802,23 euros, dos que o 36,78% son contratos suxeitos a regulación harmonizada (SARA), e dicir, contratos que, por razón da superación de certos umbrais de valor económico, están sometidos ás Directivas Europeas de contratación pública.

**Cadro 9: Contratos formalizados. Exercicio 2017.**

| CONTRATOS SARA | Nº | IMPORTE ADXUDICACIÓN | % |
|---|---|---|---|
| Si | 146 | 135.966.976,54 | 36,78% |
| No | 2.151 | 233.752.825,69 | 63,22% |
| **TOTAL** | **2.297** | **369.719.802,23** | **100,00%** |

## IV.1.4.2. CONTRATOS FORMALIZADOS POR TIPO DE ENTIDADE.

O cadro seguinte amosa a distribución dos contratos formalizados por tipo de entidade.

**Cadro 10: Contratos formalizados por tipo de entidade. Exercicio 2017.**

| TIPO ENTIDADE | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| Concello | 1.839 | 80,06% | 287.081.266,23 | 77,65% |
| Deputación | 320 | 13,93% | 60.826.466,48 | 16,45% |
| Mancomunidade | 21 | 0,91% | 1.368.748,44 | 0,37% |
| ENTIDADES LOCAIS | 2.180 | 94,91% | 349.276.481 | 94,47% |
| Organismo autónomo | 62 | 2,70% | 7.327.095,00 | 1,98% |
| Sociedade mercantil | 36 | 1,57% | 9.060.325,53 | 2,45% |
| Consorcio | 19 | 0,83% | 4.055.900,55 | 1,10% |
| ENTES DEPENDENTES | 117 | 5,09% | 20.443.321 | 5,53% |
| **TOTAL** | **2.297** | **100,00%** | **369.719.802,23** | **100,00%** |

Os concellos concentran o 80,06% dos contratos formalizados (77,65% dos importes contratados), seguidos das deputacións provincias e das mancomunidades. Dentro dos entes dependentes, o maior volume de contratación corresponde ás sociedades mercantís públicas.

## IV.1.4.3. CONTRATOS FORMALIZADOS POR TIPO DE CONTRATO.

A delimitación dos contratos administrativos por prestacións realízase nos artigos 5 a 12 do TRLCSP; segundo esa delimitación, os contratos poden ser:

a) Contratos de obras, cando teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I do TRLCSP.

b) Contratos de concesión de obras públicas, cando teñen por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións relativas ao contrato de obras, e nos que a





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 74

contraprestación consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar a obra, ou ben no devandito dereito acompañado do de percibir un prezo.

c) Contrato de xestión de servizos públicos, que é aquel en cuxa virtude unha Administración Pública encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo competencia da Administración contratante

d) Contratos de subministración, cando teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles, de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información.

e) Contratos de servizos, aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración.

f) Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, aqueles nos que unha Administración Pública encarga a unha entidade de dereito privado, por un período determinado a realización dunha actuación global que comprende tamén o financiamento dos investimentos necesarios para o cumprimento dos obxectivos do servizo público.

g) Contratos mixtos; cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase atenderase en todo caso, para a determinación das normas que deban observarse na súa adxudicación, ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

A distribución dos importes formalizados por tipo de contrato amosa que a maior actividade contractual analizada por importe contratado concéntrase nos contratos de servizos, que supoñen o 43,03% dos importes contratados e o 32,83% dos contratos formalizados no exercicio. Séguenlle por orde de importancia no volume de contratación os contratos de obras (34,40% do volume contratado e 42,93% dos contratos formalizados), os contratos de xestión de servizos públicos (9,77% do volume e 1,09% do número de contratos) e os contratos de subministración (9,685 do volume e 16,15% do número de contratos). O resto de tipos de contratos representan uns valores porcentuais insignificantes.

**Cadro 11: Contratos formalizados por tipo de contrato. Exercicio 2017.**

| TIPO CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| Servizos | 754 | 32,83% | 159.105.224,25 | 43,03% |
| Obras | 986 | 42,93% | 127.174.818,70 | 34,40% |
| Contratos Xestión Servizos Públicos | 25 | 1,09% | 36.113.856,28 | 9,77% |
| Subministración | 371 | 16,15% | 35.786.378,67 | 9,68% |
| Contratos Privados | 89 | 3,87% | 8.727.756,13 | 2,36% |
| Outros | 34 | 1,48% | 1.514.838,40 | 0,41% |
| Contratos Administrativos Especiais | 37 | 1,61% | 1.118.192,41 | 0,30% |
| Contratos Concesión Obras Públicas | 1 | 0,04% | 178.737,39 | 0,05% |
| **TOTAL** | **2.297** | **100,00%** | **369.719.802,23** | **100,00%** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 74




A distribución dos contratos por tipo de entidade e tipo de contrato amósase no cadro seguinte. Do mesmo despréndese que a contratación maioritaria nos concellos son os servizos e as obras.

**Cadro 12: Contratos formalizados por tipo de entidade e de contrato. Exercicio 2017.**

| ENTIDADE/TIPO CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| CONCELLOS | 1.839 | 80,06% | 287.081.266,23 | 77,65% |
| Servizos | 591 | 25,73% | 129.732.158,83 | 35,09% |
| Obras | 845 | 36,79% | 94.946.357,44 | 25,68% |
| Contratos Xestión Servizos Públicos | 24 | 1,04% | 35.013.856,28 | 9,47% |
| Subministración | 282 | 12,28% | 24.065.056,55 | 6,51% |
| Outros | 33 | 1,44% | 1.346.038,40 | 0,36% |
| Contratos Privados | 32 | 1,39% | 1.079.643,31 | 0,29% |
| Contratos Administrativos Especiais | 31 | 1,35% | 719.418,03 | 0,19% |
| Contratos Concesión Obras Públicas | 1 | 0,04% | 178.737,39 | 0,05% |
| DEPUTACION | 320 | 13,93% | 60.826.466,48 | 16,45% |
| Obras | 128 | 5,57% | 27.791.157,67 | 7,52% |
| Servizos | 113 | 4,92% | 21.091.748,28 | 5,70% |
| Subministración | 66 | 2,87% | 9.376.809,78 | 2,54% |
| Contratos Privados | 8 | 0,35% | 1.144.296,37 | 0,31% |
| Contratos Xestión Servizos Públicos | 1 | 0,04% | 1.100.000,00 | 0,30% |
| Contratos Administrativos Especiais | 4 | 0,17% | 322.454,38 | 0,09% |
| MANCOMUNIDADE | 21 | 0,91% | 1.368.748,44 | 0,37% |
| Subministración | 9 | 0,39% | 919.650,54 | 0,25% |
| Servizos | 9 | 0,39% | 240.857,15 | 0,07% |
| Obras | 3 | 0,13% | 208.240,75 | 0,06% |
| ORGANISMO AUTÓNOMO | 62 | 2,70% | 7.327.095,00 | 1,98% |

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 74

| ENTIDADE/TIPO CONTRATO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| Servizos | 17 | 0,74% | 3.291.779,70 | 0,89% |
| Contratos Privados | 32 | 1,39% | 2.803.295,00 | 0,76% |
| Obras | 4 | 0,17% | 723.479,17 | 0,20% |
| Subministración | 6 | 0,26% | 263.421,13 | 0,07% |
| Outros | 1 | 0,04% | 168.800,00 | 0,05% |
| Contratos Administrativos Especiais | 2 | 0,09% | 76.320,00 | 0,02% |
| SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA | 36 | 1,57% | 9.060.325,53 | 2,45% |
| Contratos Privados | 17 | 0,74% | 3.700.521,45 | 1,00% |
| Obras | 6 | 0,26% | 3.505.583,67 | 0,95% |
| Servizos | 8 | 0,35% | 998.512,74 | 0,27% |
| Subministración | 5 | 0,22% | 855.707,67 | 0,23% |
| CONSORCIO | 19 | 0,83% | 4.055.900,55 | 1,10% |
| Servizos | 16 | 0,70% | 3.750.167,55 | 1,01% |
| Subministración | 3 | 0,13% | 305.733,00 | 0,08% |
| **TOTAL** | **2.297** | **100,00%** | **369.719.802,23** | **100,00%** |




## IV.1.4.4. CONTRATOS FORMALIZADOS POR TIPO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACION.

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente (artigos 112 y 113 TRLCSP). Cabe distinguir dúas fases no expediente de contratación: unha primeira consiste na preparación do mesmo, cunha serie de actuacións administrativas internas na que se sentan as bases do contrato que se pretende realizar, e unha segunda fase na que se desenvolve o procedemento de adxudicación.

### IV.1.4.4.1. Tipo de tramitación

A tramitación do expediente pode ser:



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 74

a) Tramitación Ordinaria: nela, os prazos son os previstos en cada caso polo TRLCSP.

b) Tramitación Urxente: debe xustificarse por necesidades inaprazables ou por razóns de interese público, debendo estar dita urxencia debidamente motivada. Neste caso, o expediente ten preferencia para o seu despacho e os prazos de licitación e adxudicación redúcense á metade.

c) Tramitación de Emerxencia: debe xustificarse a necesidade de actuar de forma inmediata debido a acontecementos catastróficos ou situacións de grave perigo; neste caso, o órgano de contratación ordena a execución do necesario.

En relación cos tipos de tramitación utilizados, o seguinte cadro amosa os contratos formalizados atendendo ao tipo de tramitación empregada.

**Cadro 13: Contratos formalizados por tipo de tramitación. Exercicio 2017.**

| TIPO | Nº | % | IMPORTE | % |
|---|---|---|---|---|
| Ordinaria | 2.015 | 87,72% | 342.443.918,76 | 92,62% |
| Urxente | 255 | 11,10% | 26.496.450,18 | 7,17% |
| Non Aplicable | 25 | 1,09% | 593.608,59 | 0,16% |
| De emerxencia | 2 | 0,09% | 185.824,70 | 0,05% |
| **TOTAL** | **2.297** | **100,00%** | **369.719.802,23** | **100,00%** |

O 87,72% dos expedientes formalizados no exercicio 2017 tramitáronse polo sistema ordinario, tendo moi pouca incidencia a tramitación de carácter urxente (11,10% dos expedientes formalizados) e carácter residual a tramitación de emerxencia (0,005% dos expedientes formalizados).

Analizando a tramitación por tipo de contrato, resulta que a tramitación ordinaria foi a empregada en 834 expedientes de obras, 696 expedientes de servizos, 319 expedientes de subministracións, e en 166 expedientes doutro tipo.

**Cadro 14: Contratos formalizados por tipo de contrato e tramitación. Exercicio 2017.**

| TIPO CONTRATO | PROCEDEMENTO | | | | | | | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | De emerxencia | | Non Aplicable | | Ordinaria | | Urxente | | | |
| | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Importe | Nº | Impor |
| Servizos | 1 | 117.450,32 | 7 | 111.159,43 | 696 | 155.948.055,05 | 50 | 2.928.559,45 | 754 | 159.105.2 |
| Obras | 1 | 68.374,38 | 6 | 266.148,67 | 834 | 108.661.626,03 | 145 | 18.178.669,62 | 986 | 127.174.8 |
| Contratos Xestión Servizos Públicos | | | 2 | 46.275,52 | 21 | 35.903.696,01 | 2 | 163.884,75 | 25 | 36.113.8 |
| Subministracións | | | 7 | 136.165,97 | 319 | 30.956.760,04 | 45 | 4.693.452,66 | 371 | 35.786.3 |
| Contratos Privados | | | 1 | 32.459,00 | 86 | 8.580.497,01 | 2 | 114.800,12 | 89 | 8.727.7 |
| Outros | | | 2 | 1.400,00 | 26 | 1.329.592,39 | 6 | 183.846,01 | 34 | 1.514.8 |
| Contratos Administrativos Especiais | | | | | 33 | 1.063.692,23 | 4 | 54.500,18 | 37 | 1.118.1 |
| Contratos Concesión Obras Públicas | | | | | | | 1 | 178.737,39 | 1 | 178.7 |
| **TOTAL** | **2** | **185.824,70** | **25** | **593.608,59** | **2.015** | **342.443.918,76** | **255** | **26.496.450,18** | **2.297** | **369.719.8** |





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 74

### IV.1.4.4.2. Procedemento de tramitación dos expedientes

En canto aos procedementos de adxudicación, segundo o articulo 138 TRLCSP, estes poden ser ordinarios ou non ordinarios.

a) Os procedementos ordinarios son dous: o procedemento aberto, no que todo empresario pode presentar unha proposición, e o procedemento restrinxido, no que só poden presentar proposicións aqueles empresarios que o soliciten e sexan elixidos en función da súa solvencia.

b) Os procedementos non ordinarios son o procedemento negociado, con ou sen publicidade, e o diálogo competitivo:

   a. No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles. Pode ser con ou sen publicidade e pódese utilizar se se dan os supostos previstos no TRLCSP (artigos 138, 142, 169 e 178).

   b. No diálogo competitivo (artigos 138 e 179 a 183 do TRLCSP) o órgano de contratación dirixe un diálogo cos candidatos seleccionados, previa solicitude dos mesmos, a fin de desenvolver unha ou varias solucións susceptibles de satisfacer as súas necesidades e que servirán de base para que os candidatos elixidos presenten unha oferta.

O seguinte cadro amosa os diferentes procedementos empregados na adxudicación dos contratos formalizados no exercicio 2017. É significativo o emprego do procedemento aberto no que, ademais do prezo, se teñen en conta outros criterios, sendo adxudicados deste xeito un total de 840 expedientes (36,57% do total de expedientes formalizados) por unha contía de 265.382.641,36 euros (o que representa o 71,78% dos importes adxudicados no exercicio. Séguelle en orde de importancia o procedemento negociado sen publicidade, polo que se adxudican 890 expedientes (38,75% do total), por unha contía global de 52.190.294,67 euros (14,12% dos importes adxudicados no exercicio); polo procedemento aberto con utilización exclusiva do criterio prezo adxudícanse 365 expedientes (15,89& do total) por unha contía de 40.891.812,32 euros (11,06% do total), tendo o resto de procedementos un carácter residual.

**Cadro 15: Contratos formalizados por procedemento de adxudicación. Exercicio 2017.**

| PROCEDEMENTO | Nº | % | Importe | % |
|---|---|---|---|---|
| Aberto criterios múltiples | 840 | 36,57% | 265.382.641,36 | 71,78% |
| Negociado sen publicidade | 890 | 38,75% | 52.190.294,67 | 14,12% |
| Aberto criterio prezo | 365 | 15,89% | 40.891.812,32 | 11,06% |
| Negociado con publicidade | 101 | 4,40% | 5.929.699,14 | 1,60% |
| Outros | 99 | 4,31% | 5.280.953,94 | 1,43% |
| Restrinxido criterios múltiples | 2 | 0,09% | 44.400,80 | 0,01% |
| **TOTAL** | **2.297** | **100,00%** | **369.719.802,23** | **100,00%** |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 74




# IV.2. RESULTADOS DA REVISIÓN DOS ASPECTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS DA CONTRATACIÓN.

## IV.2.1. MOSTRA DE EXPEDIENTES REVISADOS

A revisión do cumprimento dos requisitos legais máis significativos dos actos de preparación e adxudicación dos extractos de expedientes comunicados tivo por obxecto a verificación do cumprimento das prescricións normativas en relación coa aplicación dos principios de publicidade e transparencia da contratación, concorrencia, non discriminación e igualdade de trato aos licitadores. Esta comprobación realizouse sobre unha mostra dos expedientes de contratación comunicados, que acadou un total de 12 expedientes (12,50% do total de expedientes comunicados) por un importe global de 37.563.834,13 euros (44,63% do total de importes comunicados); para a realización da mostra tivéronse en conta os seguintes criterios: diferentes tipos de contratos, importes de adxudicación, así como que non fosen formalizados por entidades que teñan xa unha fiscalización programada no Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia. En definitiva, a mostra afectou aos contratos e entidades locais, segundo se detalla no cadro seguinte.

**Cadro 16: Mostra de expedientes revisados. Exercicio 2017.**

| ENTIDADE | TIPO DE CONTRATO | REFERENCIA | IMPORTE ADXUDICACIÓN |
|---|---|---|---|
| Ames | Servizos | 2016/C004/000009 | 1.223.878,97 |
| Ames | Servizos | 2017/C004/000005 | 1.344.875,00 |
| Ames | Servizos | 2017/C004/000006 | 629.861,06 |
| Ames | Servizos | 2017/C004/000003 | 522.455,50 |
| Cerdido | Obras | 2017/C003/000005 | 38.747,71 |
| Cerdido | Obras | 2017/C003/000006 | 48.556,00 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 74

| ENTIDADE | TIPO DE CONTRATO | REFERENCIA | IMPORTE ADXUDICACIÓN |
|---|---|---|---|
| Deputación Pontevedra | Subministración | 2016001145 | 1.239.669,42 |
| Deputación Pontevedra | Subministración | 2016029998 | 1.163.092,00 |
| Marín | Contratos Xestión Servicios Públicos | 324/16 | 9.304.368,29 |
| Narón | Servizos | CON/37/2016 | 522.246,70 |
| Narón | Servizos | CON/38/2016 | 3.008.409,60 |
| Ribeira | Contratos Xestión Servicios Públicos | 2014/052 | 18.517.673,88 |
| **TOTAL** | | | **37.563.834,13** |

## IV.2.2. RESULTADOS XERAIS

### IV.2.2.1. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS

O expediente de contratación defínese como unha serie ordenada de actuacións administrativas tendente á celebración dun contrato público co que se pretender satisfacer intereses públicos. Dentro deste expediente, pódense distinguir dúas fases: unha primeira consiste na preparación do mesmo, cunha serie de actuacións administrativas internas, nas que os cidadáns non teñen ningunha intervención. E unha segunda fase na que se desenvolve un procedemento de adxudicación coa participan activa dos empresarios e que conclúe coa formalización dun contrato.

Dentro desta fase preparatoria, analizáronse as actuacións anteriores á definición do contrato así como outras referidas á xustificación nos expedientes das necesidades a satisfacer, dos elementos que determinarán a selección do contratista e da explicación do importe da prestación que se contrata.

#### Planificación

Analizouse a transparencia da actividade contractual mediante a difusión a través de internet do perfil do contratante, no que se inclúe datos e informacións referentes á actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa, licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa ás mesmas, as contratacións programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados, e calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poden utilizarse para relacionarse co órgano de contratación.

Os resultados acadados amosan que en xeral é posible acceder ao perfil do contratante (excepto en dous contratos) e que os procedementos de adxudicación se axustan á normativa, sendo escasa a información que se publica sobre as contratacións programadas.



Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Cadro 17: Planificación. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ACTUACIÓNS PREPARATORIAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PLANIFICACIÓN | Si | Non | Parcial | N/A[1] |
| É posible acceder á información dos contratos no perfil de contratante da entidade e/ou na Plataforma de contratación do sector público, segundo o establecido no artigo 53 do TRLCSP. | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Adecuada planificación do contrato, que permite a súa adxudicación con publicidade e concorrencia á conclusión do contrato anterior. A entidade informa sobre a contratación que teñen previsto realizar no exercicio. | 4 | 8 | 0 | 0 |
| Cómprese o procedemento de adxudicación legalmente establecido, e non se tramita como contrato menor un contrato cuxo importe excede do establecido no artigo 138.3 TRLCSP. | 12 | 0 | 0 | 0 |

## Xustificación da necesidade

Verificouse a adecuada xustificación da natureza e extensión da necesidade do contrato, segundo o establecido nos artigos 22 e 109 do TRLCSP, a través da análise dos documentos que xustifican a necesidade da contratación e, no caso de contratos de servizos, a insuficiencia de medios propios para prestalo. Igualmente, verificouse a correcta estimación do valor do contrato a efectos de determinar o procedemento de contratación.

En xeral, os expedientes inclúen a xustificación da necesidade do contrato; no caso dos contratos de servizos, non figura un informe propio acerca da insuficiencia de medios propios, se ben no informe da necesidade da contratación faise unha breve mención a dita insuficiencia.

Salvo en tres casos, o valor estimado do contrato calcúlase de xeito correcto.

**Cadro 18: Xustificación da necesidade. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ACTUACIÓNS PREPARATORIAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE | Si | Non | Parcial | N/A |
| Os expedientes inclúen un documento (memoria ou informe) nos que se xustifica a necesidade do contrato. | 11 | 1 | 0 | 0 |
| Tratándose dun contrato de servizos elabórase un informe de insuficiencia de medios. | 0 | 0 | 8 | 4 |
| É correcto o cálculo do valor estimado do contrato, de acordo os artigos 87 e 88 do TRLCSP? | 9 | 3 | 0 | 0 |

## Informe xurídico previo á aprobación dos Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)

A aprobación dos PCAP debe ir precedida dos informes do Secretario ou do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación, e do Interventor (DA 2ª TRLCSP). Porén, en ningún caso tal informe figura no perfil do contratante.

[1] N/A: non aplicable.





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 74

## Determinación do prezo

Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato, mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado.

En xeral, nin nos expedientes nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado. Só en 5 expedientes se inclúe un documento que permita unha valoración desagregada dos distintos compoñentes da prestación obxecto do contrato (artigo 87 do TRLCSP)

**Cadro 19: Determinación do prezo. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ACTUACIÓNS PREPARATORIAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DETERMINACIÓN DO PREZO | Si | Non | Parcial | N/A |
| O expediente inclúe a xustificación do cálculo do importe das prestacións atendendo ao prezo xeral de mercado; | | | | 12 |
| O expediente inclúe un documento que permita unha valoración desagregada dos distintos compoñentes da prestación obxecto do contrato. | 5 | 7 | | |

## Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)

Os PCAP son o documento que contén a totalidade das condicións e criterios obxectivos que rexeran o contrato , así como os dereitos e obrigas das partes do mesmo. Os PCAP teñen carácter obrigado, sen prexuízo de que mediante o propio contrato se complete tal regulación.

Das comprobacións realizadas despréndese que en xeral as entidades locais elaboran os PCAP axustándose ao TRLCSP; todos os defectos observados corresponden a dous contratos do concello de Cerdido.

**Cadro 20: Elaboración dos PCAP. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ACTUACIÓNS PREPARATORIAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES | Si | Non | Parcial | N/A |
| Elaborouse o Prego de cláusulas administrativas, cumprindo o establecido no artigo 109.3 do TRLCSP | 10 | 2 | 0 | 0 |
| A cualificación xurídica do contrato que se realiza no PCAP é a adecuada conforme á súa auténtica natureza (Arts. 5 e ss. TRLCSP) | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Na definición do obxecto do contrato non hai deficiencias, cumprindo o establecido no artigo 86 do TRLCSP | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Adecuación á normativa dos criterios de adxudicación do contrato e a súa razoable ponderación e aplicación (art. 150 TRLCSP e principios art 1 TRLCSP) | 9 | 3 | 0 | 0 |
| Constan de forma detallada os criterios de valoración e os seus límites máximos e mínimos. | 9 | 3 | 0 | 0 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 74

| ACTUACIÓNS PREPARATORIAS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES | Si | Non | Parcial | N/A |
| A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor preséntase en sobre independente do resto da proposición, conforme ao artigo 26 do R.D. 817/2009, de 8 de maio (RDPLCSP). | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Os pregos establecen os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas (art 85 RGLCAP) | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Se indica a fórmula ou índice oficial aplicable á revisión de prezos ou a indicación expresa da súa improcedencia, cumprindo o establecido no artigo 67.2. do RGLCAP, ou a expresada é procedente de acordo coa normativa | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Correcta definición do prazo de execución do contrato, ou da data do seu inicio, segundo o establecido no artigo 67.2.e) do RGLCAP. | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Adecuada determinación dos medios para a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional polos licitadores, conforme aos artigos 75 e ss. TRLCSP, ou da clasificación, conforme ao art. 65.1 TRLCSP. Debe constar a xustificación das condicións de solvencia ou, no seu caso, a clasificación esixible. | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Tratándose dunha adxudicación por procedemento negociado, establécense as condicións ou requisitos que poden ser obxecto de negociación, (artigos 169, 176 e 178.4 do TRLCSP). | 2 | 0 | 0 | 10 |
| Adecuada constitución das garantías polos adxudicatarios do contrato (artigos 95 e ss. TRLCSP). | 12 | 0 | 0 | 0 |

## IV.2.2.2. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

### Publicidade

O TRLCSP esixe a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado ou boletín autonómico e, no seu caso no Diario Oficial da Unión Europea. Os anuncio de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil do contratante do órgano de contratación (artigos 142, 150.5 e 177 do TRLCSP).

En xeral, dáse un correcto cumprimento á publicidade da licitación. As dúas únicas excepcións corresponden a unha entidade local que, publicando dous procedementos negociados sen publicidade por razón de contía no seu perfil, non inclúe o anuncio de licitación por non superar os limiares do artigo 177.2 TRLCSP.

**Cadro 21: Anuncio de licitación. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PUBLICIDADE | Si | Non | Parcial | N/A |
| Consta a publicación do anuncio de licitación en BOE e, no seu caso DOUE. En todo caso, publicación do devandito anuncio no perfil do contratante. Arts. 142, 150.5 e 177 do TRLCSP. O seu contido adecuase á normativa | 10 | 0 | 0 | 2 |



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 74

## Actuacións da mesa de contratación

Na adxudicación dos contratos resulta esencial coñecer como se seleccionou a oferta máis vantaxosa. Nesta fase xogan un papel fundamental os órganos de asistencia técnica especializada (mesas de contratación, comités de expertos ou outros organismos técnicos). En concreto, as mesas de contratación teñen atribuídas as funcións de examinar as ofertas, valoralas e formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación. O órgano de contratación non se pode separar da súa proposta, salvo que o motive adecuadamente.

En xeral, apréciase unha actuación correcta das mesas de contratación. As incidencias corresponden a unha entidade que non publica a devandita información no seu perfil do contratante.

**Cadro 22 Anuncio de licitación. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ACTUACIÓNS DA MESA DE CONTRATACIÓN | Si | Non | Parcial | N/A |
| Correcta constitución da Mesa de contratación, conforme ao artigo 320.3 e a Disp. Adic. 2ª, punto 10, do TRLCSP; publicación da súa composición no perfil de contratante, conforme ao artigo 21.4 RDPLCSP; carácter público do acto de apertura de plicas conforme ao artigo 83 do RGLCAP. | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Constituíuse o Comité de expertos porque a ponderación dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor esixíao, o que cumpre o establecido no artigo 150.2 TRLCSP. | 0 | 0 | 0 | 12 |
| Respectouse a orde de apertura dos sobres, así como a necesidade de que os criterios cuantificables mediante fórmulas fosen avaliados con posterioridade aos criterios cuantificables mediante xuízos de valor, (artigos 150.2 do TRLCSP e 27.2 e 30.2 do RDPLCSP.) | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Os órganos de valoración motivan suficientemente as puntuacións atribuídas a cada licitador, (artigo 150 TRLCSP e ao principio de Transparencia do artigo 1 TRLCSP). | 10 | 2 | 0 | 0 |
| Na valoración dos criterios puntuables mediante fórmula matemática, aplicouse a prevista no PCAP | 12 | 0 | 0 | 0 |
| En caso de exclusión ou admisión de ofertas anormalmente baixas, inclúese no expediente un informe que o motive (artigo 152 TRLCSP). | 1 | 0 | 1 | 10 |
| Tratándose de adxudicación por procedemento aberto, no caso de solicitude dos pregos ou de outra información complementaria por calquera interesado, envíase dita documentación no prazo de seis días e e con seis días de antelación sobre o peche de recepción de ofertas (artigo 158 TRLCSP) | 2 | 0 | 0 | 10 |
| Tratándose de adxudicación por procedemento negociado, queda constancia no expediente de que se realizou negociación, conforme ao disposto no artigo 169 e 178.4 TRLCSP, e non se incumpren outros requisitos deste procedemento de adxudicación, conforme aos principios do artigo 1 TRLCSP | 1 | 1 | 0 | 10 |

## Acordo de adxudicación e formalización do contrato

O procedemento de contratación remata mediante unha resolución de adxudicación, que debe formalizarse nun documento administrativo (artigo 151 TRLCSP). As resolucións de adxudicación deben publicarse no perfil de contratante (artigo 53.2 do TRLCSP).



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 74

Do exame realizado dedúcese o correcto cumprimento das obrigas sinaladas, detectándose omisións na publicidade da adxudicación ou na achega do documento de formalización do contrato, o que impide igualmente analizar a súa formalización en prazo.

**Cadro 23: Acordo de adxudicación e formalización do contrato. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ACORDO DE ADXUDICACIÓN | Si | Non | Parcial | N/A |
| Existe unha resolución motivada do órgano de contratación (art 151 TRLCSP) e o seu contido adecúase á proposta da Mesa. | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Publicación da adxudicación no perfil do contratante e, no seu caso, en diario oficial (artigo 53 e 151.4 TRLCSP). | 10 | 2 | 0 | 0 |
| FORMALIZACIÓN DO CONTRATO | Si | Non | Parcial | N/A |
| Achégase o documento de formalización do contrato, sen omisións, inexactitudes ou incongruencias en relación cos Pregos e/ou a oferta do adxudicatario, artigo 26.2 TRLCSP. | 10 | 2 | 0 | 0 |
| O contrato formalízase dentro de prazo (artigos 156.3, Disp. Adic . 33.2 TRLCSP e 71.3.c) TRLCAP). | 8 | 4 | 0 | 0 |

## Execución do contrato

Executar o contrato consiste en realizar o obxecto do mesmo. A entidade contratante debe velar pola correcta execución do mesmo, sen que o contratista se desvíe dos termos nos que foi adxudicado o contrato.

**Cadro 24: Execución do contrato. Resultados obtidos. Exercicio 2017.**

| EXECUCIÓN DO CONTRATO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| EXECUCIÓN DO CONTRATO | Si | Non | Parcial | N/A |
| Comprobación da correcta e completa execución (actas de recepción ou documentos equivalentes), nos prazos establecidos (expedientes de prórrogas ou suspensións) e en relación coas prestacións orixinariamente contratadas (expedientes de modificacións). (Art. 222 TRLCSP). | 9 | 0 | 3 | 0 |
| Emítese un informe técnico que acredita a correcta execución da prestación contratada e publícase no perfil do contratante. No mesmo déixase constancia do expreso cumprimento das melloras ofertadas (Art. 222.2 TRLCSP). | 9 | 0 | 3 | 0 |

En todos os expedientes revisados compróbase a correcta execución do contrato, se ben en tres casos non consta un informe técnico que acredite a correcta execución, senón tan só unha desagregación na factura dos servizos prestados.

## IV.2.3. RESULTADOS POR ENTIDADE

As principais incidencias detectadas e resultados máis relevantes expóñense a continuación.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 74

## IV.2.3.1. CONCELLO DE AMES

| |
|---|
| Contrato nº 00009. Servizo de axuda a domicilio. |
| Tipo contrato: Servizos. Procedemento adxudicación: Aberto criterios múltiples. |
| Importe 1.223.878,97 euros. |

Actuacións Preparatorias. Planificación

Aprécianse defectos na fase de planificación da contratación, pois o contrato non se adxudica antes do remate do anterior. Este é de 30 de decembro de 2010 con duración de 4 anos máis dúas posibles prórrogas de 2 anos cada unha. Finalizada a primeira prórroga (31/12/2016), o informe de necesidade, de 30/11/2016, xustifica a non formalización dunha segunda prórroga, procedendo o concello a efectuar unha declaración de emerxencia que garanta a continuación da prestación ata que se resolva a nova contratación. O novo contrato, con novo adxudicatario, formalizase o 28/07/2017.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Xustificase adecuadamente a necesidade do contrato. No relativo á elaboración do informe de insuficiencia de medios, non existe un informe específico como tal, se ben o informe de necesidade do contrato afirma a imposibilidade de que sexa prestado por persoal do concello, dadas as características do contrato.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

O informe de necesidade e características do servizo así como o PCAP establecen o tipo máximo de licitación de cada hora de servizo e o número de horas estimadas, pero non consta como se cuantifican e determinan os prezos por hora, nin se estes se axustan aos prezos de mercado.

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elabórase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, non apreciándose ningunha incidencia no relativo á cualificación xurídica do contrato, definición do seu obxecto, especificación, ponderación e límites máximos e mínimos da valoración dos criterios de adxudicación, prazos de execución, medios de acreditación sa solvencia dos licitadores e constitución de garantías.



Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Adxudicación e formalización

Ningunha incidencia destacable: dáse adecuada publicidade ao contrato e apreciase unha actuación correcta da Mesa de contratación nas funcións de exame e valoración motivada das ofertas e formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Igualmente, a resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa.

Execución do contrato

No expediente queda acreditada a correcta execución do servizo, mediante informe técnico (emitido polo responsable do contrato) de conformidade da prestación.

Contrato nº 00005. Servizo de monitores na rede de comedores escolares.

Tipo contrato: Servizos. Procedemento adxudicación: Aberto criterios múltiples.

Importe 1.344.875,00 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

A tramitación do expediente comeza antes de finais do curso anterior, se ben o mesmo non se formaliza ata finais de setembro, xa iniciado o período lectivo e, polo tanto, o período de prestación do servizo.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Xustificase adecuadamente a necesidade do contrato. No relativo á elaboración do informe de insuficiencia de medios, non existe un informe específico como tal, se ben no informe de necesidade do contrato se afirma a necesidade de contar con cerca de 100 monitores, cos que non conta o concello.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

No informe de necesidade e características do servizo así como o PCAP figura a valoración desagregada dos compoñentes da prestación, pero non consta si estes se axustan aos prezos de mercado.

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elaborase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, non apreciándose





CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 74

ningunha incidencia no relativo á cualificación xurídica do contrato, definición do seu obxecto, especificación, ponderación e límites máximos e mínimos da valoración dos criterios de adxudicación, prazos de execución, medios de acreditación sa solvencia dos licitadores e constitución de garantías.

Adxudicación e formalización

Ningunha incidencia destacable: dáse adecuada publicidade ao contrato e apreciase unha actuación correcta da Mesa de contratación nas funcións de exame e valoración motivada das ofertas e formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Igualmente, a resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa.

Execución do contrato

No expediente acredítase a correcta execución do servizo, mediante a conformidade da factura, sen emitirse informe técnico de conformidade da prestación.

Contrato nº 00006. Servizo integral de limpeza en instalacións municipais.

Tipo contrato: Servizos. Procedemento adxudicación: Aberto criterio prezo.

Importe 629.861,00 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

O contrato estaba dividido en tres no período anterior e neste momento preténdese formalizar un único contrato con tres lotes. Isto obriga a esperar ao remate dos tres contratos anteriores, dous dos cales se estaban prestando de xeito forzoso para o contratista por ter rexeitado a prórroga prevista. Esta obriga de continuar coas prestacións de maneira forzosa, nas mesmas condicións, ata que se adxudique o novo contrato, sen establecer prazo nin condición non esta contemplada expresamente no TRLCSP e supón una quebra do principio de autonomía da vontade. Cabe sinalar que a nova Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, do 8 de novembro) pon coto a esta situación, establecendo no seu artigo 29.4 condicións a esa prórroga forzosa.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Xustifícase adecuadamente a necesidade do contrato. En relación coa elaboración do informe de insuficiencia de medios, non existe un informe específico como tal, se ben no informe de necesidade do contrato se afirma a imposibilidade de prestar o servizo con medios propios.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 74

tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

No informe de necesidade e características do servizo así como o PCAP figura a valoración do único compoñente da prestación (prezo/hora), pero non consta si este se axusta aos prezos de mercado.

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elabórase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, non apreciándose ningunha incidencia no relativo á cualificación xurídica do contrato, definición do seu obxecto, especificación, ponderación e límites máximos e mínimos da valoración dos criterios de adxudicación, prazos de execución, medios de acreditación sa solvencia dos licitadores e constitución de garantías.

Adxudicación e formalización

Dáse adecuada publicidade ao contrato; apreciase unha actuación correcta da Mesa de contratación nas funcións de exame e valoración motivada das ofertas e formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa, pero non se achegou o documento de formalización do contrato, polo que non se puido determinar a súa formalización en prazo, aínda que os indicios apuntan a unha formalización fóra de prazo, por ser a resolución de adxudicación de data 08/06/2107 cando a execución dos lotes 1 e 2 debera ter comezado o día 01/06/2017.

Execución do contrato

No expediente queda acreditada a correcta execución do servizo, mediante informe técnico (emitido polo responsable do contrato) de conformidade da prestación.

Contrato nº 00003. Servizo de conciliación bos días cole e tardes divertidas.

Tipo contrato: Servizos. Procedemento adxudicación: Aberto criterios múltiples.

Importe 522.455,50 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

Pese a que o procedemento de contratación se inicia con tempo (o informe sobre a necesidade da contratación realízase tres meses antes da finalización do contrato anterior), o contrato fírmase xa iniciado o curso escolar (29/09/2017).



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 74

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Xustificase adecuadamente a necesidade do contrato; en relación coa elaboración do informe de insuficiencia de medios, non existe un informe específico como tal, se ben no informe de necesidade do contrato se afirma que as particularidades do servizo determinan a imposibilidade de que sexa prestado por persoal municipal.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

No informe de necesidade e características do servizo así como o PCAP figura a valoración desagregada dos compoñentes da prestación, estimándose o importen total en función do número de alumnos que usaron o servizo nos últimos 4 anos, pero non consta si estes se axustan aos prezos de mercado.

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elaborase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, non apreciándose ningunha incidencia no relativo á cualificación xurídica do contrato, definición do seu obxecto, especificación, ponderación e límite máximo da valoración dos criterios de adxudicación (non constan os límites mínimos), prazos de execución, medios de acreditación sa solvencia dos licitadores e constitución de garantías.

Adxudicación e formalización

Ningunha incidencia destacable: dáse adecuada publicidade ao contrato e apréciase unha actuación correcta da Mesa de contratación nas funcións de exame e valoración motivada das ofertas e formulación de proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa, pero non se achegou o documento de formalización do contrato, polo que non se puido determinar a súa formalización en prazo.

Execución do contrato

No expediente acredítase a correcta execución do servizo, mediante a conformidade da factura, sen emitirse informe técnico de conformidade da prestación.



Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 74

CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## IV.2.3.2. CONCELLO DE CERDIDO

Contrato nº 00005. Acondicionamento da área recreativa O Castro.

Tipo contrato: Obras. Procedemento adxudicación: Negociado con publicidade.

Importe 38.747,71 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

A entidade ten o seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, pero este expediente non figura nel. A obra corresponde ao Plan de Acción Social-2015 da deputación de A Coruña, descoñecéndose a causa do retraso.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Consta unha memoria sobre a necesidade da contratación na que só se afirma que se pretende mellorar o acceso á área recreativa.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

No informe de necesidade consta como valor do contrato o importe da achega da Deputación para esta obra. Pero o PCAP admite modificacións de ata un 10%, non recolléndose esta posibilidade no cálculo do valor estimado.

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elabórase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, se ben é un prego tipo establecido para as obras financiadas cos Plans Provinciais; o cadro de características técnicas que se adxunta está en branco; igualmente constan os criterios de valoración das ofertas, pero non as puntuacións que se lles asignan; non constan os prazos de execución, se ben no contrato formalizado indícase un prazo de 61 días.

Adxudicación e formalización

Non procede a publicación en boletíns por tratarse dun procedemento negociado que non supera os límites do artigo 177 TRLCSP. Non se puideron comprobar as actuacións da mesa de contratación por non estar este contrato no perfil de contratista. E aínda que se fai constar que houbo varias fases de negociación, as mesmas só se producen con respecto da oferta económica.

A resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 74

O contrato formalízase en prazo.

Execución do contrato

No expediente acredítase a correcta execución da obra mediante informe técnico do responsable do contrato e a correspondente acta de recepción da mesma, na que se afirma que se atopan en bo estado e conforme ás prescricións aplicables, dándose por recibidas e comezando o prazo de garantía.

Contrato nº 00006. Camiño da Barqueira a Barbas e outros.

Tipo contrato: Obras. Procedemento adxudicación: Negociado con publicidade.

Importe 48.556,00 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

A entidade ten o seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, pero deste expediente só figura a proposta de adxudicación. A obra corresponde ao Plan de Acción Social-2017 da Deputación da Coruña.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Consta unha memoria sobre a necesidade da contratación no que se di exclusivamente que as obras contemplan actuacións de reparación do pavimento e sinalización asociadas en camiños xa existentes e de titularidade municipal.

Actuacións Preparatorias. Determinación do prezo

Nin no expediente comunicado nin no perfil do contratante figuran os antecedentes ou estimacións tidos en conta para a cuantificación do orzamento de licitación e da súa adecuación ao prezo xeral de mercado.

No informe de necesidade consta como valor do contrato o importe da achega da Deputación para esta obra. Porén, finalmente o contrato adxudícase cunha baixa do prezo do 30,88% o que indica a inadecuación do prezo de licitación ao valor de mercado..

Actuacións Preparatorias. PCAP

Elabórase o PCAP cumprindo cos requirimentos do artigo 109.3 do TRLCSP, se ben é un prego tipo establecido para as obras financiadas cos Plans Provinciais; o cadro de características técnicas que se adxunta está en branco; igualmente constan os criterios de valoración das ofertas, pero non as puntuacións que se lles asignan, descoñecéndose cales deses criterios se aplicaron a esta obra concreta; non constan os prazos de execución, se ben no contrato formalizado indícase un prazo de 6 meses.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 74

Adxudicación e formalización

Non procede a publicación en boletíns por tratarse dun procedemento negociado que non supera os límites do artigo 177 TRLCSP. Non se puideron comprobar as actuacións da mesa de contratación por non estar esta documentación no perfil de contratista. E aínda que se fai constar que houbo varias fases de negociación, as mesmas só se producen con respecto da oferta económica.

A resolución de adxudicación está motivada polo órgano de contratación e coincide coa proposta de Mesa.

O contrato formalízase en prazo.

Execución do contrato

No expediente acredítase a correcta execución da obra mediante informe técnico do responsable do contrato e a correspondente acta de recepción da mesma, na que se afirma que as obras se atopan en bo estado e conforme ás prescricións aplicables, dándose por recibidas e comezando o prazo de garantía.

### IV.2.3.3. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Contrato nº 2016001145. Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación.

Tipo contrato: Subministración. Procedemento adxudicación: Aberto criterios múltiples.

Importe 1.239.669,42 euros.

Actuacións Preparatorias. Planificación

Apréciase unha adecuada planificación do contrato, que en principio permite a súa adxudicación con anterioridade á conclusión do contrato anterior (este vence o 31/12/2017 e o informe de necesidade da contratación é de 21/01/2016). Porén, o contrato adxudícase finalmente o 24/03/2017.

Actuacións Preparatorias. Xustificación da necesidade

Xustificase adecuadamente a necesidade do contrato; en relación coa elaboración do informe de insuficiencia de medios, non existe un informe específico como tal, se ben no informe de necesidade do contrato se afirma que se trata dunha subministración imprescindible para o adecuado funcionamento das instalacións. Na determinación do valor estimado do contrato, non se teñen en conta as posibles prórrogas.



CSV: BOPGDSPGOZtCzJNuB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: AQS4T5GCQE7MZM62T4A9AZ6XG | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
